


PREMIO

XER MA D E

NA HISTORIA





PREMIO

XERMADE
NA HISTORIA



PREMIO XERMADE NA HISTORIA

Edición

1.^a edición, agosto de 2017

Deseño e maquetación

Blades Comunicación

Deseño cuberta

Elena Pena Basanta

Impresión

Coordinación

José Manuel Felpeto Carballeira

Jesús Rodríguez Rodríguez

Manuela Vilaboy Romero

Xoán Ramiro Cuba Rodríguez

Depósito legal: LU 115-2017

ISBN: 978-84-8192-544-99

Edita: Servizo de publicacións da Deputación de Lugo



Colabora:



■

PREMIO DE INVESTIGACIÓN
“XERMADE NA HISTORIA”

■

ANO 2015

I PREMIO

TRABALLO:

“XERMADE CASTREXA E GALAICO-ROMANA”

Autores: **Javier Gómez Vila**

María del Mar Neira González

Rubén Borrajo Santos

II PREMIO

TRABALLO:

“A NEVEIRA DE LOUSADA NO CAMIÑO MONDOÑEDO-FERROL.
(PASADO, PRESENTE E FUTURO)”

Autoras: **Yesmina Seijas Álvarez**

Sofía Paleo Mosquera

MENCIÓN HONORÍFICA

TRABALLO:

"DÚAS HISTORIAS ESCRITAS EN CARBÓN. ARQUEOLOXÍA E ARQUEOBOTÁNICA DE ESTRUTURAS RELACIONADAS CO CARBONEO E O PROCESADO DE MINERAL EN FOLGOSO (XERMADE-LUGO)"

Autores: **María Martín Seijo**
Andrés Teira Brión

ANO 2016

I PREMIO

TRABALLO:

"A IGREXA DE SANTO ANDRÉ DE LOUSADA: ARTE E ARQUITECTURA"

Autora: **Silvia Blanco Agüeira**

II PREMIO

TRABALLO:

"ESCOLMA DO PATRIMONIO CULTURAL DA AUGA NO CONCELLO DE XERMADE: MUÍÑOS, BATÁN E FÁBRICA DA LUZ"

Autores: **Ramón Cedrón Díaz**
Antonio Riveira Requeijo

■ ÍNDICE XERAL ■

ANO 2015

I PREMIO	11
"XERMADE CASTREXA E GALAICO-ROMANA"	

II PREMIO	131
"A NEVEIRA DE LOUSADA NO CAMIÑO MONDOÑEDO-FERROL. (PASADO, PRESENTE E FUTURO)"	

MENCIÓN HONORÍFICA	191
"DÚAS HISTORIAS ESCRITAS EN CARBÓN. ARQUEOLOXÍA E ARQUEOBOTÁNICA DE ESTRUTURAS RELACIONADAS CO CARBONEO E O PROCESADO DE MINERAL EN FOLGOSO (XERMADE-LUGO)"	

ANO 2016

I PREMIO	239
"A IGREXA DE SANTO ANDRÉ DE LOUSADA: ARTE E ARQUITECTURA"	

II PREMIO	281
"ESCOLMA DO PATRIMONIO CULTURAL DA AUGA NO CONCELLO DE XERMADE: MUÍÑOS, BATÁN E FÁBRICA DA LUZ"	

PRÓLOGO

Todo concello debe recompilar e plasmar a historia dos seus devanceiros para evitar que caia no esquecemento. Esa historia propia tan dura, pero levada con tanto tesón, vains deixando un patrimonio cultural, etnográfico, artístico tan amplo e variado que nos enche de orgullo. Por todo iso, o Concello de Xermade, en colaboración coa Asociación de Veciños de Cabreiros e a Facultade de Ciencias da Educación da USC, nas X Xornadas Interxeracionais de Cabreiros decide levar a cabo o I Premio de Investigación “Xermade na Historia”.

Este primeiro certame foi impulsado pola anterior corporación municipal, presidida por D. Tomás Rodríguez Arias, e contaba cun xurado formado por D. José Manuel Felpeto Carballeira, D. Ramón Villares Paz, D. Antonio Reigosa Carreiras, D. Manuel Souto López, D. Antonio Riveira Requeijo, D. Jesús Rodríguez Rodríguez e dona Manuela Vilaboy Romero.

Neste primeiro concurso presentáronse seis traballos, quedando en primeiro lugar o estudo *Xermade Castrexa e galaico-romana*. Nel expónse e analízase o Xermade dos dez castros pese á dificultade derivada da inexistencia de escavacións arqueolóxicas no concello. A profundidade do traballo consegue trasladarnos a ese período da historia galega que tanta herdanza cultural nos deixou.

O segundo premio foi para *A Neveira de Lousada no Camiño Mondoñedo-Ferrol (pasado, presente e futuro)*. Situada na parroquia de Lousada, a 790 metros de altitude e na vía de paso entre Mondoñedo, capital do antigo Reino de Galicia e Ferrol, esta neveira tivo unha lonxeva vida útil. Esta construción tiña como fin a acumulación de xeo para a conservación do peixe no paso pola vía dende os portos de mar ata o interior, así como para a conservación de alimentos, uso medicinal

ou como produto para facer sorbetes e xeados no verán. Esta neveira empeza a explotarse na Idade Media, con fins económicos e tivo actividade ata o século XIX.

Nesta edición, o xurado acordou conceder unha mención honorífica a *Dúas historias escritas en carbón. Arqueoloxía e arqueobotánica de estruturas relacionadas co carboneo e o procesado de mineral en Folgoso (Xermade-Lugo)*, un traballo que nos guía a través de toda a cadea técnico-operativa do carbón no noso concello. A presenza de recursos madeiros de especies claves, como o carballo, o bidueiro e a uz e a proximidade a un curso de auga como é o rego do Casal explica os motivos polos que Folgoso, na parroquia de Lousada, foi elixido como emprazamento da foia para a obtención do carbón mediante o queimado de leña.

No segundo concurso, xa co cambio de corporación, decidimos continuar con este premio. Pareceunos unha boa idea para fomentar o interese sobre o patrimonio cultural do noso concello. Démoslle continuidade a un xurado de contrastada capacidade, que decidiu premiar nesta segunda edición dous traballos cunhas destacables calidade, contido e documentación gráfica.

O primeiro premio foi para *A Igrexa de Santo André de Lousada*. O estudo documenta o proceso de construción dunha igrexa moderna sobre a que non existían moitas referencias bibliográficas. O traballo esclarece as circunstancias nas que se construíu o templo, xunto coas dificultades que tivo o párroco Manuel Mejuto. Un cura recentemente destinado na parroquia, véndose obrigado a tomar decisións difíciles que, nalgún caso, non foron ben entendidas como a tala dun teixo milenario. Pese ás dificultades, o sacerdote cumpriu o seu obxectivo. Este traballo expón como o sacrificio e a loita, incluso contra a corporación municipal do momento, conseguen que ata o máis difícil dos nosos soños se cumpra.

O segundo premio foi para *Escolma do Patrimonio Cultural da Auga no Concello de Xermade: batán, Muíños e fábrica da luz*. Os autores recollen e clasifican os distintos tipos de muíños existentes no concello, situándoos xeograficamente por parroquias de acordo cos rexistros do Catastro do Marqués de Ensenada de 1749. Diferéncianse desde muíños manuais, de vento ou hidráulicos; detallándose a maquinaria, os elementos e o funcionamento de cada un deles. O estudo tamén cataloga e analiza a fábrica da luz e o batán, ambos os dous situados no lugar de Folgoso, no que hoxe temos unha máis que aconsellable ruta pedestre.

O premio *Xermade na Historia* é unha das iniciativas de maior peso para o noso concello. Tivemos a sorte de contar con traballos de moita calidade e profundidade que nos axudaron, todos e cada un deles, a aumentar o noso coñecemento de nós mesmos e do noso contorno inmediato; non hai cousa máis importante para saber onde vas que coñecer de onde vés. Este certame contribúe, de xeito decisivo, a evitar que as novas xeracións perdan eses anaquiños da nosa historia e patrimonio locais que nos fan ser o que somos.

É para min unha honra que neste concello haxa tanta bagaxe cultural, ao mesmo tempo que me enche de ledicia saber que dos cinco premios, catro expoñen a historia da miña parroquia de Lousada na que algo tiveron que ver os meus antepasados.

Gustárame facerlles un agradecemento persoal a todas esas persoas que participaron e fixeron un traballo tan exhaustivo na recolleita de información do noso pasado, a todas as persoas que colaboraron para que este certame se levase á práctica, así como á Deputación de Lugo por colaborar coa edición recompilatoria das dúas edicións do Premio.

Anímovos a todos a que leades e compartades este anaquiño de historia da nosa terra e a todos aqueles que teñan historias que compartir a presentárense en vindeiras edicións.

Roberto García, alcalde de Xermade.



XERMADE CASTREXA E GALAICO-ROMANA

XERMADEARQUEOLOXICA.ES

JAVIER GÓMEZ VILA

MAR NEIRA GONZÁLEZ

RUBÉN BORRAJO SANTOS



Revisión lingüística: Silvia Iglesias Alonso

ÍNDICE

LIMIAR	15
PRIMEIRA PARTE. CONTEXTO HISTÓRICO E XEOGRÁFICO	
1. INTRODUCCIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE XERMADE	17
1.2. Bioclimatoloxía e vexetación	19
1.3. Xeoloxía	20
2. A CULTURA CASTREXA	21
2.1. Organización socioeconómica	23
2.2. A organización política e territorial	23
2.3. A organización relixiosa	26
3. A CONQUISTA ROMANA	29
4. A CULTURA GALAICO-ROMANA	31
4.1. Organización político-administrativa	31
4.2. Gallaecia na época Flavia e a súa reorganización militar	33
4.3. O hábitat galaico-romano	34
4.4. O final da dominación romana	36

SEGUNDA PARTE. CASTROS DO CONCELLO DE XERMADE

1. O CASTRO COMO ELEMENTO DEFINITORIO	39
1.1. O sistema defensivo	39
1.2. As construcións	43
2. OS CASTROS DO CONCELLO DE XERMADE	47
C-01 AIRAS DOS MOUROS	55
C-02 BURGÁS	59
C-03 CABREIROS	61
C-04 CASTRILLÁN	65
C-05 CASTRORRAMIL	69
C-06 CASTRO DA IGREXA	73
C-07 MONTE DO CASTRO	77
C-08 SUCASTRO	81
C-09 CASTRO DE VILAR DA GRAÑA	83
C-10 XEMARÉ	85

TERCEIRA PARTE. ASENTAMENTOS ROMANOS

1. O ASENTAMENTO ROMANO DE VILAR DA GRAÑA (ROUPAR)	89
1.1. Situación	89
1.2. Antecedentes	90
1.3. Catálogo de estruturas e materiais	94
Estruturas	94
Cerámica de mesa e cociña	98
Cerámica de construción	100
Outros restos	103
1.4. Consideracións para unha definición do xacemento	108
O asentamento	108
O balnea	110
2. AS TELLEIRAS	113
3. CARBOEIRA DE FOLGOSO	117

ANEXOS

Anexo 1. Expedientes de explotacións mineiras do concello de Xermade depositados no Arquivo Provincial de Lugo	119
Anexo 2. “Un pueblo hundido”	123
Anexo 2. “¿Termas romanas en Roupar?”	124

BIBLIOGRAFÍA

ABREVIATURAS

CRÉDITOS FOTOGRÁFICOS



LIMIAR



Neste momento en que este traballo vai ver a luz, as primeiras palabras que temos nos beizos e no corazón son de agradecemento a todas as persoas e institucións que fixeron posible este premio de *Xermade na Historia*. Déronnos a oportunidade de coñecer unha terra e unha xente imposible de esquecer e, por se isto fose pouco, honráronnos co primeiro *Premio de Xermade na Historia* na súa primeira convocatoria, todo un orgullo e unha distinción que sempre levaremos presente.

A tarefa de investigar e comunicar os coñecementos da arqueoloxía é un labor difícil.

Por unha banda, temos unha constante falta de escavacións e, polo tanto, reducida información que, ademais, adoita proceder doutros campos do saber non estritamente científicos. Isto intenta compensarse coas prospeccións superficiais, pero estas dependen das condicións de como se atope o terreo nese momento. Polo tanto, é habitual que despois dunhas xornadas o investigador estea como ao principio ou, o que é peor, que perda as esperanzas de atopar algo. Ante esta situación, só lle queda botar man da súa experiencia e intuición para discernir de que se trata e confiar en ter algún caso similar escavado e publicado para proceder a unha comparación.

Por outra banda, divulgar, facer chegar ao público os achados arqueolóxicos non é tarefa doada. O visitante pode non ser capaz de reconstruílo por distintos motivos: pola maleza, por estar baixo terra ou por ser tan só unha mostra pequena.

Pero, realmente, o gran problema radica no constante deterioro e perda á que están sometidos os restos arqueolóxicos, tanto polos axentes naturais como pola man do ser humano.

Non cabe dúbida de que a mellor maneira de atallar todos estes problemas reside nunha rigorosa investigación dos xacementos arqueolóxicos que permita descubrir os seus “segredos” e, coa mesma rigorosidade, proceder á súa difusión cara ao gran público. Así, eles mesmos poden valorar o que posúen e ser os primeiros en estar interesados na súa conservación. Investigar, difundir, protexer quizais sexan as premisas das que temos que partir.

Iniciativas como esta do concello de Xermade e da asociación de veciños de Cabreiros *Xermade na Historia* son a base e o elemento clave dunha actuación sobre o patrimonio e xunta os tres principios expostos. Non podemos protexer o que non se valora e non o podemos valorar se non se coñece. Que a falta de información non nos impida o deleite dunha herdanza que é nosa e que debe ser tamén das xeracións vindeiras.

Por este motivo, no noso traballo ten tanta importancia a propia investigación (clave para saber o que hai) como a súa difusión (clave para permitir que o público o goce e as institucións o protexan).

Cremos que a elaboración dunha páxina web con datos seleccionados da investigación vai a ser unha boa ferramenta; non só para que os habitantes do concello coñezan os “tesouros” que gardan as súas terras, senón tamén para guiar aos visitantes e para propoñela como unha boa ruta. Guiados pola mesma filosofía de utilizar a tecnoloxía para divulgar, introducimos códigos QR no catálogo de xacementos. Así, cunha simple lectura por parte do móbil, sairá o mapa coa súa localización exacta. Creemos que esta pode ser tamén de interese para material impreso en papel.

E, falando de tecnoloxía e internet, cando rastrexamos a terra de Xermade chamounos moito a atención que aparecese de vez en cando como “a terra sen historia”. Iso non é certo. Non hai terra sen historia, senón terra da que non se coñece a súa historia. Confiamos que este traballo poida contribuír dalgún xeito a facer xustiza e poñer a Xermade e as súas xentes no elevado lugar que realmente lles corresponde e que historicamente merecen.

Non queríamos deixar pasar estas liñas sen agradecer de novo e moi sinceramente a excelente acollida dispensada polas xentes de Xermade nestas longas e agradables camiñadas e prospeccións que levamos a cabo no verán de 2014. Coñecedores de que quedan moitos no tinteiro, pero tamén na nosa memoria, arriscámonos a citar a: Manuel Pernas de Folgoso polas súas sempre acertadas indicacións, José Vilar por servirnos de espléndido guía en Vilar da Graña e desvelarnos todos os seus segredos, José Corral e Irene Franco por abrírnos as portas da súa casa e deixarnos fotografar os restos, Jesús Rodríguez por todo o seu gran traballo de dinamización, organización e apoio a este tipo de certames desde a USC (quen, de feito, é o promotor desta publicación). E, como non, grazas a Antonio Riveira pola súa sempre agradable e entrañable compañía e por compartir connosco os seus profundos coñecementos sobre a historia, a terra e as xentes de Xermade.

PRIMEIRA PARTE.

CONTEXTO HISTÓRICO E XEOGRÁFICO

1. INTRODUCCIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE XERMADE

Xermade é un municipio lucense, situado no extremo noroccidental da Terra Chá, que ten una superficie de 166,96 km² e unha das densidades máis baixas de Galicia (12,2 hab./km²). Latitude: 43° 21' 20" N Lonxitude: 7° 48' 48" O.

Trátase dun municipio eminentemente rural, organizado en dez parroquias:

Burgás (formada polos barrios de O Agro Vello, A Alboiana, A Arredoadá, Badoi, O Caneiro, O Carballo Gallado, As Casas Novas, As Covas, Os Currás, A Escrita, A Lagoa, As Mariñás, O Pedrido, A Pena Parda, A Pesqueira, O Porto Vello, A Rectoral, A Ribeira, Sesulde, As Testas, A Torre e Xemaré).

Cabreiros (formada por: A Aloulada, A Amosa, Cabreiros, A Carballosa, Caschao, O Castro, As Cernadas, O Chao, O Empalme, A Fraga, Leboré, Penachaiña, O Rego, O Reguengo, O Revellón, San Martiño, O San Vitoiro, A Touza, A Touza Vella, O Tumbadoiro e Vilacide).

Candamil (constituída por: O Campo, Os Carballás, A Casadedra, A Casanova, Os Currás, O Feal, A Fraguella, O Lodeiro, As Pedregosas, A Pedreira, A Pena, O Picoucelo, A Silveira Vella e Vilacide).



Lám. 1.
Situación do concello de Xermade na comunidade autónoma de Galicia.

Cazás (cos seguintes barrios: O Aruxo, O Barreiro, O Campo, O Capeirón, A Carballosa, Os Carpizos, A Casanova do Campo, A Casavella, O Castelo, A Castiñeira, O Castro da Igrexa, Covi-lón, Escoriscada, Fonteboa, A Fraga, Freán, A Golpilleira, Landoi, O Lugar Vello, Marmoiral, Mede, Mediafariña, O Pazo, A Pedra do Val, Pedras Pardas, As Pedreiras, A Pena, A Pena de Arca, Pepín, Preanes, O Rego do Corzo, O Rego do Sapo, Rosende, As Rozas Vedras, San Xurxo, O Seixo, O Seo e A Silvela).

Lousada (A Abelleira, Ameixido, Armil, Busto Redondo, O Campo da Feira, A Carba, A Carbeta, O Casal, As Casas Novas, A Casavella, O Corno, A Costa, Choutar, Folgoso, Furco de Abaixo, Gandía, A Garrona, Goía, O Muíño Novo, Orxás, O Pazo, A Penamusga, A Penela, As Penelas, A Pía, O Porto, A Rega, O Sumeiro, Teixido, O Uzal, A Veiga, A Vesura, O Vieiro e Vilachá).

Miraz (A Casa Grande, O Castiñeiro, Os Currás, A Igrexa, Os Miraces, A Pena, O Sagramón, O Souto e A Vesura).

Momán (O Bidueiro, O Campo, O Campo da Feira, A Candieira, Castrorramil, A Cerdeira, O Codeso, A Cruz Vella, O Fonxerez, Liñares, O Meiriño, O Palacio, A Pallota, O Pedrón, Pena de Corvos, A Pigaroa, A Poupariña, O Sangradoiro, O Uzal, O Vilar, A Zalaroia e Zarracín).

Piñeiro (cos seguintes barrios: A Aldea, A Antoa, A Aureana, A Casanova de Sanche, A Casanova, O Cerqueiral, A Cerveira, Framil, A Ladrela, O Outeiro, A Panda, A Pasadiña, A Pena, Os Rebusentos, As Ribas, Sanche Grande, Sanche Pequeno, O Toutelo, A Vacariza, A Veiga e A Xunqueira).

Roupar (O Aguillón, A Armada, O Aruxo, Aveás, A Azoreira, Baxín, O Bidueiral, O Boucello, Buscalte, A Calousada, O Campo, A Carballeira, A Casanova, A Criba, A Ermida, As Folgueiras, A Graña, Paidavella, Palmaz, A Pedreira, A Pena, A Pena Vaqueira, A Pinguela, O Porto da Vila, O Porto Muíño, O Portonovo, O Reboredo, A Ribeira, Sucastro, A Torre e O Vilar).

Xermade (formada por: O Arangón, O Camiño, As Carballeiras, As Casas Novas, Castiñeiras, As Cavadas, As Folgueiras, O Fraixo, A Gloria, As Parrugueiras, O Pedreiro, A Pena, Portosilva, A Ribeira, O Roubín, O Seixido, A Silva, O Sixto, Vilariño e Xermade).

O censo de poboación a 1 de xaneiro de 2014 é de 2036 persoas, das cales 988 son homes e 1048 mulleres.

Dúas estradas, a C-630 (Betanzos-Viveiro) e a C-631 (Lugo-Ferrol) sucun o termo e crúzanse no lugar de Cabreiros. A capital municipal é Xermade, que dista 50 Km de Lugo e 15 de Vilalba, núcleo reitor da extensa comarca da Terra Chá.

En canto á descrición xeográfica, Xermade constitúe o reborde occidental da comarca, que está delimitada aquí pola Serra da Carba polo norte (con altitudes que alcanzan os 800 metros), e pola Serra da Loba que, polo oeste e con altitudes de 700 metros, establece o límite coa provincia da Coruña.

Destas aliñacións montañosas, onde se atopan xacementos de ferro explotados ata datas recentes, descenden numerosos regueiros que aportan as augas ao río Trimaz, que percorre o centro do municipio, e o Labrada, que o fai polo sur. Ambos os dous son afluentes do Miño no seu curso alto. Só un pequeno sector do noroeste verte as súas augas cara ao Eume, e faino mediante o río Chamoselo.

Sobre este territorio que apenas descende dos 450 metros de altitude, a paisaxe está recuberta na súa maior parte por espazos forestais.

1.2. Bioclimatoloxía e vexetación

O clima é oceánico húmido, pero con certos matices de continentalización polo efecto dos relevos orográficos que dificultan o paso da influencia suavizante do mar. A temperatura media é de 12,2°C.

Segundo a bioclimatoloxía, podemos encadrar o municipio de Xermade dentro da rexión euro-siberiana, provincia cántabro-atlántica, subprovincia astur-galaica, subsector galaico-setentrional. O dominio climático correspondería ao suboceánico. Trataríase dun clima húmido a hiperhúmido, o que garante que no verán existan suficientes precipitacións establecéndose a serie climatófila do carballo (serie colino-montana galaico-asturiana orocantábrica acidófila) que vai presentar asociadas ao carballo (*Quercus robur*) as seguintes especies: *Erica arborea* (breixo, uz), *Ulex europaeus* (toxo), *Pteridium aquilinum* (fento), *Cytisus scoparius* (xesta) e tamén outras coma *Erica cinerea* (breixo, queiruga), *Daboecia cantabrica* e pastizais de *Agrostis curtissii* (pelo de lobo). Tamén existen abelairas de ribeira (*Corylus avellana*) e bidueiros (*Betula celtiberica*).

Xunto coas masas boscosas aparece tamén monte baixo, pastos e terreo labrado. Distinguimos un piso colino e un piso montano con vexetación diferenciada.

O piso colino presenta un estrato de matogueira de breixos, xestas e toxos e, nas zonas nas que a matogueira está máis degradada, aparecen breixos de menor talla coma *Daboecia cantabrica* e *Erica mackaiana*.

No piso montano, a maior altitude, establécese a serie do carballo (*Quercus robur*) dominando este o estrato arbóreo; aínda que aparece de xeito esporádico o cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e, en zonas máis baixas, o bidueiro (*Betula celtiberica*). Cando aparecen as xesteiras ou as uceiras son por efecto da acción humana e a degradación do bosque, coa presenza das citadas xestas e breixos e tamén de fentos adaptados á seca e á exposición ao sol como é o *Pteridium aquilinum*. Os bosques de ribeira ou ripisilvas presentan abeleiras e bidueiros como especies características.

Son as fragas a unidade constituínte da paisaxe natural da zona, aínda que a actividade humana modifica a paisaxe con superficies dedicadas á labranza e a pastos mesturadas coas matogueiras e as carballeiras. Algunhas das especies arbóreas que imos atopar son: carballos (*Quercus Robur*, *Quercus pyrenaica*), abeleiras (*Corylus avellana*), acivros (*Ilex aquifolium*), escambróns (*Crataegus monogyna*) e cancereixos (*Sorbus aucuparia*). Os bidueirais ocupan zonas que lle corresponderían ao carballo e fan a súa presenza os castiñeiros (*Castanea sativa*). As fragas compoñen estratos densos sobre solos normalmente oligotróficos con marcado carácter ácido. Aparecen piñeirais pola intervención do home relacionados coas repoboacións forestais efectuadas nos últimos cincuenta anos (foron realizados con *Pinus pinaster* e tamén con *Pinus radiata* e *Pinus sylvestris*). Tamén aparecen zonas nas que se introduciu o eucalipto como especie de cultivo.

Os estratos inferiores presentan hedras (como a *Hedera helix*, *Lonicera periclymenum*), tamén silveiras (*Rubus Sp.*) e fentos (como o *Pteridium aquilinum*, *Polypodium interjectum*, *Asplenium adiantum-nigrum*, *Athyrium filix-femina* e *Osmunda regalis*). No estrato herbáceo aparecen especies de umbelíferas como a *Angelica sylvestris* e *Heracleum aphondium*.



Lám. 2.

A chamada "pedra da mina" rica en ferro reaproveitada nas xambas dunha vivenda en ruínas na poboación dos Muíños.

As formación de matogueira que podemos atopar débense sobre todo á actividade humana dende tempos ancestrais: sacas de madeira, obtención de carbón, así como a queima para obtención de solos para pastos ou cultivos. Os tipos de matogueira que podemos atopar son: toxaluceira (a medida que se incrementa a altura os toxos deixan paso ás uceiras) e xesteiras (prodúcese a corta destas xesteiras para a obtención de combustible vexetal e abono).

1.3. Xeoloxía

A zona de estudo atópase no límite de dúas unidades xeomorfolóxicas de Galicia: a meseta de Lugo e as serras setentrionais. O concello de Xermade atópase nun nivel algo superior en altitude ao contiguo da Terra Chá lucense. Podemos atopar a conca de Roupar, cuberta por depósitos aluviais con materiais sedimentarios recentes. As rochas que aparecen son rochas metamórficas ácidas (lousas, cuarcitas, xistos) con gneis ollo de sapo, correspondentes á zona centroibérica do macizo Hespérico no límite coa zona astur-occidental leonesa.



Lám. 3.
Explotación de ferro no chamado Lago da Mina.

No Lago da Mina existiu unha mina de ferro a ceo aberto explotada durante séculos. O ferro vaise atopar formando parte de numerosos minerais entre os que se encontran a hematita (Fe_2O_3), a magnetita (Fe_3O_4), a goethita ($\text{Fe}_2\text{O}_3 \cdot \text{H}_2\text{O}$) e a limonita. A meteorización posterior destes mi-

nerais de ferro (hematita e goethita) por hidratación orixinaría limonita, de aspecto terroso e cor amarela que se pode observar por toda a zona. Actualmente pódense observar tamén nos arredores da antiga mina numerosas escouras de ferro da actividade extractiva pasada. Estas escouras son pouco densas e normalmente fráxiles. Teñen buratos a modo de burbullas indicadoras da fundición.

Tamén no concello de Xermade se pode atopar un afloramento de rochas ultrabásicas (no lugar Pena de Vilacide) nas que aparece goethita masiva de gran dureza.

Posiblemente estes xacementos sexan de ferro oolítico formados por metamorfismo e pertencen a depósitos ordovícicos.

A importancia desta minería de ferro é palpable en todo o concello; non só na gran cantidade de escouras de fundición que aparecen nos xacementos, senón tamén na importancia que tivo a nivel económico en distintas etapas da historia. Así, por exemplo, os expedientes mineiros conservados no Arquivo Histórico Provincial de Lugo dan testemuño da explotación destas minas de ferro, a data de explotación e o lugar onde se atopan (Vid. Anexo I).

2. A CULTURA CASTREXA

Podemos explicar a cultura castrexa como ese conxunto de elementos ideolóxicos, sociais e materiais que se desenvolveron no noroeste da península ibérica a partir da Idade do Bronce e que ten no castro a súa característica máis particular. Esta etapa que se desenvolveu durante a Idade do Ferro foi o resultado dunha mestura de trazos culturais. Por unha banda, os propios da poboación indíxena da etapa final do Bronce e, por outra, as influencias centroeuropeas de raíz céltica, atlánticas e tamén mediterráneas que se lle engadiron posteriormente.

Esta “cultura dos castros” é a etapa da historia de Galicia mellor estudada e, contraditoriamente, da que menos información existe. Durante moitos anos e aínda hoxe, en parte, estivo envolta nun halo de misterio e lenda que creou unha situación de confusión para o gran público, agravada pola falta de divulgación. Isto foi provocado ao identificar os restos anteriores aos romanos cos celtas a partir do romanticismo do século XIX, nunha ansia exacerbada de atopar as raíces distintivas de Galicia. Esta idea, que foi rexeitada para as etapas anteriores á castrexa, sobreviviu consolidándose como unha gran verdade para a época dos castros. Os celtas (ao igual que os mouros que habitaban castros, mámoas e covas, como podemos comprobar na denominación de Aira dos mouros) pasaron a formar parte do imaxinario popular. Eles seguen a ser os poboadores preferidos non só polos turistas, senón por guías, postais, xornais... mal informados. Cientificamente na actualidade o celta quedou relegado á faceta lingüística tan só, xa que a nivel arqueolóxico non se atoparon restos. Por todo isto decidiuse chamar castrexo ou cultura castrexa a esta etapa anterior á chegada de Roma.

Esta época coincidiría cun período climático subatlántico caracterizado por ser unha etapa moito mas chuviosa e húmida que a actual. Isto provocaría unha enorme abundancia de zonas boscosas e húmidas e obrigaría aos primeiros castrexos, en certo modo, a buscar un hábitat en zonas medias ou altas e ben protexidas.

Esta cultura comezaría cara ao século VII a.C. e remataría no cambio de era coa invasión romana, dando paso á chamada cultura galaico romana. Hai que ter en conta que os trazos culturais castrexos non desaparecen de súpeto coa chegada dos invasores, pero si que sofren un profundo cambio rapidamente como veremos en capítulos posteriores.

Hai que ter en conta que estas datas non se poden xeneralizar para todo o territorio da cultura castrexa. Deste xeito, varios castros do norte de Portugal teñen a súa orixe no século IX a.C. (como por exemplo Coto da Pena, San Julião e Barbudo). Non obstante, en Galicia a data máis antiga coñecida para un recinto castrexo é do século VII a.C., que é o caso de Torroso.

Temos, polo tanto, a primeira ocupación dos castros ao final da Idade do Bronce III e, sobre todo, a partir do século VI; convivindo durante un tempo, polo menos en determinadas zonas, con asentamentos abertos propios de etapas anteriores. Un exemplo destes antigos emprazamentos pode ser Penarrubia no caso da provincia de Lugo, Penalba ou Torroso, no caso de Pontevedra, ou mesmo o castro da Graña, no caso da Coruña.

A área de extensión e influencia desta cultura é moito maior que o territorio da actual Galicia, abarcando o norte de Portugal ata o río Douro, Asturias ata o río Navia e oeste de León e Zamora.

O elemento característico desta cultura é, sen dúbida, o tipo do poboado onde habitaron: o **castro**. Presenta unha planta curva, xa sexa circular ou ovada, tanto no seu núcleo principal como nas zonas pegadas. Aínda que hai unha gran diversidade, os castros poden estruturarse en tres tipos.

En primeiro lugar, os **situados no interior**, que son o tipo máis característico. Acostuman estar emprazados en outeiros ou en pequenas elevacións máis ou menos destacadas, pero xeralmente en zonas chás, fuxindo dos altos cumios, e aptas para as tarefas agrícolas e gandeiras. Adoitan ter planta circular ou ovada cun círculo ou varios perímetros defensivos. Moitos deles son construídos durante a dominación romana. A este grupo podemos adscribir a maioría dos castros do concello de Xermade, como por exemplo: Cabreiros, Castro da Igrexa, Burgás, Xemaré, Vilar da Graña, Castorramil, Sucastro e, incluso, As Airas dos Mouros. Tamén dentro del están os grandes poboados galaicos, moito máis preto xa do concepto de cidade que de castro propiamente dito, como por exemplo San Cibrán de Las (Ourense).

En segundo lugar, os **situados en zonas montañosas de maior altitude**, localizados xeralmente nas ladeiras ou nos altos cumios. Na nosa área de estudio teríamos o Monte do Castro no primeiro caso e Castrillán, no segundo. Adoitan presentar forma oval, con foxos artificiais polo lado superior e murallas ou desnivel natural cara ao val. Outros exemplos galaicos son: o Castro de Vilar no Courel, Formigueiros en Samos ou Chao de San Martín en Asturias. Algún deles seguiron habitados durante a época romana, ligados a actividades mineiras, pero a maioría foron abandonados trasladando a súa poboación a outros recintos mellor situados para desenvolver as actividades agrícolas ou gandeiras. Quizais, no noso caso, un exemplo desta pequena migración da montaña ao val sexa o abandono de Castrillán e a ocupación de Sucastro.

En terceiro lugar, estarían os **castros costeiros**. Aínda que non é o noso caso, son moi habituais no litoral galego. Son de planta variada para adaptala ao terreo, presentando defensas naturais cara ao mar e murallas e foxos cara ao interior. Algúns exemplos senlleiros son: Baroña, Neixón, Santa Trega ou mesmo Fazouro na provincia de Lugo.

No emprazamento destes recintos castrexos resultaban moi importante, polo tanto, as condicións defensivas óptimas e, ademais, as facilidades de abastecemento de auga potable.

2.1. Organización socioeconómica

Nas planicies inmediatas organizábase a produción agrícola de cereais e leguminosas e a gandeira de vacas, porcos e cabalos. Tamén se practicaba a caza, pesca e marisqueo nos castros costeiros; así como a recolleita de froitos como landras e castañas. Tampouco debemos esquecer tanto o traballo da pedra (sobre todo durante a época romana) como as actividades mineiras e metalúrxicas, sendo a ourivería o seu máximo expoñente.

O emprego de xoias, ademais do consabido valor ornamental, temos que velo como un elemento de distinción social. Ademais das arracadas, colgantes, anelas para o cabelo e brazaletes destacan os torques que, a modo de colares abertos, colocábanse posiblemente nos pescozos dos guerreiros. En xeral, o uso de xoias debía de amosar a importancia social do individuo, ademais do seu propio valor como adorno persoal. Esta ourivería foi, sen dúbida, unha das actividades máis relevantes e senlleiras do mundo castrexo e, aínda que ten raíces propias, tamén recibiu influencias tanto de centro Europa como do Mediterráneo.

A sociedade castrexa tiña unha distribución desigual da riqueza e, polo tanto, unha certa xerarquización social. De feito, os propios torques foron xoias empregadas polos varóns como símbolo de mando e autoridade, como indicador de poderío social. É curioso observar como estes torques non só foron exclusivos das comunidades castrexas do noroeste, senón que tamén os empregaron en terras moi afastadas, como é o caso dos Gálatas, quedando inmortalizados en fermosas esculturas da escola de Pérgamo.

Outra actividade tamén importante, se xulgamos a abundancia de restos nas escavacións, foi a cerámica. Existe unha ampla diversidade dentro dela pero, a grandes trazos, faise necesario distinguir entre cerámica castrexa propiamente dita e romana, como veremos posteriormente. Predomina a feita a man sobre a realizada a torno, destacando as formas tipo esfera e, nalgúns casos, con decoración a base de motivos xeométricos ou esquemáticos nos bordos, colos ou paredes. Esta produción cerámica, tanto se era local como dun xeito máis amplo, tiña certos trazos dalgún tipo de comercialización entre as distintas zonas.

A produción téxtil tamén tiña certa importancia e está ben documentada a nivel arqueolóxico, aínda que sería unha produción máis ben a nivel doméstico.

Aínda que a escultura castrexa tivo a súa maior plenitude durante a época de transición á cultura galaico romana, existen abundantes exemplos sobre todo no norte de Portugal e sur de Galicia. Son principalmente figuras de guerreiros (como o de Armeá), cabezas exentas (como as de Rubiás en Ourense) ou mesmo diferentes elementos de decoración arquitectónica como xambas, linteis, pezas decoradas con trísceles, rosáceas, liñas... de uso diverso. Un dos mellores lugares para observar a gran variedade de tipos, formas e motivos é, sen dúbida, o Museo Martins Sarmento en Guimarães (Portugal) que garda unha fabulosa colección de pezas, moitas delas provenientes da próxima citania de Briteiros (Braga, Portugal).

2.2. A organización política e territorial

Non é doado falar das comunidades castrexas, sobre todo pola testana ausencia de datos.

Ben é certo que varios escritores romanos como Plinio, Estrabón, Pomponio Mela ou mesmo Ptolomeo ofreceron informacións variadas, máis ou menos veraces, sobre a sociedade castrexa. Tamén é certo que o avance da arqueoloxía nos últimos anos logrou confirmar ou rexeitar algúns dos datos proporcionados polos anteriores informadores e, noutros casos, achegar informacións inéditas. Pero aínda así, moitas veces tentar falar do propio nome das comunidades, estrutura, xerarquía, área de ocupación... é estar sempre a pisar o terreo da hipótese.

Hai que ter en conta que a organización sociopolítica desta sociedade presentaba dous niveis: un nivel superior e outro inferior.

a) A nivel superior situábase unha estrutura política denominada *civitas* ou *populus*, formada por unha alianza entre varios castros atopándose, iso si, subordinados uns aos outros en función do seu tamaño. No norte da *Gallaecia*, a zona que Roma chamou *Conventus Lucensis*, documentáronse 16 *populi*



Map. 1.
Populi indíxenas ao comezo da dominación romana.

(Vid. Map.1), dos que non se coñecen cales eran exactamente os seus límites. Probablemente os habitantes castrexos da antiga terra de Xermade pertencerían na súa maioría ao *populus dos Addovi*, excepto os que ocupaban a zona oeste do concello, que pertencerían aos *Arroni*.

En canto aos *Addovi* quizais terían como epicentro a conca do río Mera e a comarca de Ortigueira. Ademais de ser nomeados por Plinio, a única testemuña arqueolóxica na que aparece reflectido é un epígrafe de Bragança onde aparece mencionado un *addoviensis* emigrado. No caso dos *Arroni* as referencias son, se cabe, máis escasas. É moi posible que aparezan mencionados no *Parochiale Suevicum* da Alta Idade Media como o “pago de Arros” e terían o seu límite máis occidental na ría de Cedeira.

Grazas a un documento en bronce aparecido recentemente e denominado “Bronce de Bembibre” (O Bierzo), onde intervén o propio emperador Augusto, sabemos que estes grandes *populus/civitas* estaban integrados por comunidades territoriais inferiores chamadas *castella*.

Cada un destes *castella* agrupaba varios castros cos seus territorios, sendo dominados polo poboado principal, que coincidiría na meirande parte das veces co de maiores dimensións. Neste *castellum* principal residirían as autoridades locais denominadas nas fontes epi-



Lám. 4.
Castro de Viladonga. Posible edificio de reunión no centro da imaxe.

gráficas como “príncipes”. Temos un exemplo na provincia de Lugo destas elites sociais grazas a un epígrafe atopado na muralla de Lugo como material de recheo (ERPL, 73). Tamén é moi coñecido o atopado en Asturias onde figura que *Nicer Clutosi* era príncipe dos Albións e residía no castro *Cariaca* (ERPL, páx.170). É moi probable que as estatuas de guerreiros ás que aludimos antes fosen precisamente a súas representacións.

Estes *castella* principais actuarían como a capital do *populus/civitas* e sería onde se levarían a cabo todas as tarefas propias desta capitalidade como lugar de reunión dos representantes dos distintos *castella*, residencia das autoridades...

Probablemente neste castro principal habería un lugar de reunión onde acudirían periodicamente os representantes do resto dos *castella da civitas*. Esta construción foi descrita polo xeógrafo grego Estrabón como un edificio alongado, de maiores dimensións ca o resto e que tería un banco pétreo pegado ás paredes. Un edificio destas características pode verse no castro de Viladonga, ocupando un lugar privilexiado no propio castro.

Como unidade inferior estaría o castro propiamente dito co seu territorio circundante e que tería, obviamente, un nome: *Miobro* ou *Circine*, por exemplo.



Fig. 1.

Reconstrución da Citania de San Cibrán de Las (Ourense). Obsérvanse perfectamente as diferentes liñas defensivas, destacando a muralla. A croa no centro amurallada e con amplos espazos públicos e os diferentes barrios do poboado.

b) A nivel máis baixo estaría a familia propietaria dunha zona concreta do poboado, chamada barrio, onde edificarían as súas vivendas. Nalgúns grandes castros ou citanias como Briteiros (Braga, Portugal) colocábase o nome desta familia no lintel das portas das cabanas precedido da palabra casa (deste xeito atopamos exemplos como *domus coroneri* ou *domus camali*). O feito de estar o recinto castrexo comprimido



Lám. 5.

Citania de Briteiros (Braga, Portugal) Vivendas circulares en ladeira.

dentro dunha muralla sen posibilidade de ampliación provocou que o espazo que contaban estas familias fose moi limitado. Isto explica a aglomeración das pallozas, rozando unhas coas outras, presentando un mínimo urbanismo, agás nas grandes citanias. Tamén explica que, nalgúns casos extremos, pola ausencia de espazo non quedase outra alternativa que saír do propio recinto murado e ocupar zonas próximas á muralla cos riscos e inconvenientes que isto levaría consigo. No caso da zona de estudo que nos ocupa, isto acontece como mínimo en dous poboados. En Sucastro empregárase o antecastro, situado ao suroeste, como espazo a habitar. Neste caso, os habitantes desta zona, aínda que quedaban fóra da muralla principal, seguían contando con boa visibilidade e certa protección xa que este antecastro quedaba a maior altitude que as terras circundantes.

Máis grave debeu ser o caso de Castrorramil, xa que o excedente de poboación se viu abocado a ocupar a propia ladeira cara ao río (como no caso de Troña) por suposto fóra da muralla e do foxo. Aos problemas derivados desta circunstancia hai que engadirlle a propia incomodidade de vivir nun terreo pendente e escarpado. Porén, hai que ter en conta que esta sería unha practica moi habitual na maioría dos recintos castrexos, permitindo ampliar a súa poboación dun xeito sinxelo e moi económico. De feito, Castrorramil (que podería ser en orixe un dos castros máis pequenos do concello, con tan só un recinto dun 55 metros de diámetro) converteuse co paso dos anos no máis grande que chegaría a albergar unha poboación de preto de 400 individuos.

O xeógrafo Estrabón (García y Bellido, 1986) describe dun xeito un tanto impreciso a todas estas tribos que habitaban entre o río Texo e os Perineos deste xeito:

Todas as tribos da montaña viven de xeito sinxelo, beben auga e dormen no chan. Os homes levan pelo longo, como as mulleres, e nas pelexas átano cun frontal. Comen preferentemente carne de cabra, ao seu deus da guerra sacrifican un cabrón e os prisioneiros cos seus cabalos. Organizan sacrificios en masa de toda especie, como os gregos. Gustan dos desafíos, tanto ximnásticos como de armas e a cabalo, e exercítanse no puxilato, no tiro e na loita en bandos. Dous terzos do ano viven de landras, que secan, machucan, moen e converten en pan, a fin de ter provisións. Tamén teñen cervexa. Non teñen viño pero, se algunha vez o conseguen, bébeno pronto. No lugar do aceite usan manteiga. Para comer séntanse nun banco arrimado á parede, segundo a idade e rango (III, 3, 7)


Esta enumeración de feitos illados non se pode aceptar como válida na súa totalidade. Algúns datos si que foron corroborados pola arqueoloxía (como é o caso do banco arrimado á parede comentado antes) pero outros poden non ser de todo certos. Esta desconfianza cara a Estrabón vén dada porque o que está a facer coa súa obra literaria é o *ius bellum*, é dicir, xustificar a conquista romana de todos aqueles pobos considerados como bárbaros e, son considerados como tales, os que non teñen costumes romanos, ou sexa: consumir pan, aceite e viño. Se nos fixamos, o xeógrafo comprácese en deixar ben claro que beben auga e cervexa en vez de viño, comen pan de landras en vez de trigo e usan manteiga en vez de aceite.

2.3. A organización relixiosa

Hai unha serie de deuses indíxenas representados en toda a área da cultura castrexa como por exemplo Bandua ou Navia. Pero ademais, cada *civitas*, mesmo incluso cada castro, posuía os seus propios deuses indíxenas ao mesmo tempo que tamén se lle fan dedicatorias aos deuses romanos. O resultado é unha enorme amalgama de divindades indíxenas, romanas e foráneas moi ben representadas na epigrafía.

Lamentablemente, no territorio do concello de Xermade non apareceu ningún resto arqueolóxico de onde se puidese extraer o nome dalgún deus ao que se lle dera culto na zona. En zonas próximas como Guitiriz aparece representado o culto á deusa acuática *Cohvetena* (Gómez Vila 2012; ERPL, 33) ou mesmo en Sinoga (Rábade) ao deus indíxena *Lucoubus* (ERPL 144). Agora ben, as divindades mellor representadas polos arredores de Xermade son, sen dúbida, os deuses romanos protectores dos camiños. Deste xeito, temos seis dedicatorias aos *Lares Viais* (ERPL 17, 19, 41, 167, 147) respectivamente en Buriz, Miñotos, Santa Cruz de Parga, Viris e Monte Tagarreiros e outra ao deus do comercio Mercurio en San Mamede de Oleiros (ERPL, 131), o que nos pode dar unha idea da enorme importancia que tiñan os camiños nesta zona. Tamén hai un epígrafe nas Pontes (Armada Pita, 2005).

A nivel arqueolóxico atopamos varios problemas. Un deles é a ausencia de edificios relixiosos nos castros. Tan só se coñece unha posible construción deste tipo no castro de Elviña (A Coruña) no que apareceu encastado nun muro un ídolo fálico, hoxe depositado no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón. Pero, quizais, o gran enigma do castrexo é onde están os falecidos, que se facía con eles. Non apareceron restos de enterramentos nin de incineración, todo o contrario á época megalítica. Referíndose a esta peculiaridade, Alonso del Real chanceaba dicindo que os castrexos vivían pero non morrían e o megalíticos morrían pero non vivían.



Map. 2.
Distribución epigráfica do norte da provincia de Lugo.

3. A CONQUISTA ROMANA

A partir do 150 a.C. prodúcese un gran avance dos dominios romanos cara ao noroeste da península grazas a dúas importantes vitorias. Por unha banda, a caída de Numancia no 133 a.C. permitiu controlar toda a meseta norte e, por outra, o triunfo sobre Viriato e os lusitanos permite que Décimo Xuño Bruto chegue á desembocadura do Miño no 137 a.C.

As dúas seguintes incursións romanas teñen como obxectivo descubrir e saquear as supostas riquezas que gardaba o noroeste. Isto vese na incursión que realiza Publio Licinio Craso no 96-94 a.C. quen, coa intención de atopar a fabulosa ruta ás illas Cassitérides, vese na obriga de ir recalcando en toda a costa noroccidental. Pero as verdadeiras ansias de riquezas tíñaaas Xulio César. Un home que na década dos anos 60 a.C. estaba totalmente arruinado e con cuantiosas débedas, que tivo que aceptar un cargo na península para afastarse dos acredores e que ten que gañar as seguintes eleccións. Co pretexto de castigar aos lusitanos do norte por molestar aos seus veciños do sur (que eran máis amigos dos romanos) César ve unha gran oportunidade de acadar poder, fama, gloria e capitais entrando na Gallaecia.

A partir de mediados da primeira centuria antes da era, o panorama complicase. Cántabros e astures, temerosos de perder a súa liberdade, instigan os seus veciños da meseta para rebelarse contra o opresor. O problema adquire tales dimensións que o propio Augusto, estreando o seu cargo, decide resolvelo persoalmente e dá comezo ás Guerras Cántabras (29-19 a.C.).

Ás tácticas guerrilleiras empregadas polos castrexos contrapónselles un exército dividido en tres columnas. O propio Augusto desde Segisama (Sasamón, Burgos) dirixe unha para atacar *Aracilum* (Aradillo, Cantabria). *Publio Carisio* tenta conquistar *Bergidum* (Castro Ventosa, Cacabelos) desde a súa base de *Asturica* (Astorga). *Caio Antistio* dirixe a terceira columna con base en *Bracara* (Braga, Portugal) cara ao noroeste. Todo este despregamento foi apoiado desde o mar pola frota Aquitana.

A vitoria romana integra todos os territorios da cultura castrexa dentro do Imperio Romano e comeza unha etapa de dominación militar e aculturación denominada cultura galaico–romana.


4. A CULTURA GALAICO-ROMANA

4.1. Organización político-administrativa

O biógrafo e historiador Suetonio refírese ao emperador Augusto como o gran innovador da súa época, sen esquecer o pasado. Esta peculiaridade vémosla perfectamente na profunda reorganización que levou a cabo no noroeste con novos elementos pero incorporando, iso si, as vellas estruturas castrexas. A magnitude destas reformas, o seu carácter innovador e a repercusión que tiñan, provocou que o propio emperador tivera que modificalas varias veces durante o seu mandato (Rodríguez Colmenero, 2011, 44-45). En síntese, dividiu o noroeste en tres demarcacións territoriais chamadas *conventus* que dependían do gobernador da provincia *Hispania Citerior* con capital en Tarraco. Diocleciano, a finais do século III, escindiu desta provincia *tarraconensis* os territorios de *Gallaecia* e *Carthaginensis* e, xa no século IV, separárase a *Balearica*. Aquí aparecería por primeira vez o actual nome de Galicia que sería adaptado dun pobo castrexo, os *callaeci*, para distinguilos dos seus veciños os *astures*.

Estes tres *conventus* serían o lucense, bracarense e asturicense, con capitais en Lugo, Braga e Astorga. Hai que ter en conta que nestas unidades administrativas estaban englobadas os *populi/civitates* e *castella* tipicamente castrexos que vimos anteriormente. É curioso observar como estas estruturas indíxenas saen reforzadas coa invasión, polo menos ata as reformas emprendidas pola dinastía Flavia a finais do século I. As elites castrexas locais, favorecidas polos romanos, terán un papel crucial como elemento controlador das comunidades e favorecedor da aculturación romana. Deste xeito, as comunidades indíxenas serán clientes do estado romano a través de vínculos de dependencia de distinta índole, como se poden ver nos chamados “pactos de hospitalidade” como o de Carbedo no Courel (ERPL 18), a *tabula* de Castromao (Ourense) ou mesmo o edicto do emperador Augusto mencionado antes escrito nunha placa de bronce, onde se castiga a unha comunidade castrexa por ir

en contra de Roma e se favorece a outras por estar a favor. Neles establécese un tratado de amizade entre dúas comunidades nativas ou cos romanos.



Map. 3. Estrutura viaria romana no norte de Gallaecia nos séculos II – III.

1. Santiso (Castrofeito, O Pino). Asentamento viario. Pérez Losada, F. (2002), 322-323
2. Ponte Puñide (Gonzar, O Pino). Asentamento viario. Pérez Losada, F. (2002), 322-323
3. Agro de Nogueira (Melide). Asentamento rural romano. Gómez Vila, J. (1993), 35-36
4. San Román da Retorta. Miliario de Calígula (ERPL, 140)
5. Asientos, O Real (Boimorto). Miliario de Maximino e Máximo.
6. Miliario de Heliogábalo.
7. Campamento romano de Cidadela
8. Dedicatoria á deusa Coventina (ERPL, 33)
9. Guitiriz. Inscripción funeraria. (ERPL, 42)
10. Buriz. Dedicatoria aos Lares Viais. (ERPL, 17)
11. Asentamento romano de Vilar da Graña (Roupar).
12. Xerdiz (Ourel). Inscripción funeraria. (ERPL, 168).
13. Miñotos (Ourel). Dedicatoria aos Lares Viais. (ERPL, 19)
14. Monte de Tagarreiros (Xove). Dedicatoria aos Lares Viais. (ERPL, 145)

Esta “explosión do castrexo” pode verse claramente no feito tan significativo que supón o espectacular crecemento de vellos castros ou a construción doutros novos, nalgúns casos verdadeiras cidades, chamadas citanias, como Briteiros (Braga, Portugal) ou San Cibrán de Las (Ourense). Todo

isto revela que agora si que existe unha estrutura socioeconómica moito mas desenvolvida que na fase anterior, capaz de promover, levantar e soste enormes obras públicas. Grandes poboados xunto a unha multitude de pequenos castros situados nas mellores terras de cultivo ou no próspero litoral ofrecen a imaxe de prosperidade económica e crecemento demográfico experimentado polo mundo castrexo tras a súa incorporación no imperio romano.

Todo isto explica, en parte, a rápida asimilación da cultura romana pola sociedade castrexa. Unha cultura que fascinaba e que provocou unha autentica revolución no seo das comunidades indíxenas mudando de xeito significativo a mentalidade, usos e hábitos e producindo axiña unha aculturación de elementos romanos. Tan rápida foi que, xa nas primeiras décadas do século I, temos indíxenas vestindo, actuando e falando como auténticos romanos, como se pode apreciar na estela de Crecente (Museo Provincial de Lugo) onde unha familia oriúnda do castro de *Miobro* (zona de Noia), de viaxe cara a Lugo, enterran a súa filla á moda romana, en latín e vestindo as típicas túnicas, como se aprecia no relevo da lápida (ERPL, 31).

Que a cultura romana sempre foi urbana é un trazo que se aprecia claramente na organización territorial que estableceu no seu imperio, onde a cidade (xa sexa a capital ou non) adquire o papel de centro impulsor da vida económica e política da zona. Estas tres capitais do noroeste, creadas polo propio Augusto, xa tiñan desde finais do século I o estatuto de *municipium* pero non experimentarían un importante crecemento urbanístico ata finais do século III, acompañado da construción dos respectivos recintos defensivos.

4.2. Gallaecia na época Flavia e a súa reorganización militar

Se as cidades foron o principal motor de desenvolvemento da sociedade galaico romana, en segundo nivel estaría o importante papel xogado polo exército. De feito, nesta *Gallaecia* romana existe, como mínimo, outro momento organizativo que tería lugar durante a época Flavia ademais do xa comentado de Augusto. Tanto Vespasiano como os seus fillos Tito e Domiciano, ademais de emprender fastosas obras lúdicas na capital do imperio como o anfiteatro Flavio (alcumado popularmente como “Coliseo”) observaron que a organización augústea adoece dun verdadeiro proceso urbanizador e dunhas comunicacións básicas nas zonas do interior da *Gallaecia*. Deste xeito, estes emperadores flavios propiciaron a partir dos anos setenta a creación de novos núcleos urbanos, que levan o seu nome (como por exemplo *Aquae Flaviae* (Chaves, Portugal)), construíron novas vías de comunicación como a vía XVIII ou Vía Nova cun claro sentido comercial e levaron a cabo unha reforma da presenza militar romana no noroeste que afecta, aínda que sexa de maneira indirecta, á nosa zona de estudo. A reforma consistiu no asentamento de dúas unidades militares (cohortes) no noroeste cos obxectivos de controlar o territorio e impulsar a construción de obras públicas que, na maioría dos casos, eran planificadas polos enxeñeiros militares.

Estes campamentos situáronse de maneira estratéxica de xeito que un controlaría o sur de Galicia e norte do actual Portugal e, outro, o norte de Galicia.

Aquis Querquennis foi situado en Porto Quintela, Baños de Bande (Ourense) moi preto do parque natural do Xerés e da fronteira co país veciño. Os 480 soldados auxiliares, é dicir, recrutados entre os indíxenas, que albergaba tiveron como principal obxectivo a construción da vía de enlace entre Braga e Astorga. Paralelamente, xurdiu a carón do campamento e da construída vía unha mansión, ou sexa, un establecemento hostaleiro, que co paso do tempo terminou converténdose nunha cidade e engulindo as propias instalacións militares.

Se *Aquis* foi o motor do sur, o campamento de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña. Lám. 6) foi o revulsivo do norte. O propio lugar de asentamento desta *Cohors I Celtiberorum* obedece desde logo a unhas claras razóns de estratexia de vixilancia e control da zona xa que se sitúa no punto intermedio entre as dúas vías de unión entre a capital conventual *Lucus Augusti* cos seus portos: *Brigantium* (A Coruña) e *Iria Flavia* (Padrón). Esta situación intermedia permitiría un fácil e exhaustivo control tanto dos tres enclaves mencionados como das súas



Lám. 6.
Campamento romano de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña).

comunicacións, proporcionando un rápido desprazamento de tropas a calquera punto desta área en caso de necesidade. De feito, os soldados auxiliares de Cidadela tamén terían a misión de vixiar o perímetro costeiro do norte para o que contarían cunha vía que, a través de Guitiriz, Xermade e Ourol, alcanzaría a costa pola zona de Viveiro ou Xove (Map. 5). Este dato é moi interesante xa que afecta de cheo á nosa zona de estudo e requiriría dun traballo exclusivo e en profundidade co obxectivo de trazar o seu itinerario, catalogar os restos e analizar a súa influencia no entorno. No mapa 5 podemos observar como sería a estrutura viaria romana no norte de *Gallaecia*. Hai que ter en conta que as dúas vías orixinarias que enlazarían a capital conventual cos seus portos (en vermello e amarelo no mapa) mudarían lixeiramente o seu trazado para pasar a carón do campamento unha vez construído a finais do século I. Neste intre nacería a vía que ía cara ao norte (en marrón) e que permitiría o control deste territorio e favorecer o seu desenvolvemento económico.

Temos que ter en conta que as pegadas deixadas por estes militares na zona son tremendamente importantes e apreciámolas claramente nas testemuñas epigráficas de cultos a deuses indíxenas ou orientais típicos dos militares. Un famoso exemplo é o templo/culto de Mitra en Lugo, promovido polo centurión da *Legio VII Gaio Victorio Victorino* (recadador de impostos, por certo) ou mesmo o culto que un anónimo militar profesaba á deusa indíxena da auga *Cohvetena* en Guitiriz (Gómez Vila, 2012).

Outro elemento integrador que levaron a cabo estes emperadores Flavios citados, foi a concesión aos galaicos do *Ius Latii*, é dicir, o dereito á cidadanía latina ideado como medio de integrar ás elites dos territorios anexionados por Roma no Estado, outorgándolles algúns dos dereitos inherentes dos cidadáns romanos como o sufraxio ou o desempeño de cargos públicos; aínda que tamén obrigas de tipo militar e, sobre todo, fiscal xa que realmente o que se buscaba era estender as bases onde obter maiores ingresos. Co paso do tempo esta latinidade estendeuse por todo o Imperio.

4.3. O hábitat galaico-romano

Sexa como for, a partir do século II nesta sociedade galaico-romana vanse operando certos cambios que, co paso do tempo, desembocarán nunha sociedade completamente distinta.

Se o século I foi o momento de abandonar os castros de altura para habitar os dos vales nun momento de auxe económico e de explosión demográfica, a partir do II estes castros de chaira tamén se van abandonando pouco a pouco. Isto non quere dicir que houbese unha marcha xeneralizada

dos castros nin moito menos. De feito, algúns castros permaneceron ocupados ata a caída do Imperio Romano e mesmo incluso despois (como é o caso de Viladonga, que ten o seu máximo esplendor entre o século III e o V). Isto significa que van xurdindo outros tipos de hábitats máis acordes cos tempos e que permiten un maior rendemento económico dentro dunha clara melloría nas condicións de vida. Un cambio que se vai facer efectivo sobre todo a partir do século III e tamén no IV.

Pérez Losada (2002) tratou con profundidade e rigor este tema dos distintos tipos de asentamentos romanos de Galicia, así como as súas características, pegada no territorio e funcionalidade.

O primeiro que debemos ter en conta para entender este hábitat galaico-romano é que, ademais das capitais conventuais e dos castros, xorden por todas partes novos asentamentos tipicamente romanos que Pérez Losada prefere denominalos aglomerados secundarios. Termo xenérico que, desde o noso punto de vista, define moi ben a complexidade e diversidade destes núcleos de poboación. De feito, o termo refírese a calquera asentamento permanente de índole colectiva e concentrada. Ou sexa, en palabras do propio autor: *implica polo tanto todo tipo de hábitat entre a cidade e a aldea, toda a gradación posible existente no ámbito urbano desde unha capital ata unha pequena vila e tamén boa parte do rural, sempre que sexa agrupado* (Pérez Losada, 2002, 23). Polo tanto, existen aglomerados secundarios moi grandes a modo de cidades e outros moi pequenos que podemos comparar en certo xeito ás famosas *vilae* rurais romanas.

As funcións destes aglomerados secundarios son varias e solápanse entre elas, non sabendo en algúns casos cal é a máis importante. Son sempre centros produtores agrícolas pero nunca só iso, sempre teñen máis actividades que non pertencen ao sector primario.

As actividades do sector secundario máis importantes son, sen dúbida, a produción cerámica e metalúrxica. Estas poden ser a nivel doméstico (con pequenos fornos para a fabricación de tégulas ou cerámica común ou pequenos obradoiros para a elaboración de artefactos de ferro) ou existen tamén grandes e especializadas concentracións que chegan a ser o principal motor económico do aglomerado.

Séguenlle en importancia as actividades de tratamento e procesado de bens alimentarios, sobre todo factorías de salgadura como a que habería na praia de Area (Viveiro) e outras moi variadas como a industria da madeira, téxtil, traballo da pedra como, por exemplo, a especialización na fabricación de muíños.

Pero o que mellor caracteriza a estes aglomerados secundarios é o sector terciario. De feito, unha das súas funcións esenciais, por non dicir a primordial, é prestar servizos, que poden ser relixiosos, administrativos, comerciais, hostaleiros, etc. a toda a poboación rural da zona.

Por todo o exposto anteriormente, pódese deducir que a situación que teñen a maioría destes núcleos é en lugares ben comunicados, ao carón de vías terrestres ou fluviais, pero, sobre todo, en puntos de paso obrigado ou cruzamento de vías.

No mapa adxunto (Map. 4) pode verse a situación destes xacementos estudados por Pérez Losada en relación ao sistema viario. É significativo a absoluta ausencia deles no norte da cidade de Lugo, se exceptuamos o asentamento termal de Cambre e o porto da Coruña. Este feito cremos que se debe máis a unha falta de investigacións nesta área e as súas correspondentes escavacións, que a unha ausencia deles na época romana. Urxe polo tanto unha actuación neste senso por parte dos organismos pertinentes e dos propios investigadores, primeiro para estudar o sistema viario romano (practicamente descoñecido a día de hoxe) e segundo a situación dos aglomerados secundarios e tamén as *vilae* en relación á rede viaria.

De feito, na nosa área de estudo, existe un aglomerado secundario de pequeno tamaño pero que participa rigorosamente de todas as características expostas. Referímonos a Vilar da Graña



Map. 4.

Distribución dos principais castros e aglomerados galaico-romanos en relación ao sistema viario.

(Roupar), un centro agrícola-gandeiro con importantes actividades metalúrxicas de ferro (Riveira Requeijo, 2015), ao carón dunha vía romana e cunhas posibles funcións comerciais e viarias que poderían ser similares a Castellós (Monforte). En definitiva, un xacemento moi interesante que analizaremos profundamente no capítulo correspondente.

4.4. O final da dominación romana

A partir do ano 235, o Imperio Romano entra nunha grave crise da cal nunca se repoñerá. A incompetencia do propio emperador Severo Alexandro na loita contra os xermanos provocan un motín que remata coa súa vida e favorece o ascenso dun centurión, Maximino o Tracio, tan valente como inculto, así como o seu sucesor. Ese non é aceptado polas elites senatoriais e prodúcese unha morea de loitas internas e derrotas nas fronteiras derivando nunha enorme crise que provocaría a secesión da *Galia* como estado independente, entre outras cousas.

Moitas e moi diversas son as causas desta ruína e atinxen a practicamente todos os aspectos da administración romana. Pero, de feito, o gran problema da época era a gran presión dos bárbaros no *limes* xermano.

A descomposición das estruturas do imperio, xunto ás habituais incursións de pobos fronteirizos dentro do territorio romano, provocou que se estendese un enorme clima de inseguridade por todas partes. Este estaba xustificado, desde logo, pero non tanto pola ameaza de pobos estranxeiros, senón pola avalancha de desordes internas. Sexa como for, Roma permitiu, na segunda metade do século III, que cada cidade se defendese como mellor considerase pero, ademais, actuou sobre uns núcleos que consideraba esenciais dada o seu valor político, económico e estratéxico. Neste contexto enténdese a construción de sistemas defensivos na maior parte das cidades do imperio, desde a propia Roma ata capitais provinciais como Lugo, Braga ou Astorga.

Na controvertida reforma administrativa de Diocleciano levada a cabo no 284 xorde por primeira vez a provincia de *Gallaecia* propiamente dita, grazas a reduci-la a extensión á antiga provincia de *Hispania Citerior*. Non se coñecen as razóns concretas desta nova reorganización pero implicou, ademais dun cambio nas fronteiras provinciais, un desproporcionado aumento da burocracia e unha nova distribución das unidades militares. De feito, no caso de *Gallaecia* desaparecen os campamentos de *Aquis* e Cidadela xa que as novas unidades militares serán situadas nas propias cidades de Lugo e Braga. Deste xeito, a *cohors lucensis* encargárase da defensa da cidade de Lugo e de todo o seu territorio ata o litoral cantábrico, aínda que de momento non se sabe onde estaría situado o campamento militar.

O certo é que esta reforma de Diocleciano saíu carísima ao estado ao disparar os custos da administración dunha maneira desproporcionada. Para compensalo, o estado aplica unha forte subida de impostos e prodúcese a conseguinte inflación económica. Coa intención de esquivar na medida do posible esta presión fiscal os habitantes do imperio abandonan pouco a pouco as cidades, principais centros recadadores, para situarse en zonas rurais que eran na época os paraísos fiscais. Pouco a pouco Roma vai perdendo o control político e militar dos seus territorios que pasan ás mans das elites locais, provocando un novo rexurdimento do “castrexo”. Isto apréciase claramente no castro de Viladonga por exemplo, un castro moi romanizado e moi tardío, cunha etapa de moita actividade entre os séculos III ao V (Lám. 7).



Lám. 7.

Viladonga é o típico poboado castrexo tardío moi romanizado que alcanzou un gran desenvolvemento nos séculos III e IV. Fotografía Manuel Aira.

No ano 409 chegan a *Gallaecia* os pobos xermanos, vándalos e suevos, asentándose nesta primeira etapa na zona de Braga. No Nadal do 411 os suevos rodean a cidade de Lugo. Roma asiste con total indiferenza ao reparto entre os pobos bárbaros dos territorios peninsulares. Nos dous lustros seguintes sucédense períodos de relativa tranquilidade con fortes enfrontamentos entre os propios pobos xermanos polo control do territorio. Os suevos instalados na antiga *Gallaecia* son derrotados polos visigodos no ano 585, establecéndose un reino en toda a península ata a chegada

dos musulmáns no 711. Como sabemos, estes mesmos visigodos saquean a propia cidade de Roma no 476 asasinando o derradeiro emperador romano que, curiosamente, paradoxos do destino, se chamaba igual que o fundador da cidade eterna: Rómulo.

■

SEGUNDA PARTE.

CASTROS DO CONCELLO DE XERMADE

■

1. O CASTRO COMO ELEMENTO DEFINITORIO

Esta aldea, asentada en altura e rodeada de murallas, foi o elemento que vertebra e caracteriza esta etapa e que incluso lle deu o seu propio nome. O castro adáptase ao terreo que ocupa perfectamente e de aí lle vén a súa fisionomía. É moi habitual atopalos en zonas elevadas e despexadas para ter unha mellor visualización, control e defensa da súa contorna. No seu emprazamento nun cerro, ladeira ou ribazo dun curso fluvial resultaban determinantes tanto as facilidades de abastecemento de auga potable como os condicionantes defensivos óptimos.

1.1. O sistema defensivo

As defensas poden abarcar a totalidade do xacemento, incluso cando pola súa situación as fai innecesarias. É habitual que aparezan sobre todo na zona de máis fácil acceso ao poboado e constitúen, desde logo, o aspecto máis rechamante do poboado. De maior ou menor tamaño, de menor ou maior complexidade formal, pero sempre perfectamente visibles incluso sen necesidade de escavación.

Moito se ten escrito sobre as súas funcións e, aínda a día de hoxe, non podemos afirmar con total seguridade a certeza dalgunha delas. A priori, o simple feito de aparecer tales estruturas defensivas puideran facer pensar na existencia dunha sociedade moi belicosa e guerreira (de feito, esta idea se xeneralizou en certos ambientes). Non obstante, a realidade que marcan os datos arqueolóxicos é outra ben distinta. Independentemente da lóxica tensión que puidera existir entre



Lám. 8.
Escaleiras na muralla de Viladonga xunto o chamado “barrio romano”.

para evitar que saísen os animais. Sabemos con certeza que andaban soltos polo interior do poboado, como se pode apreciar en recintos portugueses onde se constata a existencia de lousas que sobresaían cara a fóra dos muros das casas para evitar que as bestas arrimaran a elas e as tiraran. Pero, quizais a razón máis importante para a súa construción fose o prestixio, amosar aos demais o poder e a riqueza da comunidade que a fixo, igual que facían os burgueses ao pagar o que fose por ter a catedral máis alta, máis fermosa.

O terraplén é o elemento defensivo máis común. Son desniveis no terreo formados por unha acumulación de terra e pedras que poden ter unha altitude de ata 6 metros no noso caso. Poden



Lám. 9.
Terrapléns defensivos en Castromaior (Portomarín) vistos desde a muralla. Fotografía Manuel Aira.

Constrúense sobre todo en puntos desprotexidos como poden ser as entradas ou zonas chás. Na zona de estudo, un dos xacementos máis fermosos é, sen dúbida, o do castro de Cabreiros, non só pola excelente conservación dos restos, senón tamén polo magnífico estado de conxunto e pola vexetación autóctona que posúe. Tamén é digno de destacar o de Castrorramil.

Outro tipo de defensa é a muralla. Están construídas xeralmente de pedra amosando unha variada tipoloxía. É habitual que estean formadas por dous muros paralelos pétreos cun recheo

as distintas comunidades castrexas e certos enfrontamentos puntuais, a sociedade castrexa era moito máis campesiña que guerreira. As defensas tiñan que ter necesariamente outras funcións, tanto ou máis importantes que as simplemente defensivas, que xustificasen o enorme esforzo que supoñía as súa construción para unha comunidade agrícola deste tipo. Entre elas barállase o seu uso como elemento concentrador da poboación que evita a dispersión desta e que protexe simbolicamente o recinto. Tamén é posible que tiveran certa función de cerco gandeiro

ser naturais (como, por exemplo, a terraza este do castro de Burgás ou o aproveitamento de rochas naturais no caso de Castrillán) ou ben formados por labores de aplanamento do terreo. Hai que ter en conta que o que hoxe vemos como un terraplén ao mellor foi na época unha muralla de pedra, moitas veces quitadas polos veciños para aproveitalas noutras construcións.

Outro sistema defensivo é o parapeto, que consiste nunha elevación artificial do terreo. En moitos casos esta terra procede da construción do foxo, polo que ambos elementos adoitan estar asociados.

de terra e pedras. A subida faríase por escaleiras de madeira, laxas de pedra encastadas no muro, ramplas ou mesmo simples escaleiras pegadas (Lám. 8). Para poder ver esta muralla faise necesaria, na maioría dos casos, unha escavación que limpe toda a maleza e terra que poida cubrila. A ausencia delas na nosa área de estudo impide percibir actualmente este tipo de sistema defensivo, aínda que puido estar presente en Sucastro, Cabreiros, Igrexa ou mesmo Aira dos Mouros, onde aproveitaría a rocha natural en dous lenzos paralelos só tendo que construír os transversais.

Unha das mellores conservadas en Galicia é, sen dúbida, a de San Cibrán de Las, xa que foi sometido a rigorosas escavacións e procesos de recuperación. A muralla neste caso adquire un imponente aspecto e tamaño, contando con escaleiras de acceso e paseo de rolda na súa parte superior. Agora ben, preto de Xermade e pertencente a mesma comarca, temos o castro de Viladonga (Lám. 7), un xacemento moi ben conservado e estudado, polo que o utilizaremos habitualmente como referencia xa que nos permite aclarar e interpretar aspectos non perceptibles nos outros por falta de escavacións. De feito, en Viladonga son apreciables perfectamente boa parte destes sistemas defensivos comentados, onde se repiten ata tres veces a sucesión de murallas e foxos e o terraplén na zona do antecastro.

Na zona de estudo non temos ningún recinto defensivo con corte o suficientemente limpo que permitan ver o interior de recheo. Tan só no recinto de Castrillán podemos apreciar o interior grazas á pista que o atravesa. Neste caso o que se aprecia hoxe en día é tan só a propia rocha natural, que sería empregada como parte da muralla. Isto era unha práctica moi habitual, polo que ten de económica e rápida. Agora ben, na maioría percíbese perfectamente esta obra (como, por exemplo, no castro de Cabreiros, Xemaré, Sucastro ou mesmo o castro da Igrexa).

É habitual que os castros só teñan unha única entrada que tamén ten a función de impedir o paso. As máis sinxelas constan de dous engrosamentos nos remates da muralla. Outras veces un lenzo de muralla solápase ao outro formando unha especie de corredor intermedio. Probablemente estes accesos contarían con portas de madeira das que non se conservan restos. Nalgúns casos estas portas da muralla están franqueadas por dous recintos cuadrangulares onde posiblemente estivese o corpo de garda encargado de vixiar o acceso o recinto, deste xeito aparece por exemplo en Castromaior (Portomarín).

No caso de Xermade, na maioría dos recintos, percíbense perfectamente estas entradas, que son simplemente un corte no perímetro defensivo. No caso de Cabreiros hai dúas, unha enfronte a outra, pero é posible que unha delas sexa recente para facilitar o acceso ao interior xa que nel se construíu unha vivenda unifamiliar cos seus anexos. Tanto en Sucastro como Castrorramil, que tamén ten o recinto defensivo íntegro como o anterior, só se aprecia unha situada en ambos os dous casos ao sur do poboado. Nos outros xacementos non podemos precisar o número de entradas dada a destrución parcial das defensas. En Xemaré apréciase unha pero non podemos precisar se había máis. No mesmo caso están Castrillán e Burgás.



Lám. 10.

Entrada parcialmente escavada en Castromaior (Portomarín) formando unha rúa que corta a muralla pétreo.

Nalgúns casos tamén aparece, por fóra desta, unha segunda muralla de menor altitude.

Outro sistema defensivo situado entre as murallas é o foxo (Lám. 11). Ten forma de U ou V e pode ter unha profundidade de dous metros. No caso dos xacementos do concello de Xermade é



Lám. 11.
Foxo do castro de Castromaior (Portomarín). Fotografía Manuel Aira.

un elemento moi habitual que, ademais, presenta unha anchura similar, en torno aos 5 metros, como por exemplo nos recintos de Sucastro ou mesmo Cabreiros. Estas medidas son moi similares aos castros doutros concellos, como por exemplo Farnadeiros ou Reveirao no Corgo. Monte do Castro, polo contrario, ten un foxo máis estreito de tan só 3'5 metros, pero tamén pode ser debido á gran destrución que sufriu o xacemento.

Nalgúns casos aparecen os antecastros que, a modo de terrazas acoutadas, están bordeados por parapetos no exterior da muralla. Teñen

distintos usos, tanto como zona de cultivo e pastoreo como de habitación, xa que era o único lugar dispoñible para construír cando unha familia esgotaba o seu espazo no barrio. O resto máis visible desta estrutura atopámola no castro de Sucastro, onde se aprecia claramente unha grande explanada protexida polo terraplén e foxo ao oeste do recinto principal. Ten todas as trazas de contar con edificacións, aínda que o feito de non efectuar escavacións impide corroborar dita afirmación.

Todas estas defensas artificiais complétanse cos desniveis e terrapléns naturais do propio terreo, nalgúns casos intensificados con pequenos muros e parapetos.

A parte central do castro denomínase croa que, en infinidade de ocasións, deixou a súa pegada na toponimia (como podemos apreciar en multitude de xacementos de toda Galicia, aínda que ningún na zona que nos ocupa).

Esta croa como punto central do recinto é a máis importante e a que estaría ocupada polas edificacións máis senlleiras do poboado. De feito, no castro de Viladonga (Vid. Lám. 7) ou mesmo no de San Cibrán de Las (Vid. Fig. 1), aparece separado do resto do castro por muros pétreos onde se abrían unha serie de portas, dúas no caso do primeiro recinto. Un destes edificios comunitarios máis coñecidos, mencionado polo xeógrafo Estrabón cando falou destas comunidades, é unha construción alongada que presenta un banco corrido pegado á parede. Puido ser un edificio social, lugar de reunión ou mesmo un espazo relixioso ou ritual. No caso do conservado en Viladonga, aparecen no chan uns buratos que, segundo Felipe Arias, puideron ser empregados como depósitos de ofrendas ou de cereal.

De todo o poboado esta é a zona que presenta un certo urbanismo, moi escaso, elemental e rudimentario pero efectivo, baseado nunha serie de construcións agrupadas formando barrios deixando entre eles espazos libres para circular a modo de rúas. Nestes grupos de edificios dunha mesma familia, estre as que están as vivendas, almacéns, currais, obradoiros, etc. é perceptible a aplicación dun módulo base que, no caso de Viladonga, é de 5x10 m para cada conxunto. Hai que ter en conta que estes barrios aparecen só en castros romanizados e dun considerable tamaño. A ausencia de escavación impídenos percibir estas estruturas habitables na nosa área de estudo pero non sería desatinado presupór a súa existencia en castros romanizados e dun considerable tamaño como Castrorramil, con restos de construcións na ladeira, ou mesmo Xemaré.

O feito de atopar escouras de metal no castro de Vilar da Graña ou mesmo a rocha ferruginosa base no de Cabreiros (Lám. 12) fai pensar na posibilidade de que se dedicasen a esta actividade. A nivel galego constátanse moitos casos, como por exemplo, o castro de Lobariz (Doniños, Ferrol), Quintá (O Val, Narón) ou mesmo o de Santa Comba (Cobas, Ferrol) onde tamén se escavaron recentemente os fornos de fundición. Habitualmente estes obradoiros metalúrxicos estaban situados no propio recinto das vivendas pero cara ás saídas ou mesmo no exterior. En Viladonga, por exemplo, tamén hai testemuños claros desta actividade no lado leste do castro por fóra da muralla, onde é habitual o achado de escouras e de ganga de ferro. No propio recinto atopáronse, ademais, multitude de útiles deste material como machados, trenchas, martelos e diverso instrumental agrícola (Arias Vilas, 2013).

Outro elemento ao que se lle prestaba moita atención á hora de elixir a situación do poboado era o abastecemento de auga. Nalgúns casos existía un río preto, como é o caso de Castorramil e noutros, unha fonte dentro do recinto (como, por exemplo, en Vilar da Graña). A construción destas fontes é o mais típico e apréciase tamén nos grandes recintos como San Cibrán de Las ou mesmo o de Elviña (A Coruña).



Lám. 12.

Porta principal da vivenda construída no interior do recinto do castro de Cabreiros en 1865, segundo reza a inscrición do lintel. As xambas da mesma, de distinta cor, construídas coa chamada "pedra da mina" rica en material ferruginoso.

1.2. As construcións

Destacan sobre todo as vivendas que poden ter planta circular-ovada ou cuadrangular con diversas variantes. Tradicionalmente, considérase ás de planta circular como as máis antigas, típicas da época prerromana, pero que se seguiron a empregar coexistindo coas cuadrangulares, tipicamente romanas, e incluso en épocas moito mais recentes, (como se pode apreciar nas pallozas, hórreos e pendellos das comarcas orientais de Galicia).

Estas vivendas circulares posuían unha cuberta feita de materiais vexetais (palla, ramas ou xestas) denominada "colmo". Dispónse en varias capas sobre armazóns de madeira con forma de cono que apoian nos muros e nun pé central. Para suxeitar esta cuberta empréganse cordas que, saíndo dos pontóns centrais, caen sobre os diferentes vexetais facendo certa presión, xa que no outro extremo colgaba unha pedra chamada pesa de colmo, perfectamente identificables xa que teñen un burato para amarrar a corda (Fig. 2).



Fig. 2.

Reconstrución dunha casa castrexa con teito de colmo. (Museo Castro Viladonga, 76, 2013).

As vivendas cuadrangulares foron introducidas pola cultura romana e estaban cubertas por dous tipos de tellas de barro:

- Téglulas: tellas planas que asentaban directamente sobre o armazón lúgneo.




Fig. 2.
Reconstrución dunha casa de influencia romana tellada con
tégulas e ímbrices. (Museo Castro Viladonga, 76, 2013).

- Ímbrices: tellas curvas que apoiaban sobre os rebordes das tégulas e impedían que entrara a auga polas xuntas.

É típico que estas tellas presenten marcas dixitais, feitas cos dedos sobre o barro fresco polos operarios do respectivo obradoiro e, noutros casos, pegadas dalgún animal como un can, unha cabra, unha ovella ou un gato.

Se o xacemento foi arado para tarefas agrícolas ou mesmo, se é o caso, nos propios muros de separación de fincas, é doado atopar fragmentos destas tégulas. No noso estudo localizámolas nos castros de Igrexa e Sucastro. Que non fosen atopadas nos outros xacementos non quere dicir que non existisen, simplemente que hoxe en día non son visibles en superficie.

As casas máis tardías son moito máis grandes, de varios cuartos cuadrangulares de esquinas redondeadas. Isto foi posible xa que nesta época de crise do baixo imperio os castros foron abandonándose pouco a pouco, quedando casas abandonadas que foron derruídas para facer grandes mansións que mencionabamos antes. Hai que ter en conta que estas edificacións tardías posúen certos elementos decorativos, como nos linteis, ausentes totalmente nas prerromanas. Ademais, a cantería dos muros presenta unha mellor factura, con esquinais redondeados e reforzados e, nalgúns casos, con recibos pintados de cores simples como o branco, ocre ou vermello.

Se as primeiras vivendas non adoitaban posuír aberturas nos paramentos a modo de ventás, nas tardías si que aparecen, como se pode comprobar na ventá recuperada durante os traballos de consolidación de 2008 en Viladonga (Arias Vilas, 2013, 32). Noutros casos podían aparecer, aínda que non o sabemos con certeza dada a escasa altura dos restos conservados. Nun principio é de supoñer que as portas serían simplemente un ramallo colocado na entrada. Posteriormente serían simples portas de madeira amarradas ao eixo con tiras vexetais e cordas para despois empregar gonzos de ferro como as atopadas en Viladonga que, de feito, é o castro onde máis portas se atoparon. Outro elemento que aparece habitualmente son os gonzos de pedra que soportaban o eixo principal sobre o que xiraba a porta. Algunhas teñen escaleiras cara ao exterior e outras teñen pedra de soleira a un nivel superior para evitar a entrada da auga (Arias Vilas, 2013).

Todos estes elementos ornamentais daríanlle ao poboadado un aspecto diferente da simple pedra vista que estamos acostumados a ver.

A disposición destas vivendas dentro do castro semella caótica. Algunhas aparecen illadas; outras ampliadas mediante engadidos; tamén están as construcións auxiliares para uso agrícola ou gandeiro e mesmo as que non teñen porta, que quizais fosen almacéns ou silos de gran accesibles pola parte superior a través dunha escaleira de madeira que non se conserva.

En castros romanizados moitas destas casas teñen diante da entrada un espazo de forma máis ou menos oval, chamado vestíbulo, que tería diversos usos como, por exemplo, almacén de leña, currais para animais como aves ou porcos ou mesmo como obradoiro artesán de tecido. Nalgúns casos constátase a existencia dun forno neste espazo.

O certo é que os muros medianís só aparecen no caso de construcións da mesma familia, mentres que, cando corresponden a barrios diferentes, os muros son sempre independentes, aínda que separados por moi poucos centímetros.

Os paramentos destes muros son todos de pedra de lousa ou de xisto. Nalgúns casos, na base aparecen grandes bloques de cuarzo ou seixo branco coa función de asentelos e fortalecelos.

No interior da vivenda os pavimentos seguen a ser por maioría de terra pisada. No seu centro ou nun lateral destaca o fogar cun chan de barro pisado, cocido ou mesmo de pedras. Ten outras fincadas no chan para cercar o lume e abrigalo das correntes de aire ao mesmo tempo que protexía o resto da casa. Outras veces, sobre todo en castros tardíos, este fogar esta desprazado do centro e pegado ao muro.

É habitual atopar, espalladas polo castro, multitude de buratos feitos na rocha de diferentes formas e tamaños. A maioría foron empregados como furados para fincar os postes do teito. Cando son máis grandes é probable que se empregasen como depósitos para a auga ou para almacenar outros produtos.

A cerámica é o elemento arqueolóxico máis abundante entre os achados dos castros aparecendo, iso si, moi fragmentada. En termos xerais, ademais da construción mencionada anteriormente, podemos distinguir tres tipos.

En primeiro lugar, a castrexa, que é a tipicamente indíxena e ten multitude de usos. Está elaborada a man ou en torno con paredes alisadas que semellan ter un verniz agrisado ou negro. No caso de ter decoración, adoita poñerse nos bordos, colos ou paredes, empregando temas xeométricos ou esquemáticos como incisións en forma de liñas oblicuas, horizontais ou verticais paralelas, ou ben compoñendo triángulos, así como estampas en forma de espiña de peixe, estríxidos, eses ou figuracións entrelazadas.

En segundo lugar e máis tardía atopamos a común romana (Vid. Catálogo, VGCM-01, Lám. 61) principalmente destinada a uso doméstico. Está feita a torno con cores grises e avermelladas con escasa decoración. Dentro deste grupo tamén podemos incluír as ánforas que servían para transportar e almacenar os típicos produtos romanos: viño, aceite e trigo. Este tipo de cerámica é localizada nos castros de San Cosme e de Castrillón.

En terceiro e último lugar está a *Terra Sigillata*, a máis cara e elegante que denota un alto nivel socioeconómico e un certo luxo debido ao seu prezo. É unha cerámica fina de verniz avermellado empregada sobre todo como vaixela de mesa. Sempre aparece en menor cantidade que os outros dous tipos.

2. OS CASTROS DO CONCELLO DE XERMADE



Map. 5.
Mapa dos castros e outros xacementos do concello de Xermade.

O primeiro problema que se nos formula á hora de analizar os xacementos castrexos do concello de Xermade é a total ausencia de escavacións arqueolóxicas neles. Este hándicap condiciona



Lám. 13.
Interior da Aira dos Mouros flanqueado polas murallas naturais.



Lám. 14.
Interior de Burgás convertido en zona de cultivo.



Lám. 15.
A entrada oeste de Cabreiros.



Lám. 16.
Interior e restos da muralla de Castrillán.

totalmente a investigación xa que impide coñecer todo un conxunto de datos claves para interpretar e valorar a ocupación castrexa da zona. Datos, como por exemplo, os paleobotánicos que nos informarían da posible cronoloxía de ocupación do recinto así como dos costumes alimenticios; os pétreos que amosarían os materiais usados e polo tanto as actividades da comunidade, tanto as artesanais como as relixiosas como as cotiás. En fin, a solución pasa por coller estes datos doutras zonas escavadas e extrapolalos aquí, asumindo polo tanto todos os riscos que este tipo de formulación leva consigo

O segundo problema refírese á destrución sistemática e paulatina da que foron obxecto moitos destes xacementos. Un fenómeno provocado por causas naturais nalgúns ocasións pero a maioría das veces debido a actuacións humanas. Deste xeito, dos dez recintos documentados, todos presentan alteracións e destrucións, máis ou menos importantes, sendo case total no caso de Monte do Castro e As Airas dos Mouros. Esta destrución non só se refire ao aspecto arqueolóxico, senón tamén ao da memoria colectiva do poboado, xa que os propios veciños non teñen constancia da existencia del no primeiro caso. Queda, polo tanto, tan só o seu testemuño na toponimia.

As Airas dos Mouros é un exemplo desa destrución case total non sobrevivindo actualmente ningún elemento en superficie definitorio dun xacemento castrexo. A propia situación do castro nun esporón rochoso moi exposto ás inclemencias meteorolóxicas, que se aprecia na tremenda erosión da rocha natural, unido ás alteracións provocadas pola vexetación e o feito de que os veciños reempregasen as pedras das vivendas e suposta muralla noutros mesteres fixeron posible esta devastación.

Burgás é o típico recinto situado no medio dun núcleo habitado polo que se efectuaron nel diversas actuacións ao longo da historia para convertelo en zona laborable. Actualmente só conserva leves restos da suposta muralla polo norte e o desnivel dos terraplén polo sur.

Cabreiros pola contra é un dos castros mellor conservados do concello, a pesar de contar cun par de recentes edificacións no seu interior. De feito, conserva íntegro o perímetro defensivo e o foxo pola parte sur. Non obstante, dos dous accesos que se perciben na actualidade quizais o situado ao oeste sexa de construción recente para facilitar o acceso ás vivendas.

Castrillán é outro exemplo de xacemento case totalmente arrasado, a pesar de estar nun outeiro bastante elevado que o protexeu ao longo da historia da man destrutiva

do propio ser humano. Ademais de sufrir practicamente as mesmas adversidades que a Aira dos Mouros, en época recente construíuse unha pista forestal que o atravesa pola metade. Debido á maleza e a degradación comentada non se observan restos en superficie pero si que desde a distancia conserva perfectamente a típica fisionomía de castro.

No caso de **Castrorramil** non se aprecia ningunha alteración importante se exceptuamos a degradación do recinto debido á vexetación e á erosión provocada polo paso do tempo. Percíbese perfectamente as defensas da croa e o foxo e os terrapléns cara ao sur.

Curiosamente, o castro da **Igrexa**, que é un dos que máis actuacións destrutivas sufriu, é onde mellor se percibe as características e elementos deste tipo de xacementos. Ao igual que lle sucedeu ao de Burgás, atópase situado no medio dun núcleo habitable, polo que sufriu abundantes e variadas transformación ao longo da historia. Crúzao polo medio a propia estrada, o que provocou a rotura da muralla. Pola súa cara oeste foron destruídas as defensas para levantar casas; pero, aínda así, entre estas e a pista pode verse parte do terraplén e pasear sobre el. Polo outro lado da pista, cara ao leste, é a zona mellor conservada, quedando parte do perímetro defensivo. A medida que avanzamos cara ao sur vai desaparecendo por distintas construcións que se levantaron no seu interior ou na mesma muralla, como unha casa unifamiliar e a propia igrexa.

Anteriormente xa mencionamos a práctica destrución a que foi sometido o recinto de **Monte do Castro**, participando dos mesmos infortunios que Aira dos Mouros ou Castrillán. A día de hoxe é moi difícil ver algún dos seus trazos característicos, excepto parte da súa muralla (moi deteriorada e de escasa altitude) e parte do foxo (moi desvirtuado polos labores agrícolas, a construción dun muro de cerramento de finca e os estragos causados pola propia vexetación).

Sucastro, ao igual que Cabreiros, é outro dos exemplos mellor conservados do concello. Conserva íntegro o seu perímetro defensivo e a entrada ao sur do poboado. No norte, os terrapléns defensivos alcanzan case os seis metros de altitude e están separados por un foxo, que aínda que é empregado como camiño, conserva perfectamente a súa fisionomía. Tamén conserva en moi bo estado o antecastro ao oeste.

Vilar da Graña, situado no medio dun núcleo habitado como Burgás ou Igrexa sufriu as pertinentes modificacións



Lám. 17.
Entrada de Castrorramil tapada pola vexetación.



Lám. 18.
Alteracións sufridas na muralla do Castro da Igrexa provocadas por accións humanas. Casa á esquerda, pista central que corta as defensas e camiño con construción á dereita.



Lám. 19.
Estado de Monte do Castro no ano 2014 totalmente cuberto pola vexetación.



Lám. 20.
Entrada ao recinto de Sucastro con restos de materiais de recentes construción.



Lám. 21.
Explanadas no castro de Vilar da Graña.
Á esquerda a muralla cortada.

e destrucións provocadas pola construción de vivendas, tanto ao seu carón sur como leste; perdéndose nestas zonas todas as defensas e interior. A pesar disto, é sempre con grandes dificultades debido a abundante vexetación que o cubre puidemos atopar as súas defensas, terraplén e foxo, polo seu lado norte e unha fonte no seu interior.

Xemará presenta importantes alteracións polo seu lado norte e oeste, onde desapareceron totalmente a súas defensas, debido aos labores de acondicionamento dun pasteiro. Cara ao este conserva parte da muralla, moi alterada polas árbores que creceron nela e polas edificacións recentes que se fixeron no seu exterior.

Dez castros entón, para una superficie de 166 km². Isto significa que hai un castro por cada 16,7 km². Unha cifra baixa, similar á que presentan os concellos de Outes, Muros e Carnota. Unha densidade que poderíamos considerar un pouco inferior á media se a comparamos con outras zonas das que se teñen datos:

- Ría de Ferrol 1 por cada 5,5 km²
- Ribeiro do Avia 1 por cada 7,14 km²
- Trasdeza 1 por cada 7,7 km²
- Terra de Santiago 1 por cada 8,2 km²
- Concello de Lugo 1 por cada 8,5 km²
- O Saviñao 1 por cada 8,8 km²
- Concello do Corgo 1 por cada 9,23 km²
- Barbanza 1 por cada 11,81 km²
- Val do Barcala 1 por cada 13,3 km²
- Val do Dubra 1 por cada 13,4 km²
- Amaía 1 por cada 14,9 km²
- Concello de Xermade 1 por cada 16,7 km²
- Concellos de Outes, Muros e Carnota 1 por cada 17,4 km²
- Terra Chá (Vilalba e zonas limítrofes) é de 1 por cada 18,96 km²
- Lobeira e terra de Celanova 1 por cada 22,85 km²



Lám. 22.
Pastizal no interior de Xemará. A elevación do terreo son os restos da muralla.

Hai que ter en conta que o alto índice da ría de Ferrol é moi difícil de superar noutras zonas de Galicia. Está en relación directa ao feito de que esta zona do golfo Ártabro vén sendo desde antigo unha zona especialmente apta para a instalación humana. Agora ben, tamén hai que ter en conta que non se conservan actualmente todos eses recintos castrexos contabilizados.

Pola contra, o último índice reflicte unha das zonas máis pobres de castros de toda Galicia, sen coñecer moi ben o motivo desta escaseza. O índice do primeiro representa o de maior cantidade. O que si sabemos é que a densidade castrexa aumenta en razón directa da fertilidade e das boas condicións para a vida de cada territorio.

En canto o tamaño dos recintos ocupan unha superficie total aproximada dun pouco mais de 7 Ha, sendo o de Monte do Castro o que presenta as dimensións máis reducidas e o de Castrorramil o de maior tamaño. Predominan de maneira absoluta os castros con dimensións comprendidas entre 0,4 e 0,8 Ha que serían o 80 %, mentres que os comprendidos entre 1 e 1,3 Ha tan so son o 20 %.

Cada castro exercería o seu control sobre un círculo de case 2,3 km de radio, reducindo este espazo aos 1,72 km do concello do Corgo e ampliándose aos 3,05 km do Barbanza, por exemplo.



O concello de Xermade, polo tanto, presenta unha densidade de recintos castrexos non moi alta. De feito, se consideramos os dez supostos xacementos que habería estaríamos dentro do grupo das zonas con menos recintos deste tipo, similar a Ribeiro do Avia, por exemplo.

En canto á altitude, predominan os asentados en terras entre 400–500 m que alcanzan o 50% do total. Despois séguenlle en importancia os asentados entre 500–600 m que representan o 40%, quedando con valores residuais os situados fóra destas altitudes, tan só o 10% entre 600–700, que lle corresponde ao Castro de Castrillán (que é o máis alto do concello). Datos estes similares a outras zonas do interior, como por exemplo a Terra Chá, onde os localizados entre 400-500 chegan case o 71% ou as Terras do Corgo que presenta datos moi similares de altitudes.

Outro tema importante é coñecer o tamaño da poboación que tería o concello de Xermade durante este período da cultura castrexa e galaico-romana. Este é un tema realmente complexo, xa que carecemos de datos fiables para elaborar o seu cálculo, polo que teremos que recorrer ás oportunas estimacións. Como a información da que dispoñemos para a nosa área de estudo é escasa, empregaremos comparacións especulativas que, no mellor dos casos, nos darán aproximacións a uns resultados reais nada doados de comprobar.

Para o cálculo desta poboación castrexa cómpre coñecer a superficie dos castros. Hai que ter en conta que esta superficie non é exacta, xa que ao non contar con escavacións arqueolóxicas vémonos no obriga de facer tamén aproximacións sobre o tamaño dos recintos. É máis que probable que a superficie real dos poboados fora sensiblemente inferior á sinalada. O total dos dez recintos conservados é de sobre 71730 m², o que dá unha media de 7173 m² por castro.

Para coñecer o tamaño desta poboación ao principio da dominación romana sobre o século I partimos do suposto que os 2/3 dos castros foron sincrónicos nesta fase, ou sexa 47820 m². A partir de aquí podemos usar diferentes métodos tendo en conta que “p” é o número de habitantes e “s” a área total do recinto.



A. FÓRMULA DE NARROLL (1962)

Quizais sexa a fórmula máis habitual nos estudos de poboación castrexas onde

$$p = \frac{1}{2} \times \frac{s}{10}$$

Dividimos a superficie entre 10 m², sendo este o valor aproximado de espazo que estima que utiliza cada individuo a nivel habitable e económico.

A fórmula aparece multiplicado por 1/2 porque consideramos que só a metade da superficie do castro tiña estruturas habitacionais e as nosas medicións de superficie corresponden a totalidade do castro dentro de murallas, polo que estarían incluídos tamén outros espazos non habitados como rúas, almacéns...

Para o caso do concello de Xermade sería do seguinte xeito:

$$p \frac{2}{3} = \frac{s}{2} \times \frac{1}{10} ; \frac{47820}{2} \times \frac{1}{10} = 3291 \text{ habitantes} \Rightarrow 14,35 \text{ h/km}^2$$

B. FÓRMULA DE KRAMER

Outra fórmula comunmente empregada que está derivada dos traballos no Próximo Oriente, onde P é o tamaño da poboación e S o tamaño en hectáreas do hábitat.

Este autor calcula a raíz cadrada das hectáreas da superficie do castro e multiplica o resultado pola constante 146, é dicir:

$$p = 146 \times \sqrt{s}$$

Non obstante, para calcular a poboación total da nosa área de estudo, hai que ter en conta que a raíz cadrada da superficie total non é igual á suma das raíces cadradas da superficie de cada castro, polo que consideramos máis pertinente calcular a porcentaxe dos 2/3 sobre a suma dos habitantes para cada xacemento, calculados con esta fórmula. Deste xeito sería do seguinte modo para o noso caso:

$$p \frac{2}{3} = \frac{2}{3} \times \sum \text{poboación xacemento} = \frac{2}{3} \times \sum 146 \times \sqrt{s_i}$$

$$p \frac{2}{3} = \frac{2}{3} \times \sum 1215 = 810 \text{ habitantes} \Rightarrow 4,86 \text{ h/km}^2$$

C. FÓRMULA DOS ÍNDICES 100/200

Derivadas da aplicación aos poboados da Idade do Ferro de Inglaterra de índices estimativos de poboacións do Próximo Oriente. Consideran que por cada hectárea de superficie do castro, habitan 100 e 200 persoas respectivamente.

$$p = \frac{s}{10000} \times 100$$

$$p = \frac{s}{10000} \times 200$$

O resultado para o concello de Xermade sería polo tanto:

$$p = \frac{47820}{10000} \times 100 = 478 \text{ habitantes} \Rightarrow 2,87 \text{ h/km}^2$$

$$p = \frac{47820}{10000} \times 200 = 956 \text{ habitantes} \Rightarrow 5,74 \text{ h/km}^2$$

D. APLICACIÓN DO FACTOR DE CORRECCIÓN 0,4 OU FÓRMULA DO ÍNDICE 200

Os resultados de Narroll son un pouco altos se os comparamos cos valores doutras zonas de Galicia onde si contan con escavacións arqueolóxicas e teñen datos fiables, mentres que os de Kramer son demasiado baixos pola mesma causa. Para indicar a poboación castrexa do concello de Xermade dun xeito verosímil é de todo necesario contar cun poboado escavado practicamente na súa totalidade para establecer con rigor a poboación nese caso e extrapolala aos outros. Deste xeito, e tendo en conta as estimacións ofrecidas polas formulacións doutros investigadores, poderíamos ter un dato estimativo pero fiable. Ademais, este castro debería de estar na propia área de estudo ou nunha zona relativamente próxima. No caso que nos ocupa temos este suposto, xa que contamos cos estudos realizados para o castro de Viladonga que cumpre todos os requisitos esixidos xa que apenas uns 50 km separan por estrada este xacemento da propia vila de Xermade. Dos 40000 m² que ten Viladonga de extensión en conxunto atópanse escavados boa parte da croa que tería unha extensión de 10000 m² e que sería a zona habitada da que partimos para levar a cabo os nosos cálculos. Estudos recentes estiman que este xacemento con esa superficie tería unha poboación duns 200 individuos. Consideramos, polo tanto, que por cada hectárea de superficie do castro tería que haber aproximadamente 200 habitantes. Deste xeito teríamos que:

$$p = \frac{s}{10000} \times 200$$

Polo tanto, e apoiado nestes datos de Viladonga, a poboación que supostamente tería esta zona de Xermade sería a indicada xa no índice 200 anteriormente explicado.

En base a este cálculo que fixemos dos datos ofrecidos por Viladonga permítenos aplicarlle ao índice de Narroll un factor de corrección do 0,4 para poder empregala no noso caso.

Deste xeito, teríamos que a poboación da época castrexa do concello de Xermade sería de 956 habitantes, cunha densidade de 5,7 h/km². Hai que ter en conta que estimamos que só estarían habitados ao mesmo tempo 23 dos recintos castrexos. Este dato aproxímase moito a outros estudos desta índole efectuados para calcular a densidade a nivel galego. Así, algúns autores, baseándose nos datos ofrecidos polo escritor romano Plinio, consideran a densidade galega duns 10 hab/km². Quizais un pouco alta se a comparamos coa ofrecida por unha das zonas mellor estudadas de Galicia, a conca media do Ulla, que ofrece densidades de entre 3 e 10 hab/km².

Polo tanto, unha densidade castrexa que sería máis baixa que a actual que é de 12,2 hab./km² xa que ten unha poboación total de 1943 persoas no ano 2016. Estes datos son inferiores á poboación castrexa calculada noutras zonas como, por exemplo, o concello de Lugo, que sería de 3498 ou o concello do Corgo que sería de 2684, cunha densidade de 17 h/km².

Así, no concello de Xermade atopamos unha poboación un pouco inferior á media para a época, similar a outras áreas das que se teñen datos como zonas da Terra Chá e os concellos de Outes, Muros e Carnota.

CASTRO	Superficie	Hab. s/Naroll	Hab. s/Kramer	100	200
Castro de Ramil	13000	650	166	130	260
Cabreiros	8180	409	132	81,8	163,6
Monte do castro	4080	204	93	40,8	81,6
Xemaré	11800	590	159	118	236
Burgás	5380	269	107	53,8	107,6
Igrexa	4770	238,5	101	47,7	95,4
Vilar da Graña	6500	325	118	65	130
Castrillán	6250	312,5	115	62,5	125
Sucastro	5000	250	103	50	100
Aira dos mouros	6770	338,5	120	67,7	135,4

Táboa 1. Cálculo da poboación de cada castro e total segundo os distintos autores.

C-01

AIRAS DOS MOUROS



Cabreiros, Santa Mariña



PXOM: GA27021037

COORDENADAS:

Decimais (Latitude, Lonxitude): 43.38134321534158, -7.7610039710998535

DMS (Graos, Minutos): 43° 22.88059292049482'N, 7° 45.66023826599121'W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 600362.196878879m, 4803909.120651519m, 29, Norte

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 295 m

Área aprox.: 6770 m²

Altitude: 569,42 m

Poboación estimada: 135 habitantes

ACCESO: Dende Cabreiros seguir a estrada que conduce a Vilacide. Pasada esta, en dirección a Vilachá, desviarse á esquerda por unha pista de terra e a uns 700 metros encontramos o xacemento a man dereita.



Fig. 4. Planta

CONSERVACIÓN: Destruído case totalmente non sobrevivindo actualmente ningún elemento en superficie definitorio dun xacemento castrexo. Entre as causas destacan a propia situación do castro nun esporón rochoso exposto ás inclemencias meteorolóxicas, a acción da vexetación que o cubre e a propia destrución provocada pola acción humana. As pedras dos seus muros foron reempregadas para a construción das pistas e outras obras nos arredores. A pesar disto, aínda sobrevive a súa fisionomía de recinto castrexo contemplado desde a distancia.



Lám. 23.
Vista do castro desde o noroeste.

VEXETACIÓN E XEOLOXÍA: No recinto do castro e arredores apréciase unha vexetación de matogueira con xestas e breixos. Nas pistas que dan acceso ao xacemento existen formas de erosión nos materiais que orixinan áreas de grao fino nas cunetas e acanaladuras na rocha. Resultarían alteritas de cuarцитas. Nas rochas do castro pódense observar formas do modelado das zonas graníticas como *tors* ou as formas de exhumación con alvéolos de alteración.

DENOMINACIÓN: O primeiro que nos chama a atención deste xacemento castrexo é o seu propio nome. “Airas”, moi típico o seu emprego como topónimo na península do Morrazo, como lugar onde limpan e trillan os grans. Nalgúns casos, engádeselle “Mouros” facendo referencia a esas misteriosas xentes que, ao igual cós celtas, poboaban os castros no imaxinario popular.



Lám. 24.
Perspectiva desde o sur.

Non se sabe con certeza a procedencia do termo, aínda que para filólogo Isidro Millán procede do celta *mrvos* afín ao termo indoeuropeo *mr-tuos*, que nos conduce ao latín *mortuus*. De aí que moitos

autores sosteñan que os mouros eran razas xa desaparecidas, os mortos. Isto explicaría que o seu uso non se circunscribe exclusivamente á época da cultura castrexa, senón que tamén son empregados para denominar aos habitantes da época anterior do megalitismo ou mesmo da posterior dos romanos, non sendo estraño escoitar como os mouros foron os construtores das antigas pontes de pedra. O que é mais sorprendente se cabe, é que tamén se empregan para referirse a xentes de épocas moito máis recentes como os franceses e carlistas, aínda que en moito menor medida.

Para outros o seu nome está relacionado co galego “ouro”. Criaturas que, polo tanto, vivían no subsolo en goridas e túneles onde, dependendo da zona, se dedicaban á extracción do ouro. Eran presentados como non bautizados e pagáns para diferencialos dos actuais cristiáns matizando, deste xeito, a súa antigüidade. Os mouros traballaban na ourivaría e, nalgúns casos, para indicar a súa procedencia foránea, considerábanos que eran escuros de pel. As mouras tiñan fama de feiticeiras, louras e de pel branca habitaban moitas veces as fontes. Son iguais

aos humanos agás en que viven baixo terra, son ricos, teñen poderes máxicos ou viven baixo algún encantamento.

É curioso observar como na mitoloxía asturiana aparece unha concepción moi parecida destes “mouros”. Seres tamén máxicos que vivían dende o principio dos tempos e que, por unha razón descoñecida, se viron obrigados a vivir debaixo da terra, exercendo o oficio da minaría, a metalurxia ou a ourivaría. Son os construtores dos dolmens e dos castros e, debido á súa forma de vida, teñen grandes tesouros que son protexidos por serpes ou por feitizos. Rara vez saen ao exterior, a non ser para recoller comida, e só saen ao solpor ou pola noite ou en días moi sinalados como a noite de San Xoán.

Polo tanto “os mouros” sería a forma que tiña a xente de explicar hai séculos todas estas etapas descoñecidas para o pobo. No caso que nos ocupa, a este termo mitolóxico foille engadido outro termo de significado agrícola para aludir quizais ao espazo ocupado.

Noutras culturas tamén teñen un termo para referirse a estes seres mitolóxicos. Deste xeito os escoceses chámanlles *Pictos*, en Irlanda *Fennianos*, no País de Gales *Twlwith Teg*, en Bretaña *Korred* e en Noruega *Thusser*.



Lám. 25.
Afloramento rochoso supostamente aproveitado como defensa natural.



Lám. 26.
Afloramento rochoso supostamente aproveitado como defensa natural.

CONSTRUCCIÓN: Un trazo característico orixinal é o feito de utilizar como base para a construción das murallas dúas fiadas de rochas que de xeito natural sobresaen en paralelo e lonxitudinalmente da terra. Actualmente non se conservan os paramentos artificiais que se lle engadirían a estas rochas, pero non cabe dúbida que aforrarían moito traballo e custo económico. As defensas completaríanse pechando polos seus extremos estas fiadas que, a día de hoxe, non son perceptibles dado a vexetación que as cubre pero aínda manteñen certa elevación do terreo. De feito, unha menor elevación polo seu lado oeste fainos crer que neste lugar estaría situada a única entrada con que contaría o recinto.

Nos arredores tamén é de salientar a presenza de dous túmulos megalíticos difíciles de distinguir debido tamén á vexetación que os cubre.

Pola propia situación nun esporón rochoso, a case 600 metros de altitude e polo feito de que as terras que o rodean non son excesivamente fértiles nin demasiado aptas para os labores agrícolas, fainos considerar que podería ser un castro prerromano nos que primaba máis a situación de control e defensa que a agrícola.

Non sabemos tampouco se seguiu habitado en época romana. Para corroborar este punto necesitaríase facer algún tipo de intervención arqueolóxica.

C-02

BURGÁS



O castro, Burgás, Santa Baia

**PXOM:** GA27021019**COORDENADAS:**

Decimais (Latitude, Lonxitude): 43.34290396979257, -7.779972553253174

DMS (Graos, Minutos): 43° 20.574238187554386'N, 7° 46.79835319519043'W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 598888.096765913m, 4799617.529038954m, 29, Norte.

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 268 m

Área aprox.: 5380 m²

Altitude: 474,89 m

Poboación estimada: 108 habitantes

ACCESO: Dende Xermade débese seguir a estrada que conduce a Candamil e desviarse cara a Burgás. O xacemento localízase na aldea de Testas.



Fig. 5. Planta

CONSERVACIÓN: o feito de estar situado no medio dun núcleo habitado ao longo da historia provocou que se efectuaran, tanto no propio recinto castrexo como na súa contorna, múltiples actuacións encamiñadas a converter a zona nun área agrícola. De feito, no seu interior hai unha plantación de millo, unha pradería e unha zona boscosa.

Na parte oeste conserva leves trazas das súa muralla, aproveitada para un muro de cerramento de fincas. Na súa parte norte estas poden seguirse porque marcan o límite da finca pero non se perciben en superficie. Pola súa banda, a parte este, garda certa fisionomía de recinto castrexo sobre todo se o observamos desde a pista que o bordea por este lado. Se nos achegamos tamén percibimos claramente o desnivel dos antigos terrapléns, iso si, moi alterados. De todos os xeitos, esta fisionomía de castro pode percibirse claramente desde a fotografía aérea grazas á vexetación que ocupa exactamente o que serían as defensas, en contraposición ao resto que está cultivado. Esta é unha circunstancia que se repite en multitude de xacementos deste tipo, xa que son precisamente nestas zonas defensivas onde se concentran a maior cantidade de materiais duros non aptos para o cultivo e de gran traballo facelos desaparecer, polo que tradicionalmente se optou por deixalos no medio dos cultivos a mercé das xestas, toxos e silvas.

VEXETACIÓN E XEOLOXÍA: No interior do recinto atopamos pastos de gramíneas con *Pteridium aquilinum*, con piñeiros e salgueiros espallados e algún carballo. A zona do flanco norte presenta cultivo de millo e ao sur eucaliptos e silveiras (*Rubus Sp.*) situados onde estarían as defensas.

Como comentamos anteriormente, está situado nunha zona chá agás polo leste, desde onde se teñen unhas magníficas vistas dos arredores, pero non así se o facemos desde o oeste. En todo o seu perímetro abundan as terras aptas para o cultivo e conta con diversos cursos de auga. Estas características fannos pensar que á hora de elixir a súa situación primaron máis os condicionantes agrícolas que os simplemente defensivos. Estas peculiaridades, aínda que non atopamos materiais romanos en superficie, indicannos que é moi probable que pertenza a esta época galaico-romana.



Lám. 27.

Vista do castro desde o oeste. Apréciase no centro restos da muralla convertida nun muro de peche de fincas.




Lám. 28.

Perspectiva do castro desde o este. A liña de árbores corresponde ca muralla da que se observan restos.

C-03

CABREIROS



O Castro, Cabreiros, Santa María

**PXOM:** GA27021035**COORDENADAS:**

Decimais (Latitude, Lonxitude): 43.39462514294534, -7.777172327041626

DMS (Graos, Minutos): 43° 23.677508576720214' N, 7° 46.63033962249756' W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 599030.8736508626m, 4805364.84726057m, 29, Norte

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 329 m

Área aprox.: 8180 m²

Altitude: 486,36 m

Poboación estimada: 164 habitantes

ACCESO: Na poboación de Cabreiros hai que co-ller a pista que se dirixe a Cernadas. O xacemento sitúase á dereita da pista, ao outro lado da autovía Ferrol-Vilalba.



Fig. 6. Planta

CONSERVACIÓN: É un dos castros mellor conservados do concello a pesar de contar cun par de edificacións do século XIX no seu interior. De feito, conserva íntegro o perímetro defensivo e o foxo pola parte sur.

No seu interior pola parte sur está habitada unha área de xogo infantil a modo de pequeno campo de fútbol que limita por dous dos seus lados coa propia muralla a que non chega a afectar. No seu lado oeste, pero practicamente no centro do recinto, atópase a vivenda en bo estado, cun pendello pola súa parte de atrás nun estado non tan aceptable. Ao norte e o oeste destas edificacións está ocupado por herba alta e pequenos anacos de horta.

A muralla presenta un excelente estado de conservación en todo o seu perímetro pero, sobre todo, polo leste e polo sur. Polas outras zonas está lixeiramente cuberta de vexetación e non se pode pasear pola parte superior nin apreciarla todo o ben que sería aconsellable. Nesas zonas limpas de vexetación ás que aludimos, a muralla presenta un aspecto imponente, chegando a alcanzar unha altitude de case 8 metros se a contemplamos desde o foxo. Pode accederse facilmente á súa parte superior e rodeala. O recinto, ademais, conta nesta zona con outros sistemas defensivos. Por unha banda, un foxo perfectamente conservado e limpo de vexetación duns 5,4 metros de ancho. Por outra banda, despois deste foxo aparece tamén outro terraplén defensivo nas mesmas condicións de limpeza e accesibilidade. O conxunto é magnífico e permítenos contemplar perfectamente o sistema defensivo do castro. Se a isto lle engadimos a autóctona e fermosa vexetación que posúe, a súa contemplación convértese tamén nun agradable paseo pola natureza.

VEXETACIÓN E XEOLOXÍA: Atopámonos cunha fermosa carballeira (*Quercus robur*) na que fan a súa presenza tamén outras especies arbóreas típicas das fragas da zona, entre as que podemos destacar o acivro (*Ilex aquifolium*). No estrato máis baixo, e ás veces medrando



Lám. 29.
Vista da muralla desde o interior do recinto.



Lám. 30.
Muralla, foxo e terraplén defensivo ao noreste do recinto nunha fermosa carballeira.



Lám. 31.
Detalle da muralla de considerable altitude.

sobre os propios troncos dos carballos, observamos os fentos da especie *Blechnum spicant* e as hedras (*Hedera helix*). O castro está ocupado por pasto con diferentes especies de herbáceas e fentos coma *Pteridium aquilinum* ou *Rumex acetosa*.

No propio recinto podemos atopar unhas curiosas pedras que se empregaron para a construción da casa. A súa densidade e tonalidade avermellada fannos pensar en materiais ferruxinosos na súa composición. Parecen ser rochas sedimentarias maiormente de gran fino, aínda que con algún nódulo algo maior nas que o cemento puidera ser o mineral hematita. Este mineral que contén ferro, abundante na zona de Xermade (minas de Roupar), sería o que lle daría a estas rochas a tonalidade avermellada. Trátase dun arenito na que o material que liga é o óxido de ferro ou cemento de hematita unindo grans fundamentalmente de cuarzo.



Lám. 32.
Antigo camiño que entra no poboado polo acceso oeste.

OUTROS: Estes bloques pétreos de arenito ferruxinoso, chamado comunmente na zona “pedra da Mina”, están embutidos nos paramentos da vivenda (Lám. 12). Este tipo de pedra empregábase, como veremos posteriormente en profundidade, para obter o mineral de ferro a través dun queentamento en fornos metalúrxicos especiais, como posiblemente acontecería no asentamento romano de Vilar da Graña. O seu achado no interior dun castro pode indicar o desenvolvemento desta actividade polos habitantes do poboado como de feito sabemos que se facía noutros recintos castrexos como no castro de Santa Comba (Ferrol). Non obstante, a pesar do minucioso exame superficial, non se atopou ningún outro resto que puidese corroborar esta hipótese; polo que o simple feito de atopar unhas pedras deste tipo non é concluínte en ningún aspecto, xa que mesmo puideron ser traídas como elemento decorativo á hora de construír a propia casa.



Lám. 33.
Estado do interior do poboado cara ao norte. Dintínguese perfectamente a muralla que presenta árbores plantadas.

Actualmente consta de dúas entradas que son simplemente, como no resto dos casos, un corte na muralla, situadas ao leste e o oeste, respectivamente. Porén, non é de todo seguro que correspondan as dúas á época castrexa. A oeste é probable que sexa recente para dar servizo á vivenda interior.

C-04

CASTRILLÁN



Roupar, San Pedro

**PXOM:** GA27021053**COORDENADAS:**

Decimais (Latitude, Lonxitude): 43.43707503272031, -7.781281471252441

DMS (Graos, Minutos): 43°26'13.5"N 7°46'52.6"W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 598629.1606084608m, 4810074.368116767m, 29, Norte

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 289 m

Área aprox.: 6250 m²

Altitude: 653.62 m

Poboación estimada: 125 habitantes

ACCESO: Para chegar a este castro situado no alto dun outeiro temos dúas posibles rutas. A primeira é ascender dende a aldea de Sucastro por unha pista de terra. Esta opción é de gran beleza paisaxística e permítenos ademais coñecer o castro de Sucastro, xa que pasa xusto ao seu carón. Hai que ter en conta que a media subida, máis ou menos, debemos xirar á dereita (como se aprecia na fotografía aérea) e tomar un



Fig. 7. Planta

camiño que nos leva ata o recinto castrexo. Xusto no desvío ten unha cancela pola que temos que pasar. Unha ruta polo tanto perfecta para darse unha boa camiñada, para ir en bicicleta, en moto ou todoterreo.

A segunda opción é ir dende Roupar. Hai que coller a estrada cara ao lugar da Torre e despois continuar a pista forestal ata o alto do outeiro. O castro ímolo vendo á nosa esquerda segundo subimos. Neste caso tamén teremos que atravesar unha cancela, como no caso anterior.

OUTROS: Desde a súa croa as vistas son impresionantes podendo contemplar As Pontes e as propias torres da central térmica por un lado e multitude de muíños de vento nos cumios das elevacións circundantes por outro. Este xacemento tamén sinala o final do concello de Xermade e o inicio do de Muras.

CONSERVACIÓN: É outro exemplo de xacemento case totalmente arrasado ao igual que Monte do Castro ou Aira dos Mouros, a pesar de estar nun outeiro bastante elevado que o debería de ter protexido ao longo da historia da man destrutiva do propio ser humano. Cremos que así foi ata a Idade Moderna cando a construción dunha desafortunada pista forestal o atravesa case polo medio e corta, polo tanto, as súas defensas por dous puntos. As alteracións provocadas por esta pista son bastante graves, aínda que non afectan a súa fisionomía de recinto castrexo contemplado desde a distancia.

Igual que a Aira dos Mouros sufriu tamén distintas adversidades entre as que destacan a propia situación do castro nun esporón rochoso a bastante altitude e, polo tanto, exposto ás inclemencias meteorolóxicas. A maleza que cremos o cubriu desde hai séculos tamén provocou unha considerable degradación nas súas estruturas, sobre todo debido á acción das raíces das plantas que pouco a pouco van movendo e tirando as obras de fábrica do poboado.



Lám. 34.
Vista do castro desde a pista de acceso do lado oeste.



Lám. 35.
Perspectiva desde a pista que se dirixe a Roupar e o flanquea polo leste.



Lám. 36.
Restos da muralla cortada pola pista que o atravesa pola metade.

Actualmente non se percibe en superficie ningún resto claro destas defensas, agás unha certa elevación na zona onde estaría situada a muralla pero formada por rochas naturais que, por outra parte, ben puideran ser aproveitadas para a estrutura defensiva como na Aira dos Mouros. Estas graves alteracións impiden tamén percibir a existencia de entradas ao recinto.

VEGETACIÓN: No acceso ao castro e no seu interior podemos observar a vexetación de matogueira con breixos e toxal. Nos arredores do castro e a unha cota inferior aparecen plantacións de piñeiros de repoboación. Nunha área próxima a estes aparecen tamén eucaliptos.

OUTROS: Cos seus 654 metros é, con moito, o poboado máis alto do concello de Xermade, seguido a cen metros por Aira dos Mouros e Monte do Castro, respectivamente. Chegar ata el non é doado e implica unha subida considerable aínda que este contratempo é compensado con creces polas magníficas vistas do todo o seu arredor. Tendo en conta este condicionante e o feito de que a terra que o circunda non é especialmente apta para as tarefas agrícolas, indúcenos a pensar que os construtores do poboado lle prestaron máis atención aos intereses defensivos e de vixilancia do contorno que as propias tarefas agrícolas e gandeiras. Estaríamos, polo tanto, nun momento anterior á chegada dos romanos nun deses castros en altura tipicamente prerromanos. Foi habitual que a chegada dos invasores mudaran estes costumes e provocaran o traslado destas comunidades a zonas máis baixas e, polo tanto, máis cómodas para vivir e desenvolver os labores agrícolas. Se temos en conta que o recinto castrexo de Sucasro se atopa na parte baixa desta montaña unido pola mesma pista forestal, non sería moi desatinado pensar que os poboadores de Castrillán mudaron a Sucasro e que sería construído por eles mesmos. De feito, Sucasro si que é un castro tardío como testemuña a súa propia situación e o achado de material cerámico romano en superficie.

C-05

CASTRORRAMIL



O Castro, Momán, San Mamede

**PXOM:** GA27021003**COORDENADAS:**

Decimais (Latitude – Lonxitude): 43.35720062858185, -7.859065532684326

DMS (Graos, Minutos): 43° 21.43203771491102'N, 7° 51.54393196105957'WUTM UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 592455.5364141761m, 4801114.59394412m, 29, Norte

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 419 m

Área aprox.: 13000 m²

Altitude: 524,79 m

Poboación estimada: 260 habitantes

ACCESO: Situado no lugar de Castro, Momán. Desde Xermade débese seguir a estrada de Momán e desviarse cara ás Pontes. Nesta estrada desviarse cara a Castorramil.

O castro atópase detrás das casas da vila que están na propia estrada.




Fig. 8. Planta

CONSERVACIÓN: Non se percibe ningunha alteración importante se exceptuamos a degradación do recinto debido á propia vexetación. As defensas da croa están intactas en todo o seu perímetro, apreciándose claramente a entrada polo seu lado suroeste. Este recinto é de pequeno tamaño, de apenas 55 metros de diámetro, pero está delimitado polo leste por un interesante e ben conservado parapeto que presenta unha altitude máxima de 2,5 metros. Nesta zona tamén quedan restos dun foxo e quizais doutros terrapléns defensivos, moi desvirtuados polas alteracións causadas ao poboado polos propios habitantes castrexos cando ocuparon a ladeira cara ao río como núcleo habitable. De feito, certos ocos no chan nesta zona delatan a existencia destas construcións. Ao fondo, atopamos un regato que sería un dos mananciais de auga con que contaría o poboado.

VEXETACIÓN: Bordeando a croa e na zona do foxo e ladeira aparecen carballedos acompañados por algún que outro castiñeiro xunto con xestas, fentos (*Pteridium aquilinum*) e silveiras (*Rubus sp.*).

Xa falamos noutra ocasión como puido ser esta gran transformación que sufriu o castro na propia época castrexa. De feito, o recinto orixinal tan pequeno que comentabamos, deu paso o poboado máis grande do concello, que albergaría a case 400 habitantes. Hai que ter en conta que, ao non contar con escavacións arqueolóxicas, non é posible delimitar exactamente ata onde chegaría esta ampliación. Por isto, a área tomada como base dos cálculos podería ser sensiblemente superior á real (noutros xacementos este marxe de erro é menor xa que temos a referencia das defensas e supoñemos que toda a poboación estaría dentro delas).

Non sabemos exactamente cales serían as causas deste crecemento da poboación pero de seguro que a bondade das terras circundantes para levar a cabo tarefas agrícolas e gandeiras terían algo que ver, como é habitual noutros casos onde se constata esta peculiaridade. Chegaría un momento entón, probablemente xa



Lám. 37.
Detalle do perímetro defensivo da croa.



Lám. 38.
Muralla, foxo e restos do terraplén polo oeste cara ao río.



Lám. 39.
Zona da ladeira ocupada por vivendas. En primeiro plano fosa onde estaría una construción.

en época romana, en que a superficie da croa quedaría pequena para albergar a crecente poboación, co que se decide construír vivendas na ladeira que baixa cara ao regato e tamén, probablemente, noutras zonas (punto este que non podemos aseverar debido á ausencia de probas arqueolóxicas). É habitual noutros recintos castrexos escavados atopar construcións habitadas fóra do recinto defensivo principal como en Viladonga por exemplo e tamén nas propias ladeiras, como no castro de Troña (Mondariz).

Situado á mesma altitude que o castro de Vilar da Graña (a 526 metros) e, a pesar de non atopar ningún resto arqueolóxico en superficie susceptible de indicar unha cronoloxía do xacemento, cremos que se trata dun poboado de época romana ou, polo menos, que alcanzaría o seu máximo apoxeo nesta época, dedicado a tarefas agrícolas e gandeiras.




Lám. 40.

Vista do exterior desde o sur. Apréciase á dereita a entrada, enfronte restos da muralla e, á esquerda, a zona de ladeira cara ao río ocupada por construcións.

C-06

CASTRO DA IGREXA



O Castro, Cazás, San Xulián



PXOM: GA27021026

COORDENADAS:

Decimais (Latitude – Lonxitude): 43.31346136470858, -7.776989936828613

DMS (Graos, Minutos): 43° 18.8076818825148'N, 7° 46.6193962097168'W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 599177.7511504012m, 4796351.2829174455m, 29, Norte

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 249 m

Área aprox.: 4770 m²

Altitude: 487,81 m

Poboación estimada: 95 habitantes

ACCESO: Dende Xermade débese seguir a estrada que conduce a Candamil e desviarse cara a Cazás. O xacemento localízase no centro da vila, ao lado da igrexa parroquial e cortado polo medio pola estrada.




Fig.9. Planta



Lám. 41.
Vista do castro desde o noreste.

CONSERVACIÓN: A pesar de que é un dos xacementos que máis actuacións destrutivas sufriu, é curiosamente onde mellor se perciben os distintos elementos dun poboado castrexo. Ao igual que Burgás atópase situado no medio dun núcleo habitado, polo que sufriu abundantes e variadas transformación ao longo da historia, para convertelo ben nun área agrícola, ben nunha zona habitable.

As zonas mellor conservadas son, sen dúbida, as defensas da parte nordés. Constan dunha elevación de terra que, a pesar de ter árbores plantadas nela, permite circular pola súa parte superior sen problema. Pola parte exterior, ao carón da estrada que corta esta muralla polo norte, atopamos edificacións moi pegadas á obra castrexa que afean o conxunto, sobre todo por tratarse de edificios de ladrillo sen rematar. Dentro deste perímetro defensivo atopamos unha vivenda unifamiliar rodeada por unha zona de céspede.

Lamentablemente, a estrada corta o xacemento pola metade, o que supuxo un corte no perímetro defensivo ben conservado do que estabamos a falar. Do outro lado desta estrada, cara ao norte, consérvase a elevación propia do castro e intúese parte do foxo. Non obstante, a medida que avanzamos cara ao oeste, a destrución é total xa que se construíron varias edificacións e pistas. Agora ben, unha destas pistas foi construída onde



Lám. 42.
A pista corta o xacemento pola metade quedando a distintas alturas. Detalle da zona noroeste.



Lám. 43.
A muralla da zona sureste conservada nun treito con árbores plantadas sobre ela.

estaría a muralla polo que, se observamos o recinto desde unha fotografía aérea, a pista continúa a liña defensiva e fai un círculo case perfecto.

Cara ao sur a destrución faise tamén patente e as defensas foron desaparecendo ao levar a cabo distintas construcións que se levantaron tanto no seu interior como na mesma muralla.

VEXETACIÓN: Aparecen os castiñeiros e os carballos con algún salgueiro plantados nas propias defensas nalgúns casos. Os fentos presentes son os *Pteridium aquilinum* e tamén aparece a hedra (*Hedera helix*).

OUTROS: O castro da Igrexa é un poboado de chaira de pequeno tamaño, duns 65 metros de diámetro. Esta circunstancia, unida ao feito de que en superficie se atopou abundante material tegulario, fainos pensar que se trata dun castro de época romana dedicado como a maioría deles á agricultura e gandería. Agora ben, a existencia a un quilómetro escaso das Telleiras (Vid. Cap. 2, III parte), un xacemento tardo romano ou mesmo altomedieval, permítenos comprender como se produciu a transformación do hábitat entre os séculos II e VII. Deste xeito, cando o castro foi abandonado, nunha data imprecisa pero quizais a partir do século III ou IV, a poboación foise espallando polas terras circundantes onde construírían pequenas vivendas. Estas fóronse pouco a pouco concentrado en pequenos poboados dispersos, que adoitaban chamarse *Vilar* ou *Vilares*, quizais por derivación da vila romana. Os restos atopados nas Telleiras ben puideron ser das sucesivas xeracións da poboación do castro da Igrexa.



Lám. 44.
Detalle desta muralla da zona sueste.



Lám. 45.
Alteracións sufridas na zona noroeste pola construción de camiños e vivendas.

C-07

MONTE DO CASTRO



Miraz, San Pedro



PXOM: Inédito

COORDENADAS:

Decimais (Latitude – Lonxitude): 43.384725 , -7.844235000000026

DMS (Graos, Minutos): 43° 23.083500000000186'N, 7° 50.654100000000156'W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 593614.9875709905m, 4804187.903052022m, 29, Norte

DATOS:

Perímetro aprox.: 231 m

Área aprox.: 4080 m²

Altitude: 545,43 m

Poboación estimada: 82 habitantes

ACCESO: En Xermade hai que coller a estrada en dirección a Miraz. Despois de cruzalo chegamos ao Castiñeiro. Xusto ao rematar as casas collemos a pista que queda á nosa esquerda. Ao chegar ao alto tere-mos que deixar o coche e continuar a pé uns metros pola ladeira do monte.




Fig. 10. Planta

CONSERVACIÓN: En varias ocasións deste traballo xa mencionamos a destrución case total deste recinto castrexo. As causas foron as mesmas que tamén afectaron a Aira dos Mouros e Castrillán. Actualmente é difícil percibir algunha das súas construcións defensivas en superficie, circunstancia acrecentada tamén pola vexetación baixa que o cubre e pola plantación de eucaliptos que posúe. Non obstante, un pequeno anaco de muralla aínda é perceptible ao sur do recinto; iso si, moi deteriorada e de escasa altitude. Pola parte de fóra dela tamén é perceptible parte



Lám. 46.
Restos da muralla, foxo e terraplén ao sur do recinto.
Fotografía de Antonio Riveira.



Lám. 47.
Detalle da muralla. Fotografía de Antonio Riveira.

do foxo, moi desvirtuado polos labores agrícolas, a construción dun muro de cerramento de finca e os estragos causados pola propia vexetación. Ao leste tamén se poden ver unhas elevacións de pequena altitude que poderían corresponder coas defensas, sobre todo se temos en conta a liña oval que parece que están a seguir.

Estas graves alteracións impiden coñecer con certo grao de certeza os límites do poboado, así como onde estarían situada a entrada ou entradas (aínda que cremos estaría situada cara ao sur).

VEXETACIÓN: Aparecen os castiñeiros e os carballos con algún salgueiro plantados nas propias defensas nalgúns. A maior parte da súa superficie está ocupada por eucaliptos de repoboación e carballos como vexetación arbórea, coa presenza dalgún toxo, xestas e fentos como o *Pteridium aquilinum*.

OUTROS: Grazas as informacións proporcionadas por Antonio Riveira foi posible atopar un recinto castrexo inédito, pero ben documentado na toponimia co termo *castro*, que vén a completar o mapa dos xacementos castrexos do concello de Xermade. Estaría incluído nos recintos de pequeno tamaño (ten uns 70 metros de diámetro) e cos situados por riba dos 500 metros de altitude (similar, polo tanto, a Castrillán ou Aira dos Mouros). Porén, e en contra do que parecería lóxico e que cumpren ou outros dous recintos mencionados que están xusto no cumio, non se atopa situado na parte máis alta da formación montañosa (que chega a alcanzar unha altitude de 650 m). Máis ben está nunha ladeira de suave pendente. Esta situación, que ofrece sen dúbida mellores condicións para levar a cabo as tarefas agrarias, penaliza pola contra o apartado da defensa, visibilidade e control do territorio. O recinto sería facilmente atacable desde o sur xa que queda a menor cota. Esta carencia foi resolta coa construción de defensas máis complexas nesta zona, como adoita ser habitual en recintos con esta particularidade (como por exemplo no caso do castro de Arxeriz ou mesmo Castromaior (Vid. Lám. 11). De feito, os poucos restos delas que

conservamos están situados nesta zona, onde poden percibirse, ademais da muralla, restos do foxo e terrapléns. Agora ben, a visibilidade e control está penalizado sen remedio xa que por este punto sur non a ten, sendo limitada tamén polo leste.

Estes factores distánciano das premisas que moveron aos construtores dos outros dous recintos, que sacrificaron todo en aras dunha maior defensa e control. Por isto poderíamos datalo nunha época mais recente, quizais do inicio da cultura galaico-romana, onde estes condicionantes perden valor. Non obstante, todas estas observacións quedan dentro da mera hipótese porque a falta de escavacións e o propio estado de conservación do xacemento non permiten ser concluíntes en aspecto algún.

C-08

SUCASTRO



O Castro, Roupas, San Pedro



PXOM: GA27021055

COORDENADAS:

Decimais (Latitude – Lonxitude): 43.42708675051437, -7.793641090393066

DMS (Graos, Minutos): 43° 25.62520503086219' N, 7° 47.618465423583984' W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 597644.9651881552m, 4808950.531854449m, 29, Norte

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 265 m

Área aprox.: 5000 m²

Altitude: 473,54 m

Poboación estimada: 100 habitantes

ACCESO: Dende Roupas débese coller a estrada que se dirixe ás Pontes. Xa nela (N-641) entre os lugares de Reboredo e A Hermida hai que desviarse cara á dereita ata Sucastro, onde se encontra o xacemento pola parte de atrás dunhas casas.




Fig. 11. Planta

CONSERVACIÓN: Ao igual que Cabreiros é outro dos castros mellor conservados do concello. A súa situación nunha zona chaira e habitada non lle supuxo unha sistemática destrución como a Burgás, por exemplo, e todo isto a pesar de ter vivendas moi pegadas, sobre todo polo seu lado sur.

Conserva íntegro o seu perímetro defensivo, o antecastro e a entrada ao sur do poboado, como se pode apreciar na planta. O diámetro da que poderíamos considerar a croa é pequeno, apenas duns 60 metros, pero presenta un excelente estado de conservación a pesar, como mencionabamos, das vivendas do seu lado sur e de ter unha pista que o rodea polo leste. A muralla, moi alta en todo o seu percorrido, alcanza a súa maior altitude, cun aspecto imponente e maxestoso, polo norte, cunha altitude de case 7 metros. Esta zona tamén conta cun foxo, perfectamente perceptible, aínda que é empregado como camiño. Do outro lado do foxo percíbense restos de terrapléns defensivos.

Ao oeste conserva en moi bo estado un antecastro, non moi grande pero elevado, das terras adxacentes. Isto permite mellor visibilidade e certa protección, aínda que está situado fóra da muralla. Un pouco máis ao sur atopamos a única entrada que posúe o recinto, que é simplemente un corte na propia muralla, similar a outros moitos casos.

VEXETACIÓN: Presenta formas arbóreas propias da fraga como son os carballos (*Quercus robur*), os bidueiros (*Betula celtiberica*) e tamén os castiñeiros (*Castanea sativa*) e algún salgueiro (*Salix sp.*) No estrato arbustivo aparecen toxos (*Ulex europaeus*), xestas (*Cytisus scoparius*), fentos (*Pteridium aquilinum*, *Athyrium filix-femina*) e hedras (*Hedera helix*).

OUTROS: Cando analizamos o caso de Castrillán formulamos a hipótese de se Sucastro sería construído e poboado polos habitantes de Castrillán cando fixeron a baixada á chaira. Desde logo, a visibilidade é moito menor agora e redúcese tan só ao seu lado sur. O lado norte queda a menor cota de altitude, polo que é facilmente atacable. Esta carencia foi suplida por unha muralla máis alta nesta zona e pola presenza doutros elementos defensivos como o foxo e, como mínimo, un terraplén. Estas defensas tampouco as temos que considerar só desde o punto de vista defensivo e militar, xa que tamén teñen, sendo quizais máis importante, un alto compoñente de prestixio, de poder económico e social.

Trátase, polo tanto, dun castro de época romana, como así o parece indicar a súa propia situación e o achado en superficie de cerámica común romana, onde as necesidades de defensa e control do territorio xa non son condicionantes e pasan a un segundo ou terceiro plano ao ser substituídas polas agrarias e gandeiras.



Lám. 48.

Vista da muralla á esquerda, foxo reaproveitado como camiño no centro e terraplén defensivo á dereita.




Lám. 49.

Detalle da muralla que presenta unha grande entidade, sendo a máis alta do concello. Á esquerda o antecastro.

C-09

CASTRO DE VILAR DA GRAÑA



Os Castros, Roupal, San Pedro



PXOM: GA27021046

COORDENADAS:

Decimais (Latitude – Lonxitude): 43.42713350138445, -7.7513909339904785

DMS (Graos, Minutos): 43° 25.62801008306721'N, 7° 45.08345603942871'W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 601064.7248652128m, 4809006.096542654m, 29, Norte

PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento excepto no sector sureste, no espazo ocupado por unha parcela repoboada, dado que non son visibles os límites do xacemento.

Área de cautela á contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos

Perímetro aprox.: 298 m

Área aprox.: 6500 m²

Altitude: 525,22 m

Poboación estimada: 130 habitantes

ACCESO: En Roupal débese seguir a estrada que se dirixe a Lousada e desviarse cara á Graña. O xacemento encóntrase no medio da aldea.




Fig. 12. Planta

CONSERVACIÓN: situado no medio dun núcleo habitado como Burgás ou Igrexa sufriu tamén as pertinentes modificacións e destrucións provocadas pola construción de vivendas e pistas. Deste xeito, o seu lado sur foi completamente arrasado polo construción do camiño que dá acceso á vila desde o oeste e polo explanación dunha finca privada que destruíu todas defensas desta zona invadindo parte do interior. O seu lado leste foi lixeiramente alterado pola construción de vivendas rústicas e os seus correspondentes pendellos.

Ademais destas graves alteracións, o xacemento presenta unha abundancia de vexetación que fai moi difícil o acceso e moito máis a contemplación dos seus restos. Non obstante, as defensas son perfectamente perceptibles polo seu flanco norte. Están constituídas por un parapeto de certa entidade e un foxo que o bordea. No interior atópase un manancial de auga que sería probablemente da que se aproveitarían os habitantes do poboado.

VEXETACIÓN: O estrato arbóreo que presenta o castro está constituído fundamentalmente por carballos (*Quercus robur*). Tamén se poden observar acivros (*Ilex aquifolium*) e algún freixo (*Fraxinus excelsior*). Entre os fentos podemos ver os *Pteridium aquilinum* e os *Athyrium filix-femina*.

OUTROS: A pesar de que actualmente non se atope no recinto material cerámico en superficie de época romana, é máis que probable que o castro fose habitado durante esta época. Deste xeito, Vidal Rodríguez (1977) especifica *este castro presenta evidentes señales de romanización: molinos cilíndricos, tégulas, la renombrada "terra sigillata" etc.*

O feito de ter ao sur, a uns escasos 150 metros, o asentamento rural romano ofrécenos unha interesante perspectiva de como sería o poboamento nesta época galaico-romana e como se desenvolvería tamén este. Lamentablemente, o feito de non contar con escavacións arqueolóxicas rigorosas no recinto castrexo e no asentamento romano impídemos afondar e matizar certos aspectos que consideramos determinantes. Deste xeito, non podemos responder cun criterio solvente ás preguntas de se o castro foi abandonado para poboar o asentamento ou se, pola contra, foron coetáneos. E, se o foron, non sabemos por canto tempo. Tampouco podemos saber a actividade dos habitantes do castro: se a agricultura e gandería como a maioría dos seus veciños ou pola, contra, tamén participaban nos labores metalúrxicos que cremos se desenvolvían no asentamento próximo. A lóxica e a experiencia dinnos que probablemente habería de todo, pero non sabemos en que cantidade nin en que calidade.



Lám. 50.
Vista da muralla no sector nordés.



Lám. 51.
Detalle da parte superior da muralla e da vexetación que a cobre e rodea.

C-10

XEMARÉ



O Castro, Xermade, Santa María

**PXOM:** GA27021013**COORDENADAS:**

Decimais (Latitude – Lonxitude): 43.3631716, -7.792190699999992

DMS (Graos, Minutos): 43° 21.79029600000007'N, 7° 47.531441999999515'W

UTM (Este, Norte, Fuso, Hemisferio): 597865.1804837708m, 4801853.980382078m, 29, Norte


PROTECCIÓN: Integral, grao II a estrutura visible do xacemento. Área de cautela a contorna inmediata ante a posibilidade da existencia de restos.

Perímetro aprox.: 406 m

Área aprox.: 11800 m²

Altitude: 440,05 m

Poboación estimada: 236 habitantes



ACCESO: Desde Xermade débese seguir a estrada que conduce a Candamil e desviarse cara a Xermade. O xacemento localízase ao leste das casas desta poboación.

Fig. 13. Planta

CONSERVACIÓN: a súa perfectamente elixida situación permite gozar das dúas premisas que a priori parecen incompatibles: boa visibilidade e zona de chaira con terras fértils. Ocupa unha zona de lixeira pendente cara ao sueste que lle permite ter un bo control do territorio nesa dirección; ademais de amplas facilidades para as tarefas agrícolas, xa que está rodeado de terras de labor. Iso si, a visibilidade é limitada polo flanco norte xa que a penaliza as cotas de altitude superiores da terra circundante pero, aínda así, está en zona despexada de fácil defensa.

Presenta importantes alteracións, sobre todo polo seu lados norte e oeste, onde desapareceron totalmente as súas defensas, debido aos labores de acondicionamento dun pasteiro. Ao norte está limitado por unhas edificacións e o seus correspondentes pendellos.

Cara ao este conserva parte da muralla moi alterada, tanto polas árbores que creceron nela, como polas sucesivas alteracións levadas a cabo para transformalo interior en terras de labor. Tamén sufriu alteracións no exterior do perímetro defensivo polas edificacións recentes que se fixeron pegadas á muralla, a día de hoxe abandonadas. Nesta zona percíbese o que puido ser a entrada pero non podemos afirmalo con rotundidade polas graves destrucións e alteracións que sufriu o recinto. Parte desta muralla sur está bordeada polo exterior por un camiño.

Desde a fotografía aérea pode rastrearse perfectamente o seu perímetro grazas a estas árbores que creceron na súa muralla e que tamén provocan a ruína dela pola acción destrutiva das raíces.



Lám. 52.

Detalle das murallas desde o interior. As raíces das árbores nacidas nela provocan graves alteracións.



Lám. 53.

Perspectiva exterior desde o leste da mesma zona da muralla que a Lám. 52.

VEXETACIÓN: A vexetación deste castro está composta fundamentalmente no estrato arbóreo por carballos (*Quercus robur*) e castiñeiros (*Castanea sativa*), aínda que nas inmediacións aparece algún que outro piñeiro disperso (*Pinus pinaster*). Nos estratos inferiores hai fentos (*Pteridium aquilinum*), silveiras (*Rubus sp.*), hedras (*Hedera helix*) e pastos de gramíneas.

OUTROS: Xemaré é o segundo castro máis grande do concello. Despois de Castrorramil é o que se atopa máis preto da capitalidade municipal. Non obstante, o feito de ter completamente arrasadas as súas construcións pola parte norte impídemos coñecer con certeza os verdadeiros límites do poboado, que podería ser menor do sinalado, xa que optamos por tomar como verdadeiro o valor da maior amplitude.

A pesar de non ter datos arqueolóxicos de materiais que puideran concretar certos aspectos cronolóxicos, é moi probable que tivese o seu período de maior desenvolvemento durante a época galaico-romana, grazas ás actividades agrícolas e gandeiras.



Lám. 54.

Interior do castro moi alterado ao ser convertido nun campo de pasto. Aínda sobrevive certa elevación da base da muralla.

■ TERCEIRA PARTE. ASENTAMENTOS ROMANOS ■


1. O ASENTAMENTO ROMANO DE VILAR DA GRAÑA (ROUPAR)

1.1. Situación

O xacemento está situado no pobo de Vilar da Graña, parroquia de Roupar, a escasos 200 metros do castro de Vilar da Graña (C-09) en dirección sur, nunha suave pendente que vai descendendo desde o recinto castrexo. Este emprazamento favoréceo xa que está protexido dos ventos do norte polo outeiro onde se atopa o poboado castrexo. Ademais está rodeado de terras fértiles, nunha área con boa visibilidade e susceptible de estar ben comunicada pola bondade dos accidentes xeográficos.

Esta idónea situación é a que presenta a maioría de xacementos deste tipo, como por exemplo a vila romana do Agro de Nogueira (Toques), moi preto do paso da vía XIX.

Tendo en conta a área escavada por Vidal Rodríguez e o material atopado por nós mesmos en superficie, o xacemento puido ter unha extensión aproximada dunhas 5,25 ha. Hai que ter en conta que estes achados efectuáronse grazas a distintos labores agrícolas casuais levados a cabo na zona. Deste xeito, na área E a aparición foi a raíz dos traballos de limpeza nos arredores dunha vivenda familiar existente. As áreas A e B son as escavadas por Vidal Rodríguez, como veremos posteriormente. Na área D o material aparece nos sucros provocados polo arado e, na C, nos buracos feitos para unha plantación de árbores. O problema radica en que, como o resto da zona está dedicada a pradería, non atopamos materiais e, polo tanto, non podemos establecer cales serían os límites do xacemento por estas zonas.



Map. 6.
Área que ocupa o xacemento romano e situación do castro.

1.2. Antecedentes

Foi descuberto nos anos sesenta do pasado século por un mestre da zona, Xosé Vidal Rodríguez, quen levou a cabo as únicas escavacións realizadas nel. Estas intervencións foron publicadas en tres ocasións, dúas noticias no diario de Lugo *El Progreso* e un artigo na *Revista de Guimarães*, onde trata tamén outros xacementos romanos da Terra Chá.

A. *El Progreso* 23 de agosto de 1977 (Anexo 2). Nesta ocasión o autor explica detalladamente a cronoloxía dos achados, establecéndoa do seguinte modo:

- 1965. É a primeira noticia que dá sobre o xacemento. Dunha maneira casual, ao practicar un paso de entrada, atopáronse longos ósos de mamíferos e os cimentos dunha construción rectangular, especificando que as pedras desta edificación foron empregadas na construción dunha palleira. Vidal Rodríguez segue a relatar que todos os veciños eran coñecedores da existencia neste lugar dun *pobo afundido*, considerando que nesta zona estaría o concello. María Juana Vérez indica o autor que matizou que neste sitio había un comercio onde mercaban os seus antepasados e que na capela situada no lugar do campo era onde se facían os mercados.

Durante toda esta época relata que, ao cultivar a terra co arado, apareceron multitude de materiais como: pedras, tellas, ladrillos cadrados e rectangulares con marca de oleiro e que

ían parar ás corredoiras, agás os de 5 cm de grosor que eran empregados para construír os fornos das casas.

- 1968. Atopáronse varios muíños cilíndricos na mesma zona debido a que o arado do tractor profundaba máis e *tres grandes trozos cilíndricos de columna de granito de 20 cm. de espesor conservados en casas del lugar porque ninguna otra persona, en aquel entonces, se interesó por ellos*. Unha destas columniñas foi atopada por nós mesmos na casa dos propietarios das fincas da área D, como indica Vidal Rodríguez (Vid. VGD-07).

- 1971. Atopouse un muro de 10 m de longo que foi volto a tapar para preservalo para futuras investigacións. Segundo informacións orais ofrecidas a nós por José Vilar, veciño do lugar, este muro estaba situado ao norte do perímetro do xacemento, por riba da casa unifamiliar e chamábanlle popularmente “sumuro”. Hoxe en día non é visible.

O autor continúa enumerando materiais que apareceron pola zona como:

- Cerámica variada con e sen ornamentación.
- Restos de cuncas, fontes, vasos, pratos e pequenas ánforas. O autor especifica *de arcilla roja en unos; gris en otros y también clara que parece arena. Bastos unos y finos otros sin mezcla alguna. Llama la atención por la finura y brillo acerado la de color gris, suave al tacto y que al contacto con el agua se deslíe, y por encima de todas la famosa sigillata lisa o con el sello que la caracterizaba*.

É moi posible que esta cerámica enumerada por Vidal Rodríguez sexa a existente no Museo Provincial de Lugo e da que faremos un estudo no catálogo, concretamente en VGCM-01; VGCM-02 e VGCM -03.

- 1977. Parece que o achado da escaleira (Lám. 55) sucede neste mesmo ano, xa que di *y ahora, para mayor asombro de los vecinos...* Non obstante, no artigo da *Revista de Guimarães* indica claramente que sucedeu no ano 1970. Trátase da aparición dunha *monumental escalinata* de 2,6 m de longo con tres chanzos de granito *trabajado*. O chanzo superior é de 43 cm de ancho e os outros dous de 34 cm, sendo a altitude de cada un deles de 19 cm. O primeiro é de dúas pezas e os seguintes dunha soa. A ambos os dous lados da escaleira había un muro de 47 cm de ancho. Polo visto, e sempre segundo as informacións proporcionadas polo autor, estes muros estaban recubertos totalmente por pranchas de ladrillos de 2 cm de grosor *simplemente adosados en vertical, protegidas en toda su superficie por una capa de arena de 2 cm*. Nestas placas de ladrillo tamén había unhas bisagras de ferro. O chan enfronte ás escaleiras estaba formado por pedras planas debaixo das que había unha masa moi dura de escouras mesturadas con pasta branca e, debaixo desta, a súa vez, outra capa de lousas.



Lám. 55.
Fotografía das escaleiras tomada por Vidal Rodríguez e publicada nos tres artigos.

B. *El Progreso* o 19 de xaneiro de 1979 na páxina 8 (Anexo 2). Ademais dunha recensión sobre o xacemento tamén se publican tres fotografías. Neste escrito o autor volve incidir na gran cantidade de materiais que apareceron no xacemento pola acción do arado, exemplificándoo coa frase que sempre repetían os veciños do lugar: “levanta o arado pra que non se rompa co lousado”. Entre eles cita explicitamente:



Lám. 56.


Arco B, a chamada "boca do forno". Un detalle deste arco foi publicado en 1990 na *Revista de Guimarães*.

- Lousa branca e dura.
- Lousa negra moi delgada.
- Columnas cilíndricas de 19 cm de diámetro de gran fino.
- Útiles de ferro.
- Cerámica predominando olas de pouco fondo.
- Cimento de muro de 80 cm de alto.
- Téglulas embutidas nun muro de finca e ladrillos aproveitados para facer o piso dos fornos.

O autor, a continuación, dun xeito parecido ao que publicara no 1977, fai unha enumeración por datas dos distintos materiais que foron aparecendo.

Deste xeito, informa que o seu amigo Sotero, nos primeiros anos da década dos 60 do século pasado, levantara tal cantidade de materiais co arado de ferro tirado polo tractor que incluso se chegou a asustar e que lle causou unha gran perda económica e de traballo. Entre estes restos había moitos muíños de man e pedras con buratos onde xiraba o ferro da porta.

Continua informando das xa mencionadas escaleiras e de como as publicou noutro exemplar de *El Progreso*.



Lám. 57.

Arco A, publicado en 1979. Diante del vense perfectamente os ladrillos *bessales* das *pilae* do hipocausto.

A continuación dá conta de recentes achados en *septiembre último*.

Por unha banda, a 20 cm de profundidade e despois de romper unha *dura costra de escombros y arcilla* aparece o chamado “a boca do forno” (Lám. 57 – 58, Fig. 15). Este arco de ferradura, segundo o autor, tiña unhas dimensións de 64 cm de ancho a ras de chan e 35 cm de altitude na parte central. Estaba nunha parede de 5,25x3,3x0,8 m ao norte dun recinto rectangular. Pero non era o único. Ao este había outro exactamente igual. O chan de estancia estaba formado na súa totalidade por dous ladrillos de 25x55x7 cm ennegrecidos polo lume que se fixo enriba deles (de aí o nome que lle deron os veciños).



Lám. 58.

Hipocausto con varias *pilae* en perfecto estado. Publicado por Vidal Rodríguez en 1979.

Por outra banda, outro achado foi o hipocausto (Lám. 58, Fig. 14). Está situado na parte oeste, con parede medianeira de 80 cm de ancho, nun recinto de 3,1x2,4x0,8 m. Nela apareceron dúas canles muradas con ladrillos cadrados de 19x19x7 cm. No medio do recinto hai un total de 23 pilastras, separadas entre si 30 cm, cada unha formada por 6 ladrillos cadrados e macizos de 17x17x7 cm, agás as pegadas ás paredes que están formadas por dous ladrillos apareados de 19x19x7 cm.

C. “Villas romanas de Terra Chá” publicado na *Revista de Guimarães* 1990, vol. 97-98, pág. 342-351. A modo de introdución comeza por mencionar os materiais que adoitan aparecer nas terras de labor para a continuación facer unha breve descrición de cada unha das supostas “vilas romanas” existentes na denominada Terra Chá. Neste caso, o autor dedícalle tan só unhas poucas liñas ao xacemento de Vilar da Graña, indicando que o lugar era coñecido por “Casa do Autamento” onde en tempos antigos se pagaban as contribucións e tamén había mercado e carnicería. Continúa lembrando a gran cantidade de material que apareceu nos labores agrícolas, ilustrando co detalle de que os campesiños adoitaban levar dous arados xa que sempre rompían un ao dar cos restos.

Tamén indica que os edificios antigos dispoñían dun servizo de auga canalizada en tubos de cerámica de 84 cm de lonxitude por 14 cm e 9 cm de diámetro en cada un dos extremos. Un destes tubos indica que se gardaba no Instituto de Vilalba, hoxe en día depositado no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba. Outros dous tubos están depositados no Museo Provincial de Lugo, como veremos posteriormente no catálogo de materiais (VGCC-01 e 02).

Esta publicación adxunta tres fotografías: as escaleiras e o arco da “boca do forno” (xa publicadas nos artigos de *El Progreso*) e, ademais, unha nova onde aparecen tres restos arqueolóxicos: unha meta de muíño, unha columna de hipocausto e un ladrillo de entalle. Os dous primeiros foron localizados por nós no xardín dunha vivenda próxima, mentres que un ladrillo similar (procedente do xacemento de Vilar de Eimil) está depositado no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

1.3. Catálogo de estruturas e materiais

Neste apartado intentaremos facer unha síntese de todos os materiais aparecidos no xacemento romano, algún do propio castro. Non é unha tarefa fácil dado que os importantes e senlleiros apareceron hai décadas e foron obxecto dunha intervención e posterior difusión non rigorosa, o que impide coñecer exactamente onde se situaban, as súas características, e mesmo ter delas unhas reproducións de boa calidade. Os outros restos de menor entidade están espallados entre o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba; o Museo Provincial de Lugo e as airas das casas de labor da zona. Os atopados por nós nas prospeccións superficiais foron entregados ao Concello de Xermade.

Estruturas

VGE-01. Hipocausto (Lám 58; Fig. 14)



Fig. 14.

Hipocausto da cámara 2. Segundo Vidal Rodríguez conservaba 23 *pilae* cada una formada por 6 *bessales*, agás as dos laterais que eran dobres.

Segundo indica Vidal Rodríguez apareceu grazas as súas propias intervencións e foi publicado por el mesmo en *El Progreso* en 1979 con fotografía. Nesta publicación indica que está situado na parte oeste do xacemento e que consta de dúas cámaras: a primeira de 17,32 m² e a segunda de 7,44 m², separadas por un muro de 80 cm de cachotería de xisto no que se abre un vano de comunicación. Neste destacan dous tipos de construcións:

- 2 canles muradas con ladrillos cadrados de 19x19x7 cm localizados ao norte e leste da cámara 2
- 23 pilastras conservadas na cámara 2, separadas entre si por 30 cm, cada unha formada por 6 ladrillos cadrados e macizos de 17x17x7 cm dispostos en 5 fiadas. As pegadas ás paredes que están formadas por dous ladrillos apareados de 19x19x7 cm.

A cámara 1 tan só conservaba 11 das 54 teóricas que habería (Pérez Losada, 1992b)

O autor tamén acompaña a noticia cunha fotografía onde se aprecia o típico sistema de hipocausto formado por columnas de ladrillos (Lám. 58). Estes ladrillos son analizados posteriormente no apartado de cerámica de construción coa referencia VGCC-04.

Non se sabe cal era o material do chan inferior, quizais dous ladrillos rectangulares mencionados noutra ocasión (VGCC-05) e que tamén puideron valer como pavimento do forno ou *praeurnium*. A altura do espazo baleiro polo que circulaba o aire cremos que sería de 80 cm xa

que o autor menciona un muro desta altitude e é o habitual noutros xacementos (Vid. Táboa 2). Habitualmente adoitaba ter entre 50 a 100 cm en Galicia.

O hipocausto foi definido polo arquitecto romano Vitruvio como un sistema de calefacción doméstico e de baños que quentaba o chan, moi utilizado nas termas e nas casas de xente acomodada sobre todo nos *balnea*. Plinio atribúe a súa invención, sobre o ano 100 a.C., a Caio Sergio Orata, un comerciante de ostras metido a inventor, contemporáneo de Cicerón. Era un sistema sinxelo pero custoso, xa que ademais da propia obra e o mantemento, estaba o traballo das persoas que se encargaban de manter o forno funcionando e a leña empregada para iso. No exterior do edificio construíase un forno e os gases quentes, producidos na combustión, levábanse por estas canalizacións situadas baixo o chan. Este, chamado *area*, tamén estaba feito con ladrillos e nel se sustentaban as columnas de ladrillos (*pilae*) ou de granito. Sobre estas apoia o chan da habitación (*suspensura*) normalmente realizado en *opus signinum*. Calcúlase que a temperatura obtida nas vivendas non pasaba dos 30 graos. Este sistema de calefacción tipicamente romano servía tanto para os cuatos dunha casa particular como para o *caldarium* e *tepidarium* dos complexos termais públicos e dos *balnea* das vilas, como é o caso.

Na *Gallaecia* romana hai constancia de varias construcións deste tipo (Vid. Táboa 2), como por exemplo en Castellós (Monforte) ou mesmo en Noville (Mugardos). De feito, no caso de Castellós (Arias Vilas, 1992) localizáronse 28 pilastras, 5 máis que no noso caso. Pero o interesante é que neste xacemento, coa mesma orientación e separado desta estancia por un muro de 50 cm, atopouse outra estancia con hipocausto de dimensións máis reducidas. Pero neste caso presentaba, en vez de *pilae* como sustentación, columnas de granito. Cremos que o caso de Vilar da Graña puido ser idéntico, xa que temos constancia da existencia destas columnas non só polas informacións proporcionadas por Vidal Rodríguez (1990 foto), senón tamén pola conservación dunha delas no xardín dunha casa próxima.

XACEMENTO	Cámara	Superficie m ²	Nº de Pilae conservadas	Nº de Pilae teóricas	Altura cms
Moirame	1	10 aprox.	9	16 (?)	100 aprox.
Moirame	2	?	6	?	100 aprox.
Lugo/ R. Montevideo	Alveus	6,3	23 (?)	24 (?)	50
Lugo/ P. San Domingos	3	12,58	16	40	?
Lugo/ P. San Domingos	4	6,16	3	21 (?)	?
Castillós	1	12 aprox.	14	24 (?)	110-115 (?)
Castillós	2	12 (?)	28	28 (?)	110-115 (?)
Medos-Currás	1	8,5	12	30	80 (mínimo)
Medos-Currás	2	16	19	48	80 (mínimo)
Cirro	2	?	7	?	?
V. da Graña	1	7,44	26	30	80 (mínimo)
V. da Graña	2	17,32	11	54	80 (mínimo)
Pipín-Hío	1	4,1	6	6	120 (aprox.)
Moville	3	13,4	12	25	120 (aprox.)
Moville	4	13,4	8	25	100 (aprox.)
Tins	-	?	?	?	?
Media		10,7		30,4	92

Táboa 2. Elementos e medidas de hipocaustos escavados en Galicia

O que chama moito a atención e nos pode dar unha idea do tamaño do xacemento é que o hipocausto de Vilar da Graña. É o máis grande dos atopados en Galicia. A súa cámara maior de 17,32 m² supera con moito os 13,4 m² de Noville, os 12 m² de Castellós e a media galega que está en 10,7 m².

VGE-02. Arcos do hipocausto

Arco A Lám. 57

Arco B Lám. 56; Fig. 15

Vidal Rodríguez dá conta do achado deste arcos nunha noticia no diario de Lugo *El Progreso* en 1979, acompañando a fotografía do arco A. Posteriormente, na *Revista de Guimarães* publica outro distinto, arco B.

As diferenzas radican sobre todo nas dovelas, que mentres no B están perfectas e semellan ser de ladrillo macizo trabados con *opus cementicium*, o A tenas arruinadas, tanto a clave como as próximas, e semellan estar feitas de lousa. Neste último caso, obsérvase perfectamente como está situado na parede dunha cámara con hipocausto. Diante del aparece o arranque de 5 *pilae* do hipocausto.




Fig. 15.

Un dos arcos mencionados por Vidal Rodríguez, o chamado "boca do forno".

Quizais referíndose ao B, xa que o A non está de todo escavado, indica que está a 20 cm de profundidade, que ten forma de arco de ferradura e que tiña unhas dimensións de 64 cm de ancho a ras de chan e 35 cm de altitude na parte central. Estaba na parte inferior dunha parede de 5,25x3,3x0,8 m ao norte dun recinto rectangular.

O chan de estancia estaba formado na súa totalidade por dous ladrillos de 55x25x7 cm (Vid.VGCC-05) ennegrecidos polo lume que se fixo enriba deles. Poderíamos estar, polo tanto, ante o forno de leña que alimentaría o hipocausto, é dicir, o *praefurnium*, que sería a función dun dos arcos. O outro serviría probablemente para comunicar unha estancia con outra que tamén tivera calefacción.

Hai que ter en conta que este ladrillo de forma rectangular mencionado chamado *lydium* (29,6x44,4) é característico, entre outros usos, da construción de muros (Pérez Losada, 1992), polo que non é habitual atopalo no noroeste e os que se conservan non presentan demasiada uniformidade nas súas medidas. Sobre todo, aparecen empregados tanto en hipocaustos, como en tumbas ou lareiras como parece ser o caso. Outros xacementos onde se testemuña a súa presenza son: Noville (44x30x), Toralla (40x31x6), Lugo (Recatelo) (47x34x4), Braga (Seminario) (49x33,5x6).

VGE-03. Escaleiras (Lám. 55; Fig. 16)

Na noticia publicada en *El Progreso* en 1977 dá conta do achado dunha monumental escaleira que xa fora atopada casualmente en 1970, segundo indica no pé de foto da *Revista de Guimarães*, onde tamén informa que está a flor de terra. De feito, este dato fainos crer que un dos dous buratos que se perciben hoxe en día no lugar poida ser da propia escaleira.

Segundo o autor ten uns 2,6 m de longo con tres chanzos de granito. O superior ten 43 cm de ancho e os outros dous 34 cm, sendo a altitude de cada un deles de 19 cm. O primeiro é de dúas pezas e os seguintes dunha soa. A ambos os dous lados da escaleira había un muro de 47 cm de ancho. Estes muros estaban recubertos totalmente por pranchas de ladrillos de 2 cm de grosor *simplemente adosados en vertical, protegidas en toda su superficie por una capa de arena de 2 cm*. Nestas placas de ladrillo tamén había unhas bisagras de ferro. O chan fronte as escaleiras estaba formado por pedras planas debaixo das que había unha masa moi dura de escouras mesturadas con pasta branca e debaixo desta, á súa vez, outra capa de lousas.

A existencia en Vilar da Graña de salas con calefacción, conducións de auga e estas monumentais escaleiras son probas case irrefutables da existencia neste xacemento dun *balnea*, é dicir, dunha pequena instalación termal dependente do propietario da vila. Veremos como é moi típico a existencia de tres grandes chanzos para baixar desde a sala até a piscina. Nas fotografías adxuntas das escaleiras de tres estruturas termais podemos comprobar a semellanza e podemos facernos unha idea de como sería a piscina de Vilar da Graña.

VGE-04. Muro de 10 m de longo

Na noticia periodística de 1977 informa de que en 1971 se descubriu un muro de 10 m de longo que foi volto a tapar para preservalo para futuras investigacións. Cremos, segundo informacións orais proporcionadas polos veciños, que este muro estaba situado ao norte do perímetro do xacemento, por riba da casa unifamiliar, e chamábaselle popularmente “sumuro”, que hoxe en día non é visible. O límite norte do xacemento marcámolo xusto por onde estaría situado este muro, que pola súa lonxitude ben puido ser un muro de peche ou quizais restos do acueduto para levar a auga ao *balnea* que queda a un nivel inferior. A día de hoxe non podemos confirmar nin decantarnos por ningunha das dúas hipótese, xa que non posuímos máis información, descoñecendo tamén a súa morfoloxía, material e incluso a súa situación exacta.



Fig. 16.

Escaleiras de acceso á piscina en tres complexos termais. Superior esquerda: Vilar da Graña. Superior dereita: piscina frixidaria das termas públicas de Tarraco. Inferior: piscina frixidaria da vila de Almenara-Puras (Valladolid).

Cerámica de mesa e cociña

Na noticia publicada en 1977 en *El Progreso* informa que, en múltiples ocasións, aparecen no xacemento gran variedade de cerámica *con e sen ornamentación* de distintos tipos de recipientes: cuncas, fontes, vasos, pratos e pequenas ánforas, matizando de *arcilla roja en unos; gris en otros y también clara* que parece arena. Cremos que algún destes fragmentos son os que están depositados actualmente no Museo Provincial de Lugo.

VGCM-01. Cerámica común romana. M.P.L. Sig. A-780

Trátase de once fragmentos de como mínimo dous recipientes de cerámica común romana. Entre estes anacos destacan 4 bordos, 1 fondo, 4 bandullos e 1 asa. Presenta unha pasta de cor gris e podería ter unha datación dos séculos III-IV.

Esta cerámica común tivo, sobre todo, un uso doméstico tanto de cociña como de mesa, aínda que tamén se usou como elemento decorativo e funerario.

Adoita estar feita ao torno e non ten demasiada decoración. No castro de Viladonga atopouse gran variedade de pezas deste tipo, desde olas e potes ata morteiros, fontes ou cazolas (Arias Vilas, 2013).

Esta cerámica foi fabricada sobre todo en provincias, seguindo nalgúns casos modelos tipicamente romanos, pero noutros as formas e a decoración elixidas son propias da tradición rexional ou local.

VGCM-02. Cerámica castrexa de imitación de formas de cerámica común romana. M.P.L. Sig. A-781

Estes fragmentos pertencen a varios cacharros. Son doce fragmentos de cerámica castrexa que imita formas de cerámica común romana. Entre eles hai uns 6 bordos e varios bandullos. Presentan un desengraxante groso con cores de pasta variados.



Lám. 59.
Cerámica común romana depositada no Museo Provincial de Lugo.



Lám. 60.
Cerámica castrexa no Museo Provincial de Lugo.

VGCM-03. Cerámica de engobe vermello pompeiano. M.P.L. Sig. A-789

6 fragmentos de cerámica de imitación de engobe vermello pompeiano. A cor da pasta é gris e parda vermella.

Este tipo de cerámica é moi interesante xa que nun principio formaba parte do enxoval dos soldados, polo que nos territorios conquistados onde se produciu o asentamento militar xurdiron obradoiros locais que reproduciron fielmente os modelos itálicos (iso si, cun inferior tamaño das pezas e peor calidade do engobe). Deste xeito, no próximo campamento militar de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) aparece este tipo de cerámica en pratos e fontes en niveis de recheo previos ao abandono do campamento e que parecen provir da *cannaba* (Caamaño, 1977, 272-274). Outro centro produtor é a propia capital conventual de *Lucus Augusti* onde se constatan uns vinte obradoiros cerámicos no NE da cidade que produciron este tipo de exemplares xa desde o século I.

Os meticulosos estudos de Alcorta (2001) permitiron facer unha evolución tipolóxica desta produción lucense desde este século ata a súa desaparición no IV. Esta produción foi tan intensa que é posible que copase todas as vendas en todo a provincia. Sexa como for, a función que tiña o engobe como capa antiadherente nos séculos I e II foi substituída pola estritamente decorativa no III e IV, incorporándose tamén os cacharros á cerámica de cociña.

Esta funcionalidade decorativa pode apreciarse na xerra e botella aparecidas nos castros de Castroverde e Proendos, respectivamente. Unhas pezas tardías dos séculos III e IV e de importación xa de Ampurias xa do Alto Alentejo portugués.

Caracterízase esta cerámica (as formas máis habituais son sobre todo fontes e pratos) por ter un recubrimento vermello por toda a súa superficie interna, ademais do bordo e o arranque da exterior. A partir de aquí, os principais especialistas que a estudaron discrepan e non se poñen de acordo nos seus usos. Para uns estas pezas usábanse no cociñado de galletas de pan; para outros para transportar tortas, pasteis ou similares e mesmo para a preparación da polenta (prato típico dos soldados xa que adoitan aparecer en contextos militares). Non obstante, parece ser que a principal función sería a de cociñar nelas a *patina*, prato característico da dieta romana, que consistía nunha mestura de ingredientes esmiuzados (como carne, verdura, pescado) acompañados de prebes ou especies con ovos.



Lám. 61.

Cerámica de engobe vermello pompeiano no Museo Provincial de Lugo.

Cerámica de construción

VGCC-01 e 02. *Tubuli fictiles*. M.P.L. Sig. A-258 e A-259

Consérvanse dous exemplares no Museo Provincial de Lugo e outro no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Lám. 62) que antes estaba depositado no instituto de Vilalba.



Lám. 62.

Tubuli, tégula e ímbrice no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

Os conservados no Museo Provincial de Lugo foron un donativo de D. José Ramil Soneira o 5 de xuño de 1978.

Os tres son pezas cerámicas empregadas para a condución de auga. Están feitos de arxila de sección circular e perfil rectilíneo ou lixeiramente cónico que se caracterizan por encaixar entre si grazas ao estreitamento e ao reborde que presentan nas dúas bocas. Pezas similares aparecen en xacementos portugueses de Augas Santas (Barcelos), Veiga da Pousadinha (Vila Pouca de Aguiar), Monte (Felgueiras); onde foron atopados *in situ* con 69-76 cm de lonxitude e 23/18 cm de diámetro nos lados e San Vicente de

Pinheiro (Penafiel) con 40 cm de lonxitude e 12/9 cm de diámetro nos lados. No caso lucense tamén se atoparon en Doncide (Pol), Castellós (Pantón) e na mesma cidade de Lugo ao levar a cabo a escavación na Rúa Nova 84, Amor Meilán 5 e Bolaño Ribadeneira 18 no ano de 1998. Neste caso presentan desengraxantes medios e atribúeselles unha cronoloxía de entre o século II e o III. Uns destes pode verse na lámina 78, peza n.º 4.

Estas tubarías de arxila son unha solución habitual nas conducións romanas de auga, pero non a única. Tamén se documentan conducións de tubarías de chumbo (*fistulae*) como en *Caesaraugusta* (Zaragoza) e mesmo na propia cidade de Lugo, como a aparecida na praza en Santo Domingo no que sería o *castellun aquae* do acueduto.

VGCC1 (A-258). Presenta unha lonxitude de 76 cm e un peso de 3,6 kg. O diámetro no extremo ancho é de 13,5 cm e no delgado de 8,5 cm.

VGCC2 (A-259). Presenta unha fractura nunha das caras. Ten unha lonxitude de 62 cm; un peso de 4,3 kg e un diámetro no extremo ancho de 16 cm e no delgado de 10,5 cm.



Lám. 63.

VGCC1 (A-258).



Lám. 64.

VGCC2 (A-259).



Fig. 17.

VGCC1 (A-258).



Fig. 18.

VGCC2 (A-259).

VGCC-03. Fragmento de tégula. M.P.L. A-787

Medidas: 115x102 cm

Peso: 181 g

Presenta marca de tres dedos nunha faciana feita sobre a pasta fresca.

Como é sabido a tégula, ou tella plana de reborde, forma parella co ímbrice, ou tella curva, para formar o sistema de cubrición típico e exclusivo do mundo romano. Neste senso, a tégula é un índice directo e evidente de romanidade, xa que na Idade Media desaparece para empregarse só os ímbrices nos tellados. Non obstante, as tégulas foron empregadas tamén noutras funcións construtivas distintas á orixinaria como, por exemplo, na edificación de muros, pavimentos, canalizacións ou mesmo na construción de tumbas das chamadas de “cabalete”.

Son escasas as pezas conservadas enteiras e adoitan ter medidas bastante variables, en todo caso, lixeiramente superiores ao ladrillo *lydium*. Tanto no centro de interpretación de *Aquis*, como no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Lám. 62) expóñense pezas enteiras.

O tamaño medio das tégulas en *Gallaecia* é de 49,8x37,6. É un pouco máis pequeno que a medida empregada en Italia, asemellándose máis á *Galía* ou *Britania*. Os grosos máis habituais están comprendidos entre 2 e 3 cm.

O sistema de fabricación é sinxelo: nun molde de madeira vertíase o barro retirándose o sobrante do nivel superior e inferior cun fío ou aparello similar. Antes de retirar o molde, moldeábanse a man os rebordes e facíanse as marcas dixitais, de ser o caso. Despois secábase ao aire antes da cocción.



Lám. 66.
Fragmentos de tégulas e ladrillos atopados nas áreas C e D.



Lám. 65.
Tégula con reborde e dixitacións no centro de interpretación de *Aquis Querquennis*.



Nas prospeccións superficiais levadas a cabo na zona do xacemento atopamos grande cantidade de restos de cerámica de construción nas áreas C e D (lám. 66). Sobre todo a primeira, grazas á existencia duns buratos feitos para a plantación de árbores. Lamentablemente, son pequenos anacos que por si mesmos non permiten ofrecer máis información que a salientada ata agora. O que si nos permitiu foi ver a posible extensión do xacemento.

VGCC-04. Ladrillos *bessales* de 19x19x7 e 17x17x7 cm

Mencionados por Vidal Rodríguez no artigo de *El Progreso* de 1979 ao falar do hipocausto. Estes ladrillos cadrados, chamados *bessales*, de 2/3 de pés de lado (19,7) foron empregados especificamente para a construción de hipocaustos. No xacemento vemos como presentan dúas medidas en torno á media. Noutros lugares onde se ten testemuñado a súa presenza é (Pérez Losada, 1992):

Toralla	18x18x5
Noville	20x20x6 e 22x22x6
Bares	18x18x5
Castillós	18x18x5 e 15x15x5
<i>Aquis Querquennis</i>	18x18x7 e 19x19x9
Currás	18,5x18,5x9
Paço Velho	17x16x5
Vilar da Graña	19x19x7 e 17x17x7



Lám. 67.
Ladrillo *bessales* de Vilar da Graña
depositado Museo de Prehistoria e
Arqueoloxía de Vilalba.

Nas escavacións levadas a cabo na cidade de Lugo apareceron este tipo de ladrillos fabricados nos propios obradoiros da capital conventual (Lám. 78, Fig. 3). Algúns destes exemplares de Vilar da Graña están depositados no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Ramil Rego, 2007, 104, Lám. 67).

Nas prospeccións levadas a cabo no xacemento tamén puidemos comprobar a gran abundancia de pequenos anacos de ladrillos en superficie. O material é tan pequeno e está tan estragado que é imposible adscribilo a un tipo determinado de ladrillo.

VGCC-05. Ladrillo tipo *lydium* de 55x25x7 cm

Vidal Rodríguez (*El Progreso*, 1979) afirma que apareceron dous ladrillos deste tipo no chan da estancia coñecida como “boca do forno”. O *lydium* adoita ter unhas dimensión de 44,4x29,6 e presenta forma rectangular. É característico, entre outros usos, na construción de muros (Pérez Losada, 1992), polo que non é habitual atopalo no noroeste e os que se conservan non presentan demasiada uniformidade nas súas medidas. Principalmente, aparecen empregados tanto en hipocaustos, como en tumbas ou la-reiras (como parece ser o caso). Outros xacementos onde se testemuña a súa presenza son:



Lám. 68.
Ladrillo *lydium* exposto no Museo de Prehistoria e
Arqueoloxía de Vilalba.

Noville	44x30x4
Toralla	40x31x6
Lugo Recatelo	47x34x4
Braga (Seminario)	49x33,5x6 entre outras medidas.

Un exemplar deste tipo está depositado no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Ramil Rego, 2007, 104).

VGCC-06. Ladrillo con entalle con marcas dixitais en forma de aspa

Coñecemos da súa existencia grazas á fotografía publicada por Vidal Rodríguez na *Revista de Guimarães* (Lám. 69), onde aparece un exemplar deste tipo xunto a unha meta de muíño e unha columna do hipocausto.



Lám. 69.

No pé de foto publicado por Vidal Rodríguez en 1990, informa que as pezas fotografadas son restos comúns a todos os xacementos e que están depositados na casa de labor.

No Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba está depositado outro ladrillo de entalle (Lám. 70) similar ao de Vilar da Graña, pero atopado en Vilar de Eimil, na parroquia de Gondaisque (Ramil Rego, 2001, 197), onde tamén se atoparon escouras, material tegulario e cerámico.



Lám. 70.

Ladrillo de entalle do lugar de Eimil depositado no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

Outros restos

VGD-01. Pesa de tear ou *aequipondia*. M.P.L. Sig. A-788

Medidas: 14,2x9,2x5,5 cm

Peso: 243 g

Ten forma cuboidal. Está feita en lousa con orificio central.

Non se sabe cal é a súa procedencia exacta pero tamén pode pertencer ao castro de Vilar da Graña, xa que é moi típico atopar este tipo de pezas nestes xacementos, ademais dos propios asentamentos.

Estas pesas de tear serven para tensar as fibras ou fíos durante a elaboración dos tecidos, son realmente un contrapeso. Son utilizadas en teares verticais compostos de dous pés dereitos de madeira, que se fincan no chan, unidos por unha



Lám. 71.

Pesa de tear no Museo Provincial de Lugo.

travesa superior ou *iugum* do que pende a urdidoira ou *stamen*, separada en fíos pares e impares atados a estas pesas. Estas poden ser de diferente forma e tamaño en relación co tear e as dimensións do tecido.

É habitual a súa aparición na península pero faltan publicacións minuciosas e só en escasas ocasións se dá información precisa do sitio e forma en que foron achados estes obxectos.

É habitual que estas pesas estean fabricadas de barro como as atopadas no xacemento de Castillós e depositas no Museo Provincial de Lugo (Raquel Casal, 1996).

No caso de Viladonga tamén apareceron moitas destas pezas feitas de lousa, similar á analizada nestas liñas.

VGD-02. Escoura de fundición. M.P.L. Sig. A-786

Medidas: 5x3,6 cm

Peso: 82 g



Lám. 72.

Pequeno fragmento de escoura depositado no Museo Provincial de Lugo.

Pode considerarse unha escoura como un subproduto da fundición do mineral para purificar os metais e adoita utilizarse como un mecanismo de eliminación de residuos na fundición do metal. Os minerais de metais como o ferro encontranse na natureza en estados impuros, a miúdo oxidados e mesturados con silicatos doutros metais. Durante a fundición, cando o mineral está exposto a altas temperaturas, estas impurezas sepáranse do metal fundido e pódense retirar. A colección de compostos que se retira é a escoura.

O ferro, polo seu elevado punto de fusión a 1540 °C, non podía ser derretido na época romana; polo que tiñan que empregar outra técnica, que consistía en quentar o mineral a uns 1150°C nun forno alimentado con carbón vexetal. Este carbón obtíñano dos torgos da uz (Vid. Cap. Carboeira de Folgoso) que queimaban nuns buratos no chan chamados foias, como os escavados na chamada ruta do Batán de Folgosa (Riveira Requeijo, 2015). Unha vez quente o metal, obtíñase unha masa esponxosa de alto contido en ferro e abundantes residuos. Estes eran eliminados cando o ferreiro procedía ao martelado, ao mesmo tempo que compactaba a masa metálica.

Hai indicios deste tipo de actividade metalúrxica en varios xacementos, moitos deles castros, como por exemplo Viladonga, onde se constata a existencia dunha construción situada cerca da entrada principal, onde se levaría a cabo esta actividade.

VGD-03. Escouras de fundición

Medidas A: 10x5x4 cm

Medidas B: 7x5x2 cm

Ademais da depositada no Museo Provincial e analizada anteriormente, nas prospeccións levadas a cabo no xacemento, como na chamada ruta do Batán de Folgoso, obtivemos multitude de escouras de fundición como a presente.

No caso do xacemento foron atopadas sobre todo na área E, en menor medida en D. Presentan as mesmas características que VGD-02 pero son de maior tamaño. Esta gran cantidade

e abundancia, así como a información proporcionada por Vidal Rodríguez (1977) que afirma ter visto diante das esca-leiras un pavimento feito de “escouras mesturadas con pasta branca”, poden darnos unha idea do gran desenvolvemento e importancia que puido ter a actividade metalúrxica no asentamento romano, que ben puido constituír a principal fonte de ingresos por diante da agricultura e gandería.

Na ruta do Batán de Folgoso tense constatado a existencia de varias foias para facer carbón con torgos de uz. De feito, foron escavadas e unha delas informáronos que deu unha cronoloxía entre o século II e o IV (Riveira Requeijo, 2015, p. 301). Haberá que esperar á publicación dos resultados destas escavación para analizar máis profundamente este tema. Nesta zona aparece, non obstante, a maior escoura atopada no concello de Xermade.



Lám. 73.
Escouras atopadas na área E durante a prospección superficial.

VGD-04. Cravo de ferro

Lonxitude: 8 cm

Ancho cabeza: 1 cm

Ancho corpo: 5,5 cm

Foi atopado casualmente na área D nun suco dunha finca arada recentemente. Na mesma finca tamén se atoparon varios anacos de material cerámico (Lám. 66) e escouras de fundición (Lám. 73).

É habitual atopar nos xacementos de época romana, sexan castros ou asentamentos de distinta índole, pezas de ferro e tamén doutros metais como bronce. Así, por exemplo, en Viladonga abundan os útiles de traballo de distintas tarefas como: machados, trenchas, sachos, picos... Noutras ocasións constátase a existencia de cravos como o analizado neste punto. No caso do Castro da Torre (Sobredo, Folgoso do Caurel) teñen aparecido cravos de variña cuadrangular e cabeza plana cadrada ou tamén chatolas de pequeno tamaño con cabeza circular.

A lonxitude deste exemplar está dentro do habitual en cravos aparecidos noutros xacementos, que oscilan entre 7 e 9 cm.

O deterioro da peza de Vilar da Graña impídenos facer máis consideracións sobre ela, como por exemplo o tipo de sección, tipo de cabeza ou mesmo o uso que puido ter. Sabemos que cravos moi semellantes e da mesma lonxitude se empregaron nos soportes triangulares que sostiñan a viga mestra do tellado.



Lám. 74.
Cravo de ferro atopado na área D durante a prospección superficial.

VGD-05. Meta de muíño

Meta de perfil trapezoidal, con lixeiras fracturas no perímetro. Granito de cor gris clara de gran fino. Presenta unha perforación na parte superior.



Lám. 75.
Meta de muíño atopado no xardín dos propietarios dunha das fincas do xacemento.

É moi habitual atopar este tipo de pezas en recinto castrexos e asentamentos rurais. Son todos practicamente iguais e sempre forman parella co *catillus*. Este colócase enriba e, ao facelo xirar con axuda dun mango, tritura o gran que se lle vai botando polo burato.

Vidal Rodríguez (1990) publica unha fotografía onde xunto a unha columna e un ladrillo de entalle aparece reproducida unha meta dun muíño sen dar máis explicación sobre elas, agás que están *tirados en el corral de la casa de labor* (Lám. 69). A peza foi localizada no xardín don propietarios das fincas da zona D utilizada como motivo decorativo.

VGD-06. Fustes de Columnas

Columna A (esq)

Alto: 1,27 m

Perímetro: Superior: 1,08 m; medio: 1,12 m; inferior: 1,15 m

Diámetro: 35 cm

Columna B (der)

Alto: 1,39 m

Perímetro: Superior: 1,12 m; medio: 1,12 m; inferior: 1,08 m

Diámetro: 35 cm

Material: granito

Na igrexa parroquial de Roupar, flanqueando a entrada á ábsida, consérvanse dous fustes de columna de época romana. Actualmente serven como peaña para o soporte de sendas figuras da Virxe.

Teñen medidas case idénticas apreciándose un lixeiro entalle e diminución do perímetro que lles proporcionaría certo grao de esvelteza, a pesar da talla ruda que posúen.

O fuste A presenta un aceptable estado de conservación, agás un corte na súa parte superior, quizais froito dalgún aproveitamento ao que foi sometida. O fuste B, colocado ao revés, presenta un bo estado de conservación.

Non temos constancia da época do achado destas pezas nin das causas e motivos do seu traslado á igrexa de Roupar. Tampouco puidemos atopar os outros elementos que a completarían, como as baseas e os capiteis. Non obstante, a súa simple existencia indícanos que o asentamento romano contaría con pórticos columnados de gran entidade e maxestosa presenza.

É típico atopar este tipo de pezas nestes contextos de hábitat romano. Así, por exemplo en Castillós, localizáronse media ducia de fustes de granito, moitos utilizados en construción modernas. Xunto a eles tamén apareceron un fuste xónico de grosas estrías e varios capiteis e baseas.



Lám. 76.
Fuste de columna á esquerda da entrada á ábsida da igrexa de Roupar.



Lám. 77.
Fuste de columna á dereita da entrada á ábsida da igrexa de Roupar.



Lám. 78.
Materiales romanos de construción fabricados nos obradoiros de *Lucus Augusti* (Rodríguez Colmenero, 2011)

Nos traballos arqueolóxicos levados a cabo na cidade de Lugo tamén foron exhumados en varias ocasións fustes similares ao analizado aquí, xunto ás bases e capiteis. Na lámina 78 (pezas 1 e 2) pode verse uns destes achados e a súa similitude co de Vilar da Graña tanto no material como nas medidas e na tipoloxía, tendo a particularidade que poderían ter sido fabricados en obradoiros lucenses cunha previsible zona de venta non só na propia cidade, senón na súa área de influencia entre a que estaría a Terra Chá.

VGD-07. Columnilla

Alto: 1 m

Diámetro: 20 cm

No mesmo caso que VGD-05, esta peza tamén aparece publicada por Vidal Rodríguez (1990) en fotografía xunto a un ladrillo de entalle e a meta de muíño (Lám. 69). Esta peza, ao igual ca meta de muíño, está depositada actualmente no xardín dos propietarios das fincas da zona D e está sendo utilizada como elemento decorativo.

Non obstante, a primeira mención que fai dela é en 1977 cando afirma que en 1968 apareceron tres grandes pezas cilíndricas de columna de granito de 20 cm e varios muíños.

A pesar de non ter datos para este xacemento, este tipo de columnas pequenas de granito adoitaban ser usadas como soporte da *suspensurae* dos hipocausto, substituíndo ás típicas *pilae* de ladrillos *bessales*. Este sistema apareceu nunha das estancias, duns 12 m², do xacemento de Castillós con columnas de distintos diámetros, como se pode ver na lámina adxunta (Lám. 80).



Lám. 79.
Hipocausto de columnas no asentamento romano de Castillós (Arias Vilas, Durán Fuentes, 1996).



Lám. 80.
Posible columna de hipocausto depositada no xardín dos propietarios dunha das fincas do xacemento.

1.4. Consideracións para unha definición do xacemento

De todo o anteriormente exposto dedúcese que estamos diante dun xacemento moi importante, que será capaz de proporcionar moitísima información sobre esta sociedade galaico-romana cando sexa escavado rigorosamente.

O asentamento

Tradicionalmente, todos estes asentamentos romanos rurais, fóra do que é un castro, désígnanse automaticamente como *vila*. Esta *vila rustica*, dado que tamén a hai urbana, son simplemente un casal, unha casa de campo (máis ou menos grande) xunto a unha serie de propiedades e unha serie de instalacións necesarias (ben para vivir os donos e os traballadores ou ben destinadas á transformación e almacenaxe dos produtos). Todas estas edificacións formaban un só bloque, aínda que tiñan divisións internas e xeralmente estaban ligadas a unha actividade agrícola, gandeira ou ben á explotación dos recursos mariños. Presidindo este complexo estaba a residencia do propietario e da súa familia que contaban con todas as comodidades que puideran pagar, como por exemplo:



Lám. 81.
Detalle do xacemento área D.

hipocausto, *balnea*, pinturas, mosaicos... Estes *potentiores*, de procedencia indíxena ou romana, moitas veces deixaron a súa pegada na toponimia ao denominar ao poboado que xurdiu desta *vila* co seu propio nome na Alta Idade Media.

Agora ben, se o Imperio Romano é unha cultura eminentemente urbana é demasiado simplista reducir toda esta suposta urbanización a tan só dous tipos de asentamentos: a cidade e a vila rústica. Este esquema bipolar non se pode manter actualmente xa que a realidade arqueolóxica e histórica de calquera provincia romana supera e complica claramente este modelo básico. Xunto á *vila* agrícola existiron outros tipos de asentamentos de maior tamaño que levarían a cabo outras funcións imprescindibles para o desenvolvemento da economía romana. Se ás cidades chamámolas núcleos primarios, a todos estes asentamentos menores que elas pero maiores que as *vilas* denominámolas aglomerados secundarios, que foron estudados no seu momento por Pérez Losada (2002).

A principal diferenza coas *vilae* radica en que son poboados abertos con outras funcións máis específicas. Dentro dos distintos tipos de aglomerados secundarios destaca o *vici* que cremos tivo unha ampla implantación na Galicia romana e que en multitude de ocasións foi confundido coa *vila* (Arias Vilas, 1997). A súa aparición e espallamento foi proporcional ao abandono dos castros. Caracterízanse por estar situados habitualmente na propia ladeira que ocupaba o castro, ou como moito no val, e por presentar unhas edificacións en espazo aberto, pero relativamente concentradas, dedicadas a diversas funcións ademais das de vivenda, como por exemplo, ás artesanais e industriais. Pero, ademais, estes aglomerados secundarios adoitaban estar situados ao carón de vías de comunicación, básicas para levar a cabo todas as súas actividades porque ademais das xa mencionadas agrícolas, gandeiras, artesanais e industriais tamén tiñan unha clara función comercial de centros de almacenaxe e intercambios de produtos. Incluso tamén tiñan unha función

viaria, de prestación de servizos directamente ligados ao camiño, ou sexa, fonda para os viaxeiros, aprovisionamento de cabalgaduras...

Hai que ter en conta que estes aglomerados non contradín a existencia das *vilae*, todo o contrario, coexistirían, de feito o clásico tándem de cidades e *vilae* debería ser substituído polo de aglomerados e *vilae* (Pérez Losada, 2002, 347) *un esquema sen dúbida moito máis axeitado á especificidade do Noroeste*. Polo tanto, hai unha relación entre ambas moi estreita e xustificándose ambos elementos mutuamente, coa diferenza de que a vila vive cara adentro do sector primario basicamente, mentres que o aglomerado vive cara afora, prestando servizos á poboación agropecuaria e funcionando non tanto como centros de consumo, senón como puntos de desenvolvemento rural.

Chegados a este punto a pregunta que se nos formula é obvia e pertinente: o asentamento romano de Vilar da Graña é un aglomerado secundario? Pois, a xulgar polas escasas pero contundentes probas existentes, cremos que si; como veremos a continuación.

A extensión que presenta de máis de 5 ha é demasiado grande para ser considerada *vila*. Pérez Losada é desta opinión (2002) e afirma que por riba das 1,5 ha hai que pensar noutra tipoloxía de asentamento. Os aglomerados galegos presentan unha grande variedade de tamaños que van desde as 28 ha de Tui ata as 2,7 ha de Brandomil e mesmo as 3 ha de Castillós. Nestes asentamentos cunha extensión inferior a 10 ha Pérez Losada (2002, 58) opina que se tratan de sinxelos poboados con edificacións ao longo dun camiño ou eixe e outras dispersas polas inmediacións, que non terían edificios públicos ou, esporadicamente, edificios termais como cremos que é o caso de Vilar da Graña.



Lám. 82.

Xacemento áreas A e B. En primeiro plano os restos dos buratos onde foi atopado o hipocausto.

Ademais cumpre rigorosamente co resto de peculiaridades destes aglomerados:

- Está situada na mesma ladeira có castro.
- Está situada a carón dunha vía romana, tan importante como descoñecida. Referímonos á que enlaza o campamento romano de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) coa costa lucense, concretamente coa ría de Viveiro e que pasaría por Buriz, Vilar da Graña e Ourel, entre outros lugares. De feito, Vilar da Graña ben puido ser un establecemento viario desta ruta como Castillós o foi da vía transversal Chantada/Quiroga (Gómez Vila, 2006). Ademais, sería moi raro que desde o campamento ata a costa non houbera ningún centro que dese servizo aos viaxeiros e Vilar da Graña queda xusto a medio camiño. De feito, a moderna estrada que vai a Viveiro queda a uns centos de metros do xacemento.
- Presenta outras actividades que non son as estritamente agrícolas-gandeiras. De todos é sabido a grande importancia que tivo no concello de Xermade a transformación de ferro debido á abundancia de minas deste material na zona, das que se extraía a chamada popularmente "pedra da mina". Esta importante actividade metalúrxica tamén está amplamente testemuñada na gran cantidade de "carboeiras" ou "foias", que producían o carbón

de torgos de uz necesarios para os fornos, existentes no concello. O achado de escouras en diversos lugares e, sobre todo, no propio xacemento indican claramente que a principal actividade ben puido ser a transformación de ferro. Riveira Requeijo (2015) neste artigo, ademais de facer un estudo da fundición do ferro na zona de Xermade, opina do asentamento romano que *tivese como actividade principal ou complementaria a extracción, redución e manufacturado ferro*.



Lám. 83.
Detalle da área C do xacemento.

- Outras das actividades que se levarían a cabo serían as típicas dun *balnea*. Este presenta unhas estruturas moi importantes, a pesar do pequeno tamaño da escavación e a súa falta de rigor científico. As dúas estancias con hipocausto exhumadas durante as intervencións de Vidal Rodríguez son as máis grandes de todas as atopadas en Galicia (Pérez Losada, 1992b) e indícanos claramente a gran importancia da edificación e do seu complexo termal. Os outros restos contribúen a reafirmar este suposto: a cerámica de engobe vermello de tradición tipicamente romana, os *tubuli* para a canalización de auga, as columnas dos probables pórticos, as enormes escaleiras da piscina, o muro da parte norte que sería unha parte do acueduto que levaría a auga as instalacións termiais... En fin, unhas construcións de grande entidade que se pode intuír nas gravacións en super-8 de Vidal Rodríguez.

O balnea

Se o propio asentamento xa amosa unhas dimensións e importancia moi considerables non se quedan atrás as súas instalacións termiais, que veñen a confirmar a enorme entidade do conxunto arquitectónico.

A partir da época imperial, o baño diario convértese nun costume, nunha actividade esencial que todo cidadán romano leva a cabo dun xeito escrupuloso nun dos numerosos edificios termiais que aparecen distribuídos en calquera cidade. Os propietarios dos establecementos rurais, donos á súa vez de residencias urbanas e acostumados a este circuíto da auga, non van renunciar aos seus praceres durante as súas estancias no campo. De feito, estas construcións rurais tipo vila convértese nun novo escenario do tempo libre ao mesmo tempo que son grandes unidades de explotación. Os balnea, pouco a pouco, vanse incorporando a esta arquitectura rural xa desde o século II a.C. en territorio italiano chegando a formar parte do propio núcleo residencial.

As instalacións deste tipo máis antigas tiñan simplemente un carácter hixiénico. As *lavatrinae* estaban destinadas ao lavado diario de distintas partes do corpo nunhas pías instaladas nas cociñas que, nalgúns casos, chegaron a convivir cos *balnea*. Paralelamente, existiron tamén instalacións de finalidade terapéutica, chamadas *sudatoria* o *calidaria*, que posuían calefacción mediante braseiros. Estas salas situáronse tamén xunto ás cociñas para aproveitar a calor desprendido polos fornos.

Nalgúns casos estas dúas actividades, hixiénica e terapéutica, atópanse unidas en pequenas instalacións que constitúen de feito o inicio dun primitivo circuíto balneario e que dependían da situación da cociña. Unha instalación que segue este modelo pode observarse na vila de Sperlonga, que posúe un par de estancias de 17 m² totais e que se atopan independentes do resto dos edificios. Podemos identificar nunha delas como un *apodyterium/tepidarium* e a outra como un *caldarium*

calefactado cun braseiro. O curioso é que este edificio constitúe a zona máis prestixiosa da residencia. Este tipo concreto de *balnea* tamén está atestiguado en Hispania en época tardorrepública na vila de El Vilarenc (Calafell).

A aparición do hipocausto en torno ao 100 a.C. vai mudar significativamente todas estas solucións empregadas ata o momento. As arcaicas *lavatrinae* e *sudatoria* deixan paso a outras instalacións onde o usuario realiza unha sucesión de actividades como o baño de auga quente, climatización en sala temperada e baño de auga fría, desenvolvidas en espazos construídos para eses fins como o *caldarium*, *tepidarium* e *frigidarium*, aparecendo o verdadeiro circuíto balneario.

O uso do hipocausto permitiu independizar o edificio do *balnea* ata entón totalmente dependente da cociña e, polo tanto, relegado ao ámbito máis privado. Aínda así e todo, ata mediados do século I os *balnea* mantiveron a súa conexión coas cociñas.

En torno ao cambio de era comeza un proceso de individualización das estancias termais respecto ás outras zonas. Isto foi posible grazas á construción de fornos propios para caldear as salas balnearias e permitía que os *balnea* puideran ocupar de feito calquera situación ao formar unha soa unidade, circunstancia que no mundo rural se veu acrecentada pola gran dispoñibilidade de espazo para construír. Ao mesmo tempo, comeza tamén unha tendencia xeneralizada cara á conversión dos espazos balnearios en zona pública da *domus*, co obxectivo de ser unha mostra do prestixio, poder e situación social do dono da residencia.

Este proceso de individualización e monumentalización vai ter un importante impulso a partir do século II, cunha tendencia cara a maior complexidade arquitectónica e que culminará cos grandes complexos do século IV.

No caso de Hispania son ben coñecidos varios exemplos de *balnea* asociados a establecementos rurais. Aparte da vila de Vilarenc (Tarragona) mentada antes, destaca a do Soldón (León), construída durante a primeira centuria que contaba cun edificio termal duns 150 m, aproximadamente un 11% do espazo total, cunha planta lineal de *frigidarium*, dobre *tepidarium* e *caldarium* totalmente independizado da cociña. A partir do século II multiplícanse as construcións destas instalacións grazas á consolidación das explotacións rurais. Nesta época seguen a construírse con plan lineal simple (como a da Illeta dels Banyets de tan só 60 m) ou con plan lineal paralelo (como a de Murias de Beloño (Xixón)). A partir de aquí aparecen outros modelos moito máis complexos que incorporan ao ámbito rural. Esquemas propios das grandes termas urbanas, como por exemplo na vila tarraconense de Els Munts onde os seus 900 m de edificio balneario representa xa o 28% do total construído.



Fig. 19.
Plantas de distintos *balnea* de vilas hispanas.
García Entero (2000).

No caso que nos ocupa, e dados os escasos datos que posuímos, non é posible establecer con absoluta seguridade o tipo de planta que tería o *balnea* de Vilar da Graña, pero é moi posible que fose de tipo lineal simple ou paralelo. Un tipo que se mantén inalterable ao longo dos séculos e que se segue a empregar en épocas tardías, como o comprobamos nas vilas inglesas de King's Weston e Welwyn.


O que si está claro é o importante papel que para os donos da residencia xogaba o edificio balneario e, por extensión, as actividades relacionadas co baño, escapate sen dúbida do seu prestixio. Nestas vilas tardías aparece, emulando ás cidades, un verdadeiro espectáculo da auga. A celebración da auga é unha das paisaxes máis típicas e comúns en todas estes establecementos rurais. O bañista comezaría o percorrido loxicamente no vestiario (*apodyterium*) para logo entrar na sala tibia (*tepidarium*), onde se iniciaba o baño propiamente dito, probablemente sentado nun banco. Comezada a transpiración pasaríase ao *caldarium*, onde estaría a bañeira con auga quente. Acabado este baño regresaría á sala temperada e, despois dun tempo de climatización, outra vez á sala fría.

En Galicia temos variados exemplos de suntuosas instalacións, como por exemplo en Riocaldo (Lobios, Ourense) ou Noville (A Coruña).

Este proceso de monumentalización e suntuosidade culmina durante os séculos IV e V, cando os *balnea* son os verdadeiros protagonistas da residencia. Tiñan a función engadida de impresionar ao visitante converténdose en lugar de recepción, dado o gran luxo con que estaba construído. Os edificios termiais da vila da Olmeda de 900 m, o de vila de Pissões do mesmo tamaño ou mesmo o da de Milreu son uns bos exemplos deste fenómeno.

En resumo, presentamos unha hipótese de traballo que confiamos sexa apoiada por novos achados, ben do xacemento ben da propia vía, unha ruta tan descoñecida como importante. O feito de situar un aglomerado viario, industrial e termal en Vilar da Graña viría a paliar a total ausencia deste tipo de asentamentos no norte de Galicia que non cremos que fose a realidade, senón máis ben unha falta de investigación nesta zona. O asentamento sería, polo tanto, o núcleo de unión da costa co centro (xa sexa o campamento romano ou ben a capital conventual) e sería o punto vertebrador de toda unha serie de núcleos de poboación menores, como castros que aínda quedaban habitados e *vilae*.

2. AS TELLEIRAS



Para chegar á localización das Telleiras desde Xermade hai que seguir a estrada que conduce a Candamil e desviarse cara a Cazás. Xusto onde está a igrexa parroquial hai que desviarse cara a Vilar de Landoi, parroquia de San Xulián de Cazás. O xacemento está situado entre esta vila e a seguinte, Aruxo, ao lado da estrada, xusto por onde a atravesa o gasoduto, que se distingue polos postes amarelos cravados nos prados.



Lám. 84.
Perspectiva do xacemento das Telleiras.

O primeiro que temos que sinalar é que os restos non se ven en

superficie, xa que foron localizados ao abrir a gabia do gas do tramo Vilalba–Valga. Dado que estes eran poucos e moi fragmentados, os investigadores encargados do seu estudo non poden precisar con rigor nin a súa cronoloxía nin o tipo de depósito ao que pertencen polo que, de momento, tan só podemos adscribilos dunha forma xenérica ao período tardorromano e medieval.

Os materiais encontrados ao construír o gasoduto foron:

- Materiais en superficie que se concretan en corenta e tres pezas divididas nunha tella, un lítico (unha plaquiña de xisto cunha perforación no centro) e corenta e unha cerámicas correspondentes a catro bordos, un colo, trinta e un bandullo e cinco fondos, entre os cales presentan decoración tres fragmentos. Non se atopou ningún exemplar completo.

Na maioría dos casos o modelado foi feito a man, agás algún fragmento que foi feito a torno. Deste xeito, as paredes dos obxectos feitos a man son finas e presentan unha superficie certamente irregular con avultamentos provocados pola técnica empregada. O acabado destes exemplares foi realizado a través dun alisado e dun cepillado, mentres que os feitos co torno teñen o acabado feito precisamente con esa ferramenta. Os desengraxantes son de gran medio na maioría dos casos e areosa e de gran fino nos realizados a torno. A cocción foi levada a cabo nunha atmosfera oxidante con coloracións vermellas, laranxas e marróns, detectándose feluxe nalgún caso.

Hai tres fragmentos con decoración, moi sinxela e pouco visible, situada na parte superior do bandullo próxima ao pescozo. Estes elementos decorativos consisten en dixitacións en horizontal rodeando todo o perímetro.

- Restos de muro visible na foxa onde se atopou a cerámica, que quedaba na beira dereita da gabia do gas. Presentaba unhas medidas de 2,20 m de ancho e 0,9 m de alto. Ademais do muro estaba constituída por terra, restos de carbón e pedras.

Xacementos con características similares poderían ser o de Agriña, onde se localizou abundante cerámica medieval a uns 200 m de Outeiro de Rei, Reguenxo (Valga, Pontevedra) tamén con restos cerámicos medievais en superficie a 180 m da aldea actual, Gándara (Mos, Pontevedra) a 100 m da vila actual con restos tegularios, cerámicos e de pedra traballada ou o de Bora (Pontevedra) tamén con idéntico material a 150 m da vila actual.

Ante esta evidente ausencia de datos a interpretación do xacemento teremos que facela non tanto a través dos propios resultados que ofrece As Telleiras senón, máis ben, en comparación con estes outros xacementos similares e sempre dentro do ámbito da hipótese. Deste xeito, é importante destacar o próximo castro da Igrexa que sería a orixe do núcleo de poboación desta zona. Nun momento indeterminado, pero posiblemente en torno ao século II, abandonárase creándose un novo espazo habitado na chaira próxima ao recinto castrexo, entre o propio castro e o xacemento que nos ocupa. Habitualmente estes asentamentos agrícolas que funcionaron ao longo do Baixo Imperio sofren no século V-VI unha serie de transformacións para adaptarse ás novas circunstancias económico–sociais unha vez desaparecido o Imperio, converténdose nas típicas aldeas da Alta Idade Media. Na maioría dos casos desprázanse lixeiramente, xa que agora están constituídas por construcións dispersas. En moitos casos estas aldeas perduraron ata os nosos días. Quizais esteamos ante unha delas, sobre todo a xulgar polo topónimo Vilar da aldea actual, xa que estes núcleos adoitan empregar ese nome.

3. CARBOEIRA DE FOLGOSO



As 'carboeiras' ou 'foias' eran pequenas estruturas circulares escavadas no chan que foron utilizadas ao longo das diferentes épocas históricas para producir carbón vexetal. Este tipo de carbón foi moi usado no ámbito doméstico e, sobre todo, era un elemento imprescindible para a produción metalúrxica antiga xa que a madeira, para fundir o ferro, non proporciona suficiente calor polo que se acudía ao carbón vexetal (máis adiante substituído pola ulla de boa calidade como o coque). Tamén era moi demandada para a fabricación da pólvora, xa que na

composición deste produto emprégase nun 75% o salitre ou nitrato potásico; un 12% de xofre e un 13% de carbón vexetal. A elaboración de carbón era moitas veces unha tarefa complementaria ás actividades agrícolas ou era levada a cabo polos propios ferreiros.



Lám. 85.
Manuel Pernas ensinando unha enorme escoura de fundición atopada na Ruta do batán de Folgoso.

O método de fabricación deste tipo de combustible era moi sinxelo. Recollíase o torgo da uz verde e nunha zona próxima escavábase un pequeno burato circular na terra. Os torgos botábanse dentro e tapábanse con entullos para conseguir unha combustión redutora. Ao rematar sacábase o carbón e vendíase nas vilas próximas, sobre todo aos ferreiros para alimentar as forxas.

De xeito moi habitual esta actividade era levada a cabo polas mulleres. Tamén se ocupaban de transportalo, xeralmente sobre as súas cabezas, en sacos de 25 kg ou máis por longos e malos camiños. No mellor dos casos tiñan a axuda dun burro co que se conseguía duplicar as vendas. Este tipo de actividade aínda era moi habitual nos montes galegos durante as décadas dos anos 50 e 60 do século XX.

Algunhas destas carboeiras situadas na ruta do Batán de Folgoso foron escavadas no 2013 polo Grupo de estudos para a prehistoria do noroeste da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en colaboración co concello de Xermade, a asociación Porvenir de Lousada e o propietario dos terreos. Nesta intervención constatouse que unha delas non era realmente unha foia, senón o lugar de enterramento dun bóvido e noutra tamén apareceu, nunha das súas esquinas, un nivel de escouras de sangrado

de 25 cm de potencia, posiblemente da metalurxia do ferro.

Para a nosa investigación, non obstante, o máis interesante foi que nesta carboeira se obtiveron cronoloxías de época romana. Isto dá-nos idea da constancia desta actividade ao longo da historia e vénnos a reafirmar a importancia que tivo a transformación do ferro en Xermade durante a época romana.

Polas proximidades aínda quedan abundantes restos destas escouras de fundición, algúns de gran tamaño, como se pode apreciar na lámina 88.

Se xa de por si este peculiar depósito merece unha visita, tamén hai que destacar que se encontra situado na chamada Ruta do batán de Folgoso. Pasear por un bosque autóctono seguindo a canle dun tranquilo regato de cristalinas augas tan só acompañados do son da propia natureza, sen dúbida, paga a pena. Tamén neste percorrido nos encontramos con varios batáns e muíños destinados á transformación de tecidos.



Lám. 86.
Zona da escavación das carboeiras na Ruta do batán de Folgoso.

ANEXOS

Anexo 1. Expedientes de explotacións mineiras do concello de Xermade depositados no Arquivo Provincial de Lugo

MINERAL	NOME DA MINA	ANOS	SIGNATURA
ASBESTO E SERPENTINA	JUANITA	1974	26762-17
CAOLÍN	MILAGRO, EL	1956	26763-06
CAOLÍN	SAN MARTÍN	1957-1965	26763-33
CUARZO	ÁNGELA	1988-1989	26761-04
CUARZO	GARRONA	1973-1974	26762-12
CUARZO	XELA	1980	26764-13
CUARZO E AREA SILÍCEA	FE	1980	26762-09
FERRO	ALICIA	1900-1901	26761-01
FERRO	ANADELY	1956-1957	26761-02
FERRO	ANADELY	1956-1982	26761-03
FERRO	ASUNCIÓN	1960	26761-08
FERRO	ASUNCIÓN	1960-1965	26761-09
FERRO	ASUNCIÓN	1965	26761-10

MINERAL	NOME DA MINA	ANOS	SIGNATURA
FERRO	AURELIA	1957-1964	26761-11
FERRO	CABREIROS	1956-1986	26761-12
FERRO	CAL DAS PEDRAS	1891-1893	26761-15
FERRO	CAMPO FORNOS	1889-1941	26761-16
FERRO	CAMPO FORNOS NÚMERO DOS	1891-1941	26761-17
FERRO	CANDAMIL	1957-1965	26761-18
FERRO	CANDAMIL SEGUNDA	1960-1964	26761-19
FERRO	CARBALLOSA	1903-1909	26761-20
FERRO	CASTRO RAMIL	1956-1962	26761-23
FERRO	CHAO, EL	1891-1941	26761-24
FERRO	CONCHA	1960-1961	26761-26
FERRO	CONCHA	1960-1961	26761-25
FERRO	CONSUELO	1892-1894	26761-27
FERRO	COSME	1901-1902	26761-28
FERRO	COTO DA PÍA	1892-1909	26761-29
FERRO	CUCA CUARTA, PRIMERA FRACCIÓN	1960-1967	26762-02
FERRO	CUCA QUINTA	1960-1967	26762-03
FERRO	CUCA SEGUNDA	1960-1967	26762-01
FERRO	CUQUINA	1960-1968	26762-04
FERRO	DIVINA PASTORA	1957-1964	26762-05
FERRO	DOS AMIGOS	1957-1966	26762-06
FERRO	EUREKA	1960-1968	26762-07
FERRO	EUREKA, AMPLIACIÓN	1960-1961	26762-08
FERRO	FLORENTINA	1901-1903	26762-10
FERRO	FONTE DE SILVELA	1891	26762-11
FERRO	INESPERADA	1901-1903	26762-13
FERRO	ISABEL SEGUNDA	1901-1903	26762-14
FERRO	JOSÉ GABRIEL	1956-1969	26762-16
FERRO	JOSÉ GABRIEL	1956	26762-15
FERRO	LOLINA SEGUNDA	1957-1980	26762-20
FERRO	LOULADA	1890-1893	26762-21
FERRO	LOUSADA	1956	26762-22
FERRO	MARCOSA	1965-1969	26762-24
FERRO	MARÍA DEL PILAR	1960-1965	26762-25
FERRO	MARQUESA	1872-1881	26762-26
FERRO	MARTA	1956	26763-01
FERRO	MARTA PRIMERA	1958-1985	26763-03
FERRO	MARTA SEGUNDA	1968-1973	26763-05

MINERAL	NOME DA MINA	ANOS	SIGNATURA
FERRO	MARTA SEGUNDA	1968	26763-04
FERRO	MINA TRES AMGOS	1957-1965	26763-07
FERRO	MONTE DA PENA MOURA	1891-1941	26763-08
FERRO	NASEIRO	1957	26763-11
FERRO	OLGA PRIMERA	1965	26763-12
FERRO	OLGA PRIMERA	1965-1972	26763-13
FERRO	OLGA SEGUNDA	1965	26763-14
FERRO	PANDA, LA	1954	26763-15
FERRO	PANDA, LA	1955-1967	26763-16
FERRO	PEDRALBA	1891	26763-17
FERRO	PENELAS	1960-1962	26763-18
FERRO	PICHÍN	1960-1964	26763-19
FERRO	PICHÍN, AMPLIACIÓN	1960-1964	26763-20
FERRO	PICO CARBOEIRO	1891	26763-21
FERRO	PICO CARBOEIRO SEGUNDA	1900-1941	26763-22
FERRO	PILI	1960-1961	26763-23
FERRO	POMBEIRO	1891-1893	26763-24
FERRO	REBELLÓN	1891-1893	26763-26
FERRO	REBOLLADA, LA	1956-1963	26763-27
FERRO	REGO DE BOY	1891	26763-28
FERRO	ROTTERDAM	1906-1919	26763-29
FERRO	ROUPAR	1956	26763-30
FERRO	SAN ANTONIO	1908-1918	26763-31
FERRO	SAN JOSÉ	1905-1915	26763-32
FERRO	SAN NICOLÁS DE BARI	1957-1965	26764-01
FERRO	SANTA MARÍA DEL CARMEN	1957-1964	26764-03
FERRO	SCHULZ	1901-1909	26764-04
FERRO	SORPRESA	1957-1966	26764-06
FERRO	SOTO Mouro	1891	26764-07
FERRO	TORMENTA, LA	1957-1958	26764-08
FERRO	TRES AMIGOS, 1ª FRACCIÓN, AMP.	1960-1968	26764-09
FERRO	TRES AMIGOS, 2ª FRACCIÓN, AMP.	1960-1968	26764-10
FERRO	VILLA	1965-1969	26764-11
FERRO	ZUREIRA, LA	1891	26764-14
FERRO E OUTROS	CASTRO RAMIL	1956	26761-22
FERRO E OUTROS	LOLINA	1956-1957	26762-19
FERRO E OUTROS	MARTA, AMPLIACIÓN	1956	26763-02
FERRO E OUTROS	NASEIRO	1957	26763-10

MINERAL	NOME DA MINA	ANOS	SIGNATURA
LIGNITO	VULCAN	1902	26764-12
LIGNITO E OUTROS	ANGELITA	1975-1981	26761-05
LIGNITO E OUTROS	CASIMIRA	1975	26761-21
LOUSA	ARANGÓN DOS	1979-1985	26761-07
LOUSA	ARANGÓN UNO	1978-1990	26761-06
OLIVINA	LUCÍA	1971-1972	26762-23
PEDRA	MONTE ESPINO	1973	26763-09
RECURSOS DA SECCIÓN C	CABREIROS	1989-1990	26761-14
RECURSOS DA SECCIÓN C	CABREIROS	1989-1990	26761-13
RECURSOS DA SECCIÓN C	PUENTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	1977	26763-25
RECURSOS DA SECCIÓN C	SAN PANCRACIO	1988	26764-02
SERPENTINA	LADRA	1964-1972	26762-18

Anexo 2. "Un pueblo hundido"

MARTES, 23 de Agosto de 1977

El Progreso

LA PROVINCIA

ESTAMPAS DA TERRA CHA

UN PUEBLO HUNDIDO

La Gracia ocupa el extremo NE de la parroquia de Rousas, a 1 Km. del vértice de la región angular comprendida entre las carreteras de Viveiro y Lousada. Las murallas que forman el lugar, se localizan en torno del centro medieval. Este centro presenta evidentes señales de romanización: molinos cilíndricos, tégalas, la renombrada terra esquilata, etc.

En el año 1969 proyectó un plan de estudio a través del cinturón que lo rodea, encontraron huecos largos de grandes mamparas y también los cimientos de una construcción rectangular cuyas piedras fueron utilizadas en la huchura de una epistola.

El Villar da Gracia ocupa una gran extensión por la parte sur del castro y en él, generación tras generación, viene transmitiéndose entre los vecinos la existencia de un pueblo hundido. Cuentan los más ancianos: mi abuelo me decía: levanta el arado que arranca las losas del tejado del Ayuntamiento, porque aquí es cívica generalizada que estuvo el Ayuntamiento, casa donde había que acudir a pagar las contribuciones. La señora María Juana Viter me dijo que sus antepasados hacían las compras en el comercio aquí establecido y también aseguran que, al lado, en el lugar do Campo, donde hoy hay una capilla, se celebraban ferias por aquellos tiempos.

Legencia o realidad lo cierto es que, desde hace muchos años, al cultivar la tierra, el arado arranca piedras, tejas, ladrillos cuadrados y rectangulares con marcas de alfarras que indefectiblemente van a parar a las corralizas, sólo los ladrillos de 5 cm. de grosor que eran utilizados para señalar el terreno familiar.

Con la aparición del tractor se generaron más y los hallazgos de restos se prolongaron. En el año 1968 se encontraron varios molinos cilíndricos y tres grandes trozos cilíndricos de columna de granito de 20 cm. de espesor conservados en casa del lugar porque ninguno otro persona, en aquel entonces, se interesó por ellos.

En el año 1971 apareció un muro de 10 m. de largo que el dueño permitía volver a descubrir por sí, un día cualquiera, persona o entidad se propuso hacer un estudio del lugar.

Cerámica variada con y sin ornamentación. Restos de tazas, vasos, fuentes, platos y pequeñas figuras. De arcilla roja en unongrío en otros y también clara que parece arena. Restos unos y finos otros sin mezcla alguna. Llama la atención por la finura y brillo acabado la de color gris, suave al tacto y que al contacto con el agua se desliza y por encima del agua se forma esquilata, lisa o con el sello que la caracteriza.

V. ahora, para mayor acentuación de vecinos y demás que la ven, sólo a la luz, después de 20 siglos de estar oculto por la tierra, la monumental escalinata de 2,60 m. de largo, con tres escalones de granito trabajados. El superior de 45 cm. de ancho y los otros dos de 34 cm., respectivamente. La altura o subida de muros a escalón es de 19 cm. El primero es de dos piezas y los que le siguen por arriba, de una sola.

Delimitado al lado la escalinata, por su parte O. la limita un muro de piedra de 35 cm. de ancho con una sola hilada de piedras lisas y entre muro y escalinata un espacio de 25 cm. relleno de tierra y piedras que en algún tiempo pudo estar recubierto por un escalón que el hombre llevó para un particular.

Por los laterales de la escalinata corre un muro de piedra de 47 cm. de ancho que, al comienzo del escalón más bajo, en ambos lados dobla en ángulo recto en una longitud de 35 cm. para luego volver en dirección perpendicular a la escalinata hasta... se abrió el día que hagan, si llegan a bucearla, la conveniente excavación. Los muros laterales y son prolongaciones en toda su longitud están recubiertos por planchas de ladrillos de 2 cm. de grosor simplemente colocados en vertical, protegidos en toda su superficie por una capa de arena de 2 cm. que desconoce, en virtud de qué propiedad especial se sostiene y sostuvo durante tanto tiempo en posición vertical impidiendo ver el ladrillo. A uno y otro lado de la escalinata, en las placas de ladrillo de 35 cm. de ancho, sobresalen gornas de hierro que, fuertemente introducidos en el muro, permiten sostener puertas o algo similar con que cerrar el paso a la escalinata.

El primer escalón está asentado sobre pared de piedra de 40 cm. de espesor que se conserva resistente y con la forma del día que la levantaron.

El suelo, al frente de la escalinata, es recubierto con piedras planas debajo de las que se encuentran más masas compactas y duras de escoria o estratificación con una pinta blanqueza que multiplica su resistencia. Debajo, otra vez, suelo de lietas.

Para qué fue realizada esta escalinata? ¿Subir a un templo? ¿Entrada a una vivienda señorial? ¿Bajar a una sala de baños calientes? Conjeturas y sólo conjeturas es cuanto puede decirse sobre el particular.

Restos del pueblo hundido del Ayuntamiento, abogado por el Dr. Iñigo, quien los vecinos de Gracia, que, al igual que los de Vila Sever, en Castromayor, pueblo éste que dejando volar un tanto la imaginación podíamos convertir en Vila de Severo; ciudad de Trastamir en Sanabaila; pueblo de Eimil, en Gondalque del que afirman los vecinos que en un día claro, mirando en el «stroffo» (charca), se ve el campanario de la iglesia; pueblo de Vilas d'Albino de Páris, en Alba; As Cocinas, en Lousa y Os Ladrillos, en Neira, todos a lo largo de la mar-

San. Falta divulgación, propaganda si así queremos llamarla. No se ama lo desconocido. ¿Cómo pretender el respeto y la conservación de lo que no sólo se desconoce y si se considera un estorbo y, aún más, un perjuicio?

Las familias dueñas de las tierras del Villar da Gracia saben que los muros (algunos de 10 m.) que el submundo guarda son importantes y, en lo sucesivo, se preocuparán por su conservación. Ventajas y poder de la conciencia.

Villalba, agosto de 1977
José VIDAL RODRÍGUEZ



Después de veinte siglos de estar oculto por la tierra, apareció esta monumental escalera de tres peldaños. — (Foto del autor)

SORRÍO

de vendedores

● Pese al mal tiempo

SARHA.—(De nuestra correspondencia, VILLALBA).—En las fiestas del Santo Cristo de Oural y las de Lourdes de Freixán, no ha faltado animación ni concurtencia. A las primeras, el agua las destrozó algo, pero no por ello dejaron de ser concurridas en la segunda jornada del lunes.

Las de Lourdes de Freixán se hicieron antiguas a todas las edades que lo querían.

San. Falta divulgación, propaganda si así queremos llamarla. No se ama lo desconocido. ¿Cómo pretender el respeto y la conservación de lo que no sólo se desconoce y si se considera un estorbo y, aún más, un perjuicio?

Las familias dueñas de las tierras del Villar da Gracia saben que los muros (algunos de 10 m.) que el submundo guarda son importantes y, en lo sucesivo, se preocuparán por su conservación. Ventajas y poder de la conciencia.

Villalba, agosto de 1977
José VIDAL RODRÍGUEZ

SAN CIPRIAN

SIN NOVEDAD EN EL CONFLICTO DE ALUMINA-ALUMINIO

● Las empresas han enviado cartas de suspensión de empleo y sueldo por un mes

No hay novedad en el largo conflicto de Alúmina - Aluminio. Los trabajadores de las empresas constructoras de la factoría que se levanta en San Ciprián permanecen en huelga. Por su parte, las empresas han enviado, al pasado jueves, cartas a sus productores, notificándoles la suspensión de empleo y sueldo por un mes, es decir, hasta el próximo día 17 de septiembre.

Durante los últimos días circuló el rumor de que algunas empresas enviarían, a partir de ayer, cartas de despido a sus directores, extrema que estamos en condiciones de disminuir considerablemente. Sin embargo, el temor a los despidos no parece haber desaparecido de entre los distintos grupos de trabajadores, que a lo largo de la pasada semana han celebrado diversas reuniones informativas, en muchas de las cuales se ha puesto de manifiesto el deseo de normalizar, a la mayor brevedad posible, la vida laboral en la zona.

Vidal Rodríguez, José:
"Un pueblo hundido", en *El Progreso*,
23 de agosto de 1977.

Anexo 3. “¿Termas romanas en Roupar?”

or perhaps

VIERNES, 19 de Enero de 1979

LA PROVINCIA

ESTAMPAS DA TERRA CHA

¿TERMAS ROMANAS EN ROUPAR?

Por José VIDAL RODRIGUEZ



El Higocrueto a fermes romanes de Roujan. — (Foto del autor)

En Bazar de Gracia acompaña su esposa NE de la parroquia de San Pedro. Nove años naturales al oeste del mismo nombre "corredor" en su nombre. Por la parte N, posiblemente la carretera Lago-Villavieja-Verde, de la zona, también las defensas del centro y contando con la mitad el extremo Villavieja de Gracia, donde se encuentra el que constituye importante vecindario arquitectónico, rodeado del paso de los caminos por el lugar, sea una zona que comienza con la carretera en dirección a Villavieja.

razón de su generosidad, como regalo
recibido por los "dilectos" o amigos,
ya que todo se resuelve en "dilectus",
porque así, se reconoce general-
mente que, cuando al Dilectus, que
el autorado en punto de "dilectus",
en el cual había obli- gación tras-
mitida, se recibían mercedos
y se recibían constituciones. El ar-
to 1.º del autor, en efecto, se le-
va a la tierra, puesto a la vista
de los límites las páginas alho-
ras de los libros que había le-
ído, y los libros que había
podían interpretarse, porque con-
tenían de la ciencia y espíritu de
sentencia que requiere. 22

efectos a la vez confuso amasillo de piedras, labrillos de diferentes tamaños, legajos y cerillos vertiendo entremuchado con arcilla blanquecina y tierra negra húmeda que dice que el hombre y los animales la poseerían; grandes montañas negras de escuderos que, después de milanes en el trazo, la poseen.

La planta tiene a su vez un importante significado para la construcción, hojas de mayor peso por debajo traida de lejarias (servicio); bloques granulados, y largos troncos de polvosas equinoceras de diámetro centímetros de diámetro de gran tamaño y gran densidad, resaca de árbol de hierro y térmica, predominantemente en vajillas de poca densidad, justo con las raíces (hormigón) de scharita coníferas de alto, con betúnidos, ralisos y sándwich de las con-

Y el grado de bienestar, de tanto en tanto, continúa cambiando como tras otro los terrenos del Vilar y una vez en el muro de diez metros del tiempo uno se lo imagina.

En estos momentos el que tiene la atención del hombre, esta vez, es el mundo que se encuentra en el PROGRESO de la vida.

La vida es una especie de "gran mundo" como le dicen por aquí, la vida es el día que la mayoría comienza en la vida en la vida, una vida que se produce en 2.000 millones de años, una vida que se produce en 2.000 millones de años, una vida que se produce en 2.000 millones de años.

[illegible]

RESUMEN

Tercera y más importante: ¿Por qué a villa romanesca, musulmana o templar, pueblo "antiguo" o no que fueren no hubiera sido un aljibe y un "hallazgo" de los que alquilar la tierra como tares a cultivar, lo que hoy bien pudo ser aguas para moznos, gallinas, que vivieran en abundancia en el que, en esa zona, se arrojan, romana o no: "habiendo grande a Galdin". El yacimiento arqueológico de Galdin no se conoce el su estado en que se encuentra, pero quizá sea de los que, en un futuro, se reparen de la Terra Chua en la dirección arriba-ahí. Tercera: ¿qué día va dejando de ser a de los que, a no lardi, sólo quedará memoria de su existencia en EL PROCEPRO.

Reunión en la Delegación del M.E.C. sobre el problema escolar de Palas de Rey

Ayer, una jornada de trabajo en Palas de Rey, junto con el alcalde del municipio, director del Orqueo Escolar y representantes de la AN-PC manifestaron una reunión con la delegada del MEC para exponerle algunos de los problemas de su Departamento más cercanos a los ecceles de la zona.

Jose Zúñiga y Rosendo, a se está a la espera de un presupuesto extraordinario para la adquisición de un nuevo autocar, se acordó acudir a la Diputación el acondicionamiento de la carretera Culp-Pedraza, para la que hay concedido un presupuesto de 10 millones, se considera urgente la instalación de mataderos en los puntos donde los niños espantan a los agricultores. Finalmente, la delegada del MTC se comprometió a tramitar, en la medida de lo posible, un presupuesto para el acondicionamiento del aerial eléctrico del Grupo Zúñiga, que se encuentra en estado de abandono.

VIDA MUNICIPAL

DECEREA

Durante un plato de quince días hasta se abre totalmente pública sobre la actividad de la oficina municipal presionada por José Rodríguez Cúco, para realizar la construcción de una destinada al riego de varias fincas, habiendo de atravesar con la tubería los caminos públicos de Riba de Prada y Acebedo.

le do século XVIII, en ciclo completo, a estalalar en la finca denominada "Campe" de la parroquia de Ojeda, y José Luis Pérez Ariza, para la apertura de otra granja y similares agropecuarias, y emplazar en la finca denominada "Agua da Uña", en la parroquia de Vilasantar.

Y, durante el plazo de un mes, podrá ser auxiliado, por parte de las personas que se creen con derecho para ello, al ingreso en la beneficencia municipal, mediante su inscripción en el padrón municipal correspondiente a este año.

MONO-9100

Durante el plazo de un mes se abrirá información pública sobre la aprobación inicial de los Estatutos porque ha de regirse la Mancomunidad Intercomunal Valenciana del Hospital de la Costa Lococma, así como la designación del cuerpo permanente representante, acordada en la sesión del pasado día 11 de los comités.

Mujer vive al espejo donde se miran los hijos: culpa e instrucciones. Acude al Centro de Formación Familiar y Social.



Escaleras de magníficos factores que bien pudieran servir para subir a un pórtico o bajar a un cripto pórtico. — (Foto del autor)

de arena y el resto de tierra lo
para el trabajo que se ha
hacer la superficie de arena
fina y los elementos de
en tal cantidad que permita al
hombre por el trabajo que supone
el retroceso y la que para el so-
portado de verdad sería valiosa

estimar de 25 x 15 x 7 centíme-
tros, distribuidos por el trabajo
de los elementos de arena, lo que
constituye el que se veían en la
luz con el nombre de "bolsa de
terro". Y así se llama, en jaca-
no se lo haga por ver lo que ha
en la parte superior.

Y, en la parte superior, con pared medianía de 80 centímetros de espesor, la acia rectangular de 120 x 120 centímetros, la base de la habitación es una losa termosa y a la que construye como un "hipocampo" (iluminación cenital). En la parte superior, el techo es de 2 metros, con cables tendidos que forman cuadrados de 23 x 19 y 2 centímetros, cuando se las cubren con 2 y 30 cm de losa.

[illegible]

Y recientemente, en septiembre último, el aumento de las puestas del lagar por el nuevo descubrimiento. A menos de 20 centímetros de profundidad, raspando la dura corteza del coqueño y grilla (aproximé a la Vía) la extracción destruyeron por más de la prevista, que representó las fotografías. Vimos 45 la primera el caso de herencia que cubre la parte N. de una zona prismal de 2,20 x 2,30 x 0,20 metros por su perfil, profundamente excavado, con un alto, en la base de

para rezar; monjes e templos, pero "Atlatzaco" o la que fue su. Rostros solo se aflojaron y sin palabras de los que apenas le rezo como tales a cumplir, lo que fue bien poco de hacer para nosotros, gallegos, que vivimos en monasterio en el que, en nuestra orden, rezamos el "Regalado de la Gloria". El yacimiento arqueológico d'A Granda no es donde se el enterrado en que se le rezaba, pero conquistada de los doce, en un lodaladillo a él, que leamos como el espíritu de la Tierra Chá en el

LO QUE AHORA APARECE

la del que se dice en la parte superior. Mides 64 centímetros en el ancho del pecho y 23 centímetros de altura en la parte central. El escudo, glaseado en su totalidad con dos



*A loca de formar, como la han bevilizado las vecinas. — (Foto del autor)

BIBLIOGRAFÍA

- Agrafoxo Pérez, Xerardo. (1991). *A cultura castrexa nos concellos de Outes, Muros e Carnota*. Sementeira.
- Aira Rodríguez, M^a. J. y P. Uzquiano (1996). Análisis polínico e identificación de carbones en necrópolis gallegas de época romana, en Rodríguez Colmenero (coor.), *Lucus Augusti I. El amanecer de una ciudad*, Lugo, 27-53.
- Alcorta Irastorza, E. (2001). *Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*. Ed. Fundación Barrié de la Maza.
- Arias Vilas, F et alii (2013). *Museo do castro de Viladonga*. Xunta de Galicia.
- Arias Vilas, F. (1992). *A romanización de Galicia*. A Nosa Terra.
- Arias Vilas, F. A. (1992b). O xacemento Galaico-romano de Castellós, en *Finis Terrae*, Facultad de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Pp. 225-256.
- Arias Vilas, F. e Durán Fuentes, M.^a Consuelo (1996). *Museo do Castro de Viladonga*. Xunta de Galicia.
- Armada Pita, X. L. e Martín Seijo, M. (2005). Nueva inscripción a los Lares Viales procedente de Somede (As Pontes), en *Gallaecia* n° 24, 127-149.
- Barciela Garrido, P. e Rey Seara, E. (2000). *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*. Xerais.
- Bello Diéguez, J. M. (1994). *La Coruña romana y alto medieval*. Ed. Vía Láctea.
- Caamaño Gesto, X. M. e Rodríguez Fernández, C. (2000) Excavaciones en el campamento de Cidadela, en *Brigantium* n° 12, 199-207.

- Caamaño Gesto, X. M, Gonzalo Meijide, G. e Fernández Rodríguez, C. (1997-1998). El miliario de Friol: aportaciones al conocimiento de la vía XIX, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, nº VIII, volumen 1, 9-18.
- Calo Lourido, F. (1993). *A cultura castrexa*. A Nosa Terra.
- Carballo Arceo, X. (1990). Los castros de la cuenca media del río Ulla y sus relaciones con el medio físico, en *Trabajos de Prehistoria* 47, pp. 161-199.
- Casal García, Raquel e Rodríguez García, Purificación (1996). Aequipondia, en *Gallaecia*, Nº 14-15, págs. 463-468.
- Díaz García, M.; García Noguera, M. e Macías Solé, J. (2000). Las termas públicas de Tarraco: estudio preliminar, en C. Fernández Ochoa e V. García Entero (eds) *Termas romanas en el occidente del Imperio. Coloquio Internacional*, Gijón.
- Díaz-Fierros Viqueira, F. (1996). Clima e solos de Galicia en época romana, en Rodríguez Colmenero (coord.), *Lucus Augusti I. El amanecer de una ciudad*, Lugo, 9-24.
- Díaz-Fierros Viqueira, F. (1997). El paleoambiente gallego, en *Galicia Terra Única. Galicia castrexa y romana*, Xunta de Galicia, 33-35.
- Dopico Caínzos, D. e Villanueva Acuña, M. (2009). *A prehistoria en Lugo á luz das descubertas recentes*. Deputación Lugo.
- Fernández Ochoa, C. e Morillo Cerdán, A. (1999). *La tierra de los astures. Nuevas perspectivas sobre la implantación romana en la antigua Asturias*. Ed. Trea.
- Fuentes Domínguez, A. (2000). Las termas en la antigüedad tardía: reconversión, amortización, desaparición. El caso hispano, en C. Fernández Ochoa e V. García Entero (eds) *Termas romanas en el occidente del Imperio. Coloquio Internacional*, Gijón.
- García Álvarez, R. (2000). Castros de un valle gallego. Los del Ribero del Avía. En *Zephyrus IV*, Gredos, 75-95.
- García Entero, V. e Arribas Domínguez, R. (2000). Los balnea de las vilae y su proceso de monumentalización, en C. Fernández Ochoa e V. García Entero (eds) *Termas romanas en el occidente del Imperio. Coloquio Internacional*, Gijón.
- García y Bellido, J. A. (1986). *España y los españoles hace dos mil años*. Austral.
- Gómez Vila, J. (2010). A vía romana no concello do Corgo, en *CORGA* nº 1, páxs. 36-45.
- Gómez Vila, J. (2009). *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*. (ERPL).
- Gómez Vila, J. (2006). *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC, Santiago.
- Gómez Vila, J. (2003). Caminos y túmulos. Aproximación al estudio de los caminos megalíticos en el noroeste peninsular, en *Actas del Tercer Congreso del Neolítico Peninsular*. Santander.
- Gómez Vila, J. (2004). Dedicatorias a los Lares Viales en la Provincia de Lugo, en *Gallaecia* nº 23, 135-154.
- Gómez Vila, J. (2014). Os Castros da Terra do Corgo, en *Corga*, nº 5, 38-55,
- Gómez Vila, J. (2013). Contos, pontes e pousadas do camiño real de acceso a Galicia, en *Corga*, nº 4, 66-77,
- Gómez Vila, J. (2014). Os Castros da Terra do Corgo, en *Corga*, nº 5, 38-55.

- Gómez Vila, J. (2012). As divindades da auga na provincia de Lugo: a Fonte das Virtudes, en *Corga*, nº 3, 70-79.
- Gómez Vila, J. (2011). O Camiño Real de acceso a Galicia, en *Corga*, nº 2, 18-31.
- Gómez Vila, J. (1993). Prospección arqueolóxica do camiño primitivo de Santiago e da vía romana XIX nos concellos de Toques e Melide, en *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*. Pp. 5-42.
- Gómez Vila, J. (1993b). As vías romanas na provincia de Lugo. Achegamento a súa problemática, *Historia Nova I*, 15-31.
- González Fernández, E. e Ferrer Sierra, S. (1996). Sustrato poboacional prerromano do entorno de *Lucus Augusti*, en *Lucus Augusti. I. El amanecer de una ciudad*. 329-417.
- Grande Rodríguez, M. (2008). Los castros de la gallaecia interior: Arqueología, poblamiento y sociedad, en *Herakleion*, 1, pp. 85-119.
- Kolb, Ch. (1985). C. Demographic Estimates in Archaeology: Contributions from Ethnoarchaeology on Mesoamerican Peasants. *Current Anthropology* 26, 581-599.
- Madoz, P. (1846-1850). *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España y sus posesiones de ultramar*. 16 vol.
- Mcglade, J. (2004). Estabilitat i inestabilitat en demograia prehistòrica: una perspective de la modelizació dinàmica. En *Cota Zero*, 13: 103-116.
- Narroll, R. (1962). Floor area and settlement population, en *American Antiquity* vol. 27, nº. 4. Salt Lake City. Páx. 587-589.
- Naveiro López, J. L. e Pérez Losada, F. (1992). Un Finisterre atlántico en época romana: la costa Galaica, en *Current research on the romanization of the western provincias*. Bar internacional series s575.
- Novo Guisán, J. Miguel. (2000). *Los castros durante la época visigoda y la primera reconquista*. Deputación Lugo.
- Paine, R. Demography. En *Maschner, H.D. G. y Chippindale, C. (2005). Handbook of Archaeological Methods, vol II*. Altamira Press. Lanham.
- Payá I Mercé, J. (2000). Las termas públicas de la ciudad romana de Ilerda, en C. Fernández Ochoa e V. García Entero (eds.) *Termas romanas en el occidente del Imperio. Coloquio Internacional*, Gijón.
- Peña Santos, A. de la (2003). *Prehistoria, castrexo e primeira romanización*. A nosa Terra.
- Petersen, W. (1975). A Demographer's View of Prehistoric Demographie, en *Current Anthropology*, 16: 227-245.
- Perez Losada, F. (1992). Contribución ó estudio da cerámica de construción na Galicia romana, en *Galicia, da romanidade a xermanización*, 241-262.
- Pérez Losada, F. (1992b). Hipocaustos na Galicia romana, en *Gallaecia*, Nº 13, páxs. 129-176.
- Pérez Losada, F. (1997). Sobre a vila romana de Noville (Mugardos), en *Ferrolterra Galaico - Romana*, páxs. 85-136.
- Perez Losada, F. (2002). Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios en Galicia. *Brigantium* 13.
- Pombo Mosquera, Xosé A. e Vázquez Varela, Xosé M. (1995), *A prehistoria no noroeste da Terra Chá*. Deputación Lugo.

- Ramil Rego, E. (2001). Xacementos romanos no concello de Vilalba. A súa relación co entorno xeográfico, en *Gallaecia* nº 20, 193-204.
- Ramil Rego, E. (2007). *A dominación romana*. Museo de Prehistoria e arqueoloxía de Vilaba.
- Riveira Requeijo, A. (2014) Camino Real da Carba. Mondoñedo - Ferrol. Treito polo concello de Xermade, en *Eume*, páxs. 246-257.
- Riveira Requeijo, A. (2015). Un paseo polo Alto Eume, en *Eume*, páxs. 285-301.
- Rodríguez, M. X. (2000). La villa romana de Riocaldo y su ámbito termal, en C. Fernández Ochoa e V. García Entero (eds) *Termas romanas en el occidente del Imperio. Coloquio Internacional*, Gijón.
- Rodríguez Colmenero, A. (Coord.) (1996). *Lucus Augusti. El amanecer de una ciudad*. Barrié de la Maza, Dentro desta obra:
- “Integración administrativa del noroeste peninsular en las estructuras romanas”, en *Lucus Augusti. El amanecer de una ciudad*, ed. Barrié de la Maza. Pp. 265-299.
- “Pueblos prerromanos del convento jurídico lucense: organización sociopolítica y distribución territorial”, en *Lucus Augusti. El amanecer de una ciudad*, ed. Barrié de la Maza. Pp. 129-242.
- Rodríguez Colmenero, A. (2001). Los castella de Susarros y Gigurros en el Noroeste Hispánico y sus primeras relaciones con Roma a través del bronce de Bembibre y otros documentos de reciente aparición”, en Luís Grau y J. L. Hoyas (2001 Eds): *El bronce de Bembibre. Un edicto del emperador Augusto*. Pp. 67-95.
- Rodríguez Colmenero, A. (2011). *Lucus Augusti. La ciudad romano-germánica del finisterre ibérico. Génesis y evolución histórica*. Concello de Lugo.
- Rodríguez Colmenero, A., Ferrer Sierra, S. e Herves, F. M.: (1996). El complejo arqueológico romano de *Aquis Querquennis*. Porto Quintela, Ourense”, en Rodríguez Colmenero, A. (1996 coord.): *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico. Actas del Congreso Internacional*.
- Sánchez Pardo, José Carlos (2010). Poblamiento rural romano y altomedieval en Galicia (ss V-X). Una revisión arqueológica, en *Archeologia Medievale*, XXXVII, pp. 285-306.
- Vázquez Varela, Xosé M. e García Quintela, Marco V. (1998). *A vida cotiá na Galicia castrexa*. B. divulgación.
- Vidal Rodríguez, José (1977). Un pueblo hundido, en *El Progreso*, 23 de Agosto.
- Vidal Rodríguez, José (1979). Termas romanas en Roupas, en *El Progreso*, 19 de xaneiro, pág. 8.
- Vidal Rodríguez, José (1990). Villas romanas da Terra Chá, en *Revista de Guimarães*, páxs. 342-351.
- VV.AA (2004). *Minaria. Expedientes de explotacións mineiras no arquivo histórico provincial de Lugo*. Xunta de Galicia.

ABREVIATURAS:

- ERPL: Gómez Vila, J. (2009). Epigrafía romana de la Provincia de Lugo.
- M.P.L.: Museo Provincial de Lugo
- Sig.: Signatura
- Vid.: Vide. Ver
- Fig.: Figura
- Lám: Lámina

CRÉDITOS FOTOGRÁFICOS:

Todas as fotografías e ilustracións son propiedade dos autores, agás as mencionadas a continuación, a cuxos autores e institucións se lles agradece a colaboración prestada e a cesión desinteresada das reproducións:

Fig. 1. Celtiberia.net

Fig. 2 e 3. Arias Vilas et alii, Museo Castro de Viladonga, 2011

Lám. 55. Vidal Rodríguez, 1979

Lám. 56. Vidal Rodríguez, 1977

Lám. 57. Vidal Rodríguez, 1990

Lám. 58. Vidal Rodríguez, 1979

Lám. 69. Vidal Rodríguez, 1990

Lám. 78. Rodríguez Colmenero, 2013

Lám. 80. Arias Vilas, Durán Fuentes, 1996





A NEVEIRA DE LOUSADA
NO CAMIÑO MONDOÑEDO-FERROL
(PASADO, PRESENTE E FUTURO)

YESMINA SEIJAS ÁLVAREZ
SOFÍA PALEO MOSQUERA



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	137
1.1. Obxecto de estudo e xustificación	137
1.2. Obxectivos	138
1.3. Metodoloxía	138
2. CONTEXTO TERRITORIAL	139
2.1. Xeografía Física	140
2.2. Recursos naturais	140
3. O CAMIÑO REAL MONDOÑEDO – FERROL: ORIXE E EVOLUCIÓN	143
4. O CAMIÑO REAL MONDOÑEDO-FERROL E A RUTA COMERCIAL DO XEO. AS NEVEIRAS	147
4.1. O fenómeno mercantil do xeo e a orixe da “arquitectura da neve”	148
4.1.1. Panorama estatal	148
4.1.2. O caso galego	152
4.1.3. As neveiras do Xistral	156

4.2. Unha aproximación á neveira de Lousada (Xermade)	161
4.2.1. Estudo histórico	161
4.2.2. Estudo construtivo	165
4.2.3. Valores patrimoniais	167
5. ESTADO ACTUAL DO ÁMBITO DE ESTUDO	169
5.1. Situación actual da neveira	169
5.2. Descrición actual do Camiño Real Mondoñedo-Ferrol. Treito de Xermade	171
6. CONCLUSIÓNS	175
7. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN PATRIMONIAL	177
7.1. Liñas de actuación	177
7.2. Desenvolvemento da proposta	178
8. BIBLIOGRAFÍA	183

*Non parecen verdadeiras
estas terras coas nevadas!
Montes e carballeiras
semellan contos e fadas!*

Manuel María

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Obxecto de estudo e xustificación

O presente traballo é o resultado do estudo da coñecida como neveira de Lousada (Xermade), un exemplo de arquitectura popular de interese etnolóxico –hoxe en día en ruínas– que propiciou no pasado, o desenvolvemento dunha actividade vencellada á produción e extracción de xeo en plena Serra de Carba.

Partindo dos restos arqueolóxicos que actualmente se conservan desta construción, tráese a colación unha forma de expresión da cultura e dun modo de vida tradicional propio do pobo galego, cun interese tanto material coma inmaterial. Os vestixios que quedan dos seus muros son a proba palpable do que foi nalgún tempo un oficio artesanal asociado ao traballo da neve, latente na memoria histórica do seus habitantes.

Polo xeral, este tipo de construcións nacen con motivo da implantación da orde monacal cisterciense en Galicia, sendo empregadas para o seu propio abastecemento de neve e xeo. Non obstante, ante a demanda deste xénero e os excedentes orixinados, a finais da Idade Media e en plena eclosión do poder feudal, as neveiras comezan a explotarse con fins económicos, facéndose extensible esta práctica por todo o territorio galego.

No caso particular da neveira de Lousada, non se sabe con exactitude quen foi o responsable da súa construción; sen embargo, os primeiros datos que constatan a súa presenza apuntan a unha orixe ligada á nobreza galega. A súa localización estivo determinada pola presenza do Camiño Real da Carba, eixe histórico que unía Mondoñedo –capital do antigo reino de Galicia e sede episcopal dende o s. XII– coa cidade portuaria de Ferrol. Segundo as fontes orais e escritas, esta

vía serviu como principal nexo comercial entre ambas cidades, propiciando así un tráfico fluído de mercancías –entre elas a neve– coa antiga capital de Galicia e o porto de Ferrol.

A sucesión de varias neveiras no tramo que ocupa a Serra da Carba –as de Labrada e Montouto–, denota a importancia que debeu ter esta actividade na comarca entre os séculos XVI e XIX fundamentalmente.

1.2. Obxectivos

O principal obxectivo que se persegue neste traballo é a investigación e estudo da neveira de Lousada, achegando novos datos que permitan saber cal foi a súa orixe e evolución ata chegar á actualidade. Partindo desta análise, establécense as principais claves sobre as cales se formulan unha serie de medidas propositivas coa pretensión de contribuír á salvagarda e difusión dos seus valores patrimoniais.

O cumprimento deste obxectivo principal farase atendendo aos seguintes obxectivos específicos:

- Dar a coñecer o proceso de produción do xeo, unha actividade de interese etnolóxico perdida dende finais do século XIX.
- Difundir e incentivar o interese polas neveiras, un exemplo de arquitectura tradicional practicamente descoñecida para a sociedade galega.
- Potenciar o valor histórico do Camiño Real Mondoñedo - Ferrol, vía de comunicación entre ambas cidades sen a cal non se podería entender a actividade da neveira de Lousada.
- Preservar os valores patrimoniais da antiga neveira de Lousada, actualmente en estado de abandono.

1.3. Metodoloxía

O tratamento deste estudo faise baixo o prisma da interdisciplinariade que debe rexer todo proxecto patrimonial. Así pois, neste caso cóntase coa participación dunha historiadora da arte e unha arquitecta, ambas con formación especializada no eido do patrimonio cultural.

A natureza deste traballo non só está enfocada á investigación senón que ten un carácter propositivo. A investigación serve como un primeiro punto de partida ou estadío do cal se extraen unha serie de conclusións e liñas de actuación concretas que son determinantes para abordar a fase proxectual ou propositiva.

Os principais contidos que articulan a primeira fase de investigación organízanse en torno a tres grandes bloques: unha primeira aproximación ao contexto territorial e ao medio físico no cal se sitúa a neveira; o estudo da orixe e evolución da arquitectura da neve tanto a nivel estatal coma o caso galego en particular; e por último, o exemplo da neveira de Lousada e o Camiño Real de Mondoñedo-Ferrol como soporte histórico sobre o cal se asenta a labor produtiva e mercantil do xeo.

Neste primeiro apartado, inclúese todo o material necesario para a realización do estudo: documentación histórica obtida en arquivos, fotografías, planimetrías, material bibliográfico, etc. As fontes orais, as consultas a especialistas neste ámbito, así como as visitas de campo, foron tomadas tamén como base fundamental á hora de desenvolver o traballo. Partindo deste compendio de información, abórdase esta investigación coa intención de aportar novos datos de interese para o seu maior coñecemento.

2. CONTEXTO TERRITORIAL



01. Mapa Xeral de Galicia. Elaboración propia

O concello de Xermade atópase situado no norte da Galicia, na parte oeste da provincia de Lugo. Ao norte testa co Concello de Muras; ao leste faino con Vilalba e ao sur con Vilalba e Guitiriz mentres que ao oeste, linda con Monfero e As Pontes de García Rodríguez. O termo municipal está formado por un total de 10 parroquias: Roupar, Lousada, Cabreiros, Candamil, Miraz, Xermade, Burgás, Piñeiro, Momán e Cazás. (Fariña, 1990).

2.1. Xeografía física

Xermade forma parte da comarca da “Terra Chá”, unha área integrada por nove concellos (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade) que abranguen a zona norte e do interior da provincia de Lugo e que se caracteriza pola súa planicie topográfica. O medio físico que a rodea está formado por un sistema montañoso no que se inclúen: a Serra da Carba, a Serra do Xistral, a Serra do Cadramón, a Serra da Toxiza, o Cordal de Neda, a Serra de Lourenzá, a Serra de Monciro, a Serra da Cova da Serpe, o Cordal de Montouto e a Serra da Loba (Pernas, 2006). No medio, esta superficie plana non é máis ca unha prolongación natural dunha unidade física máis ampla, a meseta lucense. A súa altitude media ronda os 400-500 m, sendo o pico do Xistral o seu punto máis alto con 1.033 metros.

A planicie da Terra Chá contrasta co macizo montañoso que atravesa o norte do concello de Xermade ao seu paso polas parroquias de Lousada e Roupar. Trátase da Serra da Carba, unha estribación sur da Serra do Xistral integrada dentro das denominadas “Serras Setentrionais” de Galicia.

En canto ao seu sistema fluvial, Xermade conta cunha rede fluvial composta por: o río Chamoselo, que se une ao Eume; o Trimaz que desemboca no Ladra; o Labrada que recibe o arroio Momán e o Eume que limita no concello no extremo occidental. (Fariña, 1990).

2.2. Recursos naturais

O principal recurso natural que posúe Xermade vén determinado pola presenza da Serra da Carba, un espazo natural de interese incluído na catalogación da Serra do Xistral coma Lugar de



02. Paisaxe da Fraga da Lagoa. Elaboración propia

Interese Comunitario (LIC) dentro da normativa legal europea de Rede Natura 2000. Ademais desta declaración, no ano 2002 o Concello de Xermade xunto con 25 municipios máis pasou a formar parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño, a primeira Reserva de Biosfera proclamada en Galicia. Esta declaración supón un recoñecemento á singularidade da súa flora e fauna caracterizada pola presenza de árbores autóctonas, fragas, matogueiras e toda unha serie de especies protexidas que fan deste ámbito un lugar de gran valor medioambiental e paisaxístico.

Ao longo do seu percorrido, as condicións bioclimáticas permiten que nalgúns puntos máis altos da Serra da Carba se produzan construcións naturais como son as lagoas, orixinadas polas abundantes precipitacións. A proliferación de masas arbóreas é outra das consecuencias do seu clima húmido, facendo que afloren especies coma carballos, xesteiras, breixos, acivros seculares ou bidueiros e salgueiros naquelas zonas máis próximas á beira dos ríos.



03. Vista xeral da Fraga da Lagoa. Elaboración propia



04. Lagoa. Camiño Real da Carba. Elaboración propia

3. O CAMIÑO REAL MONDOÑEDO-FERROL. ORIXE E EVOLUCIÓN

O ámbito de estudo que centra esta investigación abrangue o Camiño Real Mondoñedo-Ferrol ao seu paso polo concello de Xermade, elemento clave para a completa comprensión do fenómeno comercial do xeo que se tratará máis adiante. Esta ruta, tamén coñecida como Camiño da Carba, unía a vila de Mondoñedo –capital de provincia do antigo Reino de Galicia ata 1833– con Ferrol, cidade caracterizada polo seu importante desenvolvemento pesqueiro e naval.

Se ben o obxecto deste texto se centra no treito de camiño que discorre polo termo municipal de Xermade, este non se pode abstraer do todo do que forma parte, e por iso, resulta preciso adoptar unha visión de conxunto e abordar nun primeiro momento o camiño na súa totalidade. Ademais, aínda que obviamente ten un sentido bidireccional, convén aclarar que a súa descrición farase de leste a oeste, seguindo a orde indicada na propia nomenclatura.

Así pois, tomando como punto de partida Mondoñedo, esta vía pasa polos lugares de Romariz, Labrada e Montouto, en Abadín, para continuar por San Simón da Costa e Vilapedre, no termo de Vilalba; entra logo en Xermade por Lousada e sae por Roupar en dirección As Pontes; despois atravesa Espiñaredo e Ponte Xubia, para finalmente chegar a Ferrol.

Esta ruta non perdura na actualidade, a construción de estradas a partir da segunda metade do século XIX puxo fin a este tipo de camiños, quedando algún tramo sepultado polos novos trazados –como é o caso da estrada de Ferrol e a ponte de Rábade–, ou simplemente diluíndose a súa presenza no territorio por causa do abandono. Non obstante, resta algún treito de camiño que, esquivando as novas infraestruturas, aínda é recoñecible e transitable a día de hoxe.

Os denominados camiños reais xorden baixo iniciativa da dinastía borbónica no século XVIII, ante a necesidade de establecer unha rede permanente de camiños en todo o territorio español



05. Detalle de *Mapa geográfico del Reyno de Galicia*, 1784.

Fonte: Biblioteca Digital Real Academia de la Historia / RAH20101000286.

que faciliten o comercio dunhas provincias con outras. Ao amparo do Real decreto de 1761 para facer “camíños rectos e sólidos”, constrúese o Camiño Real de Madrid á Coruña. Mais, a maiores desta vía principal de conexión co centro de España, existían moitos outros camiños transversais que, considerados de segunda e terceira orde, unían entre si os núcleos de poboación de Galicia e os cales, de maneira xeralizada adoitan a denominación de camiño real.

Estes camiños non xorden *ex novo*, senón que se apoian noutros trazados anteriores; nembargante, resulta complicado determinar a ciencia certa a súa orixe, pois ata o século XVIII non hai apenas documentación cartográfica e as fontes diplomáticas non sempre abundan. En palabras de Nardiz Ortiz, «*si bien en el período inicial del Medievo, la red de caminos cubría todo el territorio, es dudoso que eso mismo no ocurriese en la época castreña al ser las parroquias que se formaron en ese período herederas de los antiguos castros, estando éstos comunicados también con una red de caminos megalíticos y castreños*» (Nardiz, 1991: 36).

Atendendo ao traballo deste autor, a organización territorial de Galicia e a distribución dos núcleos de poboación desenvolveuse durante a época medieval, establecendo unhas relacións comerciais que orixinarían unha complexa rede de camiños, na que se atopa a orixe dos denominados camiños reais, pois: «*puede considerarse el final de esta época como el comienzo de la transformación de la red, al haber quedado abandonadas, e inservibles las calzadas romanas, para convertir los anteriores caminos de herradura en caminos de rueda primero, y en carreteras después*» (Nardiz, 1991: 36).

Deste xeito, o aumento do tráfico rodado a partires do século XVI fai que moitos camiños se queden obsoletos por non seren aptos para a circulación de carros. Este deficiente estado da rede viaria en Galicia manterase ata ben entrado o século XIX. Así o recolle M. J. Barreiro, asociando o atraso económico ás dificultades de transporte: «*la precariedad de los caminos era, desde luego, un hecho agudo y generalizado, y muchas zonas del país carecían de alguno que fuese apto siquiera para el tráfico de los carros campesinos, debiendo realizarse la mayor parte del transporte a lomo de mula, incluso para acceder a Castilla con los escasos productos exportables que se lograban*» (Barreiro, 2001: 5).

No que atinxe ao Camiño Mondoñedo-Ferrol, na *Descripción Económica del Reyno de Galicia* de 1804, pódese ler «los caminos que desde el mismo Mondoñedo se dirigen a Ferrol y a la Coruña, están muy malos, y este mal principia ya cuando se sale de la ciudad, subiendo una cuesta llamada la Infiesta, de una legua de largo» (Labrada, 1804: 24).

Os diarios de viaxeiros e os repertorios de camiños constitúen igualmente unha fonte na que se pode atopar algunha referencia ao Camiño da Carba. Así, nos cadernos das viaxes que Frei Martín Sarmiento fai a Galicia, no ano 1725, chegado a Mondoñedo, escribe «quise ir desde allí al Ferrol, y como me dijeron que había ladrones en el Monte da Carba, desistí y fui a Betanzos» (Sarmiento, 1996:57). Tamén Richard Ford, famoso viaxeiro do século XIX, alude ao camiño de Ferrol a Mondoñedo na súa ruta LXXXI, «...antes de llegar a Lousada; a partir de ahí, la comarca se vuelve más accidentada. Esta es la ruta más corta, pero es intrincada» (Ford, 2008); aínda que a información por el aportada pode resultar ás veces un tanto caótica, neste caso deixa constancia da accidentalidade do terreo nas inmediacións da Carba, aspecto destacado tamén por outros autores.

Unha máis detallada descrición do camiño é ofrecida en 1866 nun compendio de itinerarios militares de España, pormenorizando o treito que vai de Roupas a Mondoñedo por Balsa como segue: «Es de herradura, y asciende con regulares pendientes, faldeando la peña Gohia, para salvar a 2,5 km de Lousada, la sierra de Carba, de la que desciende al río Eume, que se cruza en pequeños puentes de piedra, 1 km antes de Balsa y 0,5 km después de Orjas. En Balsa corta el camino de Baamonde a Merille. En el que se describe asciende nuevamente, para ganar la cresta de la sierra de la Carba, divisoria de aguas de los ríos Gestido y Miño. El camino sigue la árida y casi llana cresta de la sierra, hasta 4,5 km de Valina, que desciende a Mondoñedo por la cuesta de la Enfesta, en difíciles zic-zac, impracticables a caballerías, y siguiendo la orilla derecha del arroyo de los Picos». De acordo con este itinerario, o camiño pasaría polos lugares de Baxín, Graña, Santo André de Lousada, Garao, Balsa, Orxás, Serra, Santa María de Montouto, San Pedro de Labrada, Valina e finalmente, Mondoñedo.

Neste extracto reitérase a precariedade do camiño, impracticable xa non para carros, senón tamén para cabalerías. O apuntamento acerca do seu trazado pola divisoria de augas dos ríos Xestido e Miño constitúe outra dato de interese, pois a miúdo os camiños primixenios escollían rutas naturais polas mesetas coincidentes con ditas divisorias. A propósito disto ilústranos de novo Nardiz Ortiz «al mostrarnos siempre como más antiguo, aquel camino que discurre por la divisoria de aguas, lo que va a dar lugar a un método de trabajo para localizar los caminos antiguos» (Nardiz, 1991:36).



06. Tramo Mondoñedo-Roupas de *Carta geométrica de Galicia dividida en sus provincias*, 1845

Fonte: Galicianana. Biblioteca Dixital de Galicia / BDGA20140001323.

Contrastando este itinerario coas fontes cartográficas –mapa de 1845–, obsérvase algunha discordancia. Así, en dito mapa o camiño non pasa por Labrada –de maneira contraria a todas as outras fontes manexadas–, ou descóbrese por exemplo, unha bifurcación alternativa ao itinerario da Balsa que, non atravesando os núcleos de poboación, segue ao longo do seu tramo a divisoria. A principal conclusión que se extrae desta fonte é que a ruta polos cumes é anterior á data na que está datado o mapa, como se pode verificar ademais na cartografía dispoñible do século XVIII.

Por outra banda, apréciase como o camiño discorre en treitos coincidentes coas demarcacións administrativas entre os concellos actuais, o que podería vir a sumar unha proba máis da antigüidade do camiño, pois como explica Ferreira Priegue «*es bien conocida la coincidencia de muchos de los actuales términos municipales con los límites de los antiguos cotos señoriales o alfofes de las villas. El camino, como el río, es un excelente límite natural, que tiende a conservarse*» (Ferreira, 1988:36).

Neste sentido, cabe citar igualmente algún documento revisado do século XVIII relativo a preitos sobre a reivindicación do couto de Lousada, nos que a descrición dos límites dos diversos lugares nel comprendido, indican o susodito Camiño Real como lindeiro, ofrecendo deste xeito datos máis concretos acerca do seu trazado na máis pequena escala: «*Lugar da Casabella (...) testa con el Camino Real que pasa de Mondoñedo al Ferrol, con el lugar de Sumeiro, y con eredades y fragas de los de Furco de Avaxo y Casanoba*». (ARG C-1469-21).

Do tramo de camiño que vai dende Xermade a Ferrol tense menos información. A construción máis temperá da estrada anulou o antigo tramo, perdéndose en gran medida o seu trazado. A mediados do século XIX referíase Madoz a esta nova infraestrutura: «*...la carretera del Ferrol al puente de Rábade, a cuyos trabajos se dio principio el 8 de marzo de 1847, ahorrará al viajero 3 leg. de camino, dará impulso y vida a las felig. que se hallan en el tránsito, las cuales carecen de comunicaciones, y las proporcionará a las v. de las puentes de García Rodríguez y Villalba; y si desde aquí se abriese desde luego el ramal para Mondoñedo y Rivadeo, se facilitaría la necesaria comunicación entre Galicia y Asturias*». (Madoz, 1850: 76).



07. Estrada proxectada Ferrol-Ponte de Rábade, *Carta geométrica de Galicia dividida en sus provincias*, 1845
Fonte: Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia / BDGA20140001323.

4. O CAMIÑO REAL MONDOÑEDO-FERROL E A RUTA COMERCIAL DO XEO. AS NEVEIRAS

O desenvolvemento comercial na Galicia medieval aséntase sobre unha complicada rede de camiños –anteriormente referida– que ademais de permitir o abastecemento interno das principais cidades galegas, posibilitaba a exportación de mercadorías cara a Castela.

A arrieiría esténdese por toda a comunidade, constituíndo unha actividade prolífica dende a Idade Media ata ben entrado o século XIX, ante a falta de medios de transporte e a escasa apertura de novas vías de comunicación. Produtos básicos varios como viño ou carnes, eran levados a través destes camiños aos centros de maior consumo, producíndose inclusive un “tráfico libertino” de labradores que esporadicamente, se transformaban en arrieiros para vender os seus froitos (Eiras, 2008).

Neste contexto, o chamado Camiño da Carba é un exemplo máis da funcionalidade mercantil que foron adquirindo estes vieiros. A pesares da escasa documentación que existe ao respecto, é evidente a importancia que tivo o negocio do xeo neste ámbito. As fontes orais constatan aínda a existencia deste comercio e a dificultade do seu traslado dende Lousada e as parroquias lindantes ata o Porto de Ferrol.

Dende tempos remotos, a compravenda de xeo estivo pois vencellada á explotación marítima, unha das principais fontes de ingresos en Galicia. Malia ao control exercido pola Coroa de Castela sobre as vilas costeiras, o dominio pesqueiro durante a Baixa Idade Media estivo coaccionado polo poder eclesiástico. Non obstante, a partires do ano 1268 e estando no poder Afonso X, autorízase a carga e descarga nos portos de Ribadeo, Viveiro, Betanzos, Ortigueira, Cedeira, Baiona e A Guarda, feito que supuxo un avance importante á hora de facilitar a expansión do comercio marítimo ao exterior.

Segundo Elisa Ferreira (Ferreira, 1988), será dende finais da Idade Media, concretamente no período que vai dende 1380 ata 1520, cando se faga palpable o crecemento das vilas pesqueiras xa que Galicia comeza a forma parte do circuíto comercial co atlántico e mediterráneo mediante a exportación de peixe.

Esta intensificación da actividade mercantil reverte de maneira directa na demanda de sal –un ben escaso en Galicia– e de xeo, para poder conservar e trasladalo peixe. Isto podería explicar o notable aumento do número de neveiras, non só xa para o autoconsumo de xeo, senón tamén para abastecer o mercado a partir do século XVI.

4.1. O fenómeno mercantil do xeo e a orixe da “arquitectura da neve”

Coa denominación “arquitectura da neve” faise referencia a un tipo de construción cuxa finalidade era a obtención e posterior almacenamento de xeo a partir de neve para dispor del durante todo o ano. Este xeo tiña múltiples utilidades, dende o seu emprego como produto refrescante durante o verán mediante a elaboración de sorbetes e xeados, ata a conservación de alimentos ou usos medicinais. Ao principio só as clases adiñeiradas podían acceder a este ben tan prezado, mais a partires do século XVII o seu consumo democratízase e esténdese entre a poboación (Giménez, 1988).

Así mesmo, para situar no tempo este tipo de construcións e entender a viabilidade desta actividade, resulta pertinente aludir ás condicións climáticas particulares que favoreceron a súa implantación e proliferación. Trátase da Pequena Idade Glacial, un período de tempo que vai de mediados do século XVI a finais do XIX, durante o cal se deu un empeoramento climático xeralizado, cun descenso acusado de temperaturas e unha intensificación das chuvias e nevaradas, aumentando a frecuencia dos temporais e chegando a neve ata cotas nas que hoxe non é habitual (Fernández, 1996). Esta situación implicaba agudos contrastes entre invernos extremadamente fríos e veráns moi calorosos, o que permite comprender a puxanza desta actividade.

A expansión deste fenómeno de produción e consumo de neve non foi exclusivo de Galicia senón que afectou a gran parte da Península e Baleares con resultados e particularidades distintas. Por este motivo, antes de centrar o estudo na neveira de Lousada, expónse a continuación, unha contextualización xeral da arquitectura da neve e o comercio do xeo a nivel estatal e no caso particular galego, a fin de ofrecer unha visión completa do asunto que nos ocupa.

4.1.1. Panorama Estatal

O uso do xeo como tal, non é un hábito que proceda directamente da Idade Moderna senón que a súa orixe remóntase á antigüidade grega e romana momento no cal, escritores clásicos coma Xenofonte, Euticles ou Ateneo de Naucratis –en Grecia–, e outros coma Séneca, Plinio ou Marcial –no mundo romano–, fan alusións non só ao comercio da neve e ao seu uso, senón tamén ao seu almacenamento a través de pozos (Capel, 1970).

A cultura musulmá herdou este costume, establecendo un mercado do xeo a nivel internacional. En Europa Occidental esta “moda” comeza a facerse popular a partir do século XVI, precisamente por influencia da cultura musulmá. As cidades italianas foron as primeiras en sacar partido a este achado, sendo Florencia a precursora na elaboración de xeados en Europa.

No caso de España, o interese por este ben remóntase á Idade Media, quedando restrinxido o seu uso para a corte real e o poder eclesiástico nun primeiro momento, ata espallarse o seu consumo durante a Alta Idade Media con motivo do incremento das relacións comerciais. Horacio Capel

(Capel, 1970), estudoso na materia, fai referencia a reis como Carlos III –acuñado o Nobre de Navarra (1387-1425)–, o cal construíu expresamente un pozo de neve ao lado do seu castelo en Olite.

A popularización acadada por este produto a finais da Idade Media débese ás súas múltiples posibilidades no eido da medicina e a súa capacidade para arrefriar e conservar os alimentos. Durante o século XVI, coincidindo co esplendor do humanismo nas artes e nas ciencias, xorden os primeiros tratados de medicina, como o escrito por Francisco Franco, médico do rei de Portugal, quen publica en 1569 o «*Tratado de la nieve y del uso della, o Libro que trata de la nieve y sus propiedades y del modo que ha de tener en el beber enfriado con ella y de los otros modos que ha de enfriar*» (1571) de Nicolás Monardes ou o «*Alivio de los sedientos en el cual se trata la necesidad que tenemos de beber frío y refrescado con nieve y las condiciones que para esto son menester y cuáles cuerpos lo pueden libremente soportar*» escrito este último por Francisco Micon en 1576.

En tempos de Filipe II (1574), Monardes afirma que os pozos de neve xa abundaban en Castela:

«En Castilla [...] hay muchos grandes señores que tienen en las montañas las casas [pozos] particulares donde la mandan recoger [la nieve] en invierno como en verano».

Aínda que dende a Idade Media xa existe un tráfico de neve, é no século XVII cando este produto pasa a converterse nun ben de consumo inserto nas redes comerciais a gran escala e cun sistema de produción e comercialización organizado.

Seguindo o descrito por S. Griswold (Griswold, 1942), a gran popularidade destes pozos e a extensión do seu consumo en tódolos Reinos propiciou unha preocupación por parte do Goberno ante a necesidade de obter maior cantidade de neve e xeo para abastecer-lo territorio. Este fenómeno fixo que o xeo deixase de ser un luxo para converterse nun produto común e necesario.

Proba disto, é a fundación da “Casa do Arbitrio” (1607-1638) por parte da Coroa de Castela, trala a aprobación de Filipe III. O seu promotor, Pablo Xarquies, recibe a través da Real Célula de 21 de agosto de 1607 o privilexio de aproveitar e “industrializar o xeo”, beneficiando así a tódolos Reinos e Señoríos:

«Por cuanto por parte de vos Pablo Xarquies, residente en mi corte, se me ha hecho relación que vos beneficiareis en estos Reinos los hielos de manera que haya mucho abasto dellos para enfriar en lugar de la nieve y con mas comodidad en el precio, que es invención nueva y de que esta ahora no se ha usado en dichos reinos [...]» (Corella, 1989: 178 cita a Archivo General de Simancas [AGS], Contaduría Mayor de Cuentas, leg. 2.267).

Dende un primeiro momento, o Estado xunto co poder municipal forman parte activa deste proceso de “*obligación da neve*” a través dunha política intervencionista en relación ao control do consumo e o comercio. Isto fai posible asegurar non só o abastecemento do territorio, senón tamén a fixación un prezo accesible do produto mediante o cobro do quinto e demais cargas que irán xurdindo en torno ao xeo e a neve (Corella, 1989).

Non obstante, este tipo de convenios non impediron que a demanda de xeo, en ocasións, se convertese nun problema de Estado. Un exemplo concreto desta situación é o acontecido na comunidade murciana cando en 1754, a finais do reinado de Fernando VI, o monarca tivo que mediar entre a cidade Murcia e a localidade de Totana debido a un conflito relacionado co aprovisionamento indebido de neve (Capel, 1970 cita a Archivo Municipal de Murcia Legajo 3.122):

«es género tan importante que más bien seria tolerable a sus naturales (de Murcia) la falta de pan que de nieve en su tiempo».

A maior parte dos conflitos viñan derivados por temas relacionados coa titularidade das neveiras, normalmente en mans de municipios, eclesiásticos e particulares (agás algunhas neveiras

comunais) ou ben, debido a dilacións por parte dos propietarios no pago dos impostos da renda. O estudoso Fernando Beltrán Cortés (Beltrán, 1983: 108) recolle algúns testemuños, como o de Luis Salcedo, Xuíz Conservador e privativo da *“Renta General del Arbitrio e Quinto de la Nieve”*, o cal chegou a dicir que: *«era cosa lastimosa cual tratan en algunas partes las cosas del Real Servicio»*.

Para poder paliar este tipo de circunstancias, ao longo do reinado do monarca Carlos III (1759-1788) instáuranse unha serie de contratos onde se fixa o regulamento a seguir na compravenda de xeo. Nun artigo publicado por Ezequiel Giménez Rodríguez (Giménez, 1988), o investigador explica como no setecentos tanto en Cataluña coma no resto dos Reinos, existen unha serie de consorcios ou compañías de comerciantes que establecen pactos co Estado para abastecelo con produtos considerados de primeira necesidade e entre eles, a neve e o xeo. O municipio é o encargado de mediar nestes contratos de arrendamento, exercendo un control dos gastos e beneficios que ocasiona esta actividade. O primeiro destes contratos foi realizado en Barcelona, sendo extensible este tipo de medidas nos anos posteriores ao resto das rexións españolas.

No primeiro punto do contrato faise referencia aos lugares establecidos para a obtención de xeo e menciónase ao alugueiro como principal responsable á hora de garantir o aprovisionamento de xeo á cidade:

«[...] debera obligarse, a que por ningún tiempo, assi de dia como de noche no faltare la debida provisión ... menos en el caso de acontecer grandes avenidas de agua de que moralmente son imposibles ... no tenga Obligación de hacerla conducir de otros parages ... que 10s de Castelltersol, La Calma, Montseny o de otros igualmente distantes[...].» (Giménez, 1988: 309 cita a AMHB: Manual de Autos. Legajo atio 1759. Págs. 285-290).

Este modelo organizativo foi altamente efectivo e por iso, vaise manter practicamente intacto ata finais do século, momento no cal as condicións climáticas empezan a cambiar e os problemas coa recollida e conservación de xeo fan que deixe de ser un negocio rendible. A invención da máquina de produción de xeo a finais do século XIX, supuxo a fin deste tipo de actividade; sen embargo, nalgúns puntos da península seguiuase conservando esta tradición ata comezos do século XX.

O fenómeno social ligado á expansión do consumo da neve orixinouse de maneira distinta e con resultados diferentes, dependendo da rexión española da que se estea a falar. Así como en Galicia o xerme desta “arquitectura da neve” está moi relacionado coa orde cisterciense, noutras zonas de España o punto de partida non vén necesariamente da man do clero. Os condicionantes derivados do medio físico e o clima son evidentemente outros factores a ter en conta nesta desigual evolución das neveiras no territorio español.

Segundo a climatoloxía dominante, adóitase falar de dous modos de produción de xeo: a través do arrefriamento da auga ou mediante o almacenamento e traballo da neve (Capel, 1970). O primeiro caso, ten lugar naquelas zonas onde predomina un clima frío e polo tanto, a obtención de xeo conséguese pola conxelación da auga almacenada en estanques ou lagoas trala caída de precipitacións. Unha vez recollido o xeo, transpórtase ata os pozos ou neveiras para asegurala súa conservación.

A elaboración de xeo a través da neve en cambio, ten lugar nos climas máis cálidos fundamentalmente na área mediterránea. As temperaturas impiden a conxelación total da auga, facendo necesario o aproveitamento da neve caída nos puntos máis altos da montaña para poder obter unha maior cantidade deste material.

Esta división en cambio, non é de todo real xa que en ocasións combinábanse ambas opcións dentro dunha mesma rexión, como ocorre en Cataluña ou nalgunhas zonas do mediterráneo peninsular.

Frecuentemente, cando se trata da produción de xeo natural, este tipo de infraestruturas contaban con construcións auxiliares para a obtención e almacenamento do xeo nas zonas máis elevadas e próximas aos grandes núcleos de poboación. Os pozos situados na área de Montseny, en plena montaña catalá, son un bo exemplo deste modelo de produción, moi próximo se cabe á industrialización. O conxunto de Montseny estaba integrado por varias lagoas e tres pozos emprazados na proximidade do regueiro de Avencó. Durante os meses de decembro e xaneiro, a auga do regueiro era canalizada ata as lagoas onde se conxelaban ante as baixas temperaturas. Unha vez conxelada, cortábase o xeo en bloques para ser levado ata os pozos máis próximos onde se acopiaban en placas separadas por palla ou ramas.

Aínda que a maioría destas edificacións están situadas nos picos máis altos da xeografía española, existen tamén pozos ubicados en cascos históricos cuxa función era a de servir de “despensa de xeo” para abastecer a cidade. O paso do tempo e as alteracións urbanas non impediron que en cidades como Toledo, Albacete ou Cidade Real se conserven algúns exemplos deste tipo.

Para un mellor aproveitamento do xeo e da neve, adoitábase construír nos sotos das vivendas un pozo que funcionaba como “frigorífico” no que conservar os alimentos. Monardes, fai referencia a isto no ano 1574:

«El extraordinario uso que se hacía de la nieve en la cocina española, dio lugar a que en cada casa se habilitasen medios para conservarla, análogos a los que usaban las neverías, aunque en menos escala: paja y pozos [...]. Construíanse en las despensas que solían instalarse en los sótanos de las casas, y con profundidad suficiente para mantener mucho más baja la temperatura exterior» (Beltrán, 1983: 95 cita a Monardes, 1574).

En consecuencia, dependendo da súa localización e do seu uso, as neveiras pódense clasificar segundo sexan de: almacenamento, distribución ou domésticas (Calvo, 1997). As primeiras atópanse nas zonas montañosas e normalmente, presentan unha fábrica de mampostería con cuberta abovedada, cupulada ou a dúas augas, aproveitando en moitos casos a propia superficie rochosa da ladeira para a súa disposición; as segundas instálanse nos principais núcleos de poboación ou na periferia das cidades e os seus muros están trabados con perpiaños, cun tipo de cubertas abovedadas e articuladas por medio de nervaduras; as terceiras en cambio, son de menor tamaño e levántanse no interior das vivendas.

Dende o punto de vista estrutural, as neveiras localizadas no ámbito urbano ou as pertencentes a castelos ou mosteiros, adoitaban ter un tamaño máis reducido en comparación coas de montaña, posto que súa a condición era semellante á de calquera almacén ou despensa. Concretamente, no nordeste Peninsular (Navarra, Araba, a Rioxa ou Cataluña), hai exemplos de neveiras deste tipo que contan no seu interior con corredores con escaleiras a modo de bodegas, para poder chegar ata o fondo da mesma (Calvo, 1997).

En canto ao acceso ás mesmas, tamén se realiza dun xeito distinto dependendo da súa natureza; nas neveiras de montaña, a entrada realizábase dende a parte superior mentres que as de distribución, polo xeral, tiñan acceso pola parte inferior (Aguirre, 2010).

Obviamente, a tipoloxía arquitectónica pode variar lixeiramente dependendo da área xeográfica na que se atopen; non obstante, existen unha serie de elementos comúns que se manteñen na maioría dos casos. A denominada “caixa da neveira” era o burato –cun diámetro de 5-8 metros– de forma variable, normalmente cilíndrica aínda que tamén podía ser cuadrangular, octogonal ou hexagonal, que se abría no terreo. A veces este foxo estaba circundado por un muro de mamposto ou cachotería revocado por cal e area. Estes muros podían ter mechinais onde se colocaban vigas necesarias para a construción da bóveda, servindo ao mesmo tempo como elemento de apoio ás poleas empregadas para a súa propia construción ou para a carga e descarga de neve. Sobre o

muro alzábase unha bóveda ou falsa cúpula que funcionaba como illante, evitando que a neve ou o xeo se puidese derreter. Esta bóveda ou falsa cúpula adoitaba estar articulada por medio de arcos entrecruzados –nalgúns casos coma en Montcabrer (Valencia) cun gran número de arcos– e inclusive podían ter contrafortes nos muros exteriores para contrarrestar o peso da cuberta abovedada como ocorre na neveira da Serra de Pila Fortuna (Murcia). No punto de arranque da bóveda sobre o muro abríase unha porta cara o lado norte para poder manipular a carga e descarga do material.

A principal condición que debía reunir esta construción era ter un bo illamento, e para iso, os muros tiñan que estar ben trabados e a bóveda debía estar recuberta cunha capa de terra e pedras a fin de evitar a entrada de aire do exterior. Do mesmo xeito, era habitual que na parte superior da bóveda se abrise un pequeno burato a modo de “respiradeiro” para que saíse o aire cálido que se puidese acumular no interior. Dentro, o chan debía estar levemente inclinado para que a auga acumulada tras a desconxelación da neve puidese evacuarse a través do cano ou desaugue situado na base da neveira (Aguirre, 2010).

Nalgúns exemplares analizados, a neveira podía estar oculta por unha especie de caseta para uso dos traballadores que era empregada como almacén de ferramentas. Ademais do carácter funcional desta edificación, contribuíase ao illamento da neveira, evitando que penetrara a calor do exterior.

A variedade morfolóxica de neveiras é un indicativo da expansión deste tipo de arquitectura da neve por toda a Península e Baleares, sendo especialmente significativa no arco mediterráneo formado por Castellón, Valencia, Castellón e Murcia. As coñecidas como neveiras da Serra de España (Murcia) chegaron a formar parte de todo un complexo “pre-industrial”, contabilizándose un total de 23 pezas de gran tamaño que abastecían a toda a área mediterránea.

Do mesmo modo, as neveiras de Serra Nevada en Granada –uns dos primeiros centros de consumo de neve– foron o principal subministro da área penibética. Precisamente, o escritor inglés Washington Irving faise eco deste tipo de actividade nas montañas granadinas:

«Pero, ¿qué luces son aquellas que veo brillar en la Sierra Nevada sobre los hielos que parecían estrellas si fueran rojas y no brillasen son la falda de la montaña? Aquellas señor, son las hogueras que encienden los neveros de hielo a Granada [...]; esa Sierra Nevada es un monte de hielo puesto en medio de Andalucía para tenerla fresca todo el verano». (Beltrán, 1983: 94 cita a Washington Irving, 1832)

4.1.2. O caso galego

A explotación da neve en Galicia parece estar estreitamente vinculada co cister; tódolos datos indican que foi esta orde relixiosa a promotora de gran parte das neveiras espaxadas ao longo do territorio galego. O cister implántase aquí no século XII, vivindo o seu apoxeo no século XIII, momento no que se empezan a datar as primeiras neveiras. Cara ao século XIV prodúcese o seu declive, se ben gran parte dos mosteiros mantivéronse activos ata o século XIX.

Na Baixa Idade Media existen referencias documentais en relación ao consumo do xeo, non obstante, debía ser aínda unha práctica bastante puntual en Galicia. Nun primeiro momento, era este un produto asociado ao clero e ao que a xente do común non tiña acceso. Así o reflicte o Códice Calixtino, *«en el iber peregrinationes (Códex Calixtinus) se desaconseja que el peregrino tome cualquier pescado que no proceda de los ríos cercanos debido a la ausencia de pozos de nieve en los que proveerse de conservante»* (Ayuso, 2007: 24 cita a Cabo, 1993).


Tal e como sucede a nivel estatal, a comercialización do xeo e neve esténdese a finais do século XVI, xeralizándose o seu consumo durante o século XVII. No século XVIII constátanse nos *Mapas Generales de Catastro* dez neveiras, «seis están ubicadas en la provincia de Santiago, tres en la de Ourense y una en la de Betanzos» (Fernández Cortizo, 1996: 48), cifra paradoxicamente escasa se atendemos ao número de exemplos hoxe detectados. Tal e como indica o autor, isto podería deberse ao feito de non seren rexistradas por tratarse de produción de xeo para o autoconsumo –non destinado á venda–, ou dun fenómeno de ocultación, pois como apunta Rodríguez Fraiz en relación ao mosteiro de Acibeiro, «las tenían ocultas para evitar pagos al fisco». Esta problemática en torno ao encubrimento da explotación da neve recóllese nunha carta dirixida ao abade de Acibeiro en 1632, na que se lle insta a pagar os dereitos reais que a súa venda conleva:

«...el padre Procurador General me/ Ynsta y a instado muchas veces para q./ Se tome la Vltima Resolución en esta/ Materia, que hes que el convento dé/ Poder por comunidad para otorgar/ Es-criptura a favor del administrador/ General de los rreales derechos de la niebe/ Yelos destos reinos, en que se obligue a/ Darle Dies ducados cada año por las/ Dos neberas q. tiene ese monesterio, pa/ Gados en madrid y Ducientos du/ Cados por una bes, que, sin los que están/ En poder del Receptor de penas de Cámara,/ los quales se han de pagar desde q. se en/ Bargaron las neveras (...) Y bien rreconose V.P./ q. no a de estar en arbitrio y Bolun/tad del deudor pagar quando qui/siere y como quisiere y q. si ubiere/ niebe y venta della se den Dies/ Ducados no mas y q. si no la ubiere/ no se dé nada (...) Y me he agus/tado con la decisión de la Rota/ aunque fue sin sitación del/ fiscal de S. mgd. q. hesa misna (sic)/ Condena a los eclesiásticos q. la ben/Den Y an bendido q. la traye Dia/ na en el noussimo tomo y con los/ de mas con quien se a echo Deli/ Gencia, unos se an ajustado Por/ lo bien que les está y otros an/ ... (roto) al administrao» (Bouza, 1932:99).

Andrés Sampetro (Sampetro, 1999) enumera unha longa lista de neveiras, a meirande parte en mans do clero: o mosteiro da Franqueira contaba con dúas neveiras e unha poza –a neveira da Franqueira, a neveira de Petán e a poza de Deva–; o cenobio ourensán de Melón tiña cando menos a do Tourón; San Martín Pinario tivo unha en Santa María de Xestoso, Silleda; o cabido de Santiago posuía dúas en Vilariño, Forcarei; o mosteiro de Toxosoutos contaba cunha en Urdilde, Rois; e o cabido ourensán aforaba unha no alto de Meda ao mosteiro de Xunqueira de Espadanedo. Outras institucións monacais que tamén parecen ter contado con neveiras serían Celanova, Meira, Montederramo, Oseira, Sobrado ou a abadía de San Clodio (Sampetro, 1999:384).

Co paso do tempo e seguindo a tendencia marcada polas ordes relixiosas, institucións civís e mesmo particulares quixeron facerse igualmente coas súas neveiras. De feito, sábese que os condes de Maceda explotaron unha na Cañiza –en orixe, pertencente ao mosteiro da Franqueira–, ou que o colexio de xesuítas de Santiago e o particular Gaspar Mosquera posuían cadansúa neveira en Acibeiro. Do mesmo xeito, recentemente identificouse unha neveira en Monforte, cuxa explotación posiblemente dependese dos Condes de Lemos.

Con respecto ao seu emprazamento, a maior parte das neveiras a día de hoxe identificadas en Galicia atópanse en ladeiras orientadas ao norte, a altitudes arredor dos 800 m. sobre o nivel do mar, se ben se localizou algún exemplo a cotas lixeiramente inferiores. Tal e como ilustra Fernández Nogueira (Fernández, 1999), todo o arco litoral galego podía estar abastecido polas neveiras situadas nas serras próximas; dende as máis ao sur de Paradanta como a serra do Pedroso, a serra do Cando e o Candán, ata a cornixa cantábrica coas do Xistral, onde posiblemente existisen exemplos na Cova da Serpe e no Bocelo, ao acadar estos lugares cotas que o farían factible (Fernández, 1983:111).



08. Neveiras localizadas en Galicia.

NEVEIRAS: 1) Serra do Xistral; 2) Urdilde; 3) Serra do Candán; 4) Serra do Cando; 5) Serra do Suído-Paradanta; 6) Cabeza de Meda; 7) Serra de San Mamede
 MOSTEIROS: Monfero, Meira, Sobrado, Aciveiro, Oseira, Melón, A Franqueira, Xunqueira de Espadanedo e Montederramo.

Os restos de neveiras ou pozos de neve conservados na actualidade, revelan que debían ser construcións máis ben modestas. Polo xeral, trátase de construcións semisoterradas na pendente, de planta circular ou oval, de catro a oito metros de diámetro. Os muros do pozo adoitan ser de mampostería e de pedra granítica ou pizarra. Probablemente, moitas delas, tivesen un segundo muro perimetral polo exterior, na parte do pozo que emerge do terreo, estando o espazo entrambos muros recheo de terra.

Polo que á cuberta respecta, barállanse diversas hipóteses. Apúntase a unha cuberta cónica, cunha armazón de madeira sobre a que se disporía unha cubrición a base de elementos vexetais, seguramente co tempo substituída por unha cubrición de tella, a fin de reducir o traballo de mantemento. Mais tamén se recoñece a posibilidade dunha cuberta abovedada de pedra naquelas neveiras nas que se aprecia unha construción máis coidada ou nobre; é o caso, por exemplo, da neveira do cabido de Ourense na Cabeza de Meda: «*El año 1734 como la techumbre amenazase ruina, “para evitar repetidos gastos” se pensó en hacerle una bóveda de piedra, que se ajustó con el carpintero Antonio de Castro en 1.750 reales*» (González, 1999:99).

Aínda que menos frecuente, existen algunhas neveiras de planta rectangular, como as de Petán, na Cañiza; nestes casos, a cuberta debía ser a unha ou dúas augas, con estrutura de madeira e cubrición, ben vexetal, ben con tellado.

A maioría dos pozos dispuñan na súa base dun conduto de desaugue co fin de evacuar a auga procedente do desxeo, evitando que esta contribuíse ao proceso de desconxelación no interior.

Algunhas destas neveiras contaban tamén cunha pequena construción anexa a xeito de alpendre no que gardar a ferramenta e para abrigo dos traballadores da neve, pois ante as duras inclemencias do tempo era recomendable contar cun lugar no que gorecerse. Un documento de 1625 referente ao cabido de Santiago deixa constancia deste tipo de construcións auxiliares: «*el cabildo de thenía menester de azer una casa junto a la nevera*» (Sampedro, 1999 cita a Fernández Cortizo, 1996). Os restos daquelas que se conservaron ata a actualidade indican que se construían, como os pozos, en pedra, aínda que pode que algunhas fosen de madeira e con cubrición a base de elementos vexetais (Sampedro, 1999: 390).

Os traballadores da neve, coñecidos como neveiros ou paleiros, adoitaban ser labregos da zona recrutados polo encargado da neveira, nomeado este polo propietario en cuestión. O proceso de recollida da neve comprendía toda unha serie de traballos preparatorios previos á chegada das primeiras nevaradas; a saber, a limpeza do pozo e a retirada da maleza ao seu redor, a posta a punto da cuberta, a adquisición de palla para o seu uso como illante ou o abasto de leña.

Considérase que entre mediados de xaneiro e mediados de febreiro era o momento en que se procedía ó traballo propiamente de encerro da neve. Esta labor consistía en recoller a neve dos arredores da neveira arrastrándoa ladeira abaixo ou carretándoa en cestos, para unha vez no pozo, íla compactando mediante pisóns en tongadas duns 50 centímetros, entre as que se interpuñan capas de palla ou similar para facilitar o posterior cortado dos bloques de xeo. Tamén entre as paredes da neveira e a neve se empregaba a palla a xeito de illante.

Non sendo en ocasións suficiente a neve do entorno da neveira para encher a súa capacidade, explica Sampedro (Sampedro, 1999:383) que ás veces existían pozas de neve próximas á neveira para facilitar a súa acumulación e evitar que esta fundise tan rapidamente por efecto do sol ou a choiva.

Unha vez recollida a neve, esta endurecía e convertíase en xeo no interior do pozo, prolongándose o encerro ata finais de maio, cando o produto comezaba a ser demandado. Segundo os rexistros dos Libros Borradores de Contabilidade do cabido de Santiago, o consumo de xeo estendíase polo xeral dende xuño ata outubro (Fernández, 1996).

A tarefa de corte do xeo non era traballo fácil, o xeo endurecía de tal maneira que era preciso picalo con forza para poder extraelo. Feito isto, non quedaba máis que transportalo ao centro de consumo, en cabalerías ou en carros, segundo as limitacións impostas polos propios camiños. Para evitar perder parte do xeo na viaxe por derretemento, cabe pensar que este ía protexido de novo con palla ou outros elementos como peles ou mantas. Aínda así, estímase que as minguas debían ser considerables, dependendo fundamentalmente da distancia a percorrer e das condicións meteorolóxicas.

Como xa se dixo anteriormente, no século XIX foise deixando a actividade da neve, coa consecuencia caída en desuso das neveiras. A meirande parte delas atópanse hoxe en día abandonadas, en precario estado de conservación, cando non sen localizar. Á hora de investigalas, chama a atención o descoñecemento popular en torno a elas, o cal pode ser un indicador da escasa importancia que estas tiñan para o groso da poboación –era un produto considerado de luxo–, ou quizais non sexa máis que un proceso de esquecemento colectivo debido ao paso do tempo.

Popularmente, existen interpretacións varias acerca das neveiras como “casas de mouros”. Esta asociación, a priori insignificante, pode ter certa explicación, e é que, como describía Bouza Brey en relación ás neveiras do Candán, «*tal montana, que as neves visitan tódolos invernos e coroan nos máis outos curutos ata ben entra a primaveira, está inzada de mámoas (...) e con dúbida respecto a si taes neveiras eran creazón do pobo tratando de expricar os túmulos funerarios neo-eneolíticos ou si pola contra tiñan eixistencia histórica, fixemos algunhas personaes esculcas*» (Bouza, 1932:98). Estando hoxe superada esta teoría, a coincidencia no mesmo lugar de neveiras e mámoas, así como a toponimia alusiva aos mouros repetida no entorno de moitas das neveiras, fai pensar que a miúdo estas se situaban en zonas con presenza de habitación neolítica, seguramente por mera concorrencia de condicionantes para o seu emprazamento. En todo caso, é evidente a pegada que esta alusión aos mouros deixou na tradición popular.

Neste sentido, habería que considerar tamén que algunhas das vías empregadas para o servizo das neveiras constitúen rutas existentes dende antigo. Os chamados camiños reais e medievais asentán frecuentemente o seu trazado sobre outros anteriores, moitos deles con restos megalíticos ou tumulares (Gómez Vila, 2002). Isto podería explicar quizais esa confusa relación entre os mouros e as neveiras.

4.1.3. As neveiras do Xistral

Na serra do Xistral localízanse diversas neveiras, relativamente próximas unhas das outras:

- A Neveira de Lousada, sita na Fonte da Neveira, Garrona, concello de Xermade.
- A Neveira de Montouto, no lugar do Rego Cavado, Arca de Montouto, concello de Abadín.
- A Neveira de Labrada, no lugar da Pardoa, concello de Abadín.
- A Neveira de Monseivane, no lugar da Casanova, San Simón da Costa, concello de Vilalba.



09. Representación das neveiras de Lousada, Montouto e Labrada en relación ao Camiño da Carba.

Como xa se adiantou, o Camiño Real Mondoñedo-Ferrol, tamén coñecido como Camiño da Carba, actúa como nexo entre elas, pois as catro –aínda que máis concretamente as tres primeiras–, se atopan a carón ou a escasa distancia desta ruta. Tal emprazamento é comprensible por razóns de operatividade, en tanto que dispor dunha vía de comunicación permitía transportar o xeo aos puntos de consumo.

En canto á toponimia, tal e como apunta Fernández Nogueira (Fernández, 1983) en relación a outras construcións deste tipo detectadas ao longo da xeografía galega, os nomes empregados para referirse aos lugares próximos ás neveiras resulta revelador. Preto da neveira de

Lousada localízase a Fonte da Neveira, e outros topónimos como o Alto da Neveira e Monte da Neveira, mentres que en Labrada, tamén moi cerca da construción en cuestión, repítese o termo de Alto da Niveira.

O refraneiro tampouco é alleo a esta realidade. Ao parecer, a xente de Labrada, na parte máis montañosa de Abadín, eran chamados “os da neveira”, quedando proba da crueza do clima nesta zona no cancionero popular:

*Indo por Montouto arriba,
anoiteceume na serra.
Rapaciños de Labrada,
abride as portas que neva.*

*Carrapetas de Labrada,
abride a porta que neva,
vindo por Montouto abaixo
anoiteceume na serra.*

Así mesmo, a asociación á que se fixo referencia anteriormente das neveiras co mundo mítico dos mouros, queda aquí tamén reflectida na toponimia. Nas proximidades das neveiras de Montouto e Labrada, atopamos a Fonte da Moura, Boca da Moura, Penas da Moura ou as Penas Mouras, aínda que quizais isto non sexa máis que produto da casualidade, xa que os topónimos desta índole son moi habituais por toda a xeografía galega.

Dende o punto de vista tipolóxico, as neveiras presentan características moi parecidas, aínda que o estado de abandono destas e a persistencia da maleza nalgún caso, impiden establecer unha comparativa en profundidade. Seguen formas rectangulares –se cadra a de Labrada é algo máis ovalada, parecendo incluso aproveitar algunha oquedade do terreo–, e conservan en maior ou menor medida os muros de mampostería de pedra conformadores do pozo. Quizais sexa a neveira de Montouto a que mellor se conserva das tres, ou cando menos, na que o pozo parece manter a súa integridade.

Seguindo a tendencia dominante nas construcións da neve en Galicia, aparecen a altitudes arredor dos 800-900 metros, preto dalgún cume, e adoitando unha orientación norte.

Por outra banda, o feito de que nas proximidades destas construcións existan pequenas acumulacións de auga en forma de pequenas charcas temporais poder ser un indicio de que estas concavidades naturais no terreo –aínda que moi superficiais– puidesen contribuír no pasado ao estancamento da neve.

A continuación, inclúese unha referencia básica das tres neveiras emprazadas no itinerario do Camiño Real, especificando a súa situación xeográfica, así como a posición respecto do trazado de dita ruta. As fotografías aportadas permiten igualmente facerse unha idea do estado actual das neveiras.

NEVEIRA DE LOUSADA



SITUACIÓN:

Fonte da Neveira
Lousada
Xermade

COORDENADAS:

43.418747 -7.688175

ALTITUDE: 790 m aprox.

ORIENTACIÓN: Noroeste



NEVEIRA DE MONTOUTO



SITUACIÓN:

Rego Cavado

Montouto

Abadín

COORDENADAS:

43.417876 -7.566980

ALTITUDE: 890 m aprox.

ORIENTACIÓN: Norte



NEVEIRA DE LABRADA



SITUACIÓN:

Penas da Moura
Labrada
Abadín

COORDENADAS:

43.407778 -7.556752

ALTITUDE: 915 m aprox.

ORIENTACIÓN: Nordeste



4.2. Unha aproximación á neveira de Lousada (Xermade)

4.2.1. Estudo histórico

Dentro do contexto global anteriormente analizado, a neveira de Lousada é un exemplo máis da referida “arquitectura da neve” que poboou as montañas do antigo Reino de Galicia a partir da Idade Media. A súa historia está substancialmente ligada á do seu Couto; por iso, á hora de realizar unha investigación sobre a mesma, é necesario partir dunha análise histórica do Couto de Lousada e da súa propiedade ao longo do tempo.

Durante a Idade Media, unha parte das terras de Xermade caeron en mans do cister. Concretamente o mosteiro de Meira tiña propiedades na zona Roupas e Cabreiros, xa que segundo comenta Dolores Mariño Veiras na súa obra *Señorío de Sta. María de Meira* (s. XII-XVI) (Mariño, 1983): «a través de Roupas y de Cabreiros se llega a la extensa depresión que forma la “Terra Chá” y la meseta lucense, en donde los monjes de Meira tienen un gran número de propiedades» (Mariño, 1983: 58).

Varios documentos Reais da Idade Media confirman como efectivamente, o Couto de Roupas pasou a formar parte do Señorío de Santa María de Meira por privilexios outorgados polos reis Alfonso VII, Alfonso IX e Fernando III; porén, non hai ningunha mención específica ao Couto de Lousada:

«Alfonso VII, juntamente con su mujer doña Rica, dona al monasterio de Santa María de Meira y su abad don Vidal el lugar de Chain, en tierra de Crecente, y la décima parte de las rentas y derechos que poseía la corona en el Puerto de Ribadeo.» (Sánchez, 1953:133 cita a Tumbo de Meira, fols. XI r y 414 v.)

«Alfonso IX dona al monasterio de Santa María de Meira y a su abad don Fernando cuanto le pertenecía en las granjas, montes y villares de Roupas, con el privilegio de coto, prohibiendo entrar en los términos que se especifican a los funcionarios reales ni si tantummodo pro moneta.» (Sánchez, 1953: 239 cita a Tumbo de Meira, fol. XII r.)

«Carta abierta de Fernando III confirmando al monasterio de Santa María de Meira y a su abad don Fernando en la posesión del Coto de Roupas, con todas sus heredades por los términos que se indican, y ratificando su exención jurisdiccional». (Sánchez, 1953:288 cita a Tumbo de Meira, fols. XII r. y 437r.)

No medievo era moi habitual que os señores eclesiásticos e a nobreza adquirisen unha serie de privilexios ou concesións reais por medio das “Cartas de Couto”. O motivo destas doazóns débense a intereses mutuos por parte dos monarcas castelán-leoneses e o poder eclesiástico fundamentalmente. O rei necesitaba exercer un dominio e control sobre o territorio e por iso, realizaba estas concesións para manter a homoxeneidade territorial que tanto desexaba conservar (Pallares, 1978).

Esta situación fixo que durante os séculos XIV e XV a nobreza galega se fixese cun amplo territorio, non só grazas aos privilexios outorgados por parte dos reis casteláns, senón tamén pola compravenda de terras e outras propiedades que lles foron encomendadas por parte dos mosteiros e catedrais.

Dentro deste panorama social, o Couto de Lousada é unha mostra do poderío acadado por parte da nobreza galega, posto que xa no século XIV aparece adscrito ao legado da familia nobiliaria López de Lanzós. Non hai probas que demostren que en efecto a súa titularidade fose cedida por medio dun privilexio real, pero o certo é que existe documentación que confirma que ata 1323 dona Maior Rodríguez, filla de Rui Gómez de Neda (Conde de Barcelos) e dona Marina López de Lanzós, era a propietaria do Coto de Lousada conforme ao ditado no seu testamento do 29 de novembro de 1323:

«Et mando o dereyto que eu ey aver devo na Iglesia de Lanços et de Lousada et de San Simon que fique en cada huna destas Iglesias et que ningún que nunca possa demandar en mina voz. Et mando

vender todo o herdamento que eu aio en Lançoos, ent Lousada et en Ameyxeedo, salvo ete que mandey as Igrejas; et se o quesser comprar Sta. Maria de Mendonede que lo vendan “ante coutionem” (Cal, 1984: 254-255).

Trala morte de Maior Rodríguez, Marina Pérez Lago e Fernán López de Lanzós son os seguintes terratenentes, ata que en 1368 dona Marina vende o Couto de Lousada a don Lopo Núñez de Montenegro, fillo de Rui Freire de Andrade:

«Sabeam quantos esta carta viren commo eu, Marina Peres de Lago, muller que fuy de Fernan Lopes de Lençoos, vendo para senpre a vos, Lopo Nunes de Montenegro et de Andrade, et a vosa muller, dona Mayor, et a vosa vos, todos los herdamentos lavrados et por lavar, et paaços et casas et casaes et fragas et arvores, iures et coutos et senorios et quinoes dos igligarios et leygarios et padroadigos et rendas et iur de apresentar et pan verde et vos et dereyto que eu ey et me pertesçe de aver et herdar por patrimonio et por comprar et por gaanças et por outra rason qualquer, en todas las feliglisias et couto de Santandre de Lousada et de San Martino et de San Pedro et de San Salvador de Lençoos et en Ameyxiido, et en seus herdamentos et ennos outros lugares des la vila das Pontes de Heume a ata contra Vilalva, et contra costas de montes, que son enno obispado de Mendonede, de montes a fontes, per hu quer que vaan, salvo que vos non vendo hi alguns beens moveles se os se os (sic) ora hi tenno [...]» (Portela, 1981 : 797 cita AHN Carp. 1335/6).

A morte de Lopo Núñez de Montenegro debeu de producirse pouco tempo despois de que este mercase as propiedades en Lousada, xa que o 9 de abril de 1376 dona Maior, viúva de don Lopo, escribe ante notario o seu testamento no cal lega o Couto de Lousada e outros bens ao Mosteiro de Santo Domingo (Lugo):

«Sabeam quantos esta carta viren commo nos don frey Pedro Lopes da orden dos preegadores por la gracia de Deus, obispo de Lugo, por poder que avemos de dona Mayor, muller de Lopo Nunes de Montenegro que foy, et filla de Pero Lopes de Aguiar, noso sobrino, et de Sancha Ferrnandes, sua muller que foy, por seu testamento feyto et signado por notario publico, do qual o tenor tal he:

(...) damos et outorgamos a dona Sancha, priora do mosteyro de Santa Maria a Nova da çibdade de Lugo, et a as donas do convento do dito mosteyro para a capela, que nos edificiamos et dotamos enno dito mosteyro de San Domingo de Lugo, enna qual esta ordenada nosa sepultura et en que iaz a dita dona Mayor et nosos parentes et seus, todos los herdamentos et iures et posesios con suas casas et montes et fragas et coutos et senorios et quinoes deles con todos los igliyarios et leygarios et padroadigos et rendas et foros et dereytos et pertenenças et iur de apresentar, que a dita dona Mayor avia et lle perteesçian de aver de feyto et de dereyto ennas feglesias et couto de Santandre de Lousada et de San Martino et de San Pero et de San Salvador de Lençoos et en Ameyxydo, et en seus terminos, et ennos outros lugares des la vila das Pontes do Heume ata contra Vilalva et contra Costas de Montes que son enno obispado de Mendonede, os quaes herdamentos et iures et posisoies et casas, montes, igligarios et leygarios de suso declarados perteesçian a a dita dona Mayor por compra que deles fezo con o dito Lopo Nunes, seu marido, de Marina Peres de Lago, muller que foy de Fernan Lopes de Lençoos.» (Portela, 1998: 895 cita a AHN, Carp. 1335/6).

Non se sabe exactamente cantos anos estivo o Couto en mans do poder eclesiástico, pero o certo é que a comezos do século XVI xa pertencía á familia de Lanzós e Andrade. Pola rama xenealóxica de Lanzós, a súa propietaria, Dona Inés de Castro e Lanzós era descendente de don Alonso de Lanzós –coñecido pola súa involucración na revolta irmandiña– e dona María de Castro. O casamento de Dona Inés de Castro con don Fernando de Andrade supuxo no só a unión de dúas grandes familias como eran os Andrade e Lanzós, senón tamén a constitución da Casa de San Sadurniño. A Fundación do morgado como tal prodúcese no ano 1526, momento no que, sendo Dona Inés de Castro e Lanzós e Fernando de Andrade os donos de dito Couto, ceden esta propiedade xunto co Couto de Ameixido, ao seu fillo Xoán Freire de Andrade e Lanzós:

«[...]E ansimesmo le nombro toda la parte que me perteneze en los cotos de Ferreira e Caiz, con sus vasallos e rentas, pechos e derechos e jurisdición zivil y criminal. Y más le nombro el mi coto de San Mateo que le compré a Lope Freire, con más la otra parte que me cave e pertenece en la otra parte deste dicho coto, con sus vasallos e rentas, pechos e derechos e jurisdición çevil e criminal. E ansimesmo le nombro todas las partes [y] quiñones que me caven en los cotos de Losada e Meyjido, de San Martiño de Piño, en Santa Christina de Goá e San Payo. E más le nombro toda la mi parte que me perteneze en las ferrerías da Queira con toda la jurisdición de ella, e la otra parte del río que fue del señor Conde de Lemos con toda la propiedad delas dichas ferrerías, con todas las rentas dellas en la parte que me cave. [...]» (Dopico, 2006: 459 cita ARG. RA Preitos, 1827/58).

A Escritura da súa Fundación é un documento revelador non só pola información que aporta en canto á posesión do Couto senón tamén porque nel declárase oficialmente o morgado de San Sadurniño baixo a potestade de Xoan Freire de Andrade e Lanzós, o segundo Marqués de San Sadurniño. O seu sucesor, Pedro de Andrade e Castro (1548) vai herdar estas pertenzas como III Marqués de S. Sadurniño e da mesma maneira, os seus descendentes presumiblemente, van continuar tendo entre os seus dominios o Couto de Lousada ata finais do século XVIII.

Non obstante, existen numerosas dúbidas e datos confusos con respecto á titularidade do Couto ao longo dos séculos XVII- XVIII. Nun documento relativo á partición dos montes de Lousada con data do 24 de novembro do ano 1651, adscribíse a don Juan Sarmiento Teijeiro a posesión dos Montes da Lagoa, próximos á finca onde se atopa a neveira:

«como asimismo la de montes que se nombra da Lagoa y por los precitados montes se le habían de pagar diez reales anualmente cada año al Don Juan Sarmiento y Teijeiro[...]» Partición Xudicial 1651

Pouco se sabe da figura do propietario don Juan Sarmiento, agás que estivo afincado no Val de Lourenzán; sen embargo, non existen datos concretos que o vinculen co Marquesado de San Sadurniño, ata o momento donos do Couto de Lousada.

Por outra banda, o finado Don Enrique Rivera Rouco, Cronista Oficial das Pontes, escribiu unha serie de notas históricas acerca da parroquia de Roupas onde afirma que tanto os Coutos de Lousada como de Roupas estiveron supeditados ao Señorío de Amarante dende mediados do século XVII por medio dunha concesión de Felipe IV:

«El rey Carlos III dirimió el litigio creando el Concello de Xermade en 1760, por lo que los terrenos en cuestión cayeron bajo el fuero y competencia de la Corona; si bien supeditados a la nobleza a que entonces estaban conferidos: al Condado de Amarante las comarcas de Roupas y Lousada.

Tal señorío había sido fundado en Antas de Ulla (Lugo) por el Rey Felipe IV en 1648 y, sucedido en descendencia, por la Casa de Ozores, aunque conservando el nombre de “Señores de Amarante”. Llegó a poseer numerosos beneficios eclesiásticos y propiedades, entre ellas los Cotos” de Roupas y Lousada.

[...] Conde de Amarante (Juan de Lemos y Sarmiento) al cual concedió el Rey Felipe IV el señorío de los “Cotos de Roupas y Lousada” en 1648 y fijó su mansión en el barrio de La Torre (Roupas) donde fundó la Capilla de San Roque, que se conserva en su estilo original».

http://www.amigus.org/2006/09/25/don_enrique_riv/

Case un século máis tarde, o Catastro do Marqués da Ensenada (1753) fai mención a don Antonio Vizente de España y Luna como o seu dono:

«[...] A primer capítulo dijeron que dicha feligresía se llama San Andrés de Losada, dentro de la que se halla el coto de este nombre, y el de Ameixido, y responden.

A segundo capítulo dijeron que dicha feligresía y el coto de este nombre de San Andrés de Losada es de señorío de don Antonio Vizente de España y Luna, vezino de la ciudad de la Coruña a quien los vecinos de este coto pagan por razón de señorío veinte y nueve reales y catorce maravedís (de) vellón anualmente, y el coto de Ameixido es de señorío de la Señora Marquesa de San Saturnino y por esta razón le pagan los vecinos de el cuarenta y dos reales de vellón y además de eso por razón de luctuosa muriendo el marido primero que la muger la mejor alaja de ganado, o pieza de quatro pies [...]».

Do mesmo xeito, unha publicación de María del Pilar Solís Parga acerca de “Los señoríos de la provincia de Betanzos y la Coruña según el manuscrito de la renta del tabaco” (Solís, 1992: 70) menciona a don Juan de España, procedente do señorío de España y Luna, como propietario do Couto de Santo André de Lousada en torno ao 1752.

En definitiva, tal e como reza a documentación de mediados de século XVIII, o Couto de Lousada foi a orixe de varios litixios acerca da súa delimitación e potestade. Isto probablemente, explique a controversia en canto á súa propiedade durante estes anos:

«[por lo respectivo al lugar de Teixido de avajo que también se paga por el canon anualmente diez maravedís desde tiempo inmemorial cuios vienes aquí expresados por foro pagan los otorgantes y lo han hecho sus causantes las pensiones mencionadas a los dueños que hasta aora hubo del señorío de dicho coto de Losada sin contradicion ni pleito mas del que movio dicho Don Antonio de Hespaña y Luna y aora el Exmo. Señor Marques de Baldecarzana, ni menos se ha echo ni movido por los señores que fueron de dicho coto contra los vienes que aquí ban expresados por libres hasta que ahora dicho señor marques por el motibo de haver formado la posesion del señorío y vienes forales de coto de Losada interpuso demanda real por sus términos en redondo exponeien ser todo en redondez de su vínculo antiguo [...] ano 1766.» ARG C-4534-2-.

Tomando como referencia os datos aportados, en 1766 o Marqués de Valdecarzana xa tiña no seu poder o Couto de Lousada, compartindo estas propiedades co Marqués de San Sadurniño:

«[...] de la referida feligresía y Coto de San Andrés de Losada es propio del enunpciado Marqués y pertenecen al motivado vínculo así en señorío, como en propiedad en Coto redondo sin escepcion alguna, sino solamente ...de basallaje de los vecinos de que se compone el Coto de Ameijide yncuso en los expresados términos que este pertenece al Marqués de San Saturnino por deribación y dibisión entre Pedro de Andrade y Castro su causante y los de dicho Alonso López de Lanzós fundaban del Mayorazgo de que está poseedor el de Valdecarzana , pero sin correspondencia al de San Saturnino, ni lleban al presente vienes ni hacienda alguna mas del señorío del referido Coto de Ameijide porque todas las Haciendas de el siempre an sido y quedaron a favor de los causantes de el motivado Alonso López de Lanzós y son comprendidas en el vínculo y mayorazgo por este y la expresada su muger». Ano 1827. ARG C-1469-21.

A liñaxe nobre dos Valdecarzana, orixinaria da zona de Asturias, nace como resultado da unión de don Diego de Miranda, señor da Casa de Miranda e Cabaleiro de Santiago con dona Xoana de Pardo e Osorio, pertencente esta última á familia de Lanzós. O fillo de ambos, acuñado como Sancho de Miranda, I vizconde do Infantazgo e I Marqués de Valdecarzana casou en segundas nupcias coa súa curmá dona Rosenda de Pardo e Aguilar. A estirpe Pardo e Osorio tiña un bo recoñecemento dentro da sociedade galega e polo tanto, o casamento de don Sancho de Miranda serviu para afianzar aínda máis os lazos entre a familia Miranda e Lanzós (Díaz, 2006).

Curiosamente, a vinculación do Marqués de Valdecarzana co Couto de Lousada ten a súa orixe na Casa de Lanzós e á súa vez, é probable que existise unha relación directa entre o Marqués de Valdecarzana e o Marqués de San Sadurniño cuxas orixes están tamén vencelladas á familia Lanzós.

A unión dos Marqueses de Valdecarzana co Couto aínda se manifesta na documentación de mediados do século XIX, facendo referencia aos cobros de foros polas súas terras no Couto de Lousada, segundo se recolle nunha partición xudicial dos montes de Lousada de 1845:

“Arimada a la anterior por la parte de sur lleva otra pieza de 15 ferrados cuia pieza la tomo por su beneplácito para pagar anualmente cada un año diez maravedíes por el tiempo de siempre jamas, cuios diez maravedíes ha de contribuir el Carballal y sus cesores al Marques de Bal de Carzana sin que desde hoy en adelante por dicha paga puedan pedir a los demas partícipes que son o fuesen a dichos montes so pena de pagar el Carballal y representantes».

Sen embargo, a importancia desta partida xudicial radica na mención que se fai á neveira de Lousada:

*«14ª ... en la cabecera de dicha fraga he reconocido otro retal de Carrascal y monte de poca consideración en su cavecera, su mensura con sus balgeras y recodos ochenta y siete fanegas fonda sur en el riego naciente **topa en la neveira** y fuente del mismo nombre y al nte en la Lagoa y Camino Real».*
Escritura de partijas de los Montes dos Foros, Goya, Aspros, Cal dos Mangos y Fraga da Lagoa.


Por primeira vez ata o momento, faise alusión a esta construción dun xeito bastante somero e simplemente dando constancia da súa existencia nas proximidades da chamada Fraga da Lagoa, no Couto de Lousada. A súa orixe incerta probablemente se deba a que en moitos casos e, concretamente na actual provincia de Lugo, estas construcións eran ocultadas para poder explotalas clandestinamente, evitando así o pago de impostos (Fernández, 1995).

En todo caso, unha vez feita esta pescuda, pódese concluír que tanto a neveira coma o Couto de Lousada estiveron en mans dos nobres galegos e astur-galaicos practicamente dende a Idade Media ata ben entrado o século XIX. A posibilidade de que fose construída e explotada polo clero esvaécese pois, ante a falta de documentación que acredite tal hipótese. Con respecto ao seu aproveitamento, como xa se comentou con anterioridade, as fontes orais falan dunha posible relación comercial entre Lousada e Ferrol coa intención de obter xeo para o abastecemento do porto ferrolán aínda que non é descartable que o xeo se enviase tamén a outras zonas de Galicia. O cese da súa actividade ao igual que ocorre co resto das neveiras de Galicia, calcúlase que ten lugar a finais século XIX trala chegada das primeiras máquinas de xeo, entre outros factores.

4.2.2. Estudo construtivo

Tipoloxicamente, a neveira responde ao prototipo de “neveira de almacenamento” ou “de montaña”; non en van, emprázase na serra e aproveita o desnivel natural da ladeira como base para o seu asentamento. A súa orientación é noroeste, aproveitando unha lixeira vagoada do terreo. A diferenza da meirande parte das neveiras, esta presenta unha planta rectangular, con muros de pedra trabados por medio de morteiro de barro. Nestes muros aínda se poden apreciar uns orificios que poderían indicar a existencia dun segundo nivel superior ou teren servido no proceso de construción da cuberta. Tendo en conta as paredes conservadas e visibles do seu pozo, a súas dimensións oscilarían entre os 10 m de longo e os 6 m de largo, non podendo determinar de maneira certa a súa profundidade, se ben, tomando como referencia outras construcións deste tipo escavadas, é de supoñer que o pozo contaría cuns 4-5 metros.

No seu extremo atópanse os restos dunha pequena construción a xeito de almacén que, ao igual que ocorre en moitos dos exemplos estudados, serviría como apoio ás tarefas de almacenamento e extracción da neve e o xeo. Non se sabe con exactitude as dimensións desta edificación nin se puido concibirse como unha estrutura exenta ou se, polo contrario, estaba integrada dentro da propia configuración da neveira.



13. Croquis da neveira a partir da súa parte visible na actualidade. Elaboración propia



14. Construción a base de muros de mampostería de pedra

4.2.3. Valores patri moniais

A neveira de Lousada trátase dun elemento patrimonial que forma parte da memoria histórica da vila, non só pola pegada que deixou na toponimia do lugar senón tamén polo feito de estar presente no recordo e na tradición cultural dos habitantes da zona. O seu **valor histórico** vén dado en gran medida pola existencia do Camiño da Carba, unha vía moi transitada e con gran transcendencia dende a Idade Media ata ben entrado o século XIX, frecuentado entre outros por arrieiros e cregos. En torno a el xiran varios episodios, algúns deles sen constatar e outros cunha gran repercusión, como a presenza da pousada da afamada bandoleira Pepa a Loba, á altura da Abelleira, ou o paso das tropas francesas durante a guerra da Independencia pola Cruz da Rega.

Dende o punto de vista **etnolóxico**, a neveira constitúe a testemuña material dunha actividade artesá perdida como foi a produción e extracción de xeo nas montañas da Carba. Dende finais do século XIX, coa aparición de novos métodos de produción de xeo, este oficio desaparece, o que trae consigo o abandono do inmovible. Porén, a pesar do paso do tempo e da súa ocultación, a neveira posúe un importante **valor arqueolóxico**, pois aínda conserva parte da estrutura orixinal, facendo posible unha lectura aproximada da súa configuración primixenia.

Así mesmo, o inseparable binomio neveira-Serra da Carba conforma unha unidade de gran **valor paisaxístico**, exemplo de integración da acción humana no medio. A neveira como tal, nace co obxecto de explotar un recurso natural nun medio físico concreto, establecéndose unha relación simbiótica entrambos compoñentes que singulariza este espazo e lle imprime un carácter identitario.

5. ESTADO ACTUAL DO ÁMBITO DE ESTUDO

5.1. Situación actual da neveira

No presente, a antiga neveira de Lousada vese reducida a restos arqueolóxicos que amosan unha mínima parte do que debeu ser no seu día. O seu mal estado de conservación apenas deixa dilucidar a súa estrutura primitiva e a súa capacidade de almacenamento, debido ao entumecemento dos muros e ao elevado depósito de material –da propia construción e da ladeira– no seu interior.

A obra atópase nunha finca de titularidade privada, polo que o seu acceso é en certa maneira limitado, xa que non existe dende a pista lindeira ata o seu emprazamento carreiro algún que conduza ata ela.

Polo que á súa protección respecta, a neveira está inventariada no Catálogo do PXOM baixo a categoría de construción etnográfica cun grao de protección integral.



15. Pista de acceso á finca na que se atopa a neveira



16 - 17 - 18. Estado actual da neveira. Elaboración propia.

5.2. Situación actual do Camiño Real Mondoñedo-Ferrol. Treito de Xermade.

Como se indicaba anteriormente, no caso concreto do concello de Xermade, o Camiño Real Mondoñedo-Ferrol discorre polas parroquias sitas máis ao norte, Lousada e Roupar, supoñendo algo máis de 12 quilómetros de ruta.

O Camiño Real entra en Lousada pola Fraga da Lagoa, perdendo algún treito de camiño orixinal por mor das pistas dun parque eólico. A continuación descende en dirección ao lugar da Garrona, para logo chegar ao Campo da Feira de Lousada, antigamente coñecido co nome de Furco, en alusión a un cruce de camiños neste punto. Segue a ruta



19. Percorrido do Camiño no concello de Xermade. Fonte: Elaboración propia.

por un treito de estrada provincial, retomando o antigo trazado e unha vez pasado O Sumeiro, chega á Abelleira, –punto de encrucillada co camiño de Lugo a Viveiro–, para pouco despois entrar xa na parroquia de Roupar polo lugar do Boucello. A partir de aquí, o camiño atópase máis transformado, esvaéndose o seu trazado entre viais de asfalto posteriores. Pasando por Penavaqueira, Os Fornos e A Casanova, en Roupar atópase co camiño procedente de Betanzos. O seu traxecto continúa por Porto da Vila, Bestelleiros, Calousada, Rego dos Sapos, Reboredo, Aguillón e Porvelo, para entrar xa en territorio pontés por Paraño, Forxa e Os Loureiros (Riveira, 2013).



20. Lugares ao paso do camiño. Elaboración propia

A construción da estrada dende a Ponte de Rábade a Ferrol cara a segunda metade do século XIX trae consigo a decadencia do Camiño Real, pois o mellor estado da nova infraestrutura desvía o tránsito entre Mondoñedo e Ferrol por Vilalba, condenando o camiño da Carba ao abandono.

Así se entende o total esvaecemento dalgúns treitos de camiño, sobre todo en Roupar, conservándose algo mellor en Lousada. Isto seguramente se deba por unha banda, ao menor grao de intervención e transformación no ámbito do camiño nesta parroquia, e por outra, ao mantemento e utilización do mesmo para servidume de fincas e propiedades a pé del.

En todo caso, as fontes dispoñibles permiten coñecer en gran medida o seu percorrido e reconstruír o seu trazado sobre o territorio actual. A súa pervivencia na memoria do lugar e a vontade de mantelo vivo no tempo evitaron que caera no esquecemento, constituíndo hoxe a base dunha ruta de sendeirismo cunha indubidable carga histórica.




21. O camiño no lugar da Abelleira, onde a ruta aparece indicada

O camiño constitúe unha liña vertebradora do territorio que une entre si os diversos núcleos de poboación polos que pasa. O tránsito convérteo nun elemento vivo, incluso nos lugares máis inhóspitos, soporte de numerosas historias e acontecementos recollidos na tradición oral que ás veces, mesmo teñen a súa testemuña en fitos físicos como cruceiros –a cruz da Rega, o cruceiro do Campo da Feira– ou capelas como a capela do Campo.

Ao respecto disto, escribe Ferreira Priegue: «*Los cruceros, los petos de ánimas y las capillitas que se encuentran a veces en los cruces de caminos o en lo alto de los cambios de rasante, son testimonio del temor y del desamparo del caminante, construcciones piadosas levantadas donde hubo una muerte violenta o se detuvo un cortejo fúnebre, en las peligrosas encrucijadas donde acechan los malos espíritus, puntos de referencia en el trayecto, o recordatorios de la presencia del señorío eclesiástico*» (Ferreira, 1988:38).

Do mesmo xeito, o seu carácter comercial e a continua circulación de viaxeiros explica a aparición doutros elementos ao longo do traxecto, tales como fontes, pousadas ou outros negocios e actividades situados sobre o camiño para dar fácil saída ao seu produto. A Fonte dos Cregos no concello veciño de Vilalba, o mesón da lexendaria Pepa a Loba, os fornos para abastecemento de pan aos viaxantes ou a propia neveira, son un claro exemplo disto.



22. Elementos patrimoniais no Camiño. Elaboración propia

6. CONCLUSIONES

Historicamente...

O Camiño Real da Carba foi unha vía de tránsito cunha clara vocación comercial. Isto explica que en torno a el fose xurdindo todo un entramado asociado ao intercambio comercial: neveiras adicadas á explotación económica da neve, unha pousada para dar acollida aos arrieiros, fornos, fontes para beberen os cabalos, etc. Este fluxo mercantil conviviu tamén con outro tipo de actividades vencelladas ao ámbito relixioso, tal e como denota a presenza de abundantes igrexas, cruceiro, capelas ou o uso habitual do camiño por parte dos cregos.

Esta forte actividade comercial arredor do camiño fixo que dende a Idade Media se fose articulando un certo desenvolvemento construtivo en torno a este eixe; mais, a creación de novos viais a partires da segunda metade do século XIX, supuxo en boa medida o seu abandono ao desvirtuarse en parte o seu trazado orixinal e deixar de ser transitable nalgúns dos seus tramos.

A neveira de Lousada non podería entenderse sen o camiño. A súa orixe non só está determinada polas condicións climáticas tan necesarias para a produción de xeo, senón tamén, pola operatividade que o camiño ofrece á hora de facilitar o transporte de mercadorías. Precisamente, a perda do valor uso da neveira a finais do século XIX coincide co momento en que o camiño deixa de ser transitado, ademais da confluencia doutros factores como a fin da última glaciación e a chegada de novos medios de produción de xeo.

A súa presenza, xunto coas outras neveiras construídas ao longo do Camiño Real, evidencia a importancia que tivo esta actividade, aínda presente na memoria histórica da xente do lugar.

Actualmente...

Nun intento por reactivar a circulación polo Camiño Real nalgúns dos seus tramos ao seu paso polo concello de Xermade, púxose en marcha unha ruta de sendeirismo coa pretensión de potenciar os seus recursos patrimoniais. Sen embargo, algúns destes elementos achados ao longo do percorrido, como a neveira, apenas son visibles debido ao seu deplorable estado de conservación.

En consecuencia...

A neveira de Lousada, xunto coas outras neveiras achadas ao longo do Camiño Real, forman parte dun pasado histórico vencellado a el, merecendo hoxe en día seren recuperadas por ser unha seña da identidade, non só para os habitantes da contorna, senón tamén para o lugar no que se atopan.

7. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN PATRIMONIAL

7.1. Liñas de actuación

O principal problema que afecta ao patrimonio etnolóxico, ten que ver co seu recoñecemento. A pesares de que a sociedade se identifica con el, está infravalorado en comparación con outros tipos de patrimonio cultural perfectamente asimilados dende o punto de vista social, como pode ser por exemplo o patrimonio histórico-artístico.

Polo xeral, non hai unha toma de conciencia de que elementos de carácter etnolóxico poidan ser considerados coma un ben patrimonial e isto, fai que en moitos casos caian no esquecemento, contribuíndo así ao seu abandono.

Sen embargo, convén ter presente que estamos a falar de « [...] *una parte fundamental de nuestro patrimonio, como es el etnológico, que nos habla de unos modos de vida cotidianos (patrimonio “modesto” se suele denominar) en donde podemos encontrar buena parte de los referentes que nos identifican como colectivo*». (Agudo, 1999: 57)

O descoñecemento é a maior parte das veces a principal causa de que non se protexa e non se conserve este patrimonio; por iso, con este traballo preténdese contribuír no coñecemento da neveira como ben patrimonial para poder determinar medidas que incentiven a súa protección e difusión.

Os principios básicos que debe rexer toda acción tutelar aséntanse nestes catro piares: **COÑECER, PROTEXER, CONSERVAR E DIFUNDIR**. Partindo desta premisa, concrétanse aquí unha serie de liñas de actuación a seguir:

- Indagar no coñecemento da neveira de Lousada mediante a execución de prospeccións arqueolóxicas necesarias para o seu entendemento.

- Promover o recoñecemento, identificación e protección da neveira de Lousada dende o punto de vista administrativo, por parte da Consellería de Cultura (Xunta de Galicia).
- Aplicar novas estratexias que permitan redimensionar o Camiño Real da Carba a través do acondicionamento e aproveitamento dos seus recursos patrimoniais.
- Establecer medidas de difusión que potencien o coñecemento da neveira de Lousada en relación con outras neveiras.

7.2. Desenvolvemento da proposta

I. COÑECER

O coñecemento dun ben patrimonial de interese etnolóxico enténdese como un proceso interdisciplinar no que participa un amplo equipo de traballo integrado por varios profesionais (historiadores, antropólogos, xeógrafos, arquitectos, arqueólogos, etc.), de modo que se poida facer unha lectura máis ampla do ben patrimonial en cuestión.

No presente estudo da neveira de Lousada iniciouse o camiño para o seu entendemento a través dunha análise territorial, histórica e actual, tendo en conta as fontes orais e documentais. Emporiso, para poder facer unha interpretación completa da mesma, é necesaria a intervención arqueolóxica –baixo o regulamento ditaminado no Decreto 199/1997 do 10 de xullo acerca da actividade arqueolóxica en Galicia– para determinar algunhas das súas claves patrimoniais. En efecto, isto permitiría precisar a configuración da neveira (dimensións, materiais, sistema construtivo, etc.), arestora parcialmente oculta pola maleza e o depósito de material, e ao mesmo tempo diagnosticar e valorar dunha maneira máis certa o seu estado de conservación.

II. PROTEXER

No referente ao patrimonio etnográfico, a Lei de Patrimonio 8/1995, de 30 de Outubro no seu artigo 66 contempla que:

«A tódolos bens de carácter etnográfico que constitúan restos físicos do pasado tecnolóxico, produtivo e industrial galego que sexan susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica seralles aplicable o disposto nesta lei para o patrimonio arqueolóxico».

A neveira de Lousada ampárase pois nos parámetros de protección ditaminados na Lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia no tocante ao patrimonio arqueolóxico:

«No planeamento recolleranse normas específicas para a protección do patrimonio arqueolóxico, que preverán, polo menos, a zonificación de áreas de fertilidade arqueolóxica, solucións técnicas e financeiras.»

En efecto, a neveira está contemplada dentro do PXOM cun grao de protección integral; sen embargo, non está recoñecida dentro do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. A pesar da súa inclusión dentro do planeamento municipal é necesario que forme parte do Inventario Xeral tal é como se recolle na Disposición adicional segunda do artigo 99 da Lei 8/1995 do 30 de Outubro do Patrimonio Cultural de Galicia:

«En virtude desta lei inclúense no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens recollidos nos catálogos das normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense Pontevedra, aprobadas pola Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 3 de abril de 1991, así como os contidos nos catálogos de calquera outra figura de planeamento».

A súa inclusión en dito Inventario é fundamental xa que supón un recoñecemento dos seus valores patrimoniais e a aplicación dunha serie de medidas de protección básicas que estarían adscritas á Consellería de Cultura. Así mesmo, o feito de que o Inventario Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia sexa de dominio público implica a obtención dunha maior difusión o e identificación do ben patrimonial.

Neste sentido, resultan clarificadoras as verbas do etnógrafo Agudo Torrico: «...este primer registro supone constatar el valor de su existencia como paso previo para cualquier otra acción (...) No olvidemos que con este simple acto, estamos a veces elevando su propio rango entre quienes conviven con estos bienes culturales y a los que nunca le han dado tal valoración; precisamente por considerarlos muy alejados de la imagen imperante, ésta sí una y otra vez enfatizada, de los otros grandes bienes culturales histórico-artístico-monumentales» (Agudo, 1999: 57).

III. CONSERVAR

Cando se fala de “Conservación do Patrimonio” faise alusión a un conxunto de medidas ou tratamentos que teñen como finalidade prolongar a permanencia do obxecto sen modificar o aspecto estético formal que lle é propio. Neste caso, será un técnico especializado en restauración quen ditamine as pautas a seguir durante e despois das escavacións realizadas. En todo caso, as tarefas principais deben ir encamiñadas á limpeza xeral da neveira e da súa contorna máis próxima e á consolidación da súa estrutura a fin de evitar o colapso.

IV. DIFUSIÓN

Unha das maiores trabas con que se atopa o patrimonio etnolóxico consiste precisamente en ser recoñecido como tal. Por iso, neste eido a acción de difundir resulta se cabe máis necesaria, como ferramenta para establecer o vínculo entre o patrimonio e a sociedade.

Á hora de establecer medidas de difusión, cómpre valorar a neveira no seu sentido máis amplo, facendo unha lectura de conxunto do territorio no que se atopa. Esta obra é un produto do seu contexto histórico e paisaxístico; a serra, o camiño e as outras neveiras constitúen un todo indisoluble.

Por este motivo, fórmase aquí unha proposta de difusión e posta en valor que abarca dúas escalas: unha de ámbito local e outra máis global, definidas en dúas das liñas actuación anteriormente descritas:

- Aplicar novas estratexias que permitan redimensionar o Camiño Real da Carba a través do acondicionamento e aproveitamento dos seus recursos patrimoniais.
- Establecer medidas de difusión que permitan potenciar o coñecemento da neveira de Lousada en relación coas outras neveiras.


O cumprimento de ambas directrices concrétese na materialización de dúas accións fundamentais:

1. A creación dunha plataforma web como soporte para identificar, catalogar e difundir as neveiras de Galicia por medio dun modelo de fichas descritivas que permitan coñecer os principais aspectos de cada construción.

Tralo estudo da neveira de Lousada, detectouse unha falta de información con respecto á existencia de neveiras no territorio galego, no só por parte das administración pública senón tamén por parte da cidadanía. Dende o ámbito da investigación, téñense publicado algúns traballos como os de Camilo Fernández Cortizo, Xavier Fernández Nogueira ou Andrés Sampedro –entre outros–,

que serven como fonte imprescindible para afondar no seu estudo. Nun intento por contribuír ao avance do seu coñecemento e sobre todo á súa divulgación, propónse a creación dunha plataforma online que permite aportar información básica en canto á localización, identificación e descrición de cada unha das neveiras existentes en Galicia.

A interface da aplicación ten como elemento base un mapa interactivo para poder xeolocalizar cada unha das neveiras de tal xeito que, ao pinchar en cada punto marcado no mapa, o usuario accede a unha ficha-catálogo onde se ofrecen datos acerca da neveira requirida.



23. ACCESO: <https://www.google.com/maps/d/edit?mid=zVWjteQ8JRRU.kBk2dmGIGmek>

A principal vantaxe do formato que aquí se expresa é a posibilidade de interactuar co usuario de maneira directa, posibilitando así unha maior fluidez na comunicación e transmisión da información.

2. A posta en marcha dun plan de mellora, acondicionamento e promoción do Camiño Real da Carba, valorando a posibilidade de incorporar novos elementos patrimoniais ao traxecto actual marcado pola Ruta de Sendeirismo da Serra da Carba.

Tal e como se contempla na propia liña de actuación esta medida resúmese en tres actuacións:

- A incorporación de novos elementos patrimoniais como son as neveiras de Labrada e Montouto dentro da actual ruta de sendeirismo da Serra da Carba.



24. As neveiras de Montouto e Labrada como elementos patrimoniais sobre a ruta. Elaboración propia

A través desta iniciativa, preténdese relacionar as tres neveiras –Montouto, Labrada e Lousada– dentro dun mesmo contexto, o Camiño Real Mondoñedo-Ferrol, aportando novos significados ao Camiño Real.

A súa execución implica un compromiso e acordo por parte dos concellos sitos no itinerario do camiño –Xermade, Vilalba e Abadín– para colaborar neste proxecto común de posta en valor e difusión do patrimonio da Carba.

- O **acondicionamento da ruta** de sendeirismo que discorre polo Camiño Real da Carba mediante a incorporación de elementos explicativos que ofrezan unha maior información ao visitante acerca deste eixe histórico e dos principais bens patrimoniais que se atopan nel.

Actualmente, o roteiro establecido polo Camiño Real ao seu paso por Xermade está correctamente sinalizado de acordo coa normativa estatal e europea, empregando como distintivo dúas franxas que ademais de indicar a traxectoria do camiño, advirten de que se trata dunha ruta de Pequeno Recorrido (PR).

Esta tipo de indicacións poden complementarse mediante a disposición de material infográfico que permita ao visitante obter unha maior explicación *in situ* acerca desta vía e dos elementos máis destacables que discorren ao longo do seu percorrido.

Ademais da sinalización e aplicación de métodos interpretativos, este tipo de actuacións deben ir acompañadas dunha mellora da accesibilidade a certos bens patrimoniais hoxe en día incomunicados como poden ser as neveiras.

- A elaboración dun plan de publicidade e **promoción da ruta** de sendeirismo do Camiño Real da Carba.

A difusión e posta en valor do patrimonio implica a creación dunha serie de estratexias publicitarias. Neste sentido é fundamental o uso de soportes web ou folletos divulgativos empregados como medio de comunicación co público, así como a interacción con diversos colectivos e plataformas que sirvan de intermediación coa cidadanía.

Na actualidade, existen iniciativas de difusión de rutas e itinerarios a través da creación de Redes de Sendeiros nas cales se da a coñecer, a distintas escalas, aqueles espazos de maior interese medioambiental e patrimonial. A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (**Turgalicia** <http://www.turgalicia.es>), promovida pola Xunta de Galicia, é unha das vías máis utilizadas para promover o noso patrimonio cultural e natural. Na súa páxina de consulta na rede, entre os seus recursos turísticos ten un apartado específico dedicado ao Sendeirismo en Galicia onde se informa ao usuario das rutas que existen na comunidade.

Trala declaración de Reserva da Biosfera Terras do Miño no ano 2002 na cal se inclúe o concello de Xermade, dende a propia Deputación de Lugo fomentouse a creación de órganos de xestión para contribuír ao aproveitamento dos recursos naturais e á vez, xerar novas iniciativas encamiñadas á difusión e participación cidadá. Dende esta plataforma, promóvese a visita á área natural protexida mediante a creación de rutas de sendeirismo por toda a demarcación. A pesar da súa inclusión dentro da Reserva da Biosfera, o camiño Real da Carba non está identificado dentro da área delimitada. Así pois, un bo xeito de incentivar a súa divulgación podería ser a inserción do Camiño Real dentro do seu soporte web [<http://terrasdomino.deputacionlugo.org/>].

O aproveitamento deste tipo de recursos e redes de información, supón unha oportunidade para relanzar a Ruta do Camiño Real da Carba como un espazo de gran riqueza paisaxística e cultural dentro do territorio galego.

BIBLIOGRAFÍA

FONTES BIBLIOGRÁFICAS:

- A.A.V.V. 2011, "As neveiras ou casas da neve no campo do Eirado", vol. 3, Asociación Cultural "Aira das Mantas".
- A.A.V.V. 1866, *Itinerario descriptivo militar de España, formado y fabricado por el depósito de la guerra. Tomo VII Galicia*, Depósito de la guerra edn.
- Ayuso Vivar, P.A. 2007, *Pozos de nieve y hielo en el Alto Aragón*, Instituto de Estudios Altoaragoneses. Diputación de Huesca, Huesca.
- Ballesteros Arias, P. 2004, "Arquitectura tradicional gandeira na serra do Suído: a resposta dunha tradición", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 51, no. 117, pp. 9-48.
- Barco, A.M.C. 1997, "Los neveros, una actividad desaparecida en nuestras montañas", *Zainak. Cuadernos de Antropología-Etnografía*, no. 14, pp. 203-213.
- Barja, F.J.R. ; Vidal, M.V.M. 1990, *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Consello da Cultura Galega.
- Barreiro Gil, M. J. 2001, "El atraso económico y el sistema de transporte terrestre en la Galicia del siglo XIX.", *Revista Galega de Economía*, vol.10.
- Belda, L.S. 1953, *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia. Catálogo de los conservados en la Sección de Clero del A.H.N.*, Madrid.

- Blanco, F.D. 2006, "Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño na Comarca de Ferrol (séculos XVI ao XVIII)", *Cátedra: revista eumesa de estudos*, no. 13, pp. 435-471.
- Bouza Brey, F. 1932, "Encol das neveiras do mosteiro de Acebeiro e as mámoas da Serra do Candán", *Nós: boletín mensual da cultura galega*, vol. 102, pp. 98-99.
- Caamaño Suárez, M. 2003, *Galicia, as construcións da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia*, Hércules, A Coruña.
- Cacheda Pérez, M. 2004, "A arqueoloxía no Plan eólico da Galiza: estudos de impacto arqueolóxico", *Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio*, .
- Cal Pardo, E. 1999, "Colección Diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo (Transcrición íntegra dos documentos)", *Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Sección de Patrimonio Histórico)*.
- Cal Pardo, E. 1984, *El monasterio de San Salvador de Pedroso en Tierras de Trasmancos*, Diputación Provincial da Coruña.
- Calero Carretero, J.A.; Carmona Barrero J.D. 2007, *Bases para la elaboración de un Catálogo de los pozos de nieve de Extremadura*, VII Jornada de Historia de Fuente de Cantos, Badajoz.
- Capel, H. 1970, "Una actividad desaparecida de las montañas mediterráneas: el comercio de la nieve", *Revista de geografía*, vol. 4, no. 1, pp. 5-42.
- Carneiro Rey, J.A. 2005, "Antas no camiño. Prehistoria e Arqueoloxía nos Camiños Xacobeos do Norte", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 52, no. 118, pp. 199.
- Casanova, C.F. 1998, *Historia da pesca en Galicia*, Univ Santiago de Compostela.
- Corella, P. 1989, "La casa arbitrio de la nieve y hielos del reino y de Madrid (1607-1863)", *Mélanges de la Casa de Velázquez*, vol. 25, no. 1, pp. 175-197.
- Cortés, F.B. 1983, *Apuntes para una historia del frío en España*, Editorial CSIC-CSIC Press.
- Cortizo, C.F. 2008, "Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la época moderna", *Ohm: Obradoiro de Historia Moderna*, no. 17.
- Cortizo, C.F. 1996, "Neveras y cosecha de nieve en Galicia (Siglos XVII-XVIII)", *Ohm: Obradoiro de Historia Moderna*, no. 5.
- Díaz Álvarez, J. 2006, "Los marqueses de Valdecarzana, señores de vasallos en la Asturias del Antiguo Régimen (siglos XVI-XVIII)", *Revista de historia moderna*, vol. 24, pp. 363-394.
- Fariña Jamardo, X.M. 1990, *Os concellos galegos*. Tomo X, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- Fernández Nogueira, X. 1988, "A industria da neve na Galicia anterga", *Terra*, vol. I.
- Fernández, A.S. 1999, "Una aproximación al mundo de la nieve en Galicia", *Cuadernos de etnología y etnografía de Navarra*, vol. 31, no. 73, pp. 381-408.
- Ferreira Priegue, E. 199-?, "Las rutas del comercio medieval: Galicia en las rutas del comercio medieval", *Historia de Galicia*, pp. 425-440.
- Ferreira Priegue, E. 1988, *Los caminos medievales de Galicia*, Boletín Auriense Anexos, 9, Museo Arqueológico Provincial.
- Ford, R. 2008., *Manual para viajeros por España y lectores en casa: El reino de Galicia y Asturias*, Turner edn, Madrid.
- Giménez Rodríguez, E. 1998, "Sobre el consumo de hielo y nieve en la Cataluña del siglo XVIII", *Pedralbes. Revista d'Historia Moderna*, no. 8, pp. 307-314.

- Gómez Vila, J. 2005, "Camino y túmulos. Aproximación al estudio de los caminos megalíticos en el noroeste peninsular", *Actas del III Congreso del Neolítico en la Península Ibérica: Santander* Consellería de Educación. Xunta de Galicia, 5 a 8 de octubre de 2003, pp. 405-412.
- González García, M.Á. 1999, "El pozo y abasto de nieve del cabildo de la catedral de Ourense", *Cuadernos de estudios gallegos*, vol. 46, no. 111, pp. 93-122.
- González Reigosa, C. 2006, *Pepa a Loba*, Edicións Xerais edn.
- Labrada, J. L. 1804, *Descripción económica del Reyno de Galicia*, Junta de Gobierno del Real Consulado de La Coruña, Ferrol.
- Lence Santar, E. 2000, *Etnografía mindonsiense*, Edición de Armando Requeixo edn, Follas Novas, Santiago de Compostela.
- Lindoso Tato, E. 206, "A la sombra del Arsenal: la oferta empresarial ferrolana en el siglo XIX", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 119, pp. 271-204.
- López Carreira, A. 1999, *A cidade medieval galega*, ANosa Terra, Vigo.
- Madoz, P. 1845, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Est. Literario-Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- Mariño Veiras, D. 1983, *Señorío de Santa María de Meira (de 1150 a 1525). Espacio rural, régimen de propiedad y régimen de explotación en la Galicia Medieval*, Ediciones Nós, A Coruña.
- Méndez, María del Carmen Pallares 1979, *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*, Diputación Provincial de La Coruña, Publicaciones.
- Morley, S.G. 1942, "Pozos de Nieve", *Modern Language Notes*, pp. 541-546.
- Nardiz, C. 1991, "La formación y transformación de la red viaria en Galicia", *Boletín Académico-Escuela Técnica Superior de Arquitectura*, vol. 14.
- Ortiz, A.G. & Castellví, J.A.P. 2006, "La pequeña Edad de Hilo en Sierra Nevada a través de los escritos de época (siglos XVIII y XIX) en su relación con el progreso de la geografía física y geomorfología española", *Boletín de la AGEN*, vol. 42, pp. 71-98.
- Pallares Méndez, M.M. 199-?, *Las ciudades y la sociedad feudal: campos y ciudades en los siglos XII y XIII*, Historia de Galicia edn, , Vigo.
- Pernas Bermúdez, C. 2006, "Itinerarios de arquitectura popular pola Terra Chá", *Instituto de Estudos Chairegos, Colección Biblioteca Chairega*, vol. 6.
- Portela Silva, M.J. 2007, *Documentos da Catedral de Lugo Século XIV*, vol. II edn, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- Portela Silva, E. 1981, *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Riveira Requeijo, A. 2013, "Camino Real da Carba, Mondoñedo-Ferrol. Treito polo concello de Xermade.", *Revista Hume*, vol. VI, pp. 246-257.
- Rodríguez, C.B. 2006, "Fundación do vínculo e morgado da casa de san Sadurniño, feito por Fernando de Andrade", *Cátedra: revista eumesa de estudos*, no. 13, pp. 221-275.
- Rodríguez, E.G. 1988, "Sobre el consumo de hielo y nieve en la Cataluña del siglo XVIII", *Pedralbes: revista d'història moderna*, no. 8, pp. 307-314.
- Roel, A.E. 2008, "El comercio de Galicia y con Galicia en la economía mundial del siglo XVIII. Para un estado de la cuestión", *Ohm: Obradoiro de Historia Moderna*, no. 17.

- Rozas Villagrasa, M.M. 1999, "Notas sobre la tramitación parlamentaria de la ley de Patrimonio Cultural Aragonés", *Proyecto social: Revista de relaciones laborales*, no. 7, pp. 221-232.
- Saco, F.V. 2003, "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de fraseoloxía galega*, no. V.
- Sarmiento, F.M. 1996, *Escritos geográficos*, Edición e estudo preliminar por José Luis Pensado edn, Consellería de Cultura.
- Solís Parga, M.P. , *Anuario Brigantino*.:
http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1992PDF/1992%20065_088.pdf.
- Sorondo, A.A. 2010, "Neveros de Navarra. Conservación y comercio de nieve y hielo", *Cuadernos de etnología y etnografía de Navarra*, vol. 42, no. 85, pp. 5-42.
- Tato, E.L. ; Rodríguez, M.V. 2009, "Infraestructuras y transportes en Galicia antes del Ferrocarril" Universidad de la Coruña.
- Tenreiro, S.F. & Bermúdez, C.P. 2003, "Proxecto de dinamización das terras da Carba e Monseivane", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, no. 11, pp. 129-176.
- Vallejo Pousada, R. 2003, "Historia da pesca en Galicia (das orixes ata o século XVIII)", *Revista de Estudos Provinciais*, no. Pontevedra.
- Yañez Neira, D. 1993, *El monasterio cisterciense y la villa de Santa María de Meira: síntesis histórico-artística*, Servicio de Publicaciones Diputación Provincial Lugo, Lugo.

DOCUMENTOS LEXISLATIVOS:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xermade* Miércoles, 28 de Mayo de 2003, B.O.P. de Lugo Num. 120.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia* 8.11.199, Diario Oficial de Galicia núm. 214.
- Ley de 16/1985, de 25 de Junio, del Patrimonio Histórico Español* 29 de Junio de 1985, BOE.

FONTES ARQUIVÍSTICAS:

Arquivo do Reino de Galicia:

- "El Marqués de Valdecarzana con Don Pedro Pardo de Cella y consortes: reivindicación en el coto y feligresía de S. Andrés de Losada" C-1469-21
- "El Marqués de Valdecarzana con Andrés Chao y otros: pago de pensiones por la medida del [...] en el Coto de San Andrés de Losada" C-12934-33
- "El Marqués de Valdecarzana con el Marqués de San Saturnino Antonio de España y Luna y otros, sobre lesión el foro hecho por Sancho Fernández de Miranda de la Torre de Lanzós". C-4534-2-

Arquivo Diocesano de Mondoñedo:

- Fondos parroquiais de Labrada
- Fondos parroquiais de Lousada

Documentos privados:

Escritura de partijas de los Montes dos Foros, Goya, Aspros, Cal dos Mangos y Fraga da Lagoa 1845.

FONTES DE INTERNET:

http://www.amigus.org/2006/09/25/don_enrique_riv/ [2/11/2014].
<http://estudiosgen.com/m/group/discussion?id=6397633%3ATopic%3A17645> [6/10/2014].
<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2004/10/16/3118706.shtml> [10/12/2014]
<http://patrimoniogalego.net/index.php/49769/2013/09/casas-da-neve-parada-do-sil/>. [5/10/2014]
<http://tectonicablog.com/?p=85740>. [5/10/2014]
<http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/320>. [8/11/2014]
www.turgalicia.es. [10/02/2015]
<http://www.caminosdomar.com/rutas.php?idioma=es>. [14/11/2014]
<http://terrasdomino.deputacionlugo.org/index.php?pag=descubreArt&cat=descubre&>
[4/11/2014]
<http://inventariopatrimoniocultural.xunta.es/>. [09/11/2014]
<http://www.forcarei.net/Arquivos/sendeiros/fixo.pdf>. [11/11/2014]
<http://www.xermade.org/camino-real-da-carba-mondonedo-ferrol-treito-xermade/>. [13/11/2014]

FONTES PLANIMÉTRICAS E CARTOGRÁFICAS:

As Escolas da Emigración. Un proxecto do Arquivo da Emigración galega. <http://mapas.consellodacultura.org/escolas/>. [14/11/2014]

Biblioteca de Galicia:

<http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/consulta/registro.cmd?id=6542>. [14/11/2014]

Biblioteca Digital Real Academia de la Historia. http://bibliotecadigital.rah.es/dgbrah/es/consulta/resultados_navegacion.cmd?busq_autoridadesbib=RAHA20110004309. [14/11/2014]

Instituto Geográfico Nacional: <http://www.ign.es/ign/layout/series.do>. [14/11/2014]

RELACIÓN DE IMAXES:

01 Mapa Xeral de Galiza. Concello de Xermade.

Elaboración propia.

02 Paisaxe da Fraga da Lagoa.

Fonte propia

03 Vista xeral da Fraga da Lagoa.

Fonte propia

04 Poza na Serra da Carba.

Fonte propia

05 Detalle de *Mapa geográfico del Reyno de Galicia*, 1784

Fonte: Biblioteca Digital Real Academia de la Historia / RAH20101000286

06 Tramo Mondoñedo-Roupar de *Carta geométrica de Galicia dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos, presenta en 1834 a S.M. la reina gobernadora Doña María Cristina de Borbón* [MAP_187], Domingo Fontán, 1845

Fonte: Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.cmd?path=1140666&interno=S&presentacion=pagina&posicion=3®istrardownload=0

07 Estrada proxectada Ferrol-Ponte de Rábade, *Carta geométrica de Galicia dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Pontevedra y subdividida en Partidos y Ayuntamientos, presenta en 1834 a S.M. la reina gobernadora Doña María Cristina de Borbón* [MAP_187], Domingo Fontán, 1845

Fonte: Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia

http://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.cmd?path=1140666&interno=S&presentacion=pagina&posicion=2®istrardownload=0

08 Neveiras localizadas en Galicia.

Elaboración propia.

09 Representación das neveiras de Lousada, Montouto e Labrada en relación ao Camiño da Carba

Elaboración propia.

10 Ficha. Neveira de Lousada.

Elaboración propia.

11 Ficha. Neveira de Montouto.

Elaboración propia.

12 Ficha. Neveira de Labrada.

Elaboración propia.

13 Croquis da Neveira de Lousada.

Elaboración propia.

14 Neveira de Lousada. Mampostería.

Fonte propia.

15 Acceso á Neveira de Lousada.

Fonte propia.

16 Estado actual da Neveira de Lousada.

Fonte propia.

17 Estado actual da Neveira de Lousada.

Fonte propia.

18 Estado actual da Neveira de Lousada.

Fonte propia.

19 Percorrido do camiño no termo de Xermade.

Elaboración propia.

20 Lugares ao paso do Camiño.

Elaboración propia.

21 Ruta. O Camiño no lugar da Abelleira.

Fonte propia.

22 Elementos patrimoniais no Camiño.

Elaboración propia.

23 Xeolocalización de neveiras.

Elaboración propia.





DÚAS HISTORIAS ESCRITAS EN CARBÓN. ARQUEOLOXÍA E ARQUEOBOTÁNICA DE ESTRUTURAS DE CARBONEO E DO PROCESADO DE MINERAL EN FOLGOSO (XERMADE, LUGO)

MARÍA MARTÍN SEIJO¹

ANDRÉS TEIRA BRIÓN¹



¹ Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste – Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEPN-AAT).
Departamento de Historia. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.
Praza da Universidade 1. 15782 Santiago de Compostela.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	195
2. UN ESTUDO INTERDISCIPLINAR	199
3. O PROCESO DE PRODUCCIÓN DO CARBÓN VEXETAL	201
3.1. Aproveitamento de materia prima	203
3.2. Preparación da materia prima	203
3.3. Preparación da estrutura	204
3.4. Preparación do produto	204
3.5. Produto final	205
4. UN LUGAR	207
4.1. A foia (carboeira)	209
4.1.1. Rexistro arqueolóxico	209
4.1.2. Datos arqueobotánicos	211
4.1.3. Discusión dos datos	214
4.2. O escoural	217
4.2.1. Rexistro arqueolóxico	218

4.2.2. Datos arqueobotánicos	221
4.2.3. Discusión	222
5. DÚAS HISTORIAS	227
5.1. Unha historia do ferro	227
5.2. Unha historia do carbón	228
6. AGRADECEMENTOS	231
7. BIBLIOGRAFÍA	233

1. INTRODUCCIÓN

A Historia das pequenas cousas, as de acotío, é unha tarefa pendente na investigación histórica e na Arqueoloxía. Os acontecementos que apenas deixan pegadas na paisaxe, case que invisíbeis por ser efémeros, feitos individuais ou de pequenos grupos, son fundamentais malia non se ver reflectidos nos grandes relatos. Toda sociedade é un bulir de accións miúdas que contribúen de maneira inexorable a transformar e modelar o contorno que as rodea. Neste senso, as historias escritas en carbón que puidemos recuperar en Folgoso, na parroquia de Santo André de Lousada en Xermade (Lugo) (Fig. 1), supoñen unha importante contribución para facer visíbeis tarefas do mundo agrario como a produción de carbón vexetal en pequenas foias, pero tamén para achegarnos á explotación metalúrxica e forestal que durante época romana tivo lugar nesta área.

O carbón vexetal foi moi valorado como combustible doméstico nas cidades e en actividades industriais, especialmente na metalurxia e nomeadamente na produción de ferro. O torgo, a raíz da uz (*Erica spp.*), era a principal madeira queimada nestes fornos, aínda que o carballo (*Quercus robur*) e outras especies arbóreas e arbustivas podían empregarse de forma ocasional. As especies variaban segundo as fases de calcinación ou redución do ferro. Na calcinación empregábase madeira de carballo, castiñeiro e doutras arboreas como a faia, o freixo, o érbedo, a nogueira, a cerdeira, o piñeiro, etc. (González Pérez, 1994, p. 46). A uz reservábase para a fase de redución (González Pérez, 1994, p. 46), mais había algunha ferrería que só facía uso de madeira de carballo como a de Bois en As Nogais (Lugo) a finais do s. XVIII (González Pérez, 1994 p. 119).

O carboneo exerceu un notable impacto sobre o contorno forestal, especialmente nas áreas nas que o mineral de ferro estaba dispoñible e onde se localizaban fundicións e forxas (Schulz, 1838), que dependían do carbón para o seu funcionamento. Non obstante, a pesar da importancia económica que a produción de carbón tivo en Galicia ata épocas moi recentes, existen poucas referencias históricas, e as evidencias arqueolóxicas das que dispoñemos na actualidade son anecdóticas. Isto débese

a que os restos que quedan na paisaxe son pouco evidentes e, ás veces, só perduran na memoria das persoas que desempeñaron esta labor ou nalgúns topónimos (o máis habitual é Carboeiro).




Fig.1.
Situación de Folgoso e doutros sitios arqueolóxicos citados no texto. 1) Folgoso, 2) Vilar da Graña, 3) As Telleiras, 4) A Mourela, 5) Chamoselo, 6) Portorroibo, 7) Castro de Espiñaredo.

O escaso desenvolvemento industrial na Galicia de Época Moderna, unido ao grande peso da agricultura e á pervivencia estrutural da sociedade campesiña en Época Contemporánea, fixo que o carbón vexetal se continuase a producir no rural ata mediados do século XX aproximadamente. A maior parte da produción destinábase ás ferrerías, mazos e forxas, e en menor medida ao consumo doméstico (González Pérez, 1994, p. 119). As ferrerías situábanse en Galicia sobre todo ao norte e ao sur da actual provincia de Lugo. Guillermo Schulz nos Anales de minas correspondente ao ano 1838 describe o seu traballo: “*La temporada de su trabajo anual varía de cuatro á once meses, según lo permiten las aguas motrices respectivas y el surtido de carbón. Puede calcularse su producción total en veinte y cinco mil quintales de buen hierro que valen mas de dos millones de reales, se consumen para ello noventa y cinco mil quintales de vena, veinte y cinco mil de leña y ciento treinta mil*

de carbón vexetal, proporcionando ocupación la mayor parte del año á mil catrocentos obreros, incluso los carboneros, arrieros y carreteros, con un número considerable de caballerías de carga y yuntas de tiro" (Schulz, 1838, p. 391).

A grande cantidade de leña consumida para a produción de carbón provocaba que os montes das proximidades das ferrerías quedasen ermos de leña. Ese proceso deforestador levava cara o século XVIII á introdución de lexislacións que tiñan como obxectivo protexer ás árbores e ás formacións forestais. Estas incluían restricións relativas ao período durante o cal as árbores podían ser cortadas (soamente uns poucos meses ao ano), así como prohibicións sobre que especies e o intervalo entre cortas. Un exemplo destas regulacións atópase na Real Cédula do 5 de febreiro de 1791 concedida a Antonio Raimundo Ibáñez para establecer ferrerías e unha fábrica de potes e olas de ferro en Sargadelos (Lugo). Dispón que entre os meses de novembro e febreiro deberan cortarse as leñas "inútiles", é dicir árbores secas, sen poder arrincar ningunha outra nin tampouco descepar raíces (González Pérez, 1994, p. 119). As podas faríanse a unha altura proporcionada, para que houboese oportunidade de repetilas nun período de 10 ou 12 anos (González Pérez, 1994, p. 119). Este tipo de restricións tamén afectaban a outras actividades que necesitaban de combustible como a minería. A Real Cédula de 1731 para a explotación mineira do cobre no val de Valdeorras (Ourense) establecía a prohibición de cortar leña de ningunha clase a certa distancia da boca da mina (Meijide Pardo, 1985, p. 47) para procurar madeira para a súa actividade.

Ademais dos grandes enxeños industriais ou artesanais, o carboneo asociouse por toda Galicia ao oficio de ferreiro. O ferro é o metal do pobo, aquel que necesita para traballar a terra. A importancia da explotación dos minerais férricos na contorna de Folgoso maniféstase na existencia da antiga mina de Roupar-Lousada en Muíño Novo, a menos de tres quilómetros, e aberta entre 1958 a 1972. Mais o traballo do ferro viña de antigo na parroquia de Santo André de Lousada. Xa no 1753 noméanse no "*Catastro de Ensenada*" dous ferreiros en activo, Antonio López e Joseph López, que exercían de 2 a 3 meses ao ano, e un terceiro, Gerónimo Villar, que non oficiaba. Non soamente os ferreiros producían o seu propio carbón, era tamén unha actividade complementaria á agricultura. Os labregos levaban o carbón a vender ás feiras locais, ás vilas e ás cidades. O final do carboneo en Xermade produciuse a mediados do século XX coa perda dos seus circuitos de distribución perante a chegada de novos combustibles.

Hoxe en día, os poucos ferreiros que quedan adoitan usar carbón mineral, non tanto coma unha preferencia, senón motivado polas prohibicións de facer queimas nos montes que dificultan o seu autoabastecemento (Abraira Pérez, 2003). E os ferreiros que adoptaron melloras nas súas forxas (os menos) substituíron o carbón por fuel ou fornos eléctricos (Abraira Pérez, 2003).

O estudo arqueolóxico e arqueobotánico das carboeiras proporcionan unha información indispensable para comprender as actividades económicas relacionadas coa explotación do mato e das formacións forestais (Fabre & Auffray, 2002; Nelle, 2002; Ludemann, 2004; Durand, Duval, & Vaschalde, 2010; Ludemann, 2010; Deforce et al., 2013). A arqueoloxía permítenos reconstruír como se desenvolve socialmente esta actividade, as pegadas que deixa, e proporciona información que facilita a interpretación de evidencias dos lugares de produción de carbón vexetal. Con este obxectivo foi realizada unha intervención arqueolóxica en Folgoso (Xermade, Lugo) durante o ano 2013, xa que neste lugar existían evidencias históricas e etnográficas da produción de carbón vexetal que fornecían un contexto favorable para analizar o carboneo dende varias escalas de análise.

A intervención arqueolóxica deste sitio permitiu unha descrición exhaustiva das características das estruturas de tipo forno utilizadas para producir carbón vexetal: localización, dimensións, características das unidades estratigráficas, etc. A análise arqueobotánica das mostras consistiu na identificación das especies leñosas queimadas, así como na consideración doutras características anatómicas da madeira (parte da planta utilizada, época de morte da planta, etc.) e de alteracións

relacionadas co proceso de combustión. Os datos arqueolóxicos e arqueobotánicos da foia escavada en Folgoso fixeron posible a revisión de outras estruturas documentadas previamente, como a localizada na Mourela (As Pontes, A Coruña), inicialmente interpretada como unha estrutura vinculada á produción de carbón vexetal malia sen poder descartar outras funcións debido á inexistencia de paralelos cos que comparala (Martín-Seijo, Alles León, & Abad Vidal, 2009). As foias de Folgoso e A Mourela son as únicas estruturas deste tipo interpretadas na bibliografía arqueolóxica galega.

Por outra banda, unha das negativas rexistradas na intervención arqueolóxica, que no inicio considerabamos relacionada coa produción de carbón vexetal, resultou corresponder a unha área de concentración de escouras de ferro e carbóns (ou escoural) sobre a que nun momento indeterminado foi escavada unha fosa para o enterramento dun animal, un bóvido. A intervención nesta área permitiu, en primeiro lugar, observar como estruturas similares a nivel formal teñen unha función completamente diferente, de forma que a escavación arqueolóxica tivo un papel primordial para discernir entre as súas particularidades. E en segundo lugar, a documentación do escoural xunto coa datación dun dos carbóns recuperados no seu interior permitiron atribuír unha cronoloxía romana aos restos, o que proporcionou datos sobre os combustibles asociados á actividade metalúrxica nesa época.

2. UN ESTUDO INTERDISCIPLINAR

Este traballo foi abordado dende o inicio adoptando unha perspectiva interdisciplinar, integrando o método etnográfico, o arqueolóxico e o arqueobotánico. Isto permitiu dar unha maior profundidade ao obxecto de estudo, incrementando a cantidade de información a partir dunha mesma evidencia.

O **método etnográfico** posibilita establecer discursos a través da analoxía das accións presentes, ou das que existe memoria, relacionándoas coas accións pasadas e as súas manifestacións sociais (David & Kramer, 2001). A analoxía convértese, polo tanto, nunha ferramenta de análise con problemáticas intrínsecas, e cun papel importante na interpretación do rexistro arqueolóxico, pero tamén no establecemento de metodoloxías previas. A proximidade temporal da produción de carbón vexetal en Xermade ata mediados do s. XX posibilitou a reconstrución desta actividade a partir da memoria social e da súa materialización na paisaxe a través da etnoarqueoloxía. Neste punto foron fundamentais as aportacións realizadas por Xosé M. Felpeto Carballeira no rexistro da recreación do proceso técnico do carboneo, seguindo o método de observación participante (Atkinson & Hammersley, 1994), durante a I Xornadas Interxeracionais Rurais “Aprendendo cos nosos maiores” organizadas pola Asociación de Veciños de Cabreiros e o Concello de Xermade en 2005. Tamén a información aportada por Manuel Pernas Gómez, propietario dos terreos onde se realizou a intervención arqueolóxica, que nos amosou os lugares de produción de carbón na veiga do Rego do Casal. Finalmente, foron rexistrados datos de estudos etnográficos concretos sobre a actividade do carboneo e investigacións de etnobotánica (Lorenzo, 1983; Blanco Castro, 1996; Fidalgo Santamariña, 2001; Cerrato, 2002; Abaira Pérez, 2003; Carvalho, 2005; Romero Franco & Rodríguez Guitián, 2012).

Para o estudo das estruturas seleccionadas utilizamos o **método arqueolóxico**, orientado á investigación das sociedades pretéritas a partir das súas evidencias materiais. Moitas veces, a

evidencia material é a única vía de acceso ao rexistro concreto de actividades que apenas deixan pegadas na documentación histórica como as documentadas de Folgoso. A escavación arqueolóxica de ambas estruturas foi realizada a partir de dúas sondaxes manuais nas que se rexistrou a estratigrafía mediante a descrición, fotografía, debuxo e topografía de cada unha das unidades estratigráficas que as integraban. A intervención seguiu o método Harris (Harris, 1991) de rexistro arqueolóxico, polo cal cada acción humana ou proceso natural orixina estratos ou interfaces (depósitos, cortes ou estruturas) susceptibles de ser identificados, e que denominamos Unidades Estratigráficas (en diante referirémonos a estas como UE). Cada UE presenta unha superficie, un contorno, un relevo, un volume e uns materiais. Fórmanse seguindo unha secuencia que queda rexistrada nas súas superficies de contacto. Estas variables permiten determinar unha orde cronolóxica e establecer hipóteses interpretativas das accións ou procesos acontecidos.

A recollida de mostras de sedimento durante a intervención tivo como obxectivo a realización de análises arqueobotánicas. A **arqueobotánica** estuda os restos vexetais recuperados en contextos arqueolóxicos que proporcionan datos sobre aspectos ecolóxicos, económicos e sociais das sociedades pasadas (Martín Seijo et al., 2010). Os macrorrestos vexetais localizados máis frecuentemente son os carbóns, as sementes e os froitos. O estudo da madeira carbonizada recuperada denomínase antracoloxía, e consiste na súa identificación taxonómica. A antracoloxía permite coñecer que especies eran utilizadas no pasado mediante un sinxelo procedemento que inclúe a fractura manual de cada un dos fragmentos de carbón e a observación microscópica das súas características anatómicas utilizando un microscopio de luz reflectida. A fractura realízase seguindo tres planos anatómicos da madeira: transversal, lonxitudinal tanxencial e lonxitudinal radial. En cada un deles son observados determinados rasgos anatómicos como as características dos vasos e radios (disposición, tamaño, ornamentación, etc.).

De forma paralela tamén foron documentadas algunhas características dendrolóxicas incluíndo varios caracteres e alteracións da anatomía da madeira (Théry-Parisot, 2001; Marguerie & Hunot, 2007; Marguerie, Bernard, Bégin, & Terral, 2010; Théry-Parisot, Chabal, & Chrzavzez, 2010). O obxectivo de rexistrar estes aspectos foi caracterizar a explotación dos recursos leñosos, rexistrando cando foi posible a curvatura do anel (forte, media, débil) (Marguerie et al., 2010, p. 327), a parte da planta consumida (tronco, póla, raíz) e/ou a parte do leño (cerna ou albura) identificada pola presenza de inclusións como as tiloses. Foron tamén rexistradas outras alteracións que poden proporcionar información sobre as condicións de crecemento da planta (cicatrices, compartimentalización, alteracións do ritmo de crecemento, etc.), sobre o proceso de combustión (fendas radiais, vitrificación, colapso celular) e procesos tafonómicos (fragmentación, erosión, etc.). Todos os datos arqueobotánicos foron integrados nunha Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) que inclúe unha base de datos e unha aplicación de Sistemas de Información Xeográfica (SIX) como ArcInfo.

3. O PROCESO DE PRODUCCIÓN DO CARBÓN VEXETAL

Para abordar o estudo do proceso de produción do carbón vexetal empregamos o concepto de cadea técnico-operativa para organizar a información recuperada de fontes históricas e etnográficas. A cadea técnica-operativa ou secuencia operacional (*chaîne-opératoire*) foi definida como unha serie de operacións que transforman a materia prima do seu estado natural ao estado procesado, e que inclúe diferentes elementos (enerxía, ferramentas, xestos, coñecementos, actores, materiais) relacionados entre si durante un proceso que modifica o sistema material (Lemonnier, 1986). As eleccións técnicas que se desenvolven durante o proceso de produción de carbón están tecidas no marco dun tapiz social, económico e ideolóxico que foi, en moitos casos, único nun lugar e período temporal particular (Skibo & Schiffer, 2008, p. 1-2).

Os métodos analíticos de investigación a partir do concepto da cadea técnico-operatoria posibilitan establecer un nexo de unión entre o rexistro arqueolóxico e arqueobotánico e os medios sociais dinámicos nos que os tecno-xestos foron practicados (Dobres, 2010; Dufraisse, 2012; Burri, Durand, Py, & Vaschalde, 2013). Este concepto tamén permite a integración de elementos interrelacionados que subxacen ao proceso de manufactura, como o individuo, o medio ambiente, a materia prima, as ferramentas, as habilidades, os coñecementos e as relacións sociais e económicas, etc.

Distinguíronse cinco etapas principais neste proceso produtivo a partir da análise de fontes históricas e etnográficas: 1) o aprovisionamento da materia prima (abastecemento de madeira: selección e extracción); 2) preparación da materia prima (desbastado e tronzado do tronco ou das raíces, etc.); 3) preparación da estrutura (selección do lugar no que se construírá o forno, escavación da cubeta); 4) preparación do produto (combustión da madeira no interior do forno); e 5) produto final (carbón).



Fig. 2.

Diferentes etapas da cadea técnico-operativa da produción de carbón de torgo nunha estrutura en cubeta (foia). A recreación do proceso técnico tivo lugar en 2005 durante a I Xornadas Interxeracionais Rurais "Aprendendo cos nosos maiores" (Cabreiros, Xermade, Lugo). Os participantes nesta actividade foron Abelardo Martínez Corral, Xosé Seco Hermida e Xosé Manuel Felpeto Carballeira.

En Galicia identifícanse dous tipos de estruturas en relación con este proceso produtivo: os pequenos fornos construídos no interior de fosas circulares ou ovais (tamén chamadas foias ou froias) utilizadas na produción de carbón a pequena escala, e os fornos circulares en morea (carboeiras). A estrutura documentada en Folgoso sería do primeiro tipo de estruturas (foias ou froias) que probablemente foron as máis frecuentes en Galicia. As diferenzas entre ambos tipos de fornos non eran unicamente morfolóxicas senón tamén de tamaño, en relación á cantidade de carbón producido en cada fornada. Malia que os recursos leñosos empregados en cada unha delas podía ser diverxente, a madeira obtida a partir de árbores queimábase tamén nas pequenas estruturas tipo forno, e a madeira de arbustos utilizábase como combustible nos grandes fornos en morea.

Dacordo coas fontes consultadas, a produción de carbón vexetal foi levada a cabo por unidades familiares (Cerrato, 2002). Homes, mulleres e nenos realizaban esta actividade de forma estacional (2 ou 3 meses durante o outono ou inverno) como complemento das tarefas agrícolas, ou de forma paralela con outras actividades económicas como o pastoreo. De xeito habitual era realizada por mulleres, que tamén se ocupaban do seu transporte aos puntos de venta, xeralmente en sacos de 25 kg cargados sobre as cabezas ou coa axuda dun burro (Riveira Requeijo, 2014). Na zona de Riotorto, A Pontenova e Taramundi todos os ferreiros facían carbón, actividade da que ás veces se encargaban as súas mulleres (Abraira Pérez, 2003). Malia que no imaxinario popular o carboneo era percibido como unha tarefa masculina (Abraira Pérez, 2003), era unha actividade familiar, levada a termo normalmente por un a tres individuos dunha mesma familia, dependendo da cantidade de carbón que se ía producir.

As ferramentas utilizadas durante as diferentes etapas do proceso produtivo, incluían o sacho para arrancar as raíces, a laia para cortar as pólas e partir do tronco das raíces (as pequenas pólas poden separarse a man) e pás para escavar a fosa para forno ou braseiro. Ferramentas propias das tarefas agrícolas.

3.1. Aproxionamento de materia prima

A produción de carbón a grande escala tiña lugar habitualmente nos lugares de montaña, onde a madeira de bosques e matogueiras era abundante. A cantidade demandada era moi elevada e, como resultado, a leña e a madeira para construción eran escasas nos arredores dos fornos de produción de carbón e das forxas.

As fontes históricas e etnográficas indican unha clara correlación entre a selección de madeira queimada e o uso final do carbón. Esta selección é evidente no carbón utilizado en diferentes procesos metalúrxicos (redución, fundición ou forxa), e reflicte non soamente a selección de especies concretas, senón tamén a localización onde medraban (nas ladeiras soleadas ou asombradas). O carbón obtido das ladeiras soleadas era especialmente apreciado polos ferreiros, mentres que o das ladeiras de sombra, cunha maior humidade (Cerrato, 2002), era utilizado para actividades domésticas (calefacción, cociñado ou para as pranchas).

Como aparece citado nas fontes históricas, o combustible utilizado para o fundido do mineral sería carbón de uz (*Erica sp.*, *Erica australis subsp. aragonensis*)¹ (Blanco Castro, 1996; Cerrato, 2002; Romero Franco & Rodríguez Guitián, 2012), e en ocasións tamén se utilizaba carballo (*Quercus robur*), castiñeiro (*Castanea sativa*) e érbedo (*Arbutus unedo*) entre outros. Nas forxas artesanais o combustible preferido para a calcinación do mineral de ferro era o de carballo e castiñeiro, aínda que tamén se identifica a utilización de madeiras como a faia (*Fagus sp.*), freixo (*Fraxinus sp.*), érbedo, nogueira (*Juglans regia*), cerdeira (*Prunus sp.*) e piñeiro (*Pinus sp.*)². A uz era o combustible queimado durante o proceso de redución do mineral. E as cepas da uz as escollidas polos ferreiros, por permitiren un mellor traballo de temperado e revenido na forxa (Abraira Pérez, 2003).

O aprovisionamento de madeira realizábase habitualmente no mesmo día que se constrúa a carboeira ou o día anterior. Para procurar a extracción da materia prima aplicábanse prácticas de xestión da matogueira (Cerrato, 2002). A parte superior dos arbustos era cortada para preparar os solos para o cultivo extensivo nas áreas de montaña, e a matogueira incendiábase para facilitar o arrincado das raíces. A parte buscada era a cepa e a raíz, de madeira moito máis duras, que había que arrincar da terra facendo panca e cortándoas (Cerrato, 2002). Estas prácticas favorecían a rexeneración dos arbustos na mesma área, o que permitía volver buscar materia prima nas mesmas matogueiras anos despois.

3.2. Preparación da materia prima

Esta etapa era particularmente importante na produción de carbón de uz. As pólas deste arbusto eran cortadas cunha ferramenta ou a man facendo panca, deixando unicamente as cepas e as raíces, apreciadas pola súa dureza. Despois, limpas de terra, cepas e raíces eran transportadas en sacos ou cestas ao lugar onde se localizaba o forno e partíanse en pezas de diferente tamaño. Non debía haber cepas moi grosas que tardasen en arder moito máis que o resto, se as había era necesario picalas. O grosor debía ser o dun puño (Abraira Pérez, 2003).

¹ Gómez Núñez Severo, *El general de artillería Don Juan Manuel Munárriz y la siderurgia del siglo XVIII en la región del Bierzo*, Madrid, Publicaciones de la Sociedad Geográfica, 1926.

² Hernández Sampelayo Primitivo, *Memorias del Instituto Geológico y Minero de España. Criaderos de hierro de España, T. IV Hierros de Galicia*, Madrid, I, 1922, II, 1931, III, 1935



Fig.3. Formación de uces en Folgoso

3.3. Preparación da estrutura

Os mellores días para facer a carboeira eran os de tempo seco. Aínda que comezase a chover cando estaba tapada se a cantidade de chuvia era pouca non supuña un problema. A localización seleccionada para a fosa do forno adoitaba ser un solo fondo e con herba (Fig. 2a, 2b) para usar o terrón para cubrir a morea de madeira unha vez que ardía. A fosas tiñan unhas dimensións de 1 a 2 m de diámetro e de 0,40 a 0,50 m de profundidade. Reutilizábanse habitualmente, e cando isto sucedía as estruturas debíanse limpar previamente.

Cando a fosa estaba preparada, as pezas de madeira obtidas a partir dos cepos e raíces situábanse no seu interior. As maiores pezas de madeira verde colocábanse en vertical no centro da estrutura e as restantes arredor desta tapando os ocos, dando forma a unha estrutura cónica que facilitase a circulación de osíxeno para que o lume non morrese (Fig. 2c, 2d). Para acendela empregábase madeira seca, pólas e pequenas achas como combustible de iniciación no centro da fosa.

No concello de Pontearreas cóñécense carboeiras en fosa revestidas en pedra de cachotería de 80 cm de diámetro e 60 cm de profundidade, o que permitía reutilizalas continuamente, estando perante un sistema de produción do carbón máis racionalizado e estable (Fernández de la Cigoña Núñez, 2011). Nelas empregábanse as piñas aínda sen abrir dos piñeiros das que se obtiña carbón para quentar as forxas (Fernández de la Cigoña Núñez, 2011).

3.4. Preparación do produto

A capacidade de extracción da máxima cantidade de carbón a partir da madeira recollida dependía das habilidades e coñecementos dos carboeiros. O lume acendíase no centro da estrutura cónica de madeira, procurando que se estendese uniformemente cara o exterior. Cando a madeira

reducía o seu volume e aparecían as brasas incandescentes, a estrutura cubríase (Fig. 2e). Os terróns eran situados coa parte que conservaba a herba cara abaixo sobre as brasas (Fig. 2f). O resto do solo removido durante a escavación da fosa era utilizado para rematar de cubrir o forno (Fig. 2g).

O proceso de combustión podía durar de sete a oito horas ata dous ou tres días. Durante este tempo o forno debía ser atendido constantemente ata que o carbón estivese feito. Os dous principais problemas que podían ocorrer eran que (1) o proceso de combustión se parase ou (2) que se introducise demasiado osíxeno no interior do forno, producindo unha combustión completa co resultado de obter cinza en lugar de carbón. “...se respira tanto como un dedo xa se queima todo...” (Abraira Pérez, 2003, p. 47). O forno non podía ser aberto ata que o lume se atopase completamente apagado. Unha vez que isto acontecía, o solo e os terróns eran retirados e o carbón estendido sobre o chan (Fig. 2h). No segundo día o carbón xa estaba frío e podía gardarse (Abraira Pérez, 2003). Entón era seleccionado e almacenado no interior de sacos ou cestos. O volume de carbón obtido unha vez finalizado o proceso era de aproximadamente un terzo do volume da madeira inicial queimada.

3.5. Produto final

O carbón clasificábase en función das súas calidades. Transportábase en carros, por medio de animais ou tamén se podía levar ao lombo. Vendíase segundo o peso ou por sacos nas feiras da comarca, ou levábaselle directamente á persoa que o demandara. O de maior calidade obtíñase a partir dos cepos e raíces da uz (torgo), ben queimado era utilizado para actividades especializadas como a metalurxia. Fundamentalmente consumíanos os ferreiros que buscaban un carbón enteiro e compacto. Preferían o carbón vexetal ao mineral pois tardaba máis en apagarse, non precisaba de tanta entrada de aire, afumaba moito menos e non viña con impurezas coma o extraído nas minas (Abraira Pérez, 2003, p. 45). Pola contra resultaba máis caro e de menos poder calorífico. O carbón vexetal pagábase seis veces máis que o mineral (véxase Abraira Pérez, 2003). O de menor calidade, incluíndo os pequenos fragmentos e os cepos parcialmente queimados e raíces (zocha) eran destinados ao consumo doméstico nas cociñas e braseiros.

4. UN LUGAR

O lugar de Folgoso pertence á parroquia de Santo André de Lousada. Está situado a 650 m.s.n.m. A nivel fitoxeográfico englobase no Subsector Cantábrico-Oriental (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego, 2012), nunha área atlántica baixo influencia oceánica e caracterizada por un clima de temperaturas moderadas e chuvia abundante durante o período invernal, cun maior aporte pluviométrico que outras áreas galegas incluso en época estival. A vexetación actual nesta zona é o bosque mixto de carballos (*Quercus robur*), acivros (*Ilex aquifolium*) e bidueiros (*Betula alba*), coa presenza de ameneiros (*Alnus glutinosa*) ao longo das ribeiras de ríos e regatos (Fig. 3), xunto con unha vexetación arbustiva na que predominan as uces (*Erica spp.*) no interior da zona boscosa (Fig. 4, 5 e 6). As fotografías aéreas tomadas no 1956 amosan como a distribución da vexetación da veiga do río apenas ten sufrido alteracións durante os derradeiros sesenta anos, mantendo unha superficie moi semellante.



Fig. 4.
Fotografía aérea (1956) do lugar de Folgoso e a zona de bosque na veiga do Rego do Casal ao sur.

As dúas estruturas sobre as que se realizou a intervención arqueolóxica sitúanse próximas ao Rego do Casal. Nesta área existen unha serie de elementos etnográficos de grande interese patrimonial relacionados co aproveitamento da enerxía hidráulica: dous batáns, varios muíños, e unha planta xeradora de luz eléctrica. Tamén foi no pasado unha área aproveitada para a produción de carbón vexetal, tal e como podemos observar nas foias que aínda son visíbeis en varios puntos, e



Fig. 5. Rego do Casal

das que gardan memoria do seu uso os habitantes de maior idade de Folgoso. De feito, un dos batáns foi afectado por un incendio cando estaba sendo utilizado como almacén de carbón.

As estruturas intervidas foron escavadas durante o verán de 2013, continuando o traballo previo realizado nesta área para identificar e rexistrar lugares relacionados coa produción de carbón a partir de referencias orais. Outras estruturas similares foron identificadas no fondo do val do río, aínda que o rexistro exhaustivo de todas estas evidencias aínda non puido ser levado a termo ata o momento (Fig. 6).




Fig. 6.

Localización de foias na zona de bosque e relación co núcleo de Folgoso ao norte. Como sinalamos no texto non se realizou unha prospección intensiva de toda a área.

4.1. A foia (carboeira)

A carboeira documentada na Sondaxe 01 foi construída nalgún momento comprendido entre 1940 e 1959, segundo estimamos polas referencias orais. É unha estrutura en forma de fosa circular, de 1,89 m de diámetro e 0,58 m de profundidade. A escavación permitiu documentar catro unidades estratigráficas no seu interior (UE003 a 006) e outro depósito (UE002) no seu exterior pero en proximidade inmediata. Todas as unidades estratigráficas están relacionadas coa produción de carbón e teñen un elevado contido de madeira carbonizada –fragmentos con arestas angulosas e lonxitudes que oscilaban entre os 0,4 e os 10 cm. Foron recollidas cinco mostras de sedimento, das que catro foron obxecto de submostraxes (UE002: 1 litro, UE006: 2 litros). O procesado en todos os casos foi mediante o cribado en auga con cribos con luz de malla de 2, 1 e 0,5 mm dispostos en columna de menor a maior luz.



Fig. 7.
UE001. Aspecto da superficie da foia. O único vestixio visible é unha pequena depresión no terreo.

4.1.1. Rexistro arqueolóxico

4.1.1.1. UE001

O primeiro depósito rexistrado na Sondaxe 01 é a capa vexetal. Un depósito cun forte componente orgánico, formado por terra solta de cor marrón avermellada con restos de follas en proceso de descomposición e raíces. É pouco compacto. Ocupa toda a superficie da sondaxe (4x3 m) e ten unha profundidade que oscila entre 1 e 3 cm.

4.1.1.2. UE002

Depósito de terra de cor cincenta e pouco compacta localizado unicamente na parte suroeste da Sondaxe 01. Está cuberto polo depósito UE001 e cubre ao depósito UE004. Foi interpretado como un depósito relacionado co proceso de produción de carbón vexetal, en concreto co proceso de selección e embalaxe de forma previa ao transporte.

4.1.1.3. UE003

Esta unidade estratigráfica é un depósito de forte compoñente orgánico de cor negra e no que se localizan, concentrados nunha pequena área, carbóns que presentan arestas angulosas e unha lonxitude de máis de 5 cm. O depósito presenta unha compactidade media. A UE003 está cuberta pola UE001. O depósito foi interpretado como os restos da última fornada de carbón do forno mesturados con terra.

4.1.1.4. UE004

Depósito de terra, de cor marrón amarelenta e compactidade alta. Formando parte deste depósito observáronse algúns carbóns dispersos e pedras de módulo pequeno e medio agrupadas en zonas puntuais da sondaxe. Está cuberto pola UE001 e pola UE002. O depósito foi interpretado como os restos da derradeira fornada de carbón mesturados con terra.

4.1.1.5. UE005

Corte de forma circular en planta e cóncavo en sección, con paredes lixeiramente inclinadas cara o interior e máis verticais no suroeste (Fig. 9). No seu interior localizáronse os depósitos UE003, UE004 e UE006. Foi interpretado como o corte realizado para construír o forno en cubeta no que se produciría o carbón.

4.1.1.6. UE006

Depósito situado no fondo da cubeta (UE005) e formado case exclusivamente por carbóns de tamaño medio-grande, algúns deles de máis de 10 cm (Fig. 7). Ao igual que as UE003 e UE004 interprétase como residuos da derradeira combustión. Estes tres depósitos diferenciáronse fundamentalmente polo tamaño, disposición e concentración dos carbóns asociados a eles.



Fig. 8.
Proceso de escavación da fosa onde se observa a concentración de carbóns nos depósitos situados no seu interior (UE006).

4.1.1.7. UE007

Depósito de terra de cor marrón con pedras de tamaño medio. Non foi escavado. Aparece descuberto pola negativa de escavación practicada para a estrutura da forno (UE005) que corta este depósito de orixe natural.



Fig. 9.

Corte de forma en planta circular (UE005) no seu interior realizárase o proceso de produción de carbón.

4.1.2. Datos arqueobotánicos

As análises antracolóxicas realizáronse sobre dúas mostras da unidade estratigráfica do exterior da estrutura (UE002). A outra mostra estudada procede da UE006, localizada no fondo do foia. Estas mostras representan o derradeiro momento de uso. Os resultados son comentados en conxunto a continuación xa que ambas representan evidencias da produción de carbón, aínda que non poidamos determinar se corresponden a un único proceso ou a diferentes momentos de uso do forno. Foron estudados 250 fragmentos de carbón: 150 da UE002 e 100 da UE006.

Os resultados obtidos da análise antracolóxica indican que a madeira queimada nesta estrutura foi maioritariamente obtida de carballos (*Quercus sp. caducifolio*) e uces (*Erica sp.* e *Erica arborea/australis*). Nas identificacións arqueobotánicas existen diferentes graos de precisión na identificación, en función da singularidade das características anatómicas da madeira. No caso do xénero *Quercus* a distinción entre as diferentes especies caducifolias ou marcescentes non é posible en base aos caracteres anatómicos (Fig. 10). Neste caso utilizamos o termo *Quercus sp. caducifolio* para incluír ao carballo (*Quercus robur*), carballo albariño (*Quercus petraea*), cerqueiro (*Quercus pyrenaica*) e caxigo (*Quercus faginea*).

Os morfotipos *Erica sp.* e *Erica arborea/australis* foron diferenciados en base ás características anatómicas. A denominación *Erica arborea/australis* dinos que estamos ante unha uz albariña (*Erica arborea*) ou unha uz moura (*Erica australis*), pero sen poder especificar a cal das dúas pertencería o fragmento analizado (Fig. 12). Foi identificada pola presenza de radios uniseriados de ata 8-11 células de lonxitude, e os radios multiseriados de hasta 8 células de anchura e células procumbentes no

centro (Queiroz, 1989). *Erica* sp. inclúe especies con radios entre 3 e 6 células de anchura que non podemos diferenciar dentro deste xénero, como as *Erica multiflora*, *Erica scoparia*, *Erica umbellata* ou *Erica vagans* (Queiroz, 1989) (Fig. 10).




Fig. 10. Detalle da anatomía de *Quercus* sp. caducifolio a partir dunha imaxe de *Quercus pyrenaica* (Schweingruber & Landolt, 2010).




Fig. 11. Características anatómicas de *Erica* sp., neste caso as imaxes corresponden a *Erica umbellata* (Schweingruber & Landolt, 2010).




Fig. 12. Características anatómicas da madeira de *Erica arborea/australis* a partir de imaxes de *Erica arborea* (Schweingruber & Landolt, 2010).

Outros taxa foron identificados esporadicamente, como *Salix* sp./*Populus* sp. (salgueiros ou lamigueiros), Rosaceae/Maloideae, *Arbutus unedo* (érbedo) e *Quercus* sp. deciduous /*Castanea sativa*.

As porcentaxes dos diferentes taxa varían entre a UE002 e a UE006 (Fig. 13). No depósito arqueolóxico localizado fóra do forno (UE002) foi identificada unha porcentaxe maior de *Quercus* sp. caducifolio, mentres que no depósito do interior da estrutura (UE006) había unha predominancia de *Erica* spp. (*Erica* sp. e *Erica arborea/australis*).




Fig. 13. Composición taxonómica das unidades estratigráficas UE002 e UE006 en porcentaxes.

Estas diferenzas poden estar relacionadas con procesos deposicionais. Os carbóns recuperados en ambas unidades estratigráficas poden interpretarse como fragmentos de carbón descartados, abandonados no interior da estrutura e nas súas proximidades despois de que o forno fora aberto e o carbón extraído e clasificado de acordo coa súa calidade. A maior porcentaxe de *Erica* spp. na UE006 é consistente co papel deste taxon como combustible principal, permanecendo probablemente estes fragmentos no sitio na última fornada. O carbón recuperado da UE002 podería estar relacionado cos procesos de extracción, clasificación e almacenaxe desenvolvidos no exterior da estrutura, ou poderían representar unha mestura de carbóns do interior do forno e do solo. A maior porcentaxe de *Quercus* sp. caducifolio neste depósito pode reflectir a fractura de grandes fragmentos individuais de carballo (póla, tronco), que resultarían nunha sobrerrepresentación deste taxon.

As diferenzas previamente observadas entre as unidades estratigráficas en termos de composición taxonómica reflíctense tamén nas análises do tipo de curvatura do anel (Fig.14). Os fragmentos con curvatura feble en ambos depósitos foron todos de *Quercus* sp. caducifolio, mentres que os fragmentos con curvatura forte e media inclúen *Quercus* e os outros taxa. A explotación de troncos ou grandes pólas de carballo explicaría a elevada presenza proporcional de *Quercus* sp. caducifolio e o predominio de fragmentos con curvatura media e feble na UE002. Os fragmentos con curvatura forte identificados na UE006 poderían corresponder coa explotación de ramas e pequenas pólas de uz.

A medición da lonxitude de cada fragmento permitiu observar diferenzas entre




Fig. 14. Curvaturas do anel de crecemento rexistradas nas UE002 e UE006.

as dúas unidades estratigráficas (Fig.15). O carbón recuperado nos arredores do forno estaba máis fragmentado (71,3% entre 0,3 e 1cm) que o do interior da estrutura (64%).




Fig. 15. Tamaño dos fragmentos analizados.

A porcentaxe máis significativa de alteracións anatómicas foi aquela relacionada cos procesos de combustión, como as fendas radiais e vitrificación (Fig. 16). A súa presenza foi significativa en ambos depósitos arqueolóxicos (UE002 e 006), aínda que máis elevada en *Erica sp.* na UE006 e en *Quercus sp. caducifolia* na UE002.




Fig. 16. Alteracións relacionadas coa combustión.

A época de morte da planta foi rexistrada en tres casos, dous fragmentos de *Quercus sp. caducifolia* na UE006 e unha de *Arbutus unedo* na UE002. En ambas unidades estratigráficas a formación da madeira do leño final finalizara no outono ou o inverno.

4.1.3. Discusión dos datos

A maior parte dos estudos antracolóxicos de lugares de produción de carbón vexetal nas diferentes áreas de Europa centráronse no estudo de grandes fornos circulares en morea, estruturas frecuentes e visíbeis nas paisaxes de montaña (Fabre & Auffray, 2002; Nelle, 2002; Euba, 2010; Ludemann, 2010; Ludemann, 2012; Deforce et al., 2013). Mentres, outras estruturas menos evidentes son máis descoñecidas, como as de tipo fosa, a miúdo vinculadas coa explotación de arbustos e ligadas á produción local e familiar (Bonhôte, Davasse, Dubois, Isard Véronique, & Métaillé, 2002). Non obstante, téñense rexistrado recentemente pequenas estruturas en cubeta relacionadas coa produción de carbón datadas durante o Bronce Final (Durand et al., 2010).

A existencia de estruturas tipo forno no noroeste de Iberia está documentada en fontes etnográficas (Cerrato, 2002; Lorenzo, 1983). Foron utilizadas ata fai poucas décadas en relación coa explotación dos recursos da matogueira para a produción de carbón vexetal, propiciando un coñecemento

diverso das súas características morfolóxicas e do seu tecido social. Os datos compilados sobre as diferentes etapas da cadea técnico-operatoria da produción de carbón vexetal sérvennos de axuda para interpretar os datos arqueolóxicos e arqueobotánicos.

A selección do lugar para establecer a foia de Folgoso estivo condicionado por diferentes factores: 1) a presenza de recursos leñosos (*Erica* spp. e *Quercus robur*); 2) a proximidade a un curso de auga; e finalmente 3) a propiedade da área seleccionada pertencía á mesma unidade familiar que producía o carbón. Non obstante, cómpre sinalar que as fontes etnográficas indican que os lugares de produción de carbón localizábanse habitualmente en terreos de propiedade comunal (Cerrato, 2002).

No forno de Folgoso, as características morfolóxicas descritas nas fontes (Cerrato, 2002; Fidalgo Santamariña, 2001; Lorenzo, 1983) son coincidentes coas identificadas no rexistro arqueolóxico. Estas fontes facilitan a interpretación dos procesos de formación das unidades estratigráficas rexistradas durante a escavación arqueolóxica. O carbón recuperado da UE002 podería representar os restos relacionados coa dispersión dos carbóns no exterior da estrutura antes da súa selección e almacenaxe. No caso da UE006, o carbón depositado na base da estrutura suxire que probablemente se atopaba no sitio e non foi recollido. Os datos arqueobotánicos permiten soste tamén esta hipótese porque a composición taxonómica era moi similar, aínda con variacións nas porcentaxes de cada taxa e a presenza de *Erica* spp. (incluíndo *Erica* sp. e *Erica arborea/australis*) era máis elevada na base da estrutura. Tamén coincide cos datos históricos e etnográficos a época de morte da planta en outono ou inverno (Lorenzo, 1983; Fidalgo Santamariña, 2001; Cerrato, 2002).

As características arqueolóxicas descritas nas fontes e rexistradas en Folgoso son comparables ás rexistradas na estrutura tipo fosa documentada en A Mourela (As Pontes, A Coruña) e datada no 772-1048 cal d.n.e. (Beta-230718) (Martín-Seijo et al., 2009). Os taxa identificados durante a análise antracolóxica das mostras son similares, con madeira de *Erica* sp., cf. Rosaceae/Maloideae e *Quercus* sp. caducifolio. Do mesmo xeito, a vitrificación e as fendas radiais estaban presentes nunha elevada porcentaxe dos fragmentos de carbón recuperados do interior dos fornos, tanto en Folgoso como en A Mourela. Ocasionalmente a elevada vitrificación dos tecidos impediu a identificación taxonómica.

A presenza de vitrificación é común nos carbóns recuperados en estruturas de carboneo de época histórica (Théry-Parisot, 2001; Vaschalde, Durand, & Thiriot, 2011). A causa última destas alteracións continúa a ser descoñecida, as experimentacións levadas a cabo sinalan que os carbóns vitrificados non son resultado da combustión a alta temperatura ou da presenza de madeira verde (McParland, Collinson, Scott, Campbell, & Veal, 2010). As mostras de Folgoso indican que a presenza conxunta de fendas radiais e vitrificación é máis elevada na uz (*Erica* spp.) que noutros taxa, podendo incidir as propiedades físicas e químicas desta especie na aparición destas alteracións. Afectan en maior medida ás pequenas pólas de uz ou aos fragmentos con curvaturas fortes no anel, un feito xa apuntado previamente (Marguerie & Hunot, 2007). Ademais, as condicións nas que a combustión se desenvolve poderían ser un factor que inflúa na presenza destas alteracións.

A explotación dos recursos da matogueira (*Erica* spp.) como materia prima para a produción de carbón indica a importancia de avaliar adecuadamente o papel que a xestión e a explotación da matogueira en áreas de montaña, probablemente dende moi antigo, así como o papel das queimas no monte na extensión destes arbustos e para favorecer a súa extracción.




Fig. 17
Planta da negativa da escavacion da foia e seccións das unidades estratigráficas documentadas.




Fig. 18.
Localización das escouras en superficie.

4.2. O escoural

En varias zonas da veiga do Rego do Casal aparecen superficialmente escouras de sangrado. Sen ter realizado unha prospección intensiva do lugar, a distribución espacial dos puntos concéntranse na parte baixa da veiga e próximos ao curso de auga, o que pode ser indicativo de varios requisitos. Como hipótese preliminar, as escouras poderían gardar relación con tres elementos: mineral de ferro, madeira e auga. Recursos fundamentais na produción de ferro en época histórica, e que supuñan un factor de localización importante das ferrerías de monte altomedievais (véxase Marcos Martínez, 2003).

A estrutura identificada na Sondaxe 02 foi inicialmente rexistrada como unha posible estrutura de carboneo ao gardar similitudes coas depresións observadas nas foias doutros puntos da veiga do Rego de Casal. Non obstante despois da súa escavación resultou ser unha negativa para o soterramento dun bóvido. Esta acción pretérita cortou casualmente unha acumulación de escouras e carbón relacionada coa explotación do mineral de ferro. Un dos carbóns recuperado do interior dunha das escouras na mostra MO-04 da UE021 permitiu datar esta actividade en época romana, entre o século II e o VI d.n.e.



Fig. 19. Fragmento de escoura de sangrado (sen escala)

4.2.1. Rexistro arqueolóxico

A Sondaxe 02 inicialmente comprendía unhas medidas iniciais de 4 por 4 m. Despois de comezada a escavación, e unha vez observadas as súas características, decidiuse continuar a intervención nunha área máis reducida de 2 por 2 m para rexistrar a sección da negativa e do nivel de escouras, unha vez descartada a súa función como forno de produción de carbón vexetal. Realizouse unha mostraxe do sedimento que foi procesado mediante o cribado en auga con cribos de 2, 1 e 0,5 mm dispostos en columna.



Fig. 20.
Fotografía antes do inicio da escavación da Sondaxe 02.

4.2.1.1. UE020

Depósito de terra de cor negra composto por áreas de matriz fina e materia orgánica, con compactidade baixa e que presenta un lixeiro buzamento cara o Leste, onde se atopa o regato. Ocupa toda a superficie da Sondaxe 02 (4m x 4m) e unha profundidade duns 6-10 cm. O límite co seguinte nivel (UE021) é difuso, xa que se mestura coas escouras que o forman. Foi interpretada como capa vexetal. Cobre ás UE021 e UE023.

4.2.1.2. UE021

Depósito de terra de cor negra con áreas de matriz fina e materia orgánica. Presenta unha elevada concentración de escouras que poden chegar a constituír o 30% do depósito. Presenta baixa compactidade e textura areosa. A superficie buza cara o Norte. O límite dos niveis inferiores son difusos pois as áreas mudan de cor e as escouras continúan baixo a UE023. As súas dimensións son 4 metros de lonxitude por 1 m de anchura, cunha profundidade que oscila entre os 5 e os 10 cm. Foi interpretada como un nivel de entullo procedente da escavación da UE022, integrado por escouras e por restos da capa vexetal. Está cuberto pola UE020.




Fig. 21.

Representación gráfica da calibración da data de carbono 14 obtida na UE021 da Sondaxe 02.

Un dos carbóns recuperados do interior dunha das escouras desta unidade estratigráfica foi datado (Beta-376503) e proporcionou unha data absoluta de 1790 ± 30 BP, que calibrada a dúas sigmas utilizando o programa Oxcal v4.2.4 proporciona dous intervalos co 95.4% de probabilidade. O máis antigo comprendido entre o 133 e o 264 cal AD e un segundo entre o 275 e o 330 cal AD, datando a formación das escouras entre os séculos II a IV d.n.e.



Fig. 22.

Agregado de escoura e carbón datado nos séculos II-IV d.n.e.

4.2.1.3. UE022

Corte de morfoloxía en planta circular. Presenta maior diámetro na zona superior. As paredes e a base son cóncavas e o eixo recto. Ten unhas dimensións de 1,82 m de lonxitude por 1,65 de ancho e 0,52 de altura. Atópase cuberto pola UE024, e corta á súa vez ao depósito UE025. Foi interpretado como unha negativa realizada sobre a entulleira que tivo como función acoller o enterramento dun bóvido.



Fig. 23.

Aspecto da sondaxe unha vez retirada a capa vexetal. Na parte central o corte para o enterramento do bóvido aínda colmatado. A zona máis elevada ao seu arredor son materiais extraídos e depositados da escavación do corte.

4.2.1.4. UE023

Depósito de terra de cor alaranxada que presenta áreas de cor negra e algunha escura. A textura é areosa e a compactidade baixa. Amosa un pequeno buzamento cara o Norte. O límite do nivel é difuso nalgún punto xa que as áreas se mesturan cos outros niveis. As dimensións son aproximadamente de 4 m de lonxitude por 3 m de ancho e 15 cm de profundidade. Foi interpretado como un depósito de colmatación da entulleira da escavación da UE022.

4.2.1.5. UE024

Depósito heteroxéneo conformado por diferentes sedimentos: áreas brancas e alaranxadas, terra húmica e carbóns. A textura é areosa e con abundantes escouras de sangrado. Aparecen tamén ósos pertencentes ao cráneo dun bóvido e dentición así como a columna vertebral, fragmentos de ósos planos e de caña. A súa morfoloxía adáptase ao corte rexistrado como a UE022. Foi escavada parcialmente, e interpretada como a colmatación do corte que se corresponde co enterramento da res.

4.2.1.6. UE025

Depósito de cor negra composto por áreas e escouras e carbóns de tamaño medio. A súa textura é areosa e presenta pouca compactidade. A unidade estratigráfica caracterízase pola irregularidade

da súa superficie, con distintos buzamentos, e aséntase sobre un depósito de formación natural pola sedimentación de materiais na parte baixa do río. Foi escavada parcialmente na cuadrícula norleste nunha área de 2 por 2 m, e acada profundidade de 23 cm. Foi interpretada como unha entulleira de escouras asociadas a arxilas e carbóns.



Fig. 24.
Depósito UE025 composto por un sedimento que contén grande cantidade de escouras, localizado na cata do interior da sondaxe.

4.2.2. Datos arqueobotánicos

Analizáronse cincuenta fragmentos de carbón (Fig. 25) dunha mostra (MO-04) procedente da UE021. O resultado da identificación taxonómica foi de corenta e oito fragmentos pertencentes a madeira de *Quercus* de tipo caducifolio e dous casos que non puidemos distinguir a partir dos caracteres anatómicos se se correspondían con *Quercus* sp. caducifolio ou con *Castanea sativa* (castiñeiro). En trinta e un dos fragmentos puidemos realizar observacións sobre a curvatura do anel.



Fig. 25. Identificación dos taxons e curvatura do anel dos carbóns recuperados na UE021

Aínda que estes datos só poden ser considerados a nivel cualitativo hai un predominio dos fragmentos de curvatura moderada, seguidos dos de curvatura feble e representados en menor medida os de curvatura forte. En corenta e tres casos os vasos estaban cheos de tílides. O conxunto de datos obtido permítenos apuntar cara unha explotación de madeira obtida a partir da cerna de troncos ou pólas de carballo ou puntualmente de castiñeiro. En catro dos fragmentos determináronse alteracións no ritmo de crecemento da árbore, unha alteración que pode estar relacionada con múltiples factores (Schweingruber, 1996), entre eles a poda (Thiebault, 2006). Nun dos fragmentos identificouse a presenza de hifas. No que respecta ás alteracións relacionadas coa combustión, as fendas radiais aparecen en 21 fragmentos e a vitrificación en 26 fragmentos.

4.2.3. Discusión

Os carbóns aparecen asociados a escouras de ferro e fragmentos de arxila polo que poden ser interpretados como os residuos do combustible utilizado nun dos procesos de produción de ferro. A cadea técnica-operativa do ferro divídese en dúas grandes etapas desde a obtención do mineral ata o obxecto elaborado. A primeira etapa permite transformar a materia prima, o mineral férrico, en metal mediante os procesos de calcinación e redución, a este proceso seguiría a segunda etapa de forxa que inclúe os traballos que se encadean ata dar forma ao material metálico e obter o produto final (Marcos Martínez, 2003; López-Lillo, 2010). O proceso de calcinación do mineral podía acadar unhas temperaturas de 500°C. Posteriormente o proceso químico da redución facilitaba a obtención do metal a partir do mineral mediante a perda de moléculas de osíxeno por parte dos compostos que conteñen óxidos metálicos (Sarabia Herrero, 1994).

As escouras son determinantes para estudar o proceso de manufactura porque as súas características químicas permiten establecer o tipo de forno de fundición utilizado, un dato que non proporciona o estudo dos obxectos manufacturados (Sarabia Herrero, 1994). A construción de estruturas tipo forno para o proceso técnico do ferro era imprescindible. Entre as máis sinxelas están as denominadas “ferrerías de monte”, que toman o nome da súa localización no interior das áreas boscosas (Marcos Martínez, 2003). O seu emprazamento está condicionado por tres factores fundamentais: 1) proximidade ao mineral de ferro; 2) presenza de correntes de auga co fin de lavar o mineral e temperar a ferramenta; e 3) dispoñibilidade de biomasa forestal para utilizar como combustible (carbón vexetal ou madeira).

Nas ferrerías de monte o procesado de mineral realizábase intercalando no forno capas de mineral, capas de carbón vexetal e terra. O produto principal obtido era unha masa sólida de ferro doce e escoura que podía acadar varios kilogramos de peso denominada esponxa ferrífera. A escoura é o subproduto da obtención do ferro. O carbón vexetal non tiña o poder calorífico suficiente para licuar o ferro, o que non se conseguiu ata que comezou a explotarse o carbón mineral, xa que con este carbón forma unha aliaxe ferro-carbono que funde a unha temperatura máis baixa (Gómez Ramos, 1996). Existen diferentes tipoloxías de fornos pero a división máis práctica a nivel arqueolóxico consiste en saber se tiña ou non sangrado ao exterior das súas escouras (Gómez Ramos, 1996). Estas escouras de sangrado distínguense por presentar na súa superficie signos evidentes de ter fluído en estado pastoso. No caso de Folgoso a morfoloxía das escouras localizadas indican que proceden dun ou de varios fornos con sangrado (Fig. 26).

A actividade mineira e metalúrxica durante o período romano tivo un forte impacto sobre o entorno no noroeste peninsular. Por unha banda produciuse un incremento da deforestación (López-Merino et al., 2014), e aumentou a polución atmosférica por metais pesados, fundamentalmente mercurio (Serrano, Martínez-Cortizas, Mateo, Biester, & Bindler, 2013). As emisións de



Fig. 26.

Escoura de sangrado identificada no escoural de Folgoso.

mercurio teñen un impacto rexional e non descendén ata o 1700 cal BP coincidindo coa caída do Imperio Romano, momento no que as actividades mineiras a gran escala diminúen a súa intensidade (Serrano et al., 2013).

A utilización de carballo como combustible neste tipo de estruturas está documentada tanto nas fontes etnográficas e históricas, como nas evidencias arqueobotánicas vinculadas a contextos similares. En Bagoeta (Euskadi), nun contexto do s.VII-VIII AD relacionado coa actividade metalúrxica con numerosos desfeitos do proceso produtivo do ferro como escouras, carbóns e revestimentos de arxila, a análise dos carbóns recuperados indica un predominio absoluto de madeira de *Quercus* sp. caducifolio (Azkarate Garai-Olaun, Martínez Torrecilla, & Solaun Bustinza, 2011), ao igual que no caso de Folgoso. A preferencia pola madeira de carballo como combustible relaciónase neste caso coa súa excelente calidade e coas súas propiedades caloríficas. Esta selección do combustible foi interpretada como unha explotación especializada.

Os datos antracolóxicos vinculados a contextos de metalurxia e minería de época romana na península Ibérica non son moi abundantes. Un dos máis relevantes son os conxuntos arqueobotánicos recuperados na mina romana de Arditurri 3 (Euscadi) (Urteaga & Ugalde, 1986), con galerías para a extracción do mineral e na que foron recuperados carbóns e madeiras preservadas por humidade (Moreno-Larrazabal, Urteaga, & Zapata, 2011). Neste caso os fragmentos de carbón presentaban unha elevada variabilidade que é interpretada como unha explotación oportunista dos recursos forestais do entorno, predominando o uso de madeira de faia (*Fagus sylvatica*) e carballo (*Quercus* sp. caducifolio) (Moreno-Larrazabal et al., 2011). En Folgoso identificamos igualmente unha marcada preferencia pola madeira de carballo, o que indicaría que foi seleccionada especificamente para este fin, probablemente polas súas calidades e pola facilidade de obtención na contorna.

A explotación de mineral de ferro no Rego do Casal podería estar relacionada co asentamento de época romana de Vilar da Graña en Roupar (Xermade). Dentro das múltiples formas de poboamento rural durante época romana (*vici, casae, tuguriae, conciliabula, canabae, fora, mutatio, mansio, oppidum, castellum, civitas, castrum*, etc.), Vilar da Graña podería corresponder a unha *villa*. Os datos dispoñibles sobre este asentamento romano indican a existencia dun hipocausto, unha área habitacional con estancias nobres e instalacións relacionadas coa transformación e almacenaxe de produtos agropecuarios. Este tipo de asentamentos produtivos rurais teñen no noroeste a súa etapa inicial entre os séculos I e II d.n.e e consolidanse entre os s. III e IV d.n.e. A esta segunda etapa é á que se asocia habitualmente o xacemento de Vilar da Graña (Carlsson-Brandt Fontán, 2011). Neste área localízase grande cantidade de escoura de ferro, igual que noutras áreas próximas como en Muiño Novo e O Corno (Riveira Requeijo, 2014).

O xacemento de As Telleiras, en Vilar de Landoi (Xermade), foi descuberto durante as tarefas de seguimento arqueolóxico do gasoducto Vilalba-Valga (Amado Reino, Martínez López, María del Carmen, & Lima Oliveira, 2000; Sánchez-Pardo, 2010). Neste lugar recuperouse un conxunto de cerámicas (Fig. 27), e identificáronse varias estruturas (unha fosa e restos de un muro) cunha adscrición cronolóxica que iría de época tardorromana a altomedieval (Amado Reino et al., 2000).




Fig. 27.
Material cerámico recuperado no xacemento de As Telleiras (Cazás, Xermade) (Amado Reino et al., 2000).

Preto de Xermade, nas Pontes (A Coruña), temos varias evidencias que poñen de manifesto a intensidade da presenza romana nesta área. No Castro de Espiñaredo localizáronse materiais romanos como ánforas e doas de colar de vidro que indicarían a existencia de intercambios comerciais de certa entidade nesta área de interior. Na xa desaparecida capela de Santa Eulalia de

Portorribo recuperouse unha inscrición oracular, co texto: DIS D(EABUS)Q(UE) / EX INT(E)RP / RETATION(E) / ORACULI / CLARI APO / [L]INIS C[.] / AD SACR / U [M -C.6], que ten outros sete paralelos practicamente idénticos distribuídos ao longo do Imperio Romano, vinculada á posible presenza de algunha unidade militar nesta área (Armada Pita & Martín Seijo, 2007). No exterior desta capela tamén foron localizados dous enterramentos tardorromanos ou altomedievais: unha estrutura cistoide de lousas e un sartego en bañeira de granito. A estes achados suman na zona do Chamoselo unha área habitacional de certa entidade datada entre o s. IV e a primeira metade do s. V d.n.e. A existencia destas evidencias ocupacionais de época romana e os identificados en Xermade probablemente estean en relación coa existencia dunha vía de comunicación secundaria entre *Lucus Augusti* e a costa, que atravesaría a zona aproveitando as vías de paso naturais.

5. DÚAS HISTORIAS

Son dúas as historias que as investigacións desenvolvidas en Folgoso permiten reconstruír. A primeira unha historia do ferro, recuperada a partir do estudo do escoural, relacionada coa ocupación romana desta área e coa explotación mineira. A segunda unha historia do carbón a partir da foia, que nos aproxima a unha actividade pouco coñecida da que ata o momento había só algunhas referencias históricas e etnográficas. Ambas as dúas, malia representar dous períodos e actividades distantes teñen como nexo a explotación do bosque e da matogueira para a produción dun combustible especializado, como é o carbón vexetal. Por outro lado, tanto a nivel arqueolóxico como arqueobotánico o traballos desenvolvidos en Folgoso constitúen unha novidade na investigación no noroeste peninsular e incluso é referente para outras áreas xeográficas. Neste eido os resultados sobre a carboeira presentáronse no Coloquio Internacional *Charbonnage, charbonniers, Charbonnières. Confluence de regards sur un artisanat méconnu*, celebrado en Limoges (Francia) do 12 ao 13 setembro de 2013, e foron parcialmente publicados recentemente (Martín-Seijo & Teira-Brión, 2017).

5.1. Unha historia do ferro

O escoural de Folgoso permitiu identificar evidencias materiais da metalurxia do ferro de época romana (Fig. 28), cuxos minerais son abundantes nesta zona e as vetas de mineral foron explotadas ata fai poucos anos. A datación do carbón recuperado no interior dunha das escouras no intervalo comprendido entre os séculos II-IV d.n.e. coincidiría probablemente coa ocupación da *villa* de Vilar da Graña, na que se identificaron tamén evidencias da produción de ferro. A explotación deste mineral implicaba o aprovisionamento dunha gran cantidade combustible para as tarefas de calcinación e redución. Asociado ás escouras observouse a selección de madeira de

carballo (*Quercus* sp. caducifolio). Moi probablemente o desenvolvemento desta actividade produtiva tería provocado unha forte deforestación nesta área, tal e como se rexistrou xa en lugares onde a explotación de minerais foi intensa en época romana. A probable selección de troncos ou grandes ramas faría que a rexeneración das masas boscosas fose máis lenta que na explotación de madeira procedente de arbustos que rebrotan con maior facilidade e rapidez.



Fig. 28.

Modelo tridimensional do depósito de escouras. Na esquina inferior dereita aparece parcialmente o corte realizado para o enterramento dun bóvido e que motivou a escolla deste lugar para a sondaxe.

5.2. Unha historia do carbón

A escavación da foia permitiu rexistrar as características de estruturas vinculadas á fabricación de carbón, proporcionando un marco de comparación e análise para as evidencias arqueolóxicas deste tipo (Fig. 29). As foias polo seu tamaño e polo tipo de produción á que se atopan vinculadas son estruturas pouco coñecidas. Ata o momento os datos arqueobotánicos de Folgoso son únicos, proporcionan información directa sobre os combustibles utilizados no carboneo e complementan os datos coñecidos ata o momento a partir de fontes históricas e etnográficas. Este tipo de estruturas están vinculadas a unha explotación da biomasa forestal completamente diferente á documentada no escoural, xa que se explota de maneira combinada a madeira de árbores e arbustos.



Fig. 29.

Modelo tridimensional do corte da carboeira co último depósito cos residuos da combustión.

6. AGRADECEMENTOS

A intervención arqueolóxica levada a cabo en Folgoso foi financiada polo Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste Ibérico – Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEPN–AAT) da Universidade de Santiago de Compostela. Debemos mencionar o apoio que se nos brindou desde o Concello de Xermade e a inestimable axuda da Asociación El Porvenir de Lousada. Agradecer aos arqueólogos (Aldara Rico Rey, Israel Picón Platas) e voluntarios (Ermitas Vérez Mouriño, Ramón Otero Otero, José Gacio Orosa, Vicente Pernas Pernas) que participaron nas escavacións, así coma aos visitantes que fixeron máis familiares eses días de traballo. Grazas tamén a Darío Peña Pascual, pola elaboración do modelo dixital do terreo nos planos de Folgoso, e a Clíodhna Ní Lionáin pola súa participación no proxecto. Finalmente, agradecer de xeito especial a Manuel Pernas Gómez e familia, e a Antonio Riveira Requeijo e Xosé M. Felpeto Carballeira pola súa colaboración esencial.

BIBLIOGRAFÍA

- Abraira Pérez, M. Á. (2003). *Ferreiro, técnica, cultura. O traballo tradicional do ferro en Riotorto, A Pontenova e Taramundi*. Valga: Concello de Valga.
- Amado Reino, X., Martínez López, María del Carmen, & Lima Oliveira, E. (2000). *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 8: Corrección de Impacto del Gasoducto de Transporte Vilalba-Valga*. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (GIARPa) IIT, Universidade de Santiago de Compostela.
- Armada Pita, X. L., & Martín Seijo, M. (2007). Novidades sobre o culto a Sta. Baia / Eulalia e a Arqueoloxía paleocristiá do NO. peninsular. *Larouco: Revista Anual Da Antigüidade Galaica*, 4, 123-139.
- Atkinson, P., & Hammersley, M. (1994). Ethnography and participant observation. In N. K. Denzin, & Y. Lincoln (Eds.), *Handbook of qualitative research* (pp. 248-261). Thousand Oaks: Sage.
- Azkarate Garai-Olaun, A., Martínez Torrecilla, J. M., & Solaun Bustinza, J. L. (2011). Metalurgia y hábitat en el País Vasco de época medieval: el asentamiento ferrón de Bagoeta, Álava (ss. VII-XIV dC). *Arqueología y Territorio Medieval*, 18, 71-89.
- Blanco Castro, E. (1996). *El Caurel, las plantas y sus habitantes. Estudio etnobotánico de la Sierra del Caurel (Lugo). La importancia de las plantas para nuestros antepasados*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Bonhôte, J., Davasse, B., Dubois, C., Isard Véronique, & Métaillé, J. (2002). Charcoal kilns and environmental history in the eastern Pyrenees (France). A methodological approach. En S. Thiébault (Ed.), *Proceedings of the 2nd International Meeting of Anthracology* (pp. 219-228). Oxford: BAR International Series 1063.

- Burri, S., Durand, A., Py, V., & Vaschalde, C. (2013). Les outils pour acquérir et transformer la matière ligneuse dans les chaînes opératoires techniques des artisanats forestiers en Provence et Haut-Dauphiné au Moyen Âge. En P. C. Anderson, C. Cheval & A. Durand (Eds.), *Regards croisés sur les outils liés au travail des végétaux/An interdisciplinary focus on plant-working tools*. (pp. 397-414). Antibes: Éditions APDCA.
- Carlsson-Brandt Fontán, E. (2011). El poblamiento rural en la Galicia Romana. Un ejemplo: las villae. Metodología y Problemática en su estudio. *Estrat Crític*, 1, 156-167.
- Carvalho, A. M. P. (2005). *Etnobotánica del Parque Natural de Montesinho. Plantas, tradición y saber popular en un territorio del Nordeste de Portugal*
- Cerrato, Á. (2002). Carboneros de las sierras del Sureste de Orense. *Revista De Flokllore*, 256, 123-132.
- David, N., & Kramer, C. (2001). *Ethnoarchaeology in action*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Deforce, K., Boeren, I., Adriaenssens, S., Bastiaens, J., De Keersmaecker, L., Haneca, K.,... Vandekerckhove, K. (2013). Selective woodland exploitation for charcoal production. A detailed analysis of charcoal kiln remains (ca. 1300–1900 AD) from Zoersel (northern Belgium). *Journal of Archaeological Science*, 40(1), 681-689. doi:<http://dx.doi.org/10.1016/j.jas.2012.07.009>
- Dobres, M. (2010). Technology's Links and Chaînes: The Processual Unfolding of Technique and Technician. En R. N. Prencel, & S. A. Mrozowski (Eds.), *Contemporary Archaeology in Theory. The New Pragmatism* (pp. 65-73). Hoboken: Wiley-Blackwell.
- Dufraisse, A. (2012). Firewood and woodland management in their social, economic and ecological dimensions. New perspectives. En E. Badal, Y. Carrión, M. Maciás & M. Ntinou (Eds.), *Wood and charcoal evidence for human and natural history* (pp. 65-73). Valencia:
- Durand, A., Duval, S., & Vaschalde, C. (2010). Le charbonnage des Ericacées méditerranéennes: approches croisées archéologiques, anthracologiques et historiques. En C. Delhon, I. Théry-Parisot & S. Tiébault (Eds.), *Des hommes et des plantes. Exploitation du milieu et gestion des ressources végétales de la Préhistoire à nos jours* (XXXe rencontres internationales d'archéologie et d'histoire d'Antibes ed., pp. 323-331). Antibes: Éditions APDCA.
- Euba, I. (2010). L'exploitation des ressources végétales dans les Pyrénées Orientales durant l'Holocène: analyse anthracologique des structures d'élevage, de fours et de charbonnières dans l'Alt Urgell (Chaîne du Cadí) et la Vallée du Madriu (Andorre). *Quaternaire*, 21(3), 305-316.
- Fabre, L., & Auffray, J. (2002). An anthracological method for the study of charcoal kilns in relation to historical forestry management. En S. Thiébault (Ed.), *Proceedings of the 2nd International Meeting of Anthracology* (pp. 193-199). Oxford: BAR International Series 1063.
- Fernández de la Cigña Núñez, E. (2011). As carboeiras de pedra para a fabricación de carbón vexetal. Ponteareas (Pontevedra). Etnografía, 3. Recuperado de http://mesondoforno.com/index.php?option=com_content&view=article&id=727:iii-2011-carboeiras-de-pedra-para-a-fabricacion-de-carbon-vecetal-ponteareas-pontevedera&catid=57:etnografia-2011&Itemid=89 9/02/2015.
- Fidalgo Santamariña, X. A. (2001). *Os saberes tradicionais dos galegos. Estudos da pluriactividade galega tradicional*. Vigo: Galaxia.
- Gómez Ramos, P. (1996). Análisis de escorias férreas: nuevas aportaciones al conocimiento de la siderurgia prerromana en España. *Trabajos de Prehistoria*, 53(2), 145-155.
- González Pérez, C. (1994). *A produción tradicional do Ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.

- Harris, E. C. (1991). *Principios de estratigrafía arqueológica*. Barcelona: Crítica.
- Lemonnier, P. (1986). The study of material culture today: toward an anthropology of technical systems. *Journal of Anthropological Archaeology*, 5(2), 147-186.
- López-Lillo, J. A. (2010). Estructuras de combustión en el entorno de la sierra de Fontcalent (Alacant): un primer acercamiento a su estudio. *Lucentum*, 19, 199-216.
- López-Merino, L., Martínez Cortizas, A., Reher, G. S., López-Sáez, J. A., Mighall, T. M., & Bindler, R. (2014). Reconstructing the impact of human activities in a NW Iberian Roman mining landscape for the last 2500 years. *Journal of Archaeological Science*, 50, 208-218. doi:http://dx.doi.org/10.1016/j.jas.2014.07.016
- Lorenzo, X. (1983). *Os oficios*. Vigo: Galaxia.
- Ludemann, T. (2004). Anthracological Analysis of Recent Charcoal-Burning in the Black Forest, SW Germany. En A. Dufraisse (Ed.), *Charcoal Analysis: New Analytical Tools and Methods for Archaeology. Papers from the Table-Ronde held in Basel 2004* (pp. 61-70). Oxford: BAR International Series.
- Ludemann, T. (2012). Airborne laser scanning of historical wood charcoal production sites—a new tool of kiln site anthracology at the landscape level. En E. Badal, Y. Carrión, M. Macías & M. Ntinou (Eds.), *Wood and charcoal evidence for human and natural history* (pp. 247-252). Valencia: Universitat de Valencia.
- Ludemann, T. (2010). Past fuel wood exploitation and natural forest vegetation in the Black Forest, the Vosges and neighbouring regions in western Central Europe. *Palaeogeography, Palaeoclimatology, Palaeoecology*, 291(1-2), 154-165. doi:http://dx.doi.org/10.1016/j.palaeo.2009.09.013
- Marcos Martínez, J. (2003). La metalurgia prehidráulica del hierro: aproximación a las ferrerías secas en Cantabria. *Sautuola: Revista Del Instituto De Prehistoria y Arqueología*, 9, 393-408.
- Marguerie, D., Bernard, V., Bégin, Y., & Terral, J. (2010). Dendroanthracologie. En S. Payette, & L. Filion (Eds.), *La dendroécologie - Principes, méthodes et applications* (pp. 311-350). Québec: Presses de l'Université Laval.
- Marguerie, D., & Hunot, J. (2007). Charcoal analysis and dendrology: data from archaeological sites in north-western France. *Journal of Archaeological Science*, 34(9), 1417-1433. doi:http://dx.doi.org/10.1016/j.jas.2006.10.032
- Martín Seijo, M., Rico Rey, A., Teira Brión, A., Picón Platas, I., García González, I., & Abad Vidal, E. (2010). *Guía de Arqueobotánica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Martín-Seijo, M., Alles León, M. J., & Abad Vidal, E. (2009). Análise dos carbóns arqueolóxicos. En A. Bonilla, & R. Fábregas (Eds.), *Círculo de engaños: Excavación del cromlech de A Mourela (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña)* (pp. 163-175). Santiago de Compostela: Andavira.
- Martín-Seijo, M., & Teira-Brión, A. (2017). An Interdisciplinary Approach to Wood Charcoal Production in the Northwest of the Iberian Peninsula. En S. Paradis-Grenouillet, S. Burri & R. Rouaud (Eds.), *Charbonnage, charbonniers, Charbonnières. État des connaissances et perspectives de recherches*. (pp. 27-36). Aix-en-Provence: Presses Universitaires de Provence.
- McParland, L. C., Collinson, M. E., Scott, A. C., Campbell, G., & Veal, R. (2010). Is vitrification in charcoal a result of high temperature burning of wood? *Journal of Archaeological Science*, 37(10), 2679-2687. doi:http://dx.doi.org/10.1016/j.jas.2010.06.006
- Meijide Pardo, A. (1985). *La antigua minería del cobre en el valle de Valdeorras*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Moreno-Larrazabal, A., Urteaga, M., & Zapata, L. (2011). Identification of archaeological wood remains from the roman mine of Arditurri 3 (Oiartzun, Basque Country). En E. Badal, Y. Carrión, E. Grau, M. Macías & M. Ntinou (Eds.), *5th International Meeting of Charcoal Analysis. Archaeological charcoal: natural or human impact on the vegetation* (pp. 159-160). Valencia: Universitat de Valencia.
- Nelle, O. (2002). Charcoal burning remains and forest stand structure – Examples from the Black Forest (south-west-Germany) and the Bavarian Forest (south-east-Germany). En S. Thiébault (Ed.), *Proceedings of the 2nd International Meeting of Anthracology* (pp. 201-207). Oxford: BAR International Series.
- Queiroz, P. F. (1989). Wood Anatomy of Iberian Ericales. *Revista de Biología*, 14, 95-134.
- Riveira Requeijo, A. (2014). Un paseo polo Alto Eume. *Eume*, 7, 285-301.
- Rodríguez Guitián, M. A., & Ramil-Rego, P. (2012). Fitogeografía de Galicia (NW Ibérico): análisis histórico y nueva propuesta corológica. *Recursos Rurais*, 6, 19-50.
- Romero Franco, R., & Rodríguez Guitián, M. A. (2012). Etnobotánica forestal: revisión y experiencias de estudio en Galicia (NW España). *Recursos Rurais*, 6, 129-137.
- Sánchez-Pardo, J. C. (2010). Poblamiento rural tardorromano y altomedieval en Galicia (s. V-X). Una revisión arqueológica. *Archeologia Medievale*, 37, 285-306.
- Sarabia Herrero, F. J. (1994). Aproximación teórica y metalográfica a la reducción de hierro en la Prehistoria partiendo del trabajo experimental. *Trabajos de Prehistoria*, 51(1), 95-109. doi:10.3989/tp.1994.v51.i1.466
- Schulz, G. (1838). Ojeada sobre el estado actual de la minería del distrito de Asturias y Galicia. *Anales de Minas*, 1, 379-397.
- Schweingruber, F. H. (1996). *Tree rings and environment: dendroecology*. Bern: Paul Haupt AG.
- Schweingruber, F. H., & Landolt, W. (2010). The Xylem Database. Recuperado de <https://www.wsl.ch/dendropro/xylemdb/>
- Serrano, Ó, Martínez-Cortizas, A., Mateo, M. A., Biester, H., & Bindler, R. (2013). Millennial scale impact on the marine biogeochemical cycle of mercury from early mining on the Iberian Peninsula. *Global Biogeochemical Cycles*, 27(1), 21-30.
- Skibo, J. M., & Schiffer, M. B. (2008). *People and things: A behavioral approach to material culture*. New York: Springer Verlag.
- Théry-Parisot, I. (2001). *Économie des combustibles au Paléolithique*. Antibes-Paris: CÉPAM-CNRS.
- Théry-Parisot, I., Chabal, L., & Chravzez, J. (2010). Anthracology and taphonomy, from wood gathering to charcoal analysis. A review of the taphonomic processes modifying charcoal assemblages, in archaeological contexts. *Palaeogeography, Paleoclimatology, Palaeoecology*, 291(1-2), 142-153.
- Thiebault, S. (2006). Wood-anatomical evidence of pollarding in ring porous species: a study to develop? En A. Dufraisse (Ed.), *Charcoal analysis: new analytical tools and methods for archaeology, papers from the Table-Ronde held in Basel 2004* (pp. 95-102). Oxford: Archaeopress.
- Urteaga, M., & Ugalde, T. (1986). Indicios de minería romana en Guipúzcoa. El coto minero de Arditurri. Oyarzun. *Munibe. Antropología y Arqueología*, 38, 107-116.
- Vaschalde, C., Durand, A., & Thiriot, J. (2011). Vitrification and craft fire in occidental Mediterranean. Describing characteristics, first results and research hypothesis. En E. Badal, Y. Carrión, E. Grau, M. Macías & M. Ntinou (Eds.), *5th International Meeting of Charcoal Analysis. Archaeological charcoal: natural or human impact on the vegetation* (pp. 19-20). Valencia: Universitat de Valencia.





A IGREXA DE SANTO ANDRÉ
DE LOUSADA
ARTE E ARQUITECTURA

SILVIA BLANCO AGÜEIRA



■ ÍNDICE ■

INTRODUCCIÓN	243
PRIMEIRA PARTE. ENTRE O CEO E A TERRA	245
1. CAMBIOS E PERMANENCIAS	247
2. TODO POR UN SOÑO	251
SEGUNDA PARTE. RAROS E EXTRAVAGANTES	257
3. OS NOVOS REQUERIMENTOS	259
4. AS INFLUENCIAS EXTERNAS	265
5. A INTEGRACIÓN DAS ARTES	271
CONCLUSIÓNS	275
BIBLIOGRAFÍA E ARQUIVOS	277



INTRODUCCIÓN



Radicalmente moderna, a igrexa parroquial de Santo André de Lousada constitúe un fito dentro da arquitectura relixiosa na diocese de Mondoñedo-Ferrol. Emprazada no concello de Xermade, o seu deseño revela as novas correntes que comezaban a dominar a creación de espazos sacros en España, na maior parte de Europa e en América. Sen embargo, e a pesar da súa posición de protagonismo dentro do ámbito sacro, segue a manterse un rechamante baleiro bibliográfico ó seu arredor. De aí que esta obra mereza un estudo pormenorizado que mostre o acelerado camiño cara á modernidade que se produciu nunha contorna sementada de dificultades e limitacións económicas. Trátase de amosar o esforzo que latexaba de fondo para abrir novos eidos de expresión por parte dos arquitectos, dos artistas, e tamén dunha parte do clero galego.

En calquera caso, antes de internarnos na historia que queremos contar, é necesario facer unhas anotacións iniciais. Por un lado, indicar que neste traballo importa tanto o proceso de proxecto e os seus protagonistas coma a análise do edificio rematado, a memoria do lugar, as vivencias dos usuarios e as experiencias compartidas. Por outro lado, é necesario narrar as cuestións sociais e culturais que tiveron repercusión nunha pequena diocese do noroeste da península, incluso antes de celebrarse o Concilio Vaticano II (1962/65). En resumo, nos próximos capítulos tentarase reconstruír o pasado coa axuda de fragmentos de todo tipo: diálogos ou conversas, imaxes, recordos, sentenzas, datos das hemerotecas e dos arquivos. Pero sobre todo, apelárase á memoria, e se se quere á desmemoria, esa que é necesario axitar, zarandear ou bater para loitar contra o esquecemento.

■

PRIMEIRA PARTE.

ENTRE O CEO E A TERRA

■



Iglesia de Santo André de Lousada (Xermade).
Estado actual.

1. CAMBIOS E PERMANENCIAS

Case tódolos templos construídos na diocese de Mondoñedo-Ferrol entre os anos sesenta e setenta do século pasado estiveron impregnados dun espírito combativo, produto da aparición de personaxes dentro do clero que exerceron de verdadeiros axitadores. Sacerdotes que protagonizaron a renovación da arquitectura e da arte sagrada no período que nos ocupa, participando en debates e pasando á acción. A súa necesaria sensibilidade, traducida en respecto cara ó traballo dos creadores, facilitou a chegada de modernas realizacións.

Cando Manuel Mejuto Sesto (Melide, 1933-Santiago de Compostela, 2008) chegou destinado á parroquia de Lousada a finais dos anos cincuenta asumiu un compromiso que habería de cambiar a imaxe dunha parte do territorio orixinal: a construción dunha nova igrexa¹. A súa decisión, que pasaba por crear un recinto útil e cómodo para os fieis, necesitaba fórmulas eficaces de financiación que permitiran canalizar as súas expectativas, ligadas a formas plásticas máis avanzadas. O reto non era fácil e as decisións tomadas non foron ben entendidas no seu momento.

Ó pouco da súa chegada, Manuel Mejuto decidiu vender o teixo centenario situado diante das tapias do cemiterio de Lousada de Arriba. Cumpríase así o desexo longamente acariciado por Severiano Castro Gregorio (1911/1977), torneiro das Pontes, que se encariñara dun exemplar moi especial: unha árbore conífera considerada dende a antigüidade como sagrada, entre outras cousas, pola extraordinaria lonxevidade da planta, que a fai parecer inmortal. Os teixos foron polo tanto plantados a carón de ermidas, igrexas ou cemiterios desde tempos remotos, o que alimentou a súa reputación de transcendencia e misterio. No caso de Lousada, o teixo

¹ Despois de cursar estudos eclesiásticos no Seminario de Mondoñedo, recibiu a ordenación sacerdotal en maio de 1957. O seus dous primeiros destinos foron as parroquias de San Pedro de Candia, en Abadín, e de Santo André de Lousada, en Xermade.

formaba parte incluso da memoria colectiva da comunidade, pois dúas das súas enormes gallas, de máis dun metro de diámetro, servían de improvisado escenario sobre o que os gaiteiros se empoleiraban para tocar nas festas².

Das dimensións da árbore falan determinados aspectos e detalles da súa corta. Para poder arrincalo fixeron falta varias xornadas, nas que Severiano Castro, acompañado de dous dos seus fillos, Xesús e Manuel, procedeu a aproveitar toda a madeira posible, pois era esta moi aprezada: por exemplo, en Mondoñedo usábase para facer selas, xa que gardaba moi fresca a auga no seu interior. Por outra banda, para poder trasladarse desde o seu lugar de residencia, empregaban os camións que ían ás minas de ferro de Lousada tanto para a ida como para a volta. Para carrexar o teixo houberon de alugar outro camión que o transportase á vila pontesa para ser cortado en función da lúa máis adecuada e así obter unha maior duración da madeira. E con ela fixéronse floreiros, bandexas e ata copas tan finas coma o papel (Figura 1). Tras acadar un permiso especial, os Castro vendían estas pezas na rúa Real de A Coruña nos meses de agosto ós turistas, polo que se pode dicir que o teixo de Lousada acabou dalgunha maneira espallado polo mundo.



Fig. 1.
No centro, peza feita co teixo de Lousada.
Cortesía de Manuel Castro Romero. As Pontes.

Antes de ser transportada a árbore, Severiano e os seus fillos decidiron deixar proba da magnitude do exemplar adquirido e da peculiaridade do evento. E para elo tomaron prestada a cámara dun fotógrafo establecido en 1914 nas Pontes, chamado Foto Vila, coa que retrataron a enorme figura do tronco tombado, coas raíces ó aire. O pai situado diante e un dos fillos subido enriba do teixo compoñían a escena, mentres o outro fillo, Manuel, tomaba a instantánea. Desgraciadamente, a fotografía non se conserva, pois houbo problemas no revelado, sen desdeñar o feito de que as cámaras de placas requirían uns coñecementos avanzados e profesionais para o seu correcto manexo. Con todo, do que sí quedou constancia foi do prezo pagado pola árbore: 11.000 pesetas por un teixo de 960 anos de antigüidade e 22 toneladas de peso³. Un importante apoio económico para financiar en 1962 un proxecto que rachaba nalgúns aspectos coa multisecular tradición da Igrexa.

Xa non se trataba de levantar grandes monumentos, nin de alardear de grandes luxos, senón que se trataba de construír edificios sinxelos, humildes, seguindo un ideal de pobreza cristiá que fuxía da ostentación e que pretendía ser imaxe dos tempos que se vivían: difíciles e duros (Figura 2). Desde o punto de vista teolóxico tamén se seguía un camiño similar, derivado do testemuño de pobreza que Xesús dera ó mundo (Plazaola, 1965, p. 615). As realizacións que se apoiaron nestes supostos empregaron unha estética de liñas depuradas e materiais austeros que non debían

² Entrevista a Manuel Castro Romero, fillo de Severiano Castro Gregorio, realizada o día 23 de xaneiro de 2015 nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

³ *Ibidem*.

destacar excesivamente sobre o resto das edificacións. Xa non se trataba tanto de crear unha peza espectacular, coma en épocas pasadas, senón de crear un espazo habitable, co que a comunidade se sentira identificada.



Fig. 2.
Vista aérea da igrexa, no seu emprazamento de Lousada de Arriba.

A situación económica era urxente, coa necesidade de construír un recinto digno, a baixo custe e nun período breve de tempo. Para o verán de 1963 xa estaban practicamente rematadas as obras, de conforme ás certificacións realizadas polo arquitecto ferrolán Rodolfo Ucha Donate (1922/2015). Dada a situación, os veciños alternábanse para alimentar durante tres xornadas ós seis canteiros procedentes

de Mondoñedo, encargados de construír o novo templo⁴. Facendo da necesidade unha virtude, os fregueses incluso chegaron a implicarse na propia execución material do recinto, aumentando así a súa conexión coa nova edificación, ao quedar marcado este feito na memoria da comunidade.

As penurias financeiras quedaron reflectidas na documentación do proxecto. Ademais da venda do teixo, da xenerosa aportación do anterior crego da parroquia e da colaboración veciñal, Mejuto Sesto houbo de solicitar tamén axuda a outras institucións para levar a cabo o seu proxecto. En concreto, a comunicación epistolar e os recibos indican a participación da Dirección Xeral de Asuntos Eclesiásticos do Ministerio de Xustiza⁵. A subvención concedida ascendeu a dúascentas mil pesetas da época, unha cantidade aprobada con cargo ós presupostos do Estado no apartado destinado á construción de templos parroquiais, e que lle foi comunicada por carta ó bispo da diocese naquel momento, Jacinto Argaya Goicoechea. Pero, a pesar do que todas estas xestións poidan indicar, a pequena igrexa de Lousada non tiña máis pretensión que a de servir para o culto, sen recorrer a estilos pasados ou a presupostos desorbitados. Observándoa, pódese pensar que solo se trataba dun espazo cuberto no que poder desenrolar celebracións litúrxicas sen problemas de circulación nin de servizos, é dicir, algo parecido a un garaxe ou unha fábrica. Pero, en realidade, era algo máis.

⁴ «Eran tempos difíciles, polo que se facía un guiso de carne ou unhas patacas con bacallau, e dábanelles un vasiño de viño. Nada de copas». Conversa mantida con Inés Mourino Novo o 20 de xaneiro de 2015.

⁵ Proxecto da igrexa de Lousada, 1963. Arquivo Histórico-Diocesano de Mondoñedo.

2. TODO POR UN SOÑO

A construción da igrexa de Santo André non foi só unha iniciativa de Manuel Mejuto para introducir unha arquitectura moderna e unhas ideas máis avanzadas no sentido da liturxia. Foi tamén o desafío persoal dun personaxe máis maior, Gumersindo Bellas Ramil, oriundo de Lousada, que teimou para conseguir levantar a nova igrexa no campo da feira (Riveira, 2013, p. 253). Dito sacerdote loitou contra o concello de Xermade para evitar perder a concesión dos terreos, o que derivou nun forte enfrontamento entre ambas partes⁶. Para 1961, ano do seu falecemento, as obras aínda non comezaran, obstaculizadas desde a alcaldía. Baixo este panorama, Mejuto decidiu facerse cargo do problema, axilizándoo, pois a antiga igrexa atopábase ademais en malas condicións. Segundo Ángel Paz Gómez, xuíz do Tribunal Eclesiástico e cóengo da Catedral Basílica de Mondoñedo, Mejuto Sesto descubriu por esas datas que o cura de San Martiño de Covas, en Ferrol, rexeitara un proxecto de templo realizado polo arquitecto Rodolfo Ucha Donate, en base á súa «excesiva modernidade⁷». Nun intento de axilizar xestións, aproveitaríase así un deseño previo que non fora aprobado, ó mesmo tempo que se decidía crear outro cemiterio en Lousada de Abaixo para evitar que os falecidos pasasen moitos días na casa en época de neves, tardando en enterralos porque estaban moi arredados da igrexa parroquial⁸.

Non existe constancia documental das posibles similitudes ou diferenzas entre a proposta ferrolá e a finalmente realizada en Xermade. De feito, foi o arquitecto diocesano Vicente García-Lastra

⁶ A igrexa vella emprazábase próxima ó lugar de Choutar. Tanto esta como a reitoral foron demolidas cando se construíu o novo templo no campo da feira.

⁷ Conversa mantida con Ángel Paz Gómez (Irixoa, 1932) na súa residencia de Valdoviño o 10 de xaneiro de 2015.

⁸ «*Máis relixiosos os de Lousada de Abaixo que os de Arriba, máis próximos a Deus os da chaira que os da montaña*». Ángel Paz Gómez, conversa citada.

o encargado do deseño definitivo do templo de Covas, seguindo un esquema tradicional que profundaba na idea monumental do sagrado.

O que si resulta verificable é o parecido entre o esquema da igrexa de Santo André de Lousada e o anteproxecto presentado por Ucha Donate para a igrexa de Santa Mariña do Vilar, en Ferrol (Figuras 3 e 4). A solución que databa de marzo de 1960, pretendía dar servizo ó poboado sindical existente na parte alta das aforas da cidade. Nunha zona entre rural e suburbana, Ucha decantouse por impulsar unha sinxela cuberta a dúas augas, de gran pendente. Dada a limitación económica, e pensando en posibles ampliacións, fixou elementos estruturais normalizados que permitisen prolongar facilmente a nave central. Con todo, o volume non chegaba a ser un prisma triangular diáfano, pois era completado por un espazo que funcionaba a modo de falso transepto. Quizais esta decisión respondese máis ben a unha licenza creativa do arquitecto, nun momento no que a nova arquitectura relixiosa estaba transitando pola experimentación de novos programas e linguaxes. Neste senso, é necesario recordar que a igrexa de Santa Mariña foi levantada durante o exercicio de Xosé Chao Rego⁹, que desde agosto de 1959 viña implantando novas experiencias en liturxia




Fig. 3 e 4.

Fachada principal do primeiro proxecto de Rodolfo Ucha Donate para a nova igrexa parroquial de Santa Mariña do Vilar (Ferrol), datado en marzo de 1960. Arriba, proposta de reformulación do anteproxecto.

⁹ Xosé Chao Rego (1932-2015), teólogo e intelectual galego, nado en Vilalba que se secularizou nos anos setenta.

e pastoral que chamaban a atención de seminaristas, presbíteros e proxectistas (Figuras 5 e 6). A celebración cara ó pobo, a participación activa dos asistentes ou emprego de linguas vernáculas convertéronse en norma.

Un dos arquitectos engaiolados por todo aquilo que se irradiaba desde o extrarradio ferrolá foi Alfredo Alcalá Navarro, que foi requirido en 1963 polo párroco de Cabreiros, Luis Grandío Paz,



Fig. 5 e 6.

Xosé Chao Rego, promotor da nova igrexa de Santa Mariña do Vilar (Ferrol). Proxecto definitivo na imaxe superior.

para construír a nova igrexa parroquial. Alcalá, que frecuentaba a contorna de Chao Rego, creou para Xermade un espazo de culto que renunciaba á monumentalidade para acadar unha forma de abano, é dicir, unha planta converxente en torno ó altar, núcleo ao redor do cal se congregaba toda a comunidade (Figura 7). Seguíase así unha corrente que triunfaba en Europa desde facía unha década e que consistía en coidar con especial atención a disposición interna e a fidelidade á liturxia, en detrimento do aspecto externo¹⁰. O resultado foron templos modestos, mesmo pobres, severos, difíciles de mirar, que non foron levantados para ser vistos, senón para ser vividos. Curiosamente, sería Alcalá Navarro o encargado de realizar dous proxectos enormemente censurados a finais dos anos sesenta en Galicia: as igrexas de San Vicente de Vilaboa, nunha pequena aldea pertencente ó concello de Valdoviño, e máis a igrexa de Santa María Magdalena, en Cabanas. Demolida polos veciños a primeira, a segunda presenta un importante deterioro nas placas de fibrocemento que a cobren case por completo. E é que en todas estas iniciativas se apelou sempre á austeridade e ás formas xeométricas, pois o substancial era conseguir unha boa visibilidade, unha correcta iluminación, unhas circulacións claras así coma unha completa participación da comunidade. Todas estas premisas apareceron citadas nas memorias descritivas dos proxectos, onde ademais se verificaba a progresiva aceptación das novas técnicas construtivas.

¹⁰ Seguindo os criterios do Movemento Litúrxico, unha corrente renovadora que tivo o seu comezo no século XIX e o seu remate en 1963, coa promulgación da constitución sobre sagrada liturxia «Sacrosanctum Concilium» polo Concilio Vaticano II.



Fig. 7.
Igrexa parroquial de Santa Mariña de Cabreiros (Xermade).
Arquitecto: Alfredo Alcalá Navarro.

Vemos pois cómo se tecen fíos invisibles, asociacións e conexións entre os proxectos e os seus promotores que axudan a comprender o interese que posúen unhas arquitecturas que adoitan quedar arrombadas no desprestixio e a indiferenza. O cambio de mentalidade que se produciu con respecto á arquitectura e á arte sacra nos anos sesenta do século pasado debeuse en gran parte á tarefa metódica e profunda dunha serie de figuras que soñaban con cambios profundos na identidade da Igrexa. Sacerdotes xoves, inquedados, viaxeiros, coñecedores dos movementos europeos de renovación sacra e defensores da dura loita dos obreiros ferroláns.

De Manuel Mejuto podemos afirmar que era un home con desexos dun futuro anovador (Figura 8), con ideas avanzadas en canto ó sentido da liturxia, e que comezou en Lousada unha das tarefas que ía definir a súa traxectoria: a creación de lugares axeitados para o culto e a convivencia nas comunidades que lle foron encomendadas. Restaurou unha igrexa en Abadín e fixo outra en Xermade. En 1964 marchou a Nimes (Francia) como capelán de emigrantes. Ó seu retorno, fíxose cargo da parroquia de San Pedro Apóstolo, en Ferrol, onde creou un novo espazo de culto¹¹. Pola súa parte, Gumersindo actuaba movido por alentos máis mundanos, comprometido coas necesidades temporais dos seus fregueses¹². Os seus restos descansan no interior de Santo André, baixo unha lápida que fai referencia á oración litúrxica do enterro. Foi necesario solicitar ante a Santa Sede un permiso especial para o seu soterramento no recinto, xustificando que era o fundador da igrexa. Unha igrexa que non puido comezar porque supostamente o concello non lle permitía facelo e que acabou converténdose na grande oportunidade de Rodolfo Ucha de levar á práctica unha idea previamente acariñada.



Fig. 8.
Manuel Mejuto Sesto
(Melide, 1933-Santiago de Compostela, 2008).

A primeira proposta de Ucha Donaté para Santa Mariña foi desbotada, pois as súas dimensións foran consideradas moi reducidas para un barrio de medio millar de vivendas¹³. Tampouco tivo moito recorrido a solución ideada para San Martiño de Covas, como comprobamos anteriormente (Figura 9). No entanto, en Xermade, optou por traslucir no seu deseño referencias máis claras do templo entendido como tenda de campaña, en liña co texto evanxélico: «O Fillo de Deus fíxose home e acampou entre nós»¹⁴.

¹¹ Posteriormente, foi sacerdote nas Pontes, onde pensaba crear unha comunidade relixiosa. Tras unha forte crise vocacional, que o levou a retirarse a unha vida máis privada, volveu logo a unha situación intermedia, sen responsabilidades de orde pastoral ata a súa morte, en 2008. Conversa mantida con Uxío García Amor o 10 de febreiro de 2015.

¹² Investiu 600.000 pesetas do ano 1958 no arranxo da igrexa de San Pedro de Muras, onde era párroco. Fixo tamén unha doazón no seu testamento, deixando tres bolsas completas para o estudo no Real Seminario Conciliar de Santa Catalina, en Mondoñedo, as cales foron executadas en 1968.

¹³ Misiva de José Fernández Bacorell, vicesecretario provincial de Obras Sindicales, datada o 6 de abril de 1960. Arquivo Histórico-Diocesano de Mondoñedo.

¹⁴ Jn, 1, 14



Fig. 9.
Igrexa parroquial de San Martiño de Covas (Ferrol).

A igrexa de Lousada é polo tanto a conclusión lóxica dunha evolución anterior e a evidencia dun interese por parte do arquitecto de introducir o vocabulario moderno no deseño de espazos sacros (Figura 10). A súa construción desenvolveuse entre 1963 e 1964. O feito de que esta coincidise no tempo coa celebración do Concilio Vaticano II (1962/65) invita a unha análise máis detallada da súa distribución interior e dos seus aspectos plásticos, ós que se lles dedicará un capítulo aparte.



Fig. 10.
Igrexa parroquial de Santo André de Lousada. Arquitecto: Rodolfo Ucha Donate.

■

SEGUNDA PARTE.

RAROS E EXTRAORDINÁRIOS

■

3. OS NOVOS REQUIRIMENTOS

Parece claro que a arquitectura relixiosa nunca fora, ata a centuria pasada, unha arquitectura de mínimos, preocupada pola economía de medios, pola eficacia ou pola funcionalidade física e material. A integración de todos estes novos condicionantes converteu o deseño de templos nunha das tarefas máis difíciles de resolver con acerto polos técnicos, pois xa non existía –ou se negaba expresamente–, tradición na que apoiarse. O resultado foi unha verdadeira multiplicación de solucións, na que todo tipo de plantas e opcións foron levadas a cabo. Comentaba o arquitecto de orixe valenciana Julián Peña Peña (1967) a este respecto:

“Hemos pasado, en muy poco tiempo, de que los volúmenes de las iglesias fueran, si se quiere, muy convencionales, pero todos iguales, o cuando menos parecidos, a que cada arquitecto se crea obligado al proyectar una iglesia, a ‘inventar’ su propia planta y su propio volumen, y a no utilizar el que previamente ha creado otro compañero (...) Este problema me parece que no lo tenían los arquitectos hace años, ya que la iglesia tenía una forma y un volumen generalmente aceptados, y si a alguno se le ocurría hacer una con tres naves, no quedaba, ni mucho menos, diríamos ‘patentada’ esa solución de planta.” (p. 55).

O problema que se lles presentaba ós arquitectos españois era o de lograr unha distribución do espazo no que o altar, a sede e o ambón tivesen o seu propio espazo, sen menoscabo uns dos outros, pois estes diferentes elementos físicos constitúen os diferentes modos de presenza de Cristo no templo (Figuras 11, 12, 13 e 14). Un detalle a ter moi en conta, aparte da súa ubicación, era a análise da relación que gardaban entre eles, para así facilitar a comprensión da celebración litúrxica.



Fig. 11.
Santo André de Lousada. Vista do interior da nave.

O altar

Os primeiros cristiáns deron pouca importancia ó altar, xa que eran mobles sinxelos de madeira, con espazo para colocar os elementos da eucaristía. Conforme foi alcanzando unha posición fixa, adquiriu un carácter simbólico e recubriuse de materiais preciosos e mármore, mentres se ía arredando cada vez máis dos fieis, ata conformar retablos no fondo da ábsida.

As voces que propoñían no século XX unha renovación no seo da Igrexa, entenderon que esta posición contribuía a diminuír a participación do pobo na acción litúrxica. A solución proposta dende finais dos anos cincuenta foi a de situar este elemento separado da parede, de modo que se puidese xirar en torno a el e celebrar cara ó pobo. Esa foi a solución escollida para o proxecto da igrexa de Lousada, é dicir, unha peza exenta e cara ó público. Unha decisión que non gustara en absoluto ó entón párroco de San Martiño de Covas, Juan Caínzos Chao, que rexeitou con furia unha decisión que colisionaba frontalmente cos costumes que este crego mantivo ata o final dos seus días e que pasaban por celebrar misas tridentinas, dirixindo a oración de costas ós fieis. Dito



Fig. 12.

Vista do presbiterio, co altar en primeiro plano, o ambón á dereita da imaxe, o sagrario detrás, á esquerda, e xusto a carón del, pode intuírse a sede de madeira. Igrexa engalanada para as festas en xuño de 2014.



Fig. 13.

Vista desde o interior cara a entrada principal. Pódense observar as pías da auga bendita e do bautismo preto do acceso. Esta é zona que máis luz natural acada.



Fig. 14.

Vista do estilizado campanil, adosado ó volumen da sacristía, desde o cal hai tamén acceso. Probablemente, nos inicios, estaba previsto que o sacristán tocase as campás desde o interior de dito recinto para a chamada a misa.

arqueoloxismo propiciou que o proxecto inicialmente previsto para Ferrol acabase sendo levantado a sesenta quilómetros do seu emprazamento inicial.

Na parroquia ferrolá erixiuse finalmente un templo de aspecto tradicional baixo a dirección de Vicente García-Lastra Rivera, o que fora arquitecto diocesano ata finais dos oitenta. De planta lonxitudinal, destacaba pola colocación do altar de pedra pegado á parede sobre un colorido mural do pintor Carlos Villaamil. Dita decisión limitaba a participación dos fieis así como a percepción clara dos movementos e palabras do celebrante (Figura 15). Pola contra, a orientación *versus populum* en Lousada, situaba o proxecto na primeira liña da modernidade, marcando unha tendencia que se convertería en habitual tralo Concilio Vaticano II.

O sentido de celebración comunitaria do templo de Xermade esixía a súa unicidade nunha gran nave eclesial. A multiplicidade de altares –unha práctica común dende o século VII– xa non era admisible, pois rompía o ambiente de comunidade que se pretendía. O altar único, neste caso, servía para remarcar o lugar de sacrificio de Cristo como centro da congregación dos fieis, anticipando o expresado en 1967 na instrución sobre o culto do misterio eucarístico «Eucharisticum Mysterium».

O cambio producido na idea mesma de ornamento e de beleza, e a primacía outorgada ó valor artístico sobre o valor da materia, trouxo como consecuencia a eliminación dos frontais e o interese por composicións sinxelas. A forma do altar empregado en Santo André posúe liñas simples, expresando a dobre misión do altar como mesa de banquete eucarístico e ara de sacrificio. A estrutura de pedra atrae facilmente as miradas dos fieis, pero non é o único polo de atención. O espazo pasaba a organizarse coa tripe referencia de ambón, sede e altar.

O ambón

O ambón é o lugar de proclamación da palabra na liturxia. A súa importancia non debe minimizarse, xa que se trata da tribuna dende a que a Igrexa comunica a súa mensaxe divina.

A instrución «Inter Oecumeneci» dispuxo en 1964 que a proclamación das lecturas se fixera de cara á asemblea dos fieis, pois é a eles a quen se dirixe a palabra de Deus. Para esa data, xa estaba así disposto na moderna igrexa de Lousada. Curiosamente, este elemento desaparecera das igrexas a comezos do século XIV, aínda que se conservou excepcionalmente nalgún países como España, onde se utilizaron os dous ambóns, o do evanxeo e o da epístola. A súa eliminación coincidiu coa aparición do púlpito. Necesario por razóns acústicas e porque a predicación era máis teatral, a tendencia no século XX foi a de prescindir do boato ó que remitía, ata o punto de que nin sequera é mencionado nas memorias descritivas dos proxectos da época. Desta maneira unha humilde tribuna substituíu de novo o púlpito, coa intención de facer comprender mellor que a lectura e a homilía estaban vinculadas entre si.

Os arquitectos repararon en que calquera cambio de posición que afectase a cada uno dos polos mencionados –altar, sede e ambón– provocaba facilmente un desprazamento dos outros, pero sen alterar a relación que debían gardar entre si: a proclamación da palabra constitúe un requisito necesario para a participación no sacrificio que segue a continuación. Así pois, as solucións de distribución resultaban infinitas, aínda que se facía necesario reservar sempre para a ara e o ambón un lugar exento e privilexiado dentro da concepción espacial do templo. Buscando unha disposición que achegase a máxima expresión ós desprazamentos dos oficiantes no presbiterio, Ucha Donate ideou unha posición lateral do lugar das lecturas, na zona dianteira do presbiterio porque respondía ás esixencias dunha asemblea agrupada lonxitudinalmente. En resumo, o altar colocado no centro, a tribuna a un lado e a sede situada ó fondo.

A sede presidencial

A importancia outorgada ó altar non debe facer olvidar o outro centro neuráxico da celebración: a sede do celebrante.

Nas basílicas da antigüidade cristiá, cando non había altar estable, o trono do bispo era o verdadeiro centro da asemblea. A organización do espazo quedaba determinada en función da liturxia da Palabra e do lugar ocupado polo clero e polo bispo, é dicir, ó fondo da ábsida. Este era o lugar no que se instalaba a cátedra, elevada sobre varias gradas, ao redor da cal se dispoñían os bancos para os presbíteros en posición semicircular. A importancia da cátedra foi tan grande nos primeiros séculos, que o edificio no que se atopaba recibiu o nome de catedral.

No século XX parecía evidente que, se se atendía ó esquema da antiga tradición occidental, o celebrante debía situarse nunha posición máis ou menos axial. Deste xeito suliñábase o papel principal do bispo, sen restar primacía ó altar –situado no mesmo eixo, diante do sitial–, permitindo a celebración cara ó pobo. Non obstante, a sede tamén podía emprazarse lateralmente, como

sucede en Lousada, que sen dar a sensación de trono se adecúa ó estilo e tamaño da igrexa, de liñas simples e armoniosas, realizada en madeira, e con dous asentos para os diáconos escoltándoa. O que se trata é de recordar de un modo permanente ós fieis que acuden á igrexa que teñen un guía que preside as funcións sagradas.

En resumo, o altar, a sede e o ambón artículanse sobre unha plataforma elevada dous escalóns con respecto á nave principal, organizados de maneira escenográfica. Nesa illa tamén se dispoñen unhas pequenas pezas verticais que a modo de fitos clavados no terreo serven para aloxar o sagrario e máis de apoio a dúas imaxes das que falaremos máis adiante. O sagrario non dispón por tanto dunha capela específica, como tampouco o fai a pía bautismal, algo que non sería raro nos anos sesenta. Polo contrario, o esquema seguido polo arquitecto obedeceu a unha planta lonxitudinal, con acceso no lado dereito a un pequeno recinto destinado a sancristía, do que surxía o campanil, cun efecto autónomo e potente sobre a contorna circundante.



Fig. 15.

Igrexa parroquial de San Martiño de Covas (Ferrol), co mural de Carlos Villaamil Pérez. Aínda que xa quedou obsoleto, consérvase o altar de pedra pegado á parede para a celebración das misas tridentinas.

4. AS INFLUENCIAS EXTERNAS

Santo André de Lousada fascina polo seu aspecto elemental, que contrasta co contorno que a rodea. Baixo o condicionante dun presuposto reducido, Rodolfo Ucha recurriu a unha estrutura de tipo *A-Frame*, sen dúbida, unha das imaxes icónicas da cristiandade. A elevación que proporcionan estas estruturas lixeiras permitiu á arquitectura moderna construír edificios que se percibían como lugares santos, ó mesmo tempo que amosaban un espírito contemporáneo.

En España, a máis famosa das igrexas modernas con estrutura en forma de A erixiuse case en paralelo ó proxecto galego, sendo inaugurada en 1963. Foi en Madrid, no poboado dirixido de Canillas, segundo a dirección de Luis Cubillo de Arteaga (Figuras 16 e 17). A radical estética de Canillas foi moito máis habitual en países como Alemania ou Francia. A parroquia de San Engelberto, en Kierspe-Rönsahl (Figuras 18 e 19), ou a Sagrada Familia de Würzburg (Figura 20), son axeitados exemplos desta corrente. Incluso, nos templos protestantes e nos centros ecuménicos foi un recurso habitual. Testeiros triangulares que se repetían en edificios como a igrexa congregacional de Spencer, Iowa (Figura 21), ou na célebre capela interconfesional que a firma SOM deseñou para a *US Air Force* en Colorado Springs (Figura 22), ambas emprazadas nos Unidos. En todas elas, a estrutura quedaba ó interior, ora amosando toda a súa expresividade, ora oculta entre falsos teitos e recubrimentos. En raras ocasións, o armazón sobresaía ó exterior coma no caso de Xermade, no que os soportes de formigón armado acabaron adoptando unha imaxe de contrafortes que se afunden coma garras no terreo. A exhibición dos materiais en bruto non se limitou ó armazón, senón que se ampliou aquí a un elemento singular e case escultórico que emerxe no perfil da obra: o campanil. Definido mediante seis esbeltísimos piares de formigón que quedan atados na parte superior por medio dunha pequena lousa cadrada que era sobrepasada por todos en variable altura.





Fig. 16 e 17.
Parroquia de «Nuestra Señora del Tránsito», Canillas (Madrid), 1961/63.
Arquitecto: Luis Cubillo de Arteaga

Resulta moi probable que Ucha Donate coñecese algunhas das realizacións internacionais citadas anteriormente, pois foi un dos arquitectos que máis contribuíron á introdución da modernidade en Galicia trala Guerra Civil, con obras tan singulares como as Casas Sindicais proxectadas para Lugo (1959) e Betanzos (1961), o grupo asistencial do poboado de Carbueros Metálicos en Cee (1957) ou a gardería municipal de A Coruña (1958). Nado en Ferrol en 1922, e falecido nesa mesma cidade en xaneiro do ano 2015, era fillo do arquitecto Rodolfo Ucha Piñeiro, destacada figura do modernismo galaico. Tras estudar arquitectura en Madrid, estableceu despacho na cidade



Fig. 18 e 19.
Igrexa parroquial de San Engelberto, Kierspe-Rönsahl (Alemania), 1963.
Arquitecto: Marcel Felten

departamental (Figura 23), exercendo ademais de arquitecto municipal en Ferrol, Lugo e A Coruña. Asemade, completou o seu traballo de proxectista como cronista da arquitectura do século XX en importantes publicacións (Ucha, 1980). Polo tanto, coñecía de primeira man as vangardas, sen contar ademais que era moi común por esa época que os arquitectos españois encargados de proxectar espazos sacros manexaran revistas como a francesa *L'Art sacré*, onde se propoñía a construción de templos útiles e sinxelos, de dimensión modestas e de materiais mínimos. E se non eran as publicación periódicas ou as viaxes de estudos, era os propios cregos ou promotores das igrexas os que facilitaban manuais ós técnicos. No caso de Mejuto e dos sacerdotes ferrolás, reunidos ao redor de Xosé Chao Rego e á igrexa de Santa Mariña, era sabido que mantiñan unha documentada relación con Francia (Cal, 2012).

Precisamente, foi en Francia onde se abriron novos camiños para a arte sacra contemporánea, iniciando o concepto de «obra de arte relixiosa total» nos anos cincuenta. Redescubríase así o concepto de «Gesamkunstwerk» aplicado ó edificio sacro, comezando iniciativas que involucraban a variados artistas na elaboración de obras para a Igrexa.

Unha destas experiencias máis significativas tivo lugar en Assy, no este do país. Alí, o sacerdote responsable de «Notre-Dame-de-Toute-Grâce» realizou encargos a destacados artistas para a decoración do templo (Figura 24). Fernand Léger, Matisse, Braque, Marc Chagall ou Georges Rouault colaboraron nesta sinxela igrexa, convertida deste xeito nun punto de referencia internacional e no mellor argumento para defender a inclusión de artistas non cristiáns na arquitectura relixiosa contemporánea.




Fig. 20.
Igrexa da Sagrada Familia, Würzburg (Alemania), 1956/57
Arquitecto: Hans Schädel.



Fig. 21.
Igrexa congregacional de Spencer, Iowa (EEUU), 1953.
Arquitecto: Harold Spitznagel & Ass.




Fig. 22.
Capela da «US Force», Colorado Springs (EEUU), 1957/59.
Arquitectos: SOM (Gordon Bunshaft e Walter Netsch).




Fig. 23.
Tarxeta de visita do arquitecto.



Fig. 24.
«Notre-Dame-de-Toute-Grâce», Assy (Francia), 1938/50.
Arquitecto: Maurice Novarina.

5. A INTEGRACIÓN DAS ARTES

Na segunda metade do século XX construíronse na diocese de Mondoñedo-Ferrol corenta templos parroquiais de nova planta. Na gran maioría deles incorporáronse creacións artísticas que se transformaron nun instrumento visual e narrativo perfecto para recoñecer a nova arquitectura relixiosa. E tamén neste contexto, os encargos traducíronse para moitos creadores nun vehículo de continuación das súas indagacións sobre a forma e o espazo. Para outros, supuxo apartarse da súas propostas máis persoais para esforzarse en executar obras figurativas. En calquera caso, os sobrios contedores onde se realizaba o culto divino enchéronse de valiosas realizacións plásticas.

En Lousada, nomes tan relevantes como os de Juan Puchades Quilis (Valencia, 1934) ou o de José López Guntín (Vilalba, 1929-Lugo, 1996) estiveron presentes. O primeiro é o autor das imaxes da Virxe e mailo Cristo que se atopan no altar. Tamén se encargou de deseñar a vidreira en forma de cruz latina que se atopa xusto detrás del¹⁵. Feita a base de vidros triangulares de cores azuis, amarelas e avermelladas, unidos mediante grapas metálicas, presenta na actualidade unha deficiente conservación. A razón hai que buscala nos escasos coñecementos técnicos do escultor afincado en Mondoñedo:

“Fue la única vidriera que hice, empujado por la juventud, sin conocimientos del tema. El material me lo facilitó la vidrería Lara de Lugo. Hubiera hecho también el via crucis para el interior, pero ese proyecto se frustró¹⁶”.

¹⁵ Unicamente esa, pois o resto de aperturas laterais, que resultan ser oito pequenas perforacións en forma de cruz grega, están seladas por vidros esmerilados.

¹⁶ Conversa mantida co escultor o 14 de maio de 2014.

A fachada da igrexa ten un mosaico de José López Guntín, un pintor que estudou na *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*, en Madrid, a pesar da oposición familiar (Figuras 25 e 26). Unha vez licenciado, retornou a Galicia a principios dos anos sesenta e fundou en Lugo o grupo «Seis urogallos» coa idea de acercar a arte á sociedade mediante exposicións e coloquios.

Baixo a protección e tutela do gobernador da provincia naquel tempo, José Luis de Azcárraga Bustamante, uníronse os creadores Jesús Blas Lourés, Manuel Cancio Varela, Tino Prados López, Antonio Estrada e Luis Gómez Pacios, ademais do mencionado López Guntín. Pouco tempo despois sumouse ó equipo Juan Puchades, o que explicaría a presenza destes dous artistas no encargo de Santo André de Lousada, un traballo mancomunado, baseado na acción simultánea de profesionais de distintas disciplinas.

O propio Puchades axudou a López Guntín coa execución do mural cerámico, a base de teselas que dotaron de forte colorido a fachada principal¹⁷. As escenas remiten á vida de Santo André, mostrando claramente a cruz en forma de aspa polo que se recoñece o martirio deste apóstolo (Figuras 27 e 28). Unha cruz en forma de equis que se sitúa sobre dúas barcas que nos recordan que era fillo de pescador. Unha singular iconografía, de aparencia inxenua, luminosidade e cores planos coa que se retratan circunstancias escabrosas.

Se ben non constan máis encargos de Mejuto Sesto a López Guntín, si hai posteriores colaboracións de Puchades co sacerdote. En concreto, unha lámpada para a parroquia de San Pedro de



Fig. 25.
José López Guntín (Vilalba, 1929-Lugo, 1996). Autorretrato.



Fig. 26.
José López Guntín. Marina, acuarela de 1966.

¹⁷ Un traballo que se levou a cabo nun taller mindoniense para ser logo transportado por fragmentos ata Lousada e instalado na portada.

Santaballa e un Cristo para a igrexa de San Pedro Apóstolo da Gándara (Ferrol), ubicada nun edificio de vivendas. Como anécdota cabe sinalar que o escultor decidiu presentar esta última peza, de gran expresividade formal, a un concurso en Santiago de Compostela, comprometéndose con Mejuto a realizar unha réplica de maneira gratuita se gañaba o premio. Así foi: alzouse co primeiro premio Mestre Mateo en 1971, dotado con 100.000 pesetas, o que lle permitiu facer fronte á súa promesa. A amizade entre o artista e o crego era pois grande, enraizada durante a etapa na que Puchades era profesor no Seminario de Mondoñedo. Unha amizade e proxectos de colaboración que só quedaron truncados pola morte de Mejuto:



Fig. 27 e 28.

José López Guntín. Mosaico de cerámica na fachada da igrexa de Lousada, con referencias directas ó martirio de Santo André (véxase a cruz en forma de aspa na parte superior, xunto as barcas de pescador).

“Era un sacerdote con una gran capacidad de esfuerzo y de buscar colaboraciones. Buscaba arquitectura de líneas distintas. Y también artistas. Era un gran animador de estas iniciativas¹⁸”.

Os artistas deron solución en Lousada a determinados aspectos do deseño, adaptáronse á escala e á xeometría imposta, pero sobre todo, axustáronse á economía de medios e ás demandas programáticas do edificio, xerando alí onde fora posible espazos con significado (Figuras 29 e 30).



Fig. 29.
Lateral da igrexa parroquial de Santo André de Lousada
Arquitecto: Rodolfo Ucha Donate.



Fig. 30.
Juan Puchades Quilis. Vidreira sobre o altar. Vista desde o exterior do templo.

¹⁸ Conversa mantida con Juan Puchades Quilis o 14 de maio de 2014.

CONCLUSIÓN

Os espazos sacros levantados nos anos sesenta soportaron mal o paso do tempo, pois foron construídos con materiais pouco consistentes, técnica apenas contrastadas e, moitas veces, operarios non profesionais. Polo tanto, a relevancia das igrexas contemporáneas non se ten afastado aínda da controversia e do debate, pois é necesaria a identificación coa comunidade e a pertenza á memoria colectiva para que a súa presenza e conservación sexan posibles. Sen embargo, en Santo André de Lousada atopámonos con un caso excepcional, xa que se produciu unha singular conexión dos veciños co edificio. Por tres motivos. Por unha banda, o volume foi entendido como tenda de campaña, tal como se considerou no proxecto. Isto converteuno ós ollos dos fieis nunha peza fascinante, incluso lixeira e con carácter propio da arquitectura das montañas centroeuropeas. Por outro lado, as súas dimensións resultaron adecuadas para as celebracións litúrxicas, incluso hoxe en día. En terceiro lugar, a memoria da construción estivo moi presente entre os fregueses, que colaboraron cos operarios a levantala coas súas propias mans. Todo elo facilitou o bo grao de conservación que mantén hoxe en día, e que os veciños a amosen orgullosos ó visitante.

Fascina da igrexa parroquial de Santo André de Lousada a súa capacidade de atrapar a mirada do espectador, á marxe da súa condición espacial ou material. Representa a cova, o illamento da ermida e a monumentalidade do santuario, todo ó mesmo tempo, evocando tamén unha estraña conexión entre os homes e a natureza. A súa imaxe actúa coma reclamo, coma un claro no bosque á espera de ser achado.

De feito, a igrexa ideada por Rodolfo Ucha non tivo gran repercusión entre os estudosos. Ocorre o mesmo coa maioría dos templos contemporáneos da diocese, que pasan completamente

desapercibidos, a pesar das valiosas realizacións plásticas que atesouran. Outros xa desapareceron, vítimas da incomprensión da linguaxe moderna e das liñas teolóxicas que os amparaban. Os enormes esforzos emprendidos polos párrocos que as promoveron e polos fieis que os secundaron deberían estar presentes na memoria das comunidades para evitar que ditas edificacións se convertan en pezas correntes, insubstanciais e completamente prescindibles. Debería quedar claro para os usuarios que o valor destas realizacións non reside en cuestións estéticas unicamente, senón nas prácticas de acción e transformación que unha comunidade desenrola nun determinado lugar. Para preservar un fragmento da historia, as razóns estéticas non teñen que ser as máis importantes de todas. Polo tanto, é necesario documentar e tamén achegar unha visión distinta sobre o obxecto que permita tomar conciencia á sociedade de que se atopa ante verdadeiras fontes documentais que han de legarse a futuras xeracións.

BIBLIOGRAFÍA E ARCHIVOS

LIBROS:

- Aguilar Otermín, J.M. (1967). *Casa de oración*. Madrid: Movimiento Arte Sacro.
- Benévolo, L. (1994). *Historia de la arquitectura moderna*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Cal Martínez, R. (2012). *Los curas contra Franco. Ferrol, 1950-1978*. Ferrol: Embora.
- Calvo Serraller, F. (1985). *España: medio siglo de arte de vanguardia, 1939-1985*. Madrid: Fundación Santillana/Ministerio de Cultura.
- Código de Derecho Canónico* (1983). Madrid: BAC.
- Fernández Arenas, A. (1963). *Nuevas iglesias en España*. Barcelona: La Polígrafa.
- Frampton, K (1980). *Historia crítica de la arquitectura moderna*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Garrido Bonaño, M. (2008). *Grandes maestros y promotores del Movimiento Litúrgico*. Madrid: BAC.
- Gieselmann, R. (1972). *Neue Kirchen*. Stuttgart: Verlag Gerd Hatje.
- Gil Jiménez, P. (1999). *El templo del siglo XX*. Barcelona: Ediciones del Serbal.
- Gómez Segade, J.M. (1985). *Función y símbolo en la arquitectura eclesial del siglo XX*. Granada: Universidad de Granada.
- González-Capitel Martínez, A. (1986). *Arquitectura española, años 1950/80*. Madrid: Mopu Arquitectura.

- Guardini, R. (1965). *Los sentidos y el conocimiento de lo religioso*. Madrid: Ediciones Cristiandad.
- Kidder Smith, G.E. (1964). *The New Churches of Europe/Las Nuevas Iglesias de Europa*. London: The Architectural Press.
- Llorente Hernández, A. (1995). *Arte e ideología en el franquismo (1936-1951)*. Madrid: Visor, Madrid.
- Montaner i Martorell, J.M. (1997). *La modernidad superada. Arquitectura, arte y pensamiento del siglo XX*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Nieto Alcaide, V. (1998). *La vidriera española. Ocho siglos de luz*. Madrid: Nerea.
- Peters, P. (1966). *Iglesias y centros parroquiales*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Pichard, J. (1960). *Les Églises nouvelles à travers le monde*. París: Des Deux-Mondes.
- Pizza, A. (1997). *Guía de la arquitectura del siglo XX. España*. Milano: Electa.
- Plazaola Artola, J. (1965). *El arte sacro actual. Estudio. Panorama. Documentos*. Madrid: BAC.
- Ucha Donate, R. (1980). *Cincuenta años de arquitectura española, 1900-1950*. Madrid: Adir.
- Urrutia Nuñez, A. (1997). *Arquitectura española. Siglo XX*. Madrid: Cátedra.
- Varios Autores (2002). *Historia de las diócesis españolas: Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense* (vol, 15). Madrid: BAC.
- Varios Autores (1994). *López Guntín*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo.

ARTIGOS:

- Aguilar Otermín, J.M. (1965). Ambientes arquitectónicos para la administración de sacramentos. Bautismo y penitencia. *Ara*, 5, 7-28.
- Almarcha Hernández, L. (1964). Directrices del Capítulo VII de la Constitución sobre Sagrada Liturgia. *Ara*, 2, I-IV
- Alomar Esteve, G. (1958). La depuración religiosa y estética de nuestro arte sagrado. *Revista Nacional de Arquitectura*, 201, 31-34
- Blanco Agüeira, S. (2014). Memoria, arte e vangarda: a igrexa parroquial de Espiñaredo (As Pontes). *Hume*, 7, 149-161.
- Castro Cubells, C. (1965). Arquitectura y liturgia. *Ara*, 4, 4-9.
- Debuyst, F. (1998). L'évolution actuelle d l'espace liturgique. *Chroniques d'art sacré*, 56, 9-13.
- Delgado Orusco, E. (1997). Arquitectura sacra en España, 1939-1975: Una modernidad inédita. *Arquitectura*, 311, 11-16
- Fernández Cobián, E. (2004). Arte litúrgico en España durante el siglo XX. *Ars Sacra*, 39, 51-73
- Ferrando Roig, J. (1965). Las iglesias de antes y las necesidades de hoy. *Arquitectura*, 73, 49-54.
- Gil Giménez, P. (1998). El culto de la modernidad. Templos del siglo XX. *Arquitectura Viva*, 58, 17-22.
- González Amezceta, A. (1965). 'Iglesias nuevas en España', por Arsenio Fernández Arenas. *Hogar y Arquitectura*, 57, 80-81.
- López Quintás, A. (1962). Ámbito arquitectónico y ámbito vital. *Arquitectura*, 40, 43-46.

- Palacios, M. (1965). Altar, sede, ambón. *Ara*, 4, 10-25.
- Peña Peña, J. (1967). Lo que vemos. Iglesias. *Arquitectura*, 105, 53-56.
- Río Vázquez, A. (2012). La recuperación de la institución democrática: las casas sindicales en Lugo y Betanzos de Rodolfo Ucha Donate (1959-1961). *Boletín Académico*, 2, 19-26.
- Riveira Requeijo, A. (2013). Camiño Real da Carba, Mondoñedo-Ferrol. Treito polo concello de Xermade. *Hume*, 6, 245-257.
- Roig Izquierdo, A. (1958). Ante la nueva singladura de nuestro arte sacro. *Revista Nacional de Arquitectura*, 200, 28-29.
- Sin autor. (1957). À la recherche d'un plan. *L'Art Sacré*, 5-6, 2.
- Sin autor. (1950). Lo nuevo y lo viejo en la arquitectura religiosa. *Informes de la Construcción*, 22, 79-88.

ARQUIVOS:

- Arquivo Histórico-Diocesano de Mondoñedo
- Arquivo do Concello de Xermade
- Arquivo do Concello de Ferrol
- Arquivo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



ESCOLMA DO PATRIMONIO
CULTURAL DA AUGA NO CONCELLO
DE XERMADE:
BATÁN, MUÍÑOS E FÁBRICA DA LUZ

RAMÓN M. CEDRÓN DÍAZ



Colaboracion: Antonio Riveira Requeijo

ÍNDICE

1. CONTEXTO XEOGRÁFICO DO CONCELLO DE XERMADE	285
2. RÉXIME XURÍDICO DO PATRIMONIO CULTURAL: OS MUÍÑOS	287
3. MUÍÑOS DE VENTO	291
3.1. Referencias dun muíño de vento desaparecido en Xermade	291
4. MUÍÑOS HIDRÁULICOS	293
4.1. Datos sobre os muíños de Xermade no século XVIII	293
4.2. A propiedade e uso nos muíños. Relación de usuarios dos muíños en Xermade no século XVIII	294
4.3. Libro do muiñeiro do ano 1954 coa data de uso de cada propietario, tipo de cereal que se moía e cantidades	298
5. PESOS E MEDIDAS ANTIGAS RELACIONADAS COS MUÍÑOS: EN GALICIA, LUGO E XERMADE	305
6. ESCOLMA DE MUÍÑOS HIDRÁULICOS EN XERMADE. FICHAS TÉCNICAS	307
Muíño do Sixto	309
Muíño do Iglesiasio Vello	310
Muíño do Roubín	311

Muíño de Miguel	312
Muíño de Xemaré	313
Muíño de Orxás	314
Muíño do Folgoso	315
Muíño da Fraga	316
Muíño de Vieiro	317
Muíño do Ferreiro ou de Gil	318
Lavadeiro de Cabreiros	319
Muíño da Madeira	320
Muíño da Touza	321
Muíño de Reguengo	322
Muíño de Caschao	323
Muíño da Pena	324
Muíño do Revellón	325
Muíño do Tumbadoiro	326
Muíño Cativo de Cabreiros	327
Muíño da Igrexa	328
Muíño de Férvedes	330
7. A RODA ELÉCTRICA DE FOLGOSO	331
8. O BATÁN DE FOLGOSO	333
8.1. Relación de propietarios de batáns en Xermade no século XVIII	334
8.2. Ficha técnica do batán de Folgoso	334
11. ANEXOS	337
Relación dos muíños por parroquias no concello de Xermade	337
Relación de muíños do río Cal Vello afluente do Eume	343
10. BIBLIOGRAFÍA	345

1. CONTEXTO XEOGRÁFICO DO CONCELLO DE XERMADE

O concello de Xermade linda con Muras e As Pontes de García Rodríguez polo Norte, Vilalba e Guitiriz polo Sur, polo leste Vilalba e polo Oeste As Pontes e Monfero. Cunha extensión de 167 quilómetros cadrados comprende as parroquias de Burgás, Cabreiros, Candamil, Cazás, Lousada, Miraz, Momán, Piñeiro, Roupar e Xermade.

A topografía do municipio é en xeral chá, con todo, o relevo faise agreste no norte e oeste do termo, de onde arrincan as serras da Carba cos montes de Castrillán, Peñote e Chao da Lagoa, e a serra da Loba cos montes de Serrón de Lobo e Candieiro.

O clima de Xermade áchase moi condicionado polos montes antes mencionados, que impiden o paso ás borrascas oceánicas e provocan descenso das temperaturas. As precipitacións moi escasas no verán, non alcanzan nunca os 1.400 mm anuais. A temperatura media anual é inferior aos once graos, e as épocas máis frías rolda os cinco grados en decembro. Polo que nos atopamos cun clima oceánico con clara tendencia á continentalización.

Os ríos máis importantes son o Chamoselo, Trimaz e Labrada. O primeiro percorre o NO do concello antes de unirse ao Eume. O río Trimaz nace no NE cruza case todo o municipio e desemboca no Ladra, afluente do Miño. O Labrada procedente do concello de Guitiriz, atravesa a parroquia de Cazás, onde recolle a auga do regato de Momán e únese tamén ao Ladra. O río Eume fai de fronteira no extremo occidental do municipio.

A vexetación arbórea autóctona de carballos e castiñeiros áchase en retroceso fronte á reboación realizada con piñeiros e eucaliptos, xunto aos salgueiros nas zonas húmidas. Os chans predominantes son as terras pardas podsolizadas, pero nas montañas húmidas aparecen os de tipo ránker.

2. RÉXIME XURÍDICO DO PATRIMONIO CULTURAL: OS MUÍÑOS

O preámbulo da Constitución española proclama a vontade de protexer os pobos de España no exercicio da súas culturas, tradicións, linguas e institucións e promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

O artigo 148.1 reconece o dereito das comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental de interese da comunidade autónoma ou en materia de fomento da cultura, competencias que deben compatibilizarse co sinalado no seu artigo 149.1.28, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; e museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas.

O Estatuto de Autonomía de Galicia asumiu no seu artigo 27.18 a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución. Así mesmo é necesario lembrar que o artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia determina que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

No nivel autonómico, froito desa competencia estatutaria asumida nos artigos 27.18 e 32 do Estatuto de autonomía de Galicia, ditouse a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, norma de gran relevancia ao supoñer a base legal e normativa na que se fundou a especificidade propia do patrimonio cultural galego.

Esta lei, actualmente vixente, ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras, tal como establece o seu artigo 1.2. En cuxo apartado tres recolle que o patrimonio cultural de Galicia intégrano: os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico.

Tamén forman parte do mesmo o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico.

E establece no seu título IV que o patrimonio etnográfico de Galicia compóñeno os lugares e os bens mobles e inmoables, así como as actividades e coñecementos que constitúan formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais.

Unha vez consolidado o réxime de protección do patrimonio cultural de Galicia establecido na Lei 8/1995, do 30 de outubro. O paso do tempo, a experiencia acumulada e os trocos que se foron producindo nos últimos anos, tanto no nivel da regulación internacional de determinados patrimonios a través de cartas, convenios e instrumentos internacionais, como no nivel da organización administrativa, na procura da simplificación do réxime, leva a que na actualidade un novo proxecto de lei está a piques de ver a luz.

O novo proxecto de lei establece a clasificación dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, reducindo a dúas as categorías de bens e creando un novo instrumento que facilite a protección dos bens inmoables no territorio. Así, pártese da consideración de que os bens inmoables non se poden considerar como elementos illados, senón que se entenden integrados nun contexto que é o seu territorio. Como principal novidade neste aspecto, a lei establece en que tipo de bens será necesaria sempre a delimitación dun contorno de protección, e crea un novo instrumento, a zona de amortecemento, que poderá delimitarse para cada ben en función das súas características.

Esta lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmoables ou manifestacións inmateriais que polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropológico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

No artigo oito da nova lei establécese que os bens do patrimonio cultural de Galicia poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados. E regula, no artigo dez, diferentes categorías de bens inmoables declarados de interese cultural, entre as que se atopan os lugares de interese etnolóxico: nos que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropológico.

Os instrumentos de planeamento urbanístico incluírán necesariamente no seu catálogo todos os bens inmoables do patrimonio cultural, calquera que sexa a súa categoría, que están inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia ou no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia do ámbito territorial que desenvolvan, así como aqueles que se indiquen motivadamente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

O título VII do novo proxecto regula os distintos patrimonios específicos integrantes do patrimonio cultural de Galicia. O recoñecemento expreso de patrimonios específicos non ignora a profunda unidade do patrimonio cultural no seu conxunto, pero busca, sen pretensións de fragmentacións artificiais, distintas perspectivas de aproximación que lle outorguen claridade, garantías e racionalidade ao sistema.

Para os efectos desta nova lei, integran o patrimonio etnolóxico de Galicia os lugares, bens móbiles ou inmóbiles, expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia.

A declaración ou catalogación dun ben etnolóxico de carácter inmaterial poderá incluír a protección dun ámbito territorial vinculado a el, así como a dos bens móbiles ou inmóbiles que se lle asocien.

Para os efectos da súa posible declaración de interese cultural ou catalogación ou para atribuír valor etnolóxico a bens xa declarados ou catalogados, presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens sempre que conserven de forma suficiente a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos que determinan a súa autenticidade, entre outros.

3. MUÍÑOS DE VENTO

3.1. Referencias dun muíño de vento desaparecido en Xermade

O muíño de vento atopábase nun lugar elevado, rochoso e afastado do núcleo de poboación; no lugar de Penas de Pesqueira na parroquia de Santa Baia de Burgás, neste concello de Xermade.

Considérase que foi construído entre 1905 e 1920, do tipo denominado de armazón; con características diferentes, tanto mecánicas como construtivas, dos muíños de torre con cuberta fixa ou xiratoria estendidos por Galicia.



Imaxes do muíño de vento no lugar de Pesqueira. Parroquia de Burgás.
Roda motriz e detalle do interior.

Era unha construción rectangular de sete por cinco metros, con tellado a dúas augas de lousa, dúas portas cunha luminaria no lintel e unha fiestra xunto a cada unha delas.

O elemento motriz era unha estrutura metálica de ferro, que saía polo centro da cuberta, e na que se situaba, no seu remate, un cataventos de grandes dimensións. É unha roda de ferro con seis radios, dous aros dobres concéntricos, ademais doutro pequeno situado no centro.

Da parte da estrutura que quedaba no interior da edificación, saían unhas pas que pasan polo aro exterior e sobresaen de leste uns trinta e cinco centímetros, o aro interior está situado a 0,80 centímetros do centro e o aro exterior a un metro e vinte e cinco centímetros, cun número de pas que chegan ás vinte e seis. Esta roda medía tres metros con vinte centímetros de diámetro, orientada cara arriba para recoller mellor o vento e poder orientalo.

4. MUÍÑOS HIDRÁULICOS

4.1. Datos sobre os muíños de Xermade no século XVIII

Desde 1749 realizouse, nos 15.000 lugares con que contaba a Coroa de Castilla (entre os que non se contan os das provincias vascas, por estar exentas de impostos), unha minuciosa averiguación a gran escala dos seus habitantes, propiedades territoriais, edificios, gandos, oficios, rendas, incluíndo os censos; ata das características xeográficas de cada poboación.

Foi ordenada polo rei Fernando VI a proposta do seu ministro o Marqués da Ensenada e recibe hoxe o nome de Catastro de Ensenada.

Segundo os datos deste inventario realizado no século XVIII, no que hoxe son as parroquias que integran o actual término municipal de Xermade, podíamos atopar os seguintes datos dos muíños relativos a rodas, caudal ou volume de ingresos.

Na parroquia de Burgás había dous muíños fariñeiros dunha roda cada un, e auga corrente cinco meses ao ano e uns ingresos de cincuenta reais de vellón ao ano.

Na parroquia de Candamil existían, no século XVIII, catro muíños fariñeiros, dous dos cales nesa época atopábanse en ruínas, os outros dous moían cunha soa roda; e contaban con auga corrente catro meses ao ano e uns ingresos de corenta reais de vellón ao ano.

Na parroquia de Piñeiro levantábanse cinco muíños fariñeiros, todos eles moían cunha roda, dous deles contaban con seis meses ao ano de auga corrente e os tres restantes utilizaban catro meses ao ano a auga. O nivel de ingresos dos muíños que usaban a auga catro meses eran de corenta reais, e os de seis alcanzaban de produto os cincuenta e catro reais.

Na parroquia de Cazás recollíanse datos sobre once muiños fariñeiros, tres dos cales atopábanse xa arruinados en 1749; sete muiños contaban cunha roda para moer e só un facíao con dúas rodas. Os ingresos oscilaban entre os vinte reais de vellón ao ano dun deles ata os 240 reais ano. E o tempo que tiña de auga corrente para moer variaba entre os catro e seis meses ao ano.

Na parroquia de Miraz no catastro, referíase a existencia de catro muiños fariñeiros, un deles moía cunha roda e tiña auga corrente durante cinco meses ao ano, e cun produto que alcanzaba os corenta reais de vellón ao ano. Outros dous, cunha roda de moer e con catro meses ao ano de auga corrente, e un produto que se calculaba en trinta reais de vellón ao ano. E un último muiño, cunha roda para moer tres meses ao ano e un produto de vinte e catro reais de vellón.

Na parroquia de Xermade existían, segundo o catastro de Ensenada, seis muiños fariñeiros, cunha roda para moer e con auga corrente durante cinco meses ao ano.

Na parroquia de Roupas contaban, no século XVIII, con nove muiños fariñeiros, todos cunha roda para moer e auga corrente por un período de tempo que ía dende dous meses aos nove por ano e cun produto que oscilaba entre os vinte reais de vellón ao ano ata os 195 reais.

Na parroquia de Momán segundo o catastro de Ensenada, existían seis muiños de auga e un deles arruinado. Os cinco restantes moían cunha roda, producían entre vinte reais de vellón ao ano e oitenta reais, utilizando auga corrente por un tempo que oscilaba entre tres meses a oito meses ao ano.

Na parroquia de Cabreiros contaban, en 1749, con catro muiños fariñeiros, todos eles moían cunha roda, e obtiñan un produto que variaba entre os trinta reais e os sesenta e cinco reais de vellón ao ano. E cun tempo de auga corrente para moer, que oscilaba entre os catro e os seis meses ao ano.

Na parroquia de Lousada situábanse, no século XVIII, catro batáns cun produto que variaba entre cincuenta reais e 125 reais de vellón ao ano. E nove muiños, un deles arruinado, e os outros oito contaban cunha roda para moer cada un, un produto que oscilaba entre trinta e catro reais de vellón ao ano e corenta e catro reais. Cun tempo para moer usando auga corrente, que variaba entre dous e tres meses ao ano.

4.2. A propiedade e uso nos muiños. Relación de usuarios dos muiños en Xermade no século XVIII.

O réxime de propiedade dos muiños varía en función de moitos factores. Se é de propietario individual, campesiño acomodado, explótalo directamente a familia na persoa do pai ou na da nai ou tamén dalgún fillo, mentres que os pais se dedican a outros mesteres.

Neste suposto, os veciños que queiran facer uso del pagan estes servizos coa denominada “maquía” ou “maquila”, que consiste na porcentaxe coa que queda o muiñeiro por cada parte de gran moído (en Galicia hai moitos lugares denominados maquieira, en clara alusión a unha concentración de muiños e a este tipo de pago).

Noutras épocas era normal que o labrador aforase terras a un señor eclesiástico ou laico e dentro do lote fose o muiño, ou mesmo que tan só se aforase este. Tomábase así o dominio útil mentres que o directo seguía nas mans dos privilexiados aos que había que satisfacer unha cantidade en diñeiro ou en fariña, a modo de foro, e esta pecunia sacábase da amentada maquila.

A maquila varía segundo a zona considerada; por exemplo, na zona occidental da Mariña de Lugo, se se quería moer un ferrado, aproximadamente 20 quilos, descontábase aproximadamente un. Noutros lugares do interior, isto medíase cuns recipientes metálicos ou de madeira, de forma que o muiñeiro quedaba coa medida dun, medio ou cuarto. No Vicedo, adoitaban quedar cun quilo dun lote de catorce quilogramos.

A maquiá foi unha fonte de grandes ingresos no século XIX debido ao abundante cereal que había que moer e, neste sentido, moitos destes muíños propios, incluídos aqueles nos que se colocaba a alguén encargado da moenda, son o resultado de redimilos do foro que os atenazaba por entón.

O pago da moenda podía efectuarse igualmente con diñeiro, pero isto facíase menos frecuentemente debido a que a economía de autosuficiencia que imperaba na Galicia ancestral do Antigo Réxime non permitía xerar excedente que puidese destinarse ao comercio e, polo tanto, á circulación de moeda.

Cando os muíños pertencían a un señor laico ou eclesiástico, adoitaban ter varias moas. As de pedra granítica (chamadas en Galicia do país) para moer millo; daban unha fariña moi basta e ruda, chea de cascallos de gran que eran aproveitados, previo cribado, para uso animal. Outras eran as albeiras, de pedernal, que se compraban en Francia ou Portugal e facían unha fariña máis miúda e branca.

Pola contra, a propiedade campesiña era máis discreta e menos ostentosa, xa que contiña tan só unha moa para o millo.

Outro tipo de propiedade era a comunal que, segundo Leal Bóveda, aparecía cando os veciños non podían construír un muíño cos seus propios medios. Neste caso, xuntaban os esforzos e poucos recursos e construían un comunal que pasaba a denominarse de herdeiros, parceiros (a parte dun todo), ou roldeiros (rolda é quenda ou vez).

As achegas ao común facíanse en forma de diñeiro, traballo, materiais, tempo dedicado á construción ou mantemento, etc, e en función disto tiñase dereito de moenda segundo o contribuído. A posesión da parte transmitíase por herdade do primeiro tomador da propiedade da seguinte forma: a parte (rolda ou herdade) daba dereito a moer durante unhas horas en días determinados, que non se podían cambiar.

Así, poñamos por caso que habería persoas que terían todo un día mentres que outras posuían medio ou cuarto de día. Nestes dous últimos casos tiñanse que poñer de acordo e turnarse (avezarse, tomar vez) cada semana para moer unha vez durante o día e outra pola noite.

A actual lei de dereito civil de Galicia do 14 de xuño de 2006, nos seus artigos 68, 69 e 70, define os muíños de herdeiros como os de propiedade común indivisible dedicados a moer grans para consumo familiar e alimentación do gando dos seus copropietarios, calquera que sexa a súa orixe e estado de conservación.

O aproveitamento da cota indivisa na propiedade farase por pezas ou grupos de horas que acorden os copartícipes e nos días que establezan e, na súa falta, polo que sexa costume. É exclusiva de cada propietario a cota asignada e, xa que logo, susceptible de permuta, enaxenación ou arrendamento, facendo seus os froitos ou utilidades que produza.

Os copropietarios contribuirán proporcionalmente aos custos de conservación e reparación do edificio, a súa contorna, maquinaria e aproveitamento da auga, sen que entre eles haxa que pagar maquiá.

Os copropietarios poderán exercitar o retracto de comuneiros, en caso de transmisión inter vivos, da peza ou parte da peza da que outro partícipe dispuxese.

Calquera modificación no uso e aproveitamento respectará o dereito de cada partícipe e requirirá o voto favorable da maioría de comuneiros que, á súa vez, ostente a maior parte do uso e aproveitamento. Os acordos da maioría que modifiquen o uso e aproveitamento serán executivos, pero impugnables nos trinta días seguintes ao acordo ou notificación.

Os usos do muíño no verán carrexaban abundantes problemas debido a que había pouca auga para derivar para rego e moenda, por iso é polo que en determinadas zonas tiñan dereito de uso os regantes mentres que noutras, como en Viveiro ou Lugo, posuíano os segundos.

En base aos datos atopados no catastro de Ensenada no século XVIII, no referente ás parroquias que hoxe en día conforman o concello de Xermade, podemos expoñer a seguinte relación de propietarios ou usuarios dos muíños de fariña nesa época:

Na parroquia de Xermade, existían segundo o Catastro de Ensenada seis muíños de fariña, localizados en:

- No lugar de San Martiño correspondía a maior parte a Antonio Preto.
- No lugar de Ramalleira correspondía a maior parte a Cayetano Silva.
- No lugar do Fraixo correspondía a maior parte a Francisco de Casás.
- No lugar de Sixto correspondía a maior parte a Rosendo Bermúdez.
- No lugar de Xunqueira correspondía a maior parte a Antonio Preto.
- No lugar de Fornelos correspondía a maior parte a Pedro Vázquez.

Téñase en conta que a parroquia de Santa María de Xermade chegaba por aquel entón ata o Reguengo, abarcando parte da actual parroquia de Cabreiros.

Na parroquia de Burgás existían dous muíños, en Xemaré e o Papeiro, que correspondían maioritariamente a Juan Antonio Yáñez e a Antonio da Pena.

Débese ter en conta que hai muíños situados no rego que divide as parroquias de Burgás e Codesido, esta de Vilalba, e que eran utilizados tamén por veciños de Burgás.

Na parroquia de Candamil existían catro muíños de fariña nos seguintes lugares:

- No sitio de Pena Corbal correspondíalle maioritariamente a Antonio Vázquez.
- No lugar de Porto Salgueiro correspondíalle maioritariamente a Gerónimo Gómez.
- Neste mesmo lugar existía outro arruinado que lle correspondía como dono a Pedro Pardo.
- No sitio de Presa das Fragas outro arruinado correspondíalle como dono a Antonio Salgueiro.

Na parroquia de Cazás existían no século XVIII once muíños fariñeiros que correspondían aos seguintes usuarios:

A Bartolomé Cazón correspondíalle maioritariamente o uso dun deles, o de Tascás. Outro, en San Jul, era usado na maior parte do tempo por Francisco de Carballido. En Pena Corbal existía un muíño de dúas rodas, usado na maior parte do tempo por Antonio Vilarino. No lugar de Carpizos correspondíalle maioritariamente o uso do muíño a Francisco Yáñez. No Rego da Lousa usábao a maior parte do tempo Nicolás Morado. No lugar de Capeirón era usado por Carlos Pardo o muíño existente. De Francisco González era maioritariamente o muíño da Forca, aínda que se dicía arruinado. O de Rego do Sapo, tamén arruinado, era a maior parte de Alexandro Nieto. En Reconco de arriba era maioritario de Francisco Folgueira. O de Reconco de baixo, arruinado, era maioritario de Juan Vázquez, presbítero. No sitio de Silvelas era usado na maior parte do tempo por Juan do Pico.

Na parroquia de Miraz, no catastro referíase á existencia de catro muíños fariñeiros que correspondían aos seguintes usuarios:

- No lugar de Souto era usado maioritariamente por Caetano do Souto.
- Outro dos muíños situábao no lugar coñecido como Pena, e como usuario maioritario a Domingo da Pena.
- Un terceiro muíño sitúao o Catastro de Ensenada no sitio que se coñecía como Carballeira e propiedade de Juan da Pena.

E un último muíño ao que se fai referencia situábao no lugar coñecido como a Fervenza, cuxo usuario era Inocencio de Amarelo.

Na parroquia de Momán, no século XVIII situábanse seis muíños fariñeiros cuxos usuarios maioritarios eran:

Dominga Fernández, na Ribeira de Zarracín, Antonio Preto, no Vidueiro, Antonio Salgueiro, no Cal da Buitureira, Nicolás do Souto, no sitio dos Portos, Juan de Miraz, en Porto Raiz, cun muíño cada un deles (éste último arruinado).

No lugar de Pena do Corvo o usuario maioritario era Bernardo Paz .

Na parroquia de Piñeiro, recóllese no catastro de Ensenada cinco muíños fariñeiros situados nos seguintes lugares e usados maioritariamente por:

Juan Ares usaba o muíño situado no lugar de Vacariza, no lugar denominado da Pena era Antonio Prieto; no sitio de Sanche, Francisco da Carballeira; no lugar de Cerveira, Jacinto Bermúdez e no lugar do Cerqueiral, José Vilariño.

Na parroquia de Roupar no século XVIII situaba o inventario de Ensenada nove muíños fariñeiros en diferentes lugares e cos seguintes usuarios:

No sitio de Portonovo citábanse tres muíños; nun dos cales Domingo da Carballeira tiña un terzo de uso, así como a Isidro González correspondíalle outro terzo noutro muíño, e un terceiro muíño fariñeiro era usado, na maior parte do tempo, por Bernardo do Rego.

No lugar de Buscalte referenciábanse dous muíños; un deles usado maioritariamente por María Francisca Justa, en Buscalte de baixo, e outro correspondíalle a Manuel Leal, en Buscalte de arriba.

No sitio de Cernada localizábase un muíño propiedade na maior parte de Blas Pardo y Hermida. Así como este inventario de Ensenada recollía outro muíño no lugar de Azureira, de Rosendo da Carballeira.

No sitio da Leira dos Carballos cítase un muíño usado por un veciño desta freguesía chamado Andrés Pernas. E en Porto Muíño era Antonio Ledo o que usaba o muíño maioritariamente.

Na parroquia de Cabreiros, inventariaban no século XVIII catro muíños fariñeiros, situados nos seguintes lugares e cos seguintes propietarios:

No lugar de Cabreiros localizábase un muíño e o seu propietario era Dionisio Ramos e consorte.

No sitio de Chanzelos o seu propietario era Juan Ledo.

No arroio de Sanguineira o propietario era Pedro Silva .


No lugar de Leboré o seu dono era Antonio Vermudez.

Na parroquia de Lousada no inventario de Ensenada no século XVIII, situábanse nove muíños fariñeiros coa seguinte relación de usuarios:

A Pedro de Carballido correspóndelle maioritariamente o uso dun deles, en Xestás.

No lugar de Folgoso sitúase outro muíño que lle corresponde maioritariamente a Antonio de Ramil, e no lugar de Furco de Abaixo a Juan Diaz Montenegro. En Muínonovo, Francisco de Souto e Juan Gomez aparecen como usuarios maioritarios en dous muíños. Xunto a Antonio Cavaleiro no lugar de Veiga, e a Antonio Gomez no sitio de Batan, Antonio do Barro era usuario de outro en Teixido aínda que se describe como arruinado, ao igual que outro de Antonio Cabaleiro en Fírvidas. Así no lugar de Porto, arruinado, correspóndelle maioritariamente a Antonio de Barrio e outro no mesmo lugar a Francisco Blanco

4.3. Libro do muiñeiro do ano 1954 á data de uso de cada propietario, tipo de cereal que se moía e cantidades



1

MINISTERIO DE AGRICULTURA

Servicio Nacional del Trigo

MODELO C-21

Molino maquillero de D. _____

situado en _____

DECLARACION JURADA de operaciones realizadas en este

molino maquillero del _____ de _____

al _____ de _____ de 195 _____

Hoja n.º _____

Molino n.º _____

Comarca _____

Provincia _____

DUPLICADA

Asiento n.º	FECHA		NOMBRE DEL INTERESADO	Cartilla de maquila n.º	Trigo molido en Kilogramos	Trigo retenido por maquila en Kilogramos
	Día	Mes				
			<i>Molino Fribede</i>			
			<i>Domigo Jose Hemida P</i>	<i>hiso. mo.</i>		
			<i>Camilo</i>	<i>7</i>	<i>12</i>	
			<i>Jose Polo</i>	<i>7</i>	<i>12</i>	
			<i>Vemino Castelo</i>	<i>3</i>	<i>12</i>	
			<i>Jose Prieto</i>	<i>3</i>	<i>12</i>	
			<i>Lunes Andres Rico</i>	<i>24</i>		
			<i>Martes Jose Soto</i>	<i>6</i>		
			<i>vicenior Veres</i>	<i>6</i>		
			<i>Solones Veres</i>	<i>12</i>		
			<i>Mier. Laqueira</i>	<i>8</i>		
			<i>Antonio Pelfeto</i>	<i>8</i>		
			<i>Jose Pelfeto</i>	<i>11</i>		
			<i>Paida Billa</i>	<i>11</i>		
			<i>Bermudez</i>	<i>11</i>		
			<i>Jueves Manuel Gemedro</i>	<i>9</i>		
			<i>Ramon Ribera</i>	<i>9</i>		
			<i>Jose Gemedro</i>	<i>11</i>		
			<i>Francisco Pena</i>	<i>2</i>		
			<i>Vierne Jose Prieto</i>	<i>5</i>		
			<i>Jesus Veres</i>	<i>7</i>		
			<i>herederos de porto-</i>			
			<i>mobo</i>	<i>12</i>		
			<i>Saba. Jesus Pardo</i>	<i>13</i>		
			<i>Antonio Pena</i>	<i>6</i>		
			<i>Rosa Corral</i>	<i>5</i>		

ESTADISTICA DE MOLINOS HARINEROS Y DE PIENSOS

Información anual de 1962

NOTA IMPORTANTE

Este cuestionario ha sido aprobado por el Instituto Nacional de Estadística. Por Orden presidencial de 23 de julio de 1961, todos los industriales vienen obligados a facilitar los datos que en el mismo se interesan. «Los datos solicitados para la formación de Estadística serán objeto de absoluto secreto. Los datos estadísticos no podrán facilitarse ni publicarse más que en forma numérica, sin referencia alguna de carácter individual.»
(Artículo 129 del Reglamento de la Ley de Estadística, «B. O.» de 25 de marzo al 2 de abril de 1948.)

A) DATOS GENERALES

Nombre del propietario DON JUAN GARCIA RODRIGUEZ

Nombre del arrendatario _____

Emplazamiento (calle, plaza, carretera, etc.) MOULINMunicipio _____ Provincia LUGO


B) PERSONAL

CLASE O TIPO	PERSONAL MEDIO OCUPADO POR TRIMESTRES			
	1.º trimestre	2.º trimestre	3.º trimestre	4.º trimestre
a) Personal no remunerado (1)				
Hombres	Cada conductor cultiva sus cereales en los días o bien horas que represente en dicho molino.			
Mujeres				
Total				
b) Personal remunerado				
Hombres				
Mujeres				
Total				
c) TOTAL GENERAL				

(1) Inclúyanse los propietarios, socios industriales y otros socios activos, familiares no remunerados, y trabajadores por cuenta propia, siempre que trabajen en la actividad propia del establecimiento más un tercio o más de la jornada laboral, sin percibir por su trabajo remuneración fija o salario.

C) TOTAL PAGADO POR CONCEPTO DE TRABAJO DURANTE EL AÑO (2) NADA ptas.

(2) Total en pesetas pagado por el establecimiento por concepto de trabajo: sueldos, salarios, gratificaciones, primas, participación en beneficios, desahos, piques, seguros sociales, impuestos sobre los salarios, etc. Exclúyanse las cantidades asignadas al personal no remunerado.



2

MINISTERIO DE AGRICULTURA



Servicio Nacional del Trigo

MODELO C-21

Molino muelero de D. _____
situado en _____
DECLARACION JURADA de operaciones realizadas en este
molino muelero del _____ de _____
al _____ de _____ de 195 _____

Hoja n.° _____
Molino n.° _____
Comarca _____
Provincia _____

DUPLICADA

TIP. CELTA-1400

Asiento n.º	FECHA		NOMBRE DEL INTERESADO	Cartilla de maquila n.º	Trigo muelero Kilogramos	Trigo retenido por muelero Kilogramos
	Día	Mes				
			Molino f.º bedar	hora	min	
			Don Generosa Puente	20		
			Angel Gamil	4		
			Quem. Andres Ceta	3		
			Antonio Pena	3		
			Paidabella	6		
			Marcelino Pernas	12		
			Mar. Jesus Perez	12		
			Lore Hermida	4		
			Paidabella Ber.	8		
			Mier. Marcelino Vilas	24		
			Francisco Termudo	9		
			Luz. Lore Lopez	9		
			Laqueria	6		
			Vier. Ramon Ribera	12		
			Vicente Gonzalez	12		
			Sab. Marcelino			
			Gandia	12		
			herederos de			
			Gato	12		

D) MAQUINAS PRODUCTORAS DE FUERZA

CLASE O TIPO	Aplicadas a generadores eléctricos (3)		Aplicadas a otras máquinas (4)	
	N.º	Potencia total CV	N.º	Potencia total CV
Máquinas hidráulicas				
Máquinas a vapor				
Motores de explosión o combustión				
Otras (excepto motores eléctricos)				
TOTAL				

(3) Dinamos, alternadores, etc.
(4) Piedras, cilindros, timblas, cornedoras, etc.

E) CONSUMO DURANTE EL AÑO DE:

PRODUCTOS	Unidad	Cantidad
Carbón	Tm.	
Gasolina	Lit.	
Petróleo	"	
Gas-oil	"	
Fuel-oil	"	
Aceites	"	
Grasas	Kg.	
Energía eléctrica	kWh.	
Propia (5)	"	
De otras empresas	"	
Total energía eléctrica	kWh.	

(5) Producida en el molino.

F) GRANO MOLTURADO

CLASE	CANTIDAD Kg.	CLASE	CANTIDAD Kg.
Algarrobas		Suma anterior	3.100
Ahorrias		Habas	
Altramuzos		Maiz	400
Arvejas		Trigo	
Avena	400	Veza	
Cebada		Yeros	
Centeno	2.700	Otros	
Suma	3.100	TOTAL	3.500

G) CAPACIDAD MAXIMA DE PRODUCCION DE HARINA DE TRIGO
EN JORNADA DE OCHO HORAS, treinta y cinco kg.

Barcelo, a 18 de marzo de 1963.
Por EL PROPIETARIO O ARRENDATARIO,

Marcelino Vilari

5. PESOS E MEDIDAS ANTIGAS RELACIONADAS COS MUÍÑOS: EN GALICIA, LUGO E XERMADE

O sistema de pesos e medidas en Galicia, antes de que chegase o sistema métrico decimal, variaba dunha forma abismal dunha provincia a outra ou dun concello a outro. Iso debíase á imposición dos señores feudais da época e doutra banda á riqueza da bisbarra en cuestión.

No antigo réxime como medida de superficie e de capacidade para áridos sinálase o ferrado (este nalgúns foros estipúlase que ha de ser acogulado, ás cheas, e outros raso) Para o pagamento da moenda nos muíños, a maquía ou maquío e a cunca eran unha serie de medidas. Os medios ferrados, a media maquía ou medio choupín ou bucio, eran outras medida utilizadas nos muíños.

Na provincia de Lugo as medidas de capacidade antigas para áridos eran:

FANEGA..... 16,54 a 79,2 Litros.

FERRADO.....13,2 a 19 Litros.

CUARTILLOS..... por ferrado variaba entre 20 e 32.

Non concello de Xermade as medidas da época eran:

VARA.....0,859 metros.

FANEGA.....2.100,38 metros cadrados ... 4 ferrados e 25 cuartillos.

FANEGA.....72,16 Litros ... 4 ferrados.

CUARTILLO.....1,08 litros para viño.

Outra serie de medidas antigas empregadas en Galicia e relacionadas cos áridos son entre outras:

O **almude**, medida de capacidade equivalente a 2 ferrados.

O **alqueiro**, medida para áridos equivalente a 1 ferrado.

O **bucio**, cuxa equivalencia oscilaba entre dous a seis ferrados como medida para áridos.

A **carta** equivalía á cuarta parte dun ferrado como medida de capacidade para grans, en Viveiro chamábase **carteira**.

Outra medida de capacidade para áridos era o **celamín** equivalente a un ferrado.

O **choupín**, cuxa equivalencia eran tres ferrados.

A **cunca** era a doceava parte dun ferrado, e na zona de Calvos había unha medida chamada **esca** que equivalía a medio ferrado.

A **maquía** equivalía a un sexto de ferrado e a **maquila** a medio celemín.

A **rapada**, medida de capacidade para áridos equivalente a dous ferrados.

A **tega** equivalía a un ferrado e o **tego** equivalente a media tega ou medio ferrado.

6. ESCOLMA DE MUÍÑOS HIDRÁULICOS EN XERMADE

Os muíños tradicionais hidráulicos, son construcións con características determinadas que se adaptan á contorna e que á súa vez representaban un papel fundamental na historia, na economía e na cultura dos galegos. Son construcións vernáculas que se fixeron para adaptarse ás proximidades dos ríos, integrándose así na paisaxe da contorna rural.

Co paso do tempo estas construcións foron desaparecendo a consecuencia da transformación e industrialización da agricultura galega no século XX. De maneira, que a desaparición destes muíños supuxo unha perda de tecnoloxías, de técnicas na actividade agrícola e dunha cultura popular tanto pola tradición como polo rico folclore e polos costumes do ámbito rural.

A Carta Nizhny Tagil identifica a estes artefactos como patrimonio industrial, no cal di: “O patrimonio industrial componse dos restos da cultura industrial que posúen un valor histórico, tecnolóxico, social, arquitectónico ou científico. Estes restos consisten en edificios e maquinaria, talleres, muíños e fábricas, minas e sitios para procesar e refinar, almacéns e depósitos, lugares onde se xera, transmítese e úsase enerxía, medios de transporte e toda a súa infraestrutura, así como os sitios onde se desenvolven as actividades sociais relacionadas coa industria, tales como a vivenda, o culto relixioso ou a educación”.

Por tanto, aclárase que os muíños son testemuños da industrialización, onde á súa vez son importantes para entender e coñecer a historia e a evolución rural do territorio.

En resumo, pódese considerar que os muíños hidráulicos son construcións vernáculas industriais con características básicas e tradicionais, que forman parte dun patrimonio cultural, xa que compoñen unha herdanza dos antepasados con respectivos valores, tales como tradición laboral e valor histórico dun territorio.

No concello de Xermade existen numerosos exemplos desta cultura e tradición, o que me leva a realizar a seguinte enumeración de exemplos a través de determinadas fichas técnicas relativas aos muíños de auga que existen no territorio desta entidade local.

Fichas Técnicas:

MUÍÑO DO SIXTO

MUÍÑO DO IGREXARIO VELLO

MUÍÑO DO ROUBÍN

MUÍÑO DE MIGUEL

MUÍÑO DE XEMARÉ

MUÍÑO DE ORXÁS

MUÍÑO DO FOLGOSO

MUÍÑO DA FRAGA

MUÍÑO DE VIEIRO

MUÍÑO DO FERREIRO

LAVADEIRO DE CABREIROS

MUÍÑO DA MADEIRA

MUÍÑO DA TOUZA

MUÍÑO DE REGUENGO

MUÍÑO DE CASCHAO

MUÍÑO DA PENA

MUÍÑO DO REVELLÓN

MUÍÑO DO TUMBADOIRO

MUÍÑO CATIVO DE CABREIROS

MUÍÑO DA IGREXA

MUÍÑO DE FÉRVEDES

MUÍÑO DO SIXTO



Localización do muíño do Sixto (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Dentro do casco urbano da capital municipal na estrada CP 65-13 Rampa a Xermade.

REGATO/ RÍO:

Rego do Sixto

COORDENADAS:

43°21'10.5"N – 7° 48'54.4"W

ACCESOS

O acceso desde a estrada é fácil xa que é lindeiro con esta, sen dificultades de aproximación

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de rodezno dunha soa roda e unha boca de inferno, cunha porta sen fiestras e un pou-sadoiro no lado esquerdo da porta de entrada. Como singularidade ten fumeira porque dentro ten unhas pedras adaptadas como lar para facer lume mentres os muiñeiros esperaban, nas noites de frío, pola fariña.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Planta rectangular, tellado a dúas augas con cuberta de lousa e paredes de pedra



Imaxe do muíño do Sixto



Rodezno do muíño do Sixto

MUÍÑO DO IGLESARIO VELLO



Localización do muíño do Igrexario vello (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na estrada CP 22-1 de Xermade a Candamil, aproximadamente a 800 metros desde a casa do concello, a man de-reita, atópanse as ruínas do igrexario vello e uns metros máis abaixo, xunto ao regato, sitúase o muíño.

REGATO/ RÍO:

Rego do Sixto

COORDENADAS:

43°20'59.6"N – 7° 48'18.4"W

ACCESOS

Desde a estrada que transcorre de Xermade a Candamil, un camiño sen asfaltar levaranos directamente ao muíño pasando polas ruínas dunha antiga reitoral, despois de percorrer aproximadamente trescentos metros.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de roda horizontal; unha soa roda cunha boca de inferno do tipo de canle. Sen maquinaria na actualidade, cunha fiestra e un pousadoiro á esquerda da porta de entrada.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Planta rectangular con tellado a dúas augas con cuberta de lousa e paredes de pedra



Pousadoiro do muíño do Igrexario vello



Imaxe do muíño do Igrexario vello

MUÍÑO DO ROUBÍN



Localización do muíño de Roubín (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na estrada comarcal LU-170, no cruce para o lugar de Roubín, atópase a man dereita en dirección a Momán, nunha pista sen asfaltar, o muíño do Roubín.

REGATO/ RÍO:

Rego Roubín

COORDENADAS:

43°21'20.7" N – 7°49'45.9" W

ACCESOS

No mesmo cruce entre a estrada LU-170 e a pista asfaltada que nos leva a Roubín atópase o muíño

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de roda horizontal cunha soa roda, cunha boca de inferno do tipo de canle. Ten unha fiestra e dous pousadoiros, a esquerda e dereita da porta de entrada.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Edificio de planta rectangular con paredes de pedra e teito de lousa



Muíño do Roubín

MUÍÑO DE MIGUEL



Localización do muíño de Miguel (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Próximo ao lugar da Silva na parroquia de Xermade.

REGATO/ RÍO:

Rego da Silva

COORDENADAS:

Lat: 43° 20' 31,89" N

Long: 7° 49' 15,69" W

ACCESOS

Pasando por diante do muíño do Sixto e, antes de chegar ao Empalme, a man esquerda da estrada atópase o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLOXICAS

Co cubo á esquerda e a canle ao fondo máis alta

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Edificación a dúas augas con teito de lousa, paredes de cachotería. Con acueduto para gañar altura coa auga antes de chegar ao cubo de almacenaxe.



Muíño de Miguel



Imaxe do muíño de Miguel

MUÍÑO DE XEMARÉ



Localización do muíño de Xemaré (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Desde a CP 22-13 que parte da capital municipal ao chegar ao lugar de Cavadás, unha pista asfaltada á esquerda da ruta levaranos a un grupo de casas desde as cales un camiño á dereita situaranos xunto ao muíño.

REGATO/ RÍO:

Rego de Vilariño

COORDENADAS:

43°21'43.36"N – 7°47'39.04"W

ACCESOS

Xunto á cuneta da pista de acceso atópase o muíño

CARACTERÍSTICAS TIPOLOXICAS

Muíño dun só rodicio sen maquinaria

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Edificio de planta rectangular con paredes de cachotería e tellado de lousa



Muíño de Xemaré

MUÍÑO DE ORXÁS



DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na estrada que vai ao lugar de Folgoso, na parroquia de Lousada, próximo ao núcleo de Orxas.

REGATO/ RÍO:

Rego Folgoso

COORDENADAS:

43°26'17.8"N – 7°41'39.8"W

Localización do muíño de Orxás (Fonte: SIXPAC)

ACCESOS

Na estrada que vai a Folgoso atópase unha contorna de bosque autóctono, adaptado para o lecer, na que se sitúa o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de canle dun rodicio con pousadoiros na porta de entrada, sen maquinaria de moer

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Edificio rectangular de pedra con tellado de lousas, sen fiestras e paredes de cachotería



Imaxe do muíño de Orxás



Canle de entrada da auga do muíño de Orxás

MUÍÑO DO FOLGOSO



Localización do muíño de Folgoso (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

No lugar de Folgoso na parroquia de Lousada.

REGATO/ RÍO:

Rego de Folgoso

COORDENADAS:

43°26'29.8"N – 7°41'27.7"W

ACCESOS

Pola estrada que vai desde Campo da Feira a Folgoso, ao chegar ao lugar de Folgoso, un camiño sen asfaltar levaranos xunto ao muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de canle cun rodicio e maquinaria de moer na actualidade

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Planta rectangular con teito de lousa e paredes de pedra



Canle do muíño de Folgoso



Maquinaria do muiño de Folgoso

MUÍÑO DA FRAGA



Localización do muíño da Fraga (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Cazás, xunto á aldea artesá da Fraga, próximo ao lugar da Fraga .

REGATO/ RÍO:

Río Labrada

COORDENADAS:

43° 18'29.8" N – 7° 49'26.4" W

ACCESOS

Desde a estrada da Ermida da Pastora, un camiño sen asfaltar levaranos directamente ao muíño, situado no lugar chamado Chousa do Muíño, despois de percorrer trescentos metros.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de dous rodicios horizontais do tipo de cubo. Con maquinaria e roda de pedra denominada pé, así como unha fiestra e tres pousadoiros na porta de entrada.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Planta rectangular con tellado a dúas augas con cuberta de lousa e paredes de pedra



Muíño da Fraga no río Labrada



Pé do muíño da Fraga

MUÍÑO DE VIEIRO



Localización do muíño de Vieiro (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Lousada, entre os lugares de Vieiro e Folgoso e formando parte da ruta do batán atopase o muíño.

REGATO/ RÍO:

Rego de Folgoso

COORDENADAS:

43° 26'29.8"N – 7° 41'27.7"W

ACCESOS

Desde a estrada que chega a Folgoso, por un camiño sen asfaltar, despois de pasar pola fábrica da luz e continuando por un sendeiro, chegaremos ao muíño de Vieiro.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de rodicio horizontal con canle e con pé para moer, bufarda estreita e pousadoiros no exterior xunto á porta de entrada.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Planta rectangular con muros de pedra, tellado a dúas augas con lousas e piso de terra



Pousadoiros e porta de entrada ao muíño do Vieiro



Muíño de Vieiro

MUÍÑO DO FERREIRO OU DE GIL



Localización do muíño do Ferreiro (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, próximo o lugar de Cabreiros.

REGATO/ RÍO:

Rego dos Caxigás

COORDENADAS:

43°24'02.9"N – 7° 46'01.0"W

ACCESOS

Desde a estrada que vai desde Cabreiros a Ameixido, un camiño asfaltado lévanos a unha casa e, a partir de alí, un camiño sen asfaltar acércanos ao muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de rodicio horizontal con cubo e a particularidade de ter unha moa no conxunto. Ten maquinaria para moer na actualidade.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Edificio de planta cuadrangular de dous andares e vivenda na parte superior, feito de pedra con tellado a catro augas e con edificacións anexas, hoxe en mal estado. Trátase do muíño máis grande do que se ten coñecemento pola zona. Foi construído como unha vivenda-muíño, xa que na planta de riba habitaba xente e na de baixo era un muíño.



Imaxe do muíño



Imaxe do rodicio

LAVADOIRO DE CABREIROS



Localización do lavadoiro de Cabreiros (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, próximo ao lugar de Cabreiros.

REGATO/ RÍO:

COORDENADAS:

Lat 43° 24' 7,3"N
y 7° 45' 52,35"W

ACCESOS

Desde a estrada que vai desde Cabreiros a Ameixido, un camiño asfaltado lévanos a unha casa e a partir de alí, un camiño sen asfaltar acérganos ao lavadoiro a través dun prado.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Situado moi preto do muíño anterior, conserva as grandes pedras orixinais



Imaxe do lavadoiro

MUÍÑO DA MADEIRA



Localización do muíño da Madeira (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros.

REGATO/ RÍO:

Río Trimaz

COORDENADAS:

Lat: 43° 24' 3,9" N

Lonx: 7° 46' 44,13" W

ACCESOS

Desde o núcleo de Chao na estrada C- 641 de Vilalba a Ferrol, pasando por baixo da autovía chégase ao muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño con tres rodicios

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Atópase totalmente restaurado, e ademais dunha maneira impresionante, sendo o único destas características que se atopou en todo o concello. Ten as conducións de auga remodeladas, de xeito que parecen piscinas. Pola parte de atrás, pódese ver unha illa, mesas de merendeiro, unha ponte, etc, sendo unha fotografía perfecta para unha postal, ou un broche final para calquera percorrido.



Detalle da saída da auga, poderían ser tres rodicios



Canle do muíño

MUÍÑO DA TOUZA



Localización do muíño da Touza (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, preto do lugar da Touza.

REGATO/ RÍO:

Canle desde Río Chancelos

COORDENADAS:

Lat: 43° 24' 21,47" N

Lonx: 7° 48' 0,87" W

ACCESOS

Collendo a pista que vai desde Xermade á Touza, antes de pasar por baixo da autovía a Ferrol, nun prado a man dereita atópase o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño dun rodicio con tellado de lousa a dúas augas e paredes de cachotería

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Situado na metade dun prado, ten unha estampa curiosa, debido precisamente á súa situación. O lugar por onde pasaba a auga, está atravesado actualmente por unha pista, en concreto a que comunica A Touza con Xermade. Tellado de lousa a dúas augas e paredes de pedra.



Lugar da saída da auga



Interior do muíño

MUÍÑO DO REGUENGO



Localización do muíño do Reguengo (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, paraxe da Sangrineira.

REGATO/ RÍO:

Canle desde Río Trimaz

COORDENADAS:

Lat: 43° 23' 6,87" N

Long: 7° 47' 31,17" W

ACCESOS

Desde O Reguengo cruzando LU-170 por un camiño asfaltado e logo sen asfaltar, apartando á esquerda en dirección ao río Trimaz ata atopar o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño con teito enlousado e pousadoiro, paredes de pedra de cachotería

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Bastante oculto por bidueiros, zona de beleza salientable, con vexetación autóctona, moi indicada para rutas de natureza. Este muíño tiña a particularidade de posuír unha lareira que, probablemente, servía de calefacción aos parceiros.



Imaxe do muíño



Imaxe do muíño

MUÍÑO DE CASCHAO



DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, cerca do Lugarvello e na contorna de San Martiño.

REGATO/ RÍO:

Rego San Martiño

COORDENADAS:

Lat: 43° 22' 44,31" N

Lonx: 7° 46' 39,64" W

Localización do muíño de Caschao (Fonte: SIXPAC)

ACCESOS

Desde a estrada C-641 en dirección a Ferrol, entre o PK 34-35, no lugar de S.Martiño, a man dereita un indicador oríentanos cara a Vilachá, Pena e Lousada, e tras percorrer dous quilómetros, atoparemos o regato onde se sitúa o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño con dous pousadoiros na entrada, tellado a dúas augas enlousado e paredes de cachotería

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Pertence á zona de San Martiño, sendo o primeiro dunha serie de tres muíños consecutivos, o de Caschao, o da Pena e o do Revellón. Este feito, que só se explica polas boas características do caudal do rego correspondente, fai ideal este lugar para unha hipotética feira, reunión ou festa que recorde como traballaban os muíños, xa que hai moitos muíños en pouco espazo e, aínda por riba, está moi preto da estrada comarcal. Este primeiro muíño é o que está en máis precarias condicións, tendo o teito derrubado e as paredes ateigadas de matogueira.



Frontal do muíño de Caschao



O interior do muíño só garda a pedra macho

MUÍÑO DA PENA



DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, próximo ao lugar de San Martiño.

REGATO/ RÍO:

Rego San Martiño

COORDENADAS:

Lat: 43° 22' 43,13" N

Lonx: 7° 46' 37,89" W

Localización do muíño da Pena (Fonte: SIXPAC)

ACCESOS

Desde a estrada C-641 en dirección a Ferrol, entre o PK 34-35, no lugar de S.Martiño, a man dereita un indicador oríentanos cara a Vilachá, Pena e Lousada, e tras percorrer dous quilómetros, atoparemos o regato onde se sitúa o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño de un rodicio e con unha pedra macho

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Tellado a dúas augas de lousa, paredes de cachotería e dous pousadoiros na porta de entrada. Este muíño tampouco se atopa en moi boas condicións, pero é de salientar a súa fermosa situación, no medio doutros dous muíños. De pedra está ben, pero o que é o lousado e a madeira están en mal estado.



Frontal do muíño

MUÍÑO DO REVELLÓN



Localización do muíño do Revellón (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, preto de San Martiño.

REGATO/ RÍO:

San Martiño

COORDENADAS:

Lat: 43° 22' 42,01"N

Lonx: 7° 46' 32,47"W

ACCESOS

Desde a estrada C-641 en dirección a Ferrol, entre o PK 34-35, no lugar de S. Martiño, a man dereita un indicador oríéntanos cara a Vilachá, Pena e Lousada, e tras percorrer dous quilómetros, atoparemos o regato onde se sitúa o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Muíño dun rodicio e cunha pedra macho

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

É o derradeiro do trío de muíños, o que está máis alto, e tamén o que está máis ao leste. Tamén é o máis difícil de atopar. Non obstante, é o que mellor se atopa. Ten pedra en bo estado e, por dentro, está limpo.



Pedra macho



Lugar de saída de auga

MUÍÑO DO TUMBADOIRO



Localización do muíño do Tumbadoiro (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros.

REGATO/ RÍO:

COORDENADAS:

Lat: 43° 23' 33,89" N

Lonx: 7° 46' 39,83" W

ACCESOS

Na estrada LU- 861 en dirección a Ferrol no lugar do Chao, unha pista a man dereita lévanos ao lugar do Tumbadoiro e desde alí por un camiño preto da autovía.

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Tellado de lousa a dúas augas e paredes de cachotería

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Está situado entre carballos de bastantes anos, altos e frondosos. Atópase nun estado bastante óptimo. Os seus exteriores atópanse moi limpos e a vista é moi agradable.



Frontal do muíño



Muíño entre os carballos

MUÍÑO CATIVO DE CABREIROS



Localización do muíño Cativo de Cabreiros (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, preto do lugar de Cabreiros.

REGATO/ RÍO:

Rego dos Caxigás

COORDENADAS:

Lat: 43° 24' 14,67" N

Lonx: 7° 46' 1,89"

ACCESOS

Desde o lugar de Cabreiros en un camiño sin asfaltar nos levará xunto ó muíño

CARACTERÍSTICAS TIPOLÓXICAS

Estas pedras son as únicas que indican que alí existiu un muíño



Restos do muíño Cativo

MUÍÑO DA IGREXA



DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Na parroquia de Miraz,
próximo á igrexa.

REGATO/ RÍO:

Rego dos Torguedos

COORDENADAS:

Lat: 43° 23' 0,57" N

Lonx: 7° 49' 49,3" W

Localización do muíño da Igrexa (Fonte: SIXPAC)

ACCESOS

Desde o núcleo de Xermade a través da estrada CP-22-05 e próximo á igrexa parroquial de Miraz atópase o muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLOXICAS

Rodicio horizontal dunha soa roda, pousadoiro na porta de entrada. Tolva e caixón da pedra.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Muíño con tellado a dúas augas de lousa, paredes de cachotería



Imaxe do lousado



Frontal do muíño



Rodicio do muíño



Tolva e caixón da pedra

MUÍÑO DE FÉRVEDES



Localización do muíño de Férvedes (Fonte: SIXPAC)

DATOS XERAIS

LOCALIZACIÓN:

Parroquia de San André de Lousada

REGATO/ RÍO:

Río Trimaz

COORDENADAS:

Lat: 43° 24' 32,99" N

Long: 7° 44' 35,83" W

ACCESOS

Tomando a estrada CP- 22-6 pasado o lugar de Muíñonovo, a man esquerda da ruta, un camiño sen asfaltar levaranos con dificultade ao muíño.

CARACTERÍSTICAS TIPOLOXICAS

Muíño de Férvedes no curso alto do Río Trimaz, en Lousada

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

Cuberta a dúas augas de lousa, paredes de cachotería, pousadoiros na porta de entrada



Muíño de Férvedes no curso alto do Río Trimaz, en Lousada.



Muíño de Férvedes, co canle de importante laboriosidade.

7. A RODA ELÉCTRICA DE FOLGOSO

O uso do auga xunto a batáns e muíños, entre outros, foi utilizado nesta zona para dar luz a poboacións ou grupo de casas próximos mediante a fábrica da luz; pero a chegada das grandes empresas hidroeléctricas á xeografía galega provocou o abandono e a falta de rendibilidade destas instalacións que se coñecían como as fábricas da luz.

Na parroquia de Lousada próximo o lugar de Vieiro no rego de Folgoso, atópase o que nos queda da antiga fábrica da luz de Folgoso.

Hoxe en día é unha construción de base rectangular feita de pedra, con cuberta a dúas augas de lousa en malas condicións, sen ningún tipo de equipamento.



Localización planta de luz (Fonte: SIXPAC)



A fábrica da luz de Folgoso



Porta da entrada da fábrica da luz de Folgoso

8. O BATÁN DO FOLGOSO

As Respostas Xerais do Catastro do Marqués da Ensenada constitúen a máis antiga e exhaustiva enquisa dispoñible sobre os pobos da Coroa de Castilla a mediados do século XVIII.

Nesa época no que hoxe é parte do territorio municipal de Xermade, e que en 1753 era a freguesía de San André de Lousada, realizouse o cuestionario para a realización do Catastro de Ensenada; nel reflectíase a existencia de catro batáns para bater panos da terra.

No noso ámbito xeográfico galego, Xaquín Lorenzo no libro *Os oficios* alude a esta tarefa entre outras, coas seguintes verbas: “Ó folón van as mantas para ser rematadas, deste xeito aprétase a súa trama e amalgámase as súas febras. Tamén os picotes (tecidos de mezcla de la e liño). O folón necesita dun río que faga xirar a roda.”

“A roda leva uns caixóns (ou unhas palas) sobre os que cae a auga para movela. O funcionamento é simple xa que ao mover a roda que vai con catro radios, fan mover e xirar o eixe. Ao xirar fai mover unha especie de martelos, no debuxo vense dous, que son os que mallan sobre o lenzo.”

Escribe Xaquín Lorenzo que “para foloalo tecido hai que mollalo na pía, polo que fan uns pequenos canais para que a mesma auga molle o tecido ao mesmo tempo que o mallan. O lenzo debe estar sempre mollado pero non lle convén a auga fría. No inverno quéntase a auga e mantense mollado mentres actúan os mazos.”

Na actualidade, en Galicia, só quedan algúns restos de batáns diseminados por toda a súa xeografía e cuxa existencia queda reflectida na toponimia dos pequenos pobos ou no recordo das persoas máis anciás do lugar onde se asentaban. Convertidos actualmente en museos etnográficos, centros de difusión do patrimonio cultural ou instrumentos de promoción turística.

8.1. Relación de propietarios de batáns en Xermade no século XVIII

No século XVIII, unha visión panorámica do Reino de España foi o chamado Catastro do Marqués de Ensenada, posta en marcha por Real Decreto de Fernando VI de 10 de outubro de 1749, como paso previo a unha reforma fiscal, que substituíse as complicadas e inxustas rendas provinciais por un só imposto, a chamada Única Contribución. As Respostas Xerais consérvanse en diversos Arquivos Estatais. O Arquivo Xeral de Simancas custodia a copia compulsada completa das contestacións das 13.000 localidades da Coroa de Castilla entre as que se atopan as diferentes freguesías do actual territorio do concello de Xermade. E é na parroquia actual de Lousada onde se atopan a relación de batáns da época.

Un deles situado no lugar de Folgoso, cuxo propietario era Antonio de Ramil veciño deste freguesía, e cun resultado económico de 125 reais de vellón ao ano. Outro batán situado neste mesmo lugar pertencente a Domingo Ramudo, igualmente veciño desta freguesía e cun produto económico equivalente. Este mesmo propietario dispoñía doutro batán no lugar de Vieiro cun produto de 100 reais anuais. Existía un cuarto batán propiedade de Francisco do Souto no lugar de Muíño Novo e un produto de 50 reais de vellón ao ano.

Actualmente existen dous batáns no lugar de Folgoso parroquia de Lousada, un deles en ruínas e o outro aínda conta coa maquinaria e a estrutura do edificio en pé.

A construción conta cun tellado a dúas augas con cuberta de lousa, paredes de cachotería de granito e de forma cadrada. Situada nunha ladeira con pendente pronunciada e cun camiño de acceso con certas dificultades.

8.2. Ficha técnica do batán de Folgoso

Dentro do que se pode definir como maquinaria do batán, hoxe en día consérvanse dous mazos, porros ou pisóns colgados do bastidor feitos de madeira de castiñeiro.



Localización do batán de Folgoso (Fonte: SIXPAC)



Imaxe do batán de Folgoso

A impulsión do conxunto realízase polo xiro dunha roda hidráulica de madeira que vai solidaria a un eixo ou árbore provisto dunhas levas que levantan e deixan caer os porros ou mazos sobre as teas.

Dentro do sistema hidráulico do batán, a auga era conducida ata a roda por condutos ou canles realizados en madeira de castiñeiro ou outro material; tamén se empregaba esa auga canalizada para refrixerar os tecidos que se estaban abatanando.



Canle de madeira para canalizar auga ao batán



Mazos do batán de Folgoso



Eixo do batán de Folgoso

ANEXOS

RELACIÓN DOS MUÍÑOS POR PARROQUIAS NO CONCELLO DE XERMADE

NA PARROQUIA DE LOUSADA

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño de Ameixido	Lousada	602.242 - 4.805.307
Muíño da Casavella	Lousada	604.192 - 4.808.236
Muíño de Furco de Abaixo	Lousada	604.449 - 4.808.385
Muíño de Carba	Lousada	604.809 - 4.807.531
Muíño de Porto	Lousada	604.101 - 4.807.284
Muíño de Teixido de Abaixo	Lousada	603.058 - 4.808.003
Muíño da Costa	Lousada	602.164 - 4.804.333
Muíño de Vieiro	Lousada	605.795 - 4.810.750
Muíño de Castro	Lousada	602.114 - 4.804.071
Muíño do Castelo	Lousada	602.023 - 4.804.903

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño de Folgoso	Lousada	606.153 - 4.810.338
Batán de Folgoso I	Lousada	606.154 - 4.810.346
Batán de Folgoso II	Lousada	606.134 - 4.810.306
Muíño Novo	Lousada	602.030 - 4.806.875
Muíño do Corno	Lousada	602.708 - 4.806.524
Muíño de Férvedes	Lousada	601.755 - 4.807.108

NA PARROQUIA DE CABREIROS

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño do Ferreiro	Cabreiros	599.940 - 4.806.264
Lavadeiro de Cabreiros	Cabreiros	600.046 - 4.806.289
Muíño da Madeira	Cabreiros	598.883 - 4.806.167
Muíño da Touza	Cabreiros	597.149 - 4.806.684
Muíño do Ramalleiro	Cabreiros	597.850 - 4.804.392
Muíño de Casa Chao	Cabreiros	599.020 - 4.803.714
Muíño da Pena	Cabreiros	599.060 - 4.803.678
Muíño do Revellón	Cabreiros	599.182 - 4.803.645
Muíño do Tumbadoiro	Cabreiros	598.993 - 4.805.243
Muíño Cativo de Cabreiros	Cabreiros	599.828 - 4.806.514

NA PARROQUIA DE ROUPAR

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño da Criba	Roupar	597.533 - 4.808.780
Muíño da Azureira	Roupar	596.817 - 4.809.422
Muíño da Pedreira	Roupar	598.273 - 4.808.724
Muíño Cacarelo	Roupar	599.715 - 4.809.103
Muíño de Buscalte	Roupar	600.999 - 4.809.128
Muíño de Buscalte de Arriba	Roupar	600.932 - 4.809.660
Muíño de Baxín	Roupar	601.306 - 4.807.414
Muíño da Carballeira	Roupar	601.822 - 4.808.282
Muíño do Vilar	Roupar	602.123 - 4.809.235
Muíño da Torre	Roupar	599.736 - 4.809.520

PARROQUIA DE CANDAMIL

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño de Vilacide	Candamil	600.037 - 4.803.522
Muíño de Ponciano	Candamil	600.367 - 4.802.272
Muíño das Penas	Candamil	600.495 - 4.801.455
Muíño do Rego do Campo	Candamil	599.427 - 4.801.848

PARROQUIA DE BURGÁS

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño de Porta Palla	Burgás	598.601 - 4.798.665
Muíño Papeiro	Burgás	598.724 - 4.798.811
Muíño do Valiño	Burgás	599.033 - 4.799.083
Muíño de Xemaré	Burgás	597.830 - 4.801.968
Muíño Grande	Burgás	599.778 - 4.800.114
Muíño do Lugar da Ribeira	Burgás	600.215 - 4.800.421
Ponte Nova	Burgás	599.305 - 4.800.575
Ponte Vella	Burgás	599.889 - 4.799.787
Muíño de Picos	Burgás	597.284 - 4.801.232
Muíño de Portovello	Burgás	598.645 - 4.800.823

PARROQUIA DE MIRAZ

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño do Souto	Miraz	593.879 - 4.806.150
Muíño da Igrexa	Miraz	594.745 - 4.804.240
Muíño da Casagrande	Miraz	594.803 - 4.803.080

PARROQUIA DE XERMADE

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño do Fraixo	Xermade	595.753 - 4.801.144
Muíño do Arangón	Xermade	594.439 - 4.800.526
Muíño do Roubín	Xermade	595.199 - 4.801.220
Muíño dos Carballás	Xermade	595.781 - 4.802.357

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño de Aboelle	Xermade	596.590 - 4.801.498
Muíño da Ribeira	Xermade	597.522 - 4.801.000
Muíño do Igresario	Xermade	597.034 - 4.800.552
Muíño do Sixto	Xermade	596.189 - 4.800.921
Muíño do Lugar de Xermade	Xermade	596.636 - 4.799.847
Muíño de Miguel	Xermade	595.566 - 4.799.578
Muíño de Castiñeiras	Xermade	597-.486 - 4.804.062

PARROQUIA DE CAZÁS

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño da Fraga	Cazás	595.515 - 4.795.960
Muíño da Fozca	Cazás	597.310 - 4.795.760
Muíño do Reconco	Cazás	598.857 - 4.795.761
Muíño da Pasadiña	Cazás	598.748 - 4.796.839
Muíño do Rego do Sapo	Cazás	596.105 - 4.796.825
Moa da Fraga	Cazás	595.595 - 4.795.625

PARROQUIA DE MOMÁN


NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño da Pigaroa	Momán	594.491 - 4.796.613
Muíño de Cerracín	Momán	594.867 - 4.797.748
Muíño de Meiriño	Momán	593.665 - 4.798.916
Moa de Meiriño	Momán	593.400 - 4.798.966
Muíño Grande	Momán	593.102 - 4.799.119
Muíño Cativo	Momán	592.531 - 4.799.427
Muíño de Porto Raíz	Momán	593.006 - 4.800.187
Muíño Papeiro	Momán	592.858 - 4.801.691
Muíño de Liñares	Momán	592.360 - 4.801.028
Muíño do Codeso	Momán	590.962 - 4.797.151
Muíño do Mariñeiro	Momán	592.770 - 4.798.629
Presa da Moa do Meiriño	Momán	593.063 - 4.798.993

PARROQUIA DE PIÑEIRO

NOME	PARROQUIA	GEOLOCALIZACIÓN
Muíño da Pena	Piñeiro	592.868 - 4.803.890
Muíño da Veiga	Piñeiro	593.378 - 4.804.646
Muíño da Vacariza	Piñeiro	592.109 - 4.804.890
Muíño da Casanova	Piñeiro	591.598 - 4.804.075
Muíño do Sanche	Piñeiro	591.373 - 4.803.774
Muíño das Fragas da Cerveira I	Piñeiro	591.150 - 4.805.457
Muíño das Fragas da Cerveira II	Piñeiro	591.175 - 4.805.493
Muíño das Fragas da Cerveira III	Piñeiro	591.113 - 4.805.658
Muíño das Fragas da Cerveira IV	Piñeiro	591.048 - 4.805.586
Muíño das Fragas da Cerveira V	Piñeiro	590.814 - 4.806.140
Muíño da zona do Cerqueiral	Piñeiro	590.504 - 4.806.217

Fonte: Antonio Riveira Requejo

RELACIÓN DE MUÍÑOS DO RÍO CAL VELLO AFLUENTE DO EUME



Fonte: Antonio Riveira Requejo

BIBLIOGRAFÍA

Bas López, B., 1991: *Muíños de marés e de vento en Galicia*, Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia do Museo de Pontevedra, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

Catastro del Marqués de Ensenada

Córdova de la Llave, R., 2011: “Los batanes hidráulicos de la cuenca del Guadalquivir a finales de la edad media”, *Anuario de Estudios Medievales* 41/2, julio-diciembre de 2011. Universidad de Córdoba.

Domínguez Bouza, M., 2014: Molinos tradicionales hidráulicos de Salvaterra de Miño. Repositorio Común.

Gran Enciclopedia Gallega. 1974.

Inventario do Patrimonio Fluvial do Concello de Xermade

Inventario Etnográfico do Concello de Xermade

Leal Bóveda, J.M., 2014: “Los molinos y el ciclo del pan en la obra de Valle-Inclán”, *Revista de Folklore*.

Limpo y Llofriú, A. Sebastián Maestre, J. A., 1993: *Los molinos de agua y grano en Lugo*. Universidad Autónoma de Madrid. Facultad de Filosofía y Letras. Museo de Artes y Tradiciones Populares.

Llano Cabado, P. de, 1983: *Arquitectura popular en Galicia: a casa mariñeira, a casa das agras, a casa do viño, as construcións adxetivas*, Introducción xeográfica de Augusto Pérez Alberti, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.

- Lorenzo Fernández, X., 1962: "Etnografía: cultura material. Os oficios: O pan", *Historia de Galiza*, Ramón Otero Pedrayo (dir.), Editorial Nós, Buenos Aires. Vol. II, (pp. 671-681)
- Lorenzo Fernández, X., 1983: *Os oficios*, Biblioteca Básica da Cultura Galega, Editorial Galaxia, Vigo.
- Morís Menéndez-Valdés, G., 1995: *Ingenios hidráulicos históricos: molinos, batanes y ferrerías*. Departamento de Construcción e Ingeniería de Fabricación E.T.S. Ingeniería del Agua, vol. 2, n.º 4 (diciembre).
- Mouriño Cuba, J. e Yáñez, A. 2012: *Evolución das feiras e mercados na provincia de Lugo*, Xunta de Galicia.
- Palomo Palomo, J. y Fernández, P., 2007: "Los molinos hidráulicos en la Antigüedad", *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie II, Historia Antigua, t. 19-20, 2006-2007.
- Rojas-Sola J. I. y Amezcua-Ogáyar. J. M., 2005: "Origen y expansión de los molinos de viento en España", *INCI* vol. 30 n.º 6, Caracas, jun. 2005.
- Saavedra Penas, J., 2010: "Ingenios hidráulicos preindustriales: molinos, batanes y aserraderos a lo largo del río das Gándaras Vilasantar". Universidad de A Coruña, curso 2010-2011.
- Sanz Elorza, M., 2010: "Los molinos harineros de la provincia de Segovia. Su esplendor y decadencia" *Revista Catastro*.

